

## DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

---

XI lexislatura  
Serie Pleno  
Número 26

**Sesión plenaria**  
**24 de febreiro de 2021**

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



## ORDE DO DÍA (continuación.)

---

### Punto 3.

Debate e votación das propostas de resolución formuladas á primeira revisión do Plan forestal de Galicia (doc. núm. 8904, 11/PEP-000001) (docs. núm. 10470, 10471, 10472 e 10473)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 84, do 28.01.2021

Publicación das propostas de resolución, BOPG nº 96, do 17.02.2021

### Punto 4. Comparecencias

#### 4.1 11053 (11/CPP-000041)

Do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición propia, para informar sobre a evolución da incidencia da pandemia en Galicia no relativo á situación epidemiolóxica e asistencial e os avances no Plan galego de vacinación fronte á covid-19

Publicación da iniciativa, BOPG nº 96, do 17.02.2021

Acumúlase na anterior a seguinte:

#### 4.2 7465 (11/CPP-000035)

Do Sr. conselleiro de Sanidade, por solicitude dos dezanove deputadas e deputados do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta das medidas que está tomando a Xunta diante da evidencia de que Galicia está inmersa nunha terceira onda por contaxios de covid-19 e da estratexia de vacinación, que debería ser unha peza clave para evitar a transmisión de contaxios

Publicación da iniciativa, BOPG nº 75, do 13.01.2021

### Punto 5. Mocións

#### 5.1 10802 (11/MOC-000025)

##### Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

##### Carreira Pazos, Iria

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa nova onda de contaxios de covid-19 e a estratexia de vacinación. (Moción consecuencia da Interpelación nº 8569, publicada no BOPG nº 83, do 27.01.2021, e debatida na sesión plenaria do 09.02.2021)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 96, do 17.02.2021

#### 5.2 10901 (11/MOC-000026)

##### Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

##### Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co financiamento local. (Moción consecuencia da Interpelación nº 6176, publicada no BOPG nº 63, do 16.12.2020, e debatida na sesión plenaria do 09.02.2021)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 96, do 17.02.2021



**5.3 10913 (11/MOC-000027)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio**

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para a xestión da crise sanitaria provocada pola pandemia. (Moción consecuencia da Interpelación nº 7888, publicada no BOPG nº 79, do 20.01.2021, e debatida na sesión plenaria do 09.02.2021)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 96, do 17.02.2021

**Punto 6. Propositions non de lei****6.1 4762 (11/PNP-000541)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Tellado Filgueira, Miguel Ángel e oito deputados/as máis**

Sobre a demanda por parte do Goberno galego ao Goberno central da encarga da construción dun buque de acción marítima para a Armada española nos estaleiros de Navantia na ría de Ferrol

Publicación da iniciativa, BOPG nº 44, do 11.11.2020

**6.2 7861 (11/PNP-000822)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa repartición do fondo Covid da Unión Europea para a reactivación *Next Generation*

Publicación da iniciativa, BOPG nº 79, do 20.01.2021

**6.3 9767 (11/PNP-000977)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e tres deputados/as máis**

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun plan de choque destinado a rebaixar a fenda salarial existente entre as mulleres e os homes de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 91, do 10.02.2021

**6.4 9993 (11/PNP-000996)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e dezaioito deputados/as máis**

Sobre o impacto da pandemia na diagnose e tratamento do cancro e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia ao respecto

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 91, do 10.02.2021

**6.5 10078 (11/PNP-001007)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre a valoración pola Xunta de Galicia en relación coas bonificacións de peaxes e a transferencia da AP-9

Publicación da iniciativa, BOPG nº 91, do 10.02.2021



**6.6 10320 (11/PNP-001026)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e catorce deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa situación que están a padecer as mulleres no ámbito laboral e familiar.

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 91, do 10.02.2021

**Punto 7. Interpelacións****7.1 7604 (11/INT-000485)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e tres deputados/as máis**

Sobre os datos e informes cos que conta o Goberno galego acerca dos efectos da pandemia da covid-19 nas mulleres galegas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 79, do 20.01.2021

**7.2 9382 (11/INT-000550)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e dezaioito deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto que está a ter para as mulleres a crise económica xerada pola covid-19.

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 88, do 03.02.2021

**7.3 9630 (11/INT-000561)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e dous deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa obtención de novas oportunidades de explotación enerxética en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 91, do 10.02.2021

**Punto 8. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia****8.1 11054 (11/POPX-000019)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Caballero Miguez, Gonzalo**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da situación da autoestrada AP-9 no referido ás peaxes e a súa transferencia a Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 96, do 17.02.2021

**8.2 11055 (11/POPX-000020)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da defensa que está a facer dos intereses da cidadanía de Galicia na pandemia da covid-19

Publicación da iniciativa, BOPG nº 96, do 17.02.2021



## Punto 9. Preguntas ao Goberno

### 9.1 10069 (11/POP-001482)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Seco García, Martín e tres deputados/as máis**

Sobre a presentación polo Goberno galego dalgún proxecto industrial tractor para os concellos das Pontes de García Rodríguez e de Cerceda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 91, do 10.02.2021

### 9.2 11041 (11/PUP-000157)

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Tellado Filgueira, Miguel Ángel e sete deputados/as máis**

Sobre o coñecemento polo Goberno galego dalgúnha iniciativa por parte do Goberno central para achegar axudas directas e a fondo perdido aos sectores máis afectados polas restricións derivadas da covid-19, nomeadamente, a hostalaría, autónomos e pemes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 96, do 17.02.2021

### 9.3 11043 (11/PUP-000158)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**González Iglesias, María do Carme**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para garantir a viabilidade inmediata do estaleiro Barreras de Vigo, a supervivencia da súa industria auxiliar e a continuidade da súa actividade de construción naval

Publicación da iniciativa, BOPG nº 96, do 17.02.2021

### 9.4 7494 (11/POP-001192)

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Prado del Río, Paula e oito deputados/as máis**

Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia do programa Emega nestes últimos catro anos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 75, do 13.01.2021

### 9.5 10193 (11/POP-001497)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Pontón Mondelo, Ana e dezaioito deputados/as máis**

Sobre as actuacións que vai levar a cabo a Xunta de Galicia para evitar a deslocalización dos postos de traballo asociados á produción enerxética, como é o caso do centro de operacións de Naturgy na Coruña

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 91, do 10.02.2021

### 9.6 9855 (11/POP-001456)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Pontón Mondelo, Ana e dezaioito deputados/as máis**

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto do cumprimento do Plan galego de vacinación contra a covid-19, no caso da vacinación de dúas persoas relacionadas co grupo DomusVi

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 91, do 10.02.2021



**9.7 7506 (11/POP-000982)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio**

Sobre a consideración da necesidade de habilitar unha partida orzamentaria para a adquisición dos lectores oculares e tabletas con brazo articulado para usuarios coa capacidade de comunicación e movemento impedida

Publicación da iniciativa, BOPG nº 79, do 20.01.2021

**9.8 11036 (11/PUP-000156)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen**

Sobre o perfil previsto pola Consellería do Medio Rural para a cobertura dunha praza de directivo da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

Publicación da iniciativa, BOPG nº 96, do 17.02.2021



## SUMARIO

---

*Retómase a sesión ás dez e vinte minutos da mañá.*

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Gonzalo Caballero Miguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego da situación da autoestrada AP-9 no referido ás peaxes e á súa transferencia a Galicia. (Punto oitavo da orde do día.)**

Intervención do autor: *Sr. Caballero Miguez (S)*. (Páx. 14.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 15.)

Réplica do autor: *Sr. Caballero Miguez (S)*. (Páx. 17.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 18.)

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a opinión do Goberno galego respecto da defensa que está a facer dos intereses da cidadanía de Galicia na pandemia da covid-19. (Punto oitavo da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 20.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 21.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 23.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 24.)

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e oito deputados/as máis, sobre a demanda por parte do Goberno galego ao Goberno central da encarga da construción dun buque de acción marítima para a Armada Española nos estaleiros de Navantia na ría de Ferrol. (Punto sexto da orde do día.)**

*O señor presidente anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 26.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 27.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Arangüena Fernández (S)* (Páx. 31.)  
*e Sr. Fernández Alfonso (BNG)*. (Páx. 33.)

*O señor Tellado Filgueira (P) intervén para posicionarse respecto das emendas.* (Páx. 36.)



**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa repartición do Fondo covid da Unión Europea para a reactivación *Next Generation*. (Punto sexto da orde do día.)**

*O señor presidente anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 38.)*

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 39.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sr. Francisco Rivera (S). (Páx. 42.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 45.)

*A señora Presas Bergantiños (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 49.)*

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María del Carmen Rodríguez Dacosta e tres deputados/as máis, sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun plan de choque destinado a rebaixar a fenda salarial existente entre as mulleres e os homes de Galicia. (Punto sexto da orde do día.)**

*O señor presidente anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 51.)*

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Rodríguez Dacosta (S). (Páx. 52.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sra. Pérez Fernández (BNG). (Páx. 55.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: Sra. Prado del Río (P). (Páx. 58.)

*A señora Rodríguez Dacosta (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 61.)*

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Ana Pontón Mondelo e dezaioito deputados/as máis, sobre o impacto da pandemia na diagnose e no tratamento do cancro e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia ao respecto. (Punto sexto da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 63.)*

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Rodil Fernández (BNG). (Páx. 64.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sr. Torrado Quintela (P). (Páx. 66.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: Sra. Rodríguez-Vispo Rodríguez (P). (Páx. 70.)

*A señora Rodil Fernández (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 72.)*

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Patricia Otero Rodríguez e D. Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre a valoración pola Xunta de Galicia en relación coas bonificacións de peaxes e a transferencia da AP-9. (Punto sexto da orde do día.)**

*O señor presidente anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 74.)*

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Otero Rodríguez (S). (Páx. 75.)





Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 79.) e Sr. Calvo Pouso (P). (Páx. 82.)

*A señora Otero Rodríguez (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 86.)*

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Prado del Río e catorce deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa situación que están a padecer as mulleres no ámbito laboral e familiar. (Punto sexto da orde do día.)**

*O señor presidente anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 87.)*

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Prado del Río (P). (Páx. 88.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Díaz Varela (S) (Páx. 92.) e Sra. Queixas Zas (BNG). (Páx. 95.)

*A señora Prado del Río (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 98.)*

### ***Votación das proposicións non de lei***

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e oito deputados/as máis, sobre a demanda por parte do Goberno galego ao Goberno central da encarga da construción dun buque de acción marítima para a Armada Española nos estaleiros de Navantia, na ría de Ferrol: *aprobada por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención. (Páx. 100.)*

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa repartición do Fondo covid da Unión Europea para a reactivación *Next Generation*: *rexeitada por 18 votos a favor, 55 en contra e ningunha abstención. (Páx. 100.)*

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María del Carmen Rodríguez Dacosta e tres deputados/as máis, sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun plan de choque destinado a rebaixar a fenda salarial existente entre as mulleres e os homes de Galicia: *rexeitada por 32 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención. (Páx. 101.)*

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Ana Pontón Mondelo e dezaioito deputados/as máis, sobre o impacto da pandemia na diagnose e tratamento do cancro e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia ao respecto: *rexeitado por 32 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención. (Páx. 101.)*

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Patricia Otero Rodríguez e D. Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre a valoración pola Xunta



de Galicia en relación coas bonificacións de peaxes e a transferencia da AP-9: *rexeitada por 14 votos a favor, 41 en contra e 18 abstencións.* (Páx. 101.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Prado del Río e catorce deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa situación que están a padecer as mulleres no ámbito laboral e familiar: *aprobado por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 102.)

### **Debate e votación das propostas de resolución formuladas á primeira revisión do Plan forestal de Galicia. (Punto terceiro da orde do día.)**

*O señor presidente comunica que o G. P. dos Socialistas de Galicia presentou 3 propostas de resolución, que o G. P. do Bloque Nacionalista galego presentou 24 e que o G. P. Popular de Galicia presentou 6.* (Páx. 102.)

Rolda dos grupos parlamentarios para a defensa das propostas de resolución presentadas: Sr. Seco García (S) (Páx. 103.), Sra. González Albert (BNG) (Páx. 106.) e Sra. Candia López (P). (Páx. 109.)

### **Votación das propostas de resolución formuladas á primeira revisión do Plan forestal de Galicia**

Votación da proposta de resolución do G. P. dos Socialistas de Galicia, formulada á primeira revisión do Plan forestal de Galicia, que a rexeita e pide a súa reformulación: *rexeitada por 32 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 113.)

Votación conxunta das propostas de resolución non transaccionadas números 1 á 3, do G. P. dos Socialistas de Galicia, formuladas á primeira revisión do Plan forestal de Galicia: *rexeitadas por 32 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 113.)

Votación conxunta das propostas de resolución non transaccionadas números 1 á 24, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, formuladas á primeira revisión do Plan forestal de Galicia: *rexeitadas por 32 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 113.)

Votación conxunta das propostas de resolución non transaccionadas números 1 á 6, do G. P. Popular de Galicia, formuladas á primeira revisión do Plan forestal de Galicia: *aprobadas por 41 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 114.)

*Suspéndese a sesión ás dúas e dous minutos da tarde e retómase ás catro e corenta e oito minutos.*

### **Acumulación de dúas interpelacións para a súa formulación conxunta**

*O señor presidente comunica a acumulación de dúas interpelacións para a súa formulación conxunta.* (Páx. 114.)



**Interpelación de D<sup>a</sup> Noa Susana Díaz Varela e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os datos e informes cos que conta o Goberno galego acerca dos efectos da pandemia da covid-19 nas mulleres galegas. (Punto sétimo da orde do día.)**

**Interpelación de D<sup>a</sup> Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación co impacto que está a ter para as mulleres a crise económica xerada pola covid-19. (Punto sétimo da orde do día.)**

Intervención das autoras: Sra. Díaz Varela (S) (Páx. 114.) e Sra. Rodil Fernández (BNG). (Páx. 118.)

Resposta da Xunta: Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza). (Páx. 121.)

Réplica das autoras: Sra. Díaz Varela (S) (Páx. 126.) e Sra. Rodil Fernández (BNG). (Páx. 128.)

Réplica da Xunta: Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza). (Páx. 130.)

**Interpelación de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación coa obtención de novas oportunidades de explotación enerxética en Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)**

Intervención do autor: Sr. Fernández Alfonso (BNG). (Páx. 134.)

Resposta da Xunta: Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López). (Páx. 136.)

Réplica do autor: Sr. Fernández Alfonso (BNG). (Páx. 139.)

Réplica da Xunta: Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López). (Páx. 141.)

**Pregunta de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o coñecemento polo Goberno galego dalgunha iniciativa por parte do Goberno central para achegar axudas directas e a fondo perdido aos sectores máis afectados polas restricións derivadas da covid-19, nomeadamente a hostalaría, os autónomos e as pemes. (Punto noveno da orde do día.)**

Intervención da autora: Sra. Murillo Solís (P). (Páx. 143.)

Contestación da Xunta: Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo (Rueda Valenzuela). (Páx. 144.)

Réplica da autora: Sra. Murillo Solís (P). (Páx. 145.)

Réplica da Xunta: Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo (Rueda Valenzuela). (Páx. 146.)

**Pregunta de D. Martín Seco García e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a presentación polo Goberno galego dalgún proxecto industrial tractor para os concellos das Pontes de García Rodríguez e de Cerceda. (Punto noveno da orde do día.)**

Intervención do autor: Sr. Seco García (S). (Páx. 147.)

Contestación da Xunta: Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López). (Páx. 148.)

Réplica do autor: Sr. Seco García (S). (Páx. 149.)

Réplica da Xunta: Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López). (Páx. 150.)



**Pregunta de D<sup>a</sup> María do Carme González Iglesias, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para garantir a viabilidade inmediata do estaleiro Barreras, de Vigo, a supervivencia da súa industria auxiliar e a continuidade da súa actividade de construción naval. (Punto noveno da orde do día.)**

Intervención da autora: Sra. González Iglesias (BNG). (Páx. 151.)

Contestación da Xunta: Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López). (Páx. 152.)

Réplica da autora: Sra. González Iglesias (BNG). (Páx. 153.)

Réplica da Xunta: Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López). (Páx. 154.)

### **Cambio no desenvolvemento da orde do día**

O señor presidente comunica un cambio no desenvolvemento da orde do día. (Páx. 155.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que vai levar a cabo a Xunta de Galicia para evitar a deslocalización dos postos de traballo asociados á produción enerxética, como é o caso do centro de operacións de Naturgy, na Coruña. (Punto noveno da orde do día.)**

Intervención da autora: Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 155.)

Contestación da Xunta: Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López). (Páx. 156.)

Réplica da autora: Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 157.)

Réplica da Xunta: Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López). (Páx. 158.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Paula Prado del Río e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o balance que fai a Xunta de Galicia do programa Emega nestes últimos catro anos. (Punto noveno da orde do día.)**

Intervención da autora: Sra. Prado del Río (P). (Páx. 159.)

Contestación da Xunta: Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López). (Páx. 160.)

Réplica da autora: Sra. Prado del Río (P). (Páx. 161.)

Réplica da Xunta: Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López). (Páx. 162.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto do cumprimento do Plan galego de vacinación contra a covid-19, no caso de vacinación de dúas persoas relacionadas co grupo DomusVi. (Punto noveno da orde do día.)**

Intervención da autora: Sra. Rodil Fernández (BNG). (Páx. 163.)

Contestación da Xunta: Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña). (Páx. 164.)



Réplica da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 166.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 167.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Marina Ortega Otero e D. Julio Torrado Quintela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a consideración da necesidade de habilitar unha partida orzamentaria para a adquisición de lectores oculares e tabletas con brazo articulado para usuarios coa capacidade de comunicación e movemento impedida. (Punto noveno da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Ortega Otero (S)*. (Páx. 168.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 169.)

Réplica da autora: *Sra. Ortega Otero (S)*. (Páx. 170.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 171.)

**Pregunta de D. Martín Seco García e D<sup>a</sup> María del Carmen Rodríguez da Costa, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o perfil previsto pola Consellería do Medio Rural para a cobertura dunha praza de directivo da Axencia de Desenvolvemento Rural. (Punto noveno da orde do día.)**

Intervención do autor: *Sr. Seco García (S)*. (Páx. 171.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 172.)

Réplica do autor: *Sr. Seco García (S)*. (Páx. 173.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 174.)

*Remata a sesión ás sete e cincuenta e sete minutos da tarde.*



*Retómase a sesión ás dez e vinte minutos mañá.*

**O señor PRESIDENTE:** Reanudamos a sesión co punto 8, que é o de preguntas para a resposta oral do presidente da Xunta.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Gonzalo Caballero Miguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego da situación da autoestrada AP-9 no referido ás peaxes e á súa transferencia a Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra o señor Caballero.

**O señor CABALLERO MIGUEZ:** Grazas, señor presidente.

A situación da AP-9 é unha situación que preocupa historicamente aos galegos e ás galegas. Son un conxunto de peaxes abusivas, que implican unha carga lesiva para o transporte pola arteria fundamental para conectar o norte co sur de Galicia, dende Tui ata Ferrol; unhas peaxes que hoxe en día superan os vinte e dous euros por circular ao longo desa autoestrada e que requiren o compromiso e o traballo para conseguir solucionar esta situación.

Mentres outras autoestradas do mesmo tempo en que se fixeron están fóra do ámbito de concesionarias e empezan a recuperarse para o público e a levantar peaxes, a situación da AP-9 é diferencialmente distinta á do resto das autoestradas que teñen o mesmo tempo, que foron feitas na mesma época. Esa situación mudou porque no goberno de Aznar decidiuse facer unha prórroga desa concesión, que implica que a carga lesiva para o transporte dos galegos e das galegas vaia perdurar ata o ano 2048. Vinte e cinco anos máis de pagar peaxes na AP-9 pola responsabilidade do Goberno do Partido Popular de Aznar; por certo, non en tempos de gran crise económica.

Polo tanto, os galegos e as galegas temos que facer unha reflexión conxunta de como conseguir eliminar un feito diferencial que é lesivo, que lastra, que supón unhas peaxes abusivas para o conxunto da nosa cidadanía. E o Partido Popular ten que dar respostas, ten que recoñecer os seus erros e contribuír a dar solucións. Esa é a folla de ruta que plantexamos. Porque despois de que a prórroga da concesión vaia durar ata o ano 2048, despois de que o PP tamén decidise poñer en mans privadas a concesionaria, privatizala, despois dunha concesionaria que percibe en moitos anos por riba dos cento trinta millóns de euros, máis de trescentos mil euros ao día, en peaxes, é hora de tomar decisións, é hora de recoñecer que hai que reorientar esa liña.

Temos que facelo en Galicia cun plantexamento claro, pois temos que traballar para unha rebaixa histórica da peaxes e temos tamén que conseguir unha transferencia da AP-9 á Comunidade Autónoma galega.

Para nós, como para os galegos e paras as galegas, para todos os que circulamos pola AP-9, a cuestión fundamental é levantar esa situación de peaxes abusivas, pero, dende logo, impulsamos, respaldamos, promovemos e lideramos tamén o traspaso da AP-9 á Autonomía galega. O Partido Popular púxose en contra; o Goberno de Aznar prolongou a concesión du-





rante vinte e cinco anos máis; o Goberno de Rajoy vetou sempre o debate na sede parlamentaria no Congreso sobre a transferencia da AP-9, e o Partido Popular tamén se opuxo aos orzamentos xerais do Estado, que levan 62,3 millóns de euros en bonificacións para a peaxe da AP-9.

Por iso hai que traballar nun acordo histórico coa concesionaria ata o ano 2048, non soamente para baixar as peaxes este ano, senón para facelo nun acordo que permita esa rebaixa ata a fin da concesión. Esa é a cuestión.

Aqueles partidos que se opuxeron aos orzamentos xerais do Estado erraron. Erraron porque votaron non aos orzamentos que teñen un compromiso para baixar as peaxes da AP-9 de forma histórica. Por iso o 76 % dos galegos e das galegas sinalan que a decisión do Goberno de rebaixar as peaxes para a AP-9 no ano 2021 é moi positiva ou positiva. O 77 % dos galegos e das galegas respaldan esa liña que lidera un Goberno progresista en España.

Pero é hora tamén de que vostede, señor Feijóo, recoñeza os erros do PP, de que traballe a carón do Goberno de España para avanzar, porque vostedes non o fixeron cando gobernaban, e diga tamén que vai poñer vostede da súa parte para traballar naquilo que non fixo cando gobernaba o PP en Madrid.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Caballero.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Caballero, a verdade é que me sorprende a lectura parcial, e en consecuencia incompleta, que fai vostede sobre a historia da autoestrada.

Sorprende que pretenda que veñamos aquí valorar o que vostedes mesmos na súa iniciativa cualifican como o magnífico desempeño de xestión da AP-9 do Goberno central. Textualmente, a PNL do Grupo Parlamentario dos Socialistas propón: «recoñecer o esforzo feito polo Goberno de España nos orzamentos en materia de bonificacións das peaxes da AP-9». Incluso nos pide que participemos en pagar as peaxes da AP-9 o Goberno da Xunta, é dicir, os galegos. ¡É sorprendente!

Sorprende, señoría, que lle pida o apoio ao BNG, cando o BNG ten unha iniciativa en contra da constante e do continuo atraso da baixada das peaxes.

E sorprende que o pida ao grupo maioritario da Cámara, cando este grupo maioritario dende o ano 2007, de forma ininterrompida, na oposición e no goberno, pedimos a transferencia desa autoestrada, e vostede desde o Partido Socialista e o BNG votaban en contra da transferencia da autoestrada.



Pero aínda sorprende máis nesa visión nesgada, e polo tanto falsa, da ampliación das concesións. Vén aquí dicir que foi o Goberno do Partido Popular. Mire: ampliou a concesión o Goberno da UCD; ampliou a concesión o Goberno de Felipe González, en 1994, e ampliouna ata o ano 2023; e volveu ampliála o Goberno do presidente Aznar; iso si, como consecuencia da conexión gratuíta entre Fene-Ferrol de forma continuada e constante.

Por tanto, señoría, esa visión nesgada o que acredita é que o Partido Socialista está ou estivo en contra da transferencia, e foi o Partido Socialista —a UCD só o ampliou un ano— o primeiro goberno que ampliou a concesión da autoestrada, simplemente para deixar conectar esa autoestrada ata Tui. Por certo, autoestrada de peaxe de Vigo a Tui.

Por tanto, señor Caballero, se quere vostede seguir traballando xuntos, nós estamos á disposición. Agora ben, saiba que vostedes o Goberno socialista en Galicia e o BNG, no ano 2006, fixeron un convenio absolutamente lamentable, pois conveniaron pagar ata o ano 2048 sete millóns de euros todos os anos para financiar a baixada da peaxe de Rande e A Barcala. ¿Que fixemos nós cando chegamos ao goberno? Denunciar o convenio, e aforramos a Galicia catrocentos millóns de euros en peaxes; é dicir, o mesmo que dedicamos a facer o novo hospital público da Coruña.

Por tanto, señor Caballero, isto debería vostede de telo en conta, ademais de que vostedes votaron en contra da transferencia da autoestrada. Ademais, nada máis e nada menos, fixeron outra vez un negocio fantástico para a autoestrada cando estaban no goberno, que é un incremento do 1 % acumulativo anual ata o ano 2048 de todas as peaxes para financiar a ampliación da ponte de Rande e a circunvalación de Santiago. Isto é algo que o Consello Consultivo de Galicia considera nulo de pleno dereito.

Por tanto, señor Caballero, se quere vostede seguir traballando para ver como baixamos esa peaxe da autoestrada máis cara de España, a favor, e se quere seguir traballando agora que cambiou de criterio para transferir a autoestrada, tamén a favor. Iso si, señoría, a autoestrada hai que transferila dotada economicamente e tamén con compromiso presupostario de ampliar a autoestrada naqueles puntos que xa estaban comprometidos hai anos: en Pontevedra, en Vigo, na Coruña, na conexión de Santiago.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señor Caballero, non teño ningún inconveniente en admitir os erros do Partido Popular cando estaba no goberno en relación coa peaxe; pero en relación co Partido Socialista, señoría, é unha broma. A broma de que teñamos que pagar, ademais dos 64 millóns de euros xa desembolsados para financiar a peaxe dunha autoestrada estatal, agora que nos pidan outra vez volver pagar ata o ano 2048 catrocentos millóns de euros máis.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** É cando menos unha broma, señor Caballero. Espero que vostede hoxe aquí diga que Galicia non pode pagar a peaxe nin





a bonificación dunha peaxe dunha autoestrada estatal, nin antes da transferencia, nin despois da transferencia.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Réplica, señor Caballero.

**O señor CABALLERO MIGUEZ:** Grazas, señor presidente.

Entendo que o Partido Popular está acurralado pola súa historia. Porque a realidade é que, se non fora polo Partido Popular e polo Goberno de Aznar, no 2023 a peaxe da AP-9 sería gratuíta, non habería peaxe. Pero vostedes decidiron que ata o ano 2048 houbera unha prórroga dunha concesión a unha concesionaria que tamén privatizaron. Pero non é nada raro porque xa no ano 2014 a señora Ana Pastor afeaba a ampliación da concesión da AP-9 feita polo Goberno de Aznar. A propia ministra de Fomento do señor Rajoy lavábase as mans e intentaba salvar as súas costas por unha corresponsabilidade da que o Partido Popular quere lavarse e quere escudarse.

Están descolocados. ¿Como sendo vostede presidente da Xunta de Galicia durante once anos non fixo nada para rebaixar as peaxes da AP-9? Porque, sendo presidente do Goberno de España o señor Rajoy durante sete anos, non se fixo ningunha aposta decisiva para rebaixar esas peaxes. E agora hai un Goberno en España que ten esa axenda, que permitiu o debate da transferencia no Congreso dos Deputados no 2018 e tamén no 2021, e que está aberto a falar da transferencia da AP-9; cousas que vostedes vetaban.

Pero, ademais, señor Feijóo, o Goberno de España nos orzamentos xerais do Estado incorpora 62,3 millóns de euros para bonificacións da AP-9. ¿Cales son as bonificacións que conta facer o Goberno da Xunta? Porque outras comunidades autónomas, como Aragón, como Cataluña, como A Rioxa, como Andalucía, si bonificaron autoestradas estatais.

A nós os que nos preocupan son os galegos e as galegas. E a eses galegos e galegas vostede tenlles que responder se está disposto a contribuír a rebaixar esas peaxes. Onde o Goberno de España bonifique o traxecto de volta, ¿está vostede disposto a bonificar o traxecto de ida para levantar as peaxes abusivas, que son responsabilidade do Partido Popular na AP-9? ¿Ou vai seguir vostede estando de esquina sen resolver os problemas dos galegos e das galegas, que sabemos que cando pagamos as peaxes da AP-9 a responsabilidade ata o ano 2048 leva as siglas do Partido Popular? Póñase a traballar, señor Feijóo, para buscar unha solución.

Hai un Goberno en España que ten unha situación e unha posición moi distinta para traballar na transferencia e na rebaixa das peaxes. Sexa vostede parte da solución e non parte do problema; colabore. Faga un estudio económico de se pode contribuír e ten vontade de contribuír



dende as arcas da Administración autonómica para tentar exculpar as súas responsabilidades por esa concesión lesiva, por ese regalo envelenado que nos fixo o Partido Popular de termos que pagar as peaxes ata o ano 2048.

Está nas súas mans. Comprométase, señor Feijóo, a ser parte da solución na rebaixa histórica...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor CABALLERO MIGUEZ:** ...das peaxes da AP-9 que o Goberno de España está negociando, non para o ano 2021, para un acordo que dure ata o ano 2048.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor CABALLERO MIGUEZ:** Son vinte e cinco anos de peaxes...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Caballero.

**O señor CABALLERO MIGUEZ:** ...que merecen o compromiso do Goberno da Xunta de Galicia. E terá a colaboración dos socialistas galegos para traballar nesa liña de traballo.

Moitas grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Caballero.

Peché da pregunta, presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señor Caballero, a realidade non consiste en que vostede veña aquí ignorala, manipulala e constatar que ou ben non lle interesa a verdade, ou ben simplemente vostede o único obxectivo que ten aquí é calar e aplaudir.

Mire: se o Goberno fai algunha cousa en beneficio de Galicia, serei o primeiro en aplaudila. Agora ben, se o Goberno central discrimina Galicia, a miña obriga é ser o primeiro en denunciala e en reivindicala. Por tanto, señor Caballero, cando vostede volve aquí falar de que se un Goberno central do PP ampliou a concesión da autoestrada, e omite que o primeiro Goberno que ampliou a concesión durante máis dunha década foi o Goberno socialista, é unha falsidade que consta no *Diario de Sesións*. E van tantas, señor Caballero, que algún día se arrepentirá. ¡Non pasa nada! Hai que dicir a verdade sempre, ás veces beneficia e outras veces prexudica. ¡Non, equivócase! A verdade beneficia sempre, señor Caballero.

Nos próximos días vou ter unha reunión de traballo co señor Ábalos. O señor Ábalos sabe perfectamente que eu son unha persoa leal, porque represento o Estado en Galicia e porque me debo non só aos galegos que me votan, senón a todos os galegos, incluído vostede. Por tanto, direille o que está pendente, o que está atrasado e o que non pode esperar máis.



Pero que veña vostede aquí dicir que se un Goberno do PP incrementou as peaxes... ¡Pero é dobremente falso! O único que incrementou as peaxes de forma continuada ao 1 % acumulativo ata o ano 2048 foi un Goberno do Partido Socialista Obreiro Español. E vén aquí simplemente volver trabucarnos e mentirnos.

¿Como podemos colaborar na Xunta de Galicia e que fixo o Partido Popular cando gobernaba o señor Rajoy? O que fixo foi aceptar a denuncia dun convenio que destrozaba as arcas da Comunidade Autónoma, que consistía en pagar sete millóns de euros cada ano e mais o IPC ata o ano 2048 para contribuír á baixada das peaxes de Rande e A Barcala con cargo aos presupostos dos galegos nunha autoestrada estatal. Por tanto, o Goberno do Partido Popular daquela aforroulle a Galicia catrocentos millóns de euros.

E agora parece ser que vostede está moi contento porque van poñer cincuenta millóns de euros para rebaixar a peaxe; nós, tamén. Agora ben, señor Caballero, eu recibín un requirimento do Goberno de España con data de decembro onde me obriga a volver pagar, ano a ano, as peaxes a través dun convenio que quedou resolto por petición da Xunta de Galicia e que aceptou o Goberno do presidente Rajoy. E agora vostedes o que nos propoñen a Galicia é volver retomar ese convenio e pagarlle a Audasa o 50 % da baixada das peaxes de Rande e A Barcala ata o ano 2048. Este é o requirimento do Ministerio de Fomento. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Dixo vostede que non... Señoría, entrégollo ao presidente do Parlamento. E di o requirimento —leo textual—: «1. Indemnizar a Audasa por los siguientes conceptos: la mitad de la diferencia entre la retribución que hubiera percibido Audasa y la que le ha sido satisfecha por el real decreto de acuerdo con la liquidación adjunta». E, ademais, require do Goberno de España os intereses que legalmente correspondan. Ademais, requíreme aboar os pagos anuais que devenguen dende o 23 de novembro do ano 2020 ata o 18 de agosto do ano 2048. (*Murmurios.*) Ou sexa, que vostedes poñen sesenta millóns de euros ao ano e pídenlle a Galicia que pague catrocentos millóns de euros ao ano. ¿Esa é a proposta da que nos sentimos orgullosos? (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Este é o requirimento asinado polo seu goberno, señor Caballero. ¿Parécelle razoable... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...que en pleno debate da transferencia da autoestrada e en pleno debate da rebaixa de peaxes notifiquen ao Goberno da Xunta de Galicia, por un requirimento, nada máis e nada menos, que paguemos o que debemos, segundo o Goberno, e que paguemos ata o ano 2048 o que Audasa lle reclama ao Goberno de España? (*Murmurios.*) ¿Esta é a proposta que temos que aplaudir na Cámara?

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señor Caballero, esta é unha broma de mal gusto... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)



**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...que vai supoñer empezar mal a rebaixa das peaxes. E, señoría, é a primeira vez que un Goberno de España con membrete dun ministerio lle pide a Galicia que lle pague a Audasa.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** É a primeira vez na historia...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...lamentable desta autoestrada do Atlántico...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, presidente. Terminou o seu tempo.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...que Galicia quere xestionar...

**O señor PRESIDENTE:** Terminou o seu tempo.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...coa rebaixa da peaxe que lle corresponde.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a opinión do Goberno galego respecto da defensa que está a facer dos intereses da cidadanía de Galicia na pandemia da covid-19**

**O señor PRESIDENTE:** Pregunta de dona Ana Belén Pontón Mondelo, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Moitas grazas, presidente.

A verdade é que teño que empezar dicindo que causa bochorno ver o señor Feijóo e o señor Caballero falando dunhas rebaixas da AP-9, tirándose os trastos á cabeza por un tema polo que nin un nin o outro moveron nin un só dedo. (*Aplausos.*) E que é ao contrario. O que levamos é corenta anos vendo como os gobernos do Partido Popular e do Partido Socialista lles soben as peaxes aos galegos e ás galegas. E en vez de vir aquí pedirlle perdón á xente deste país por non defender os seus intereses, veñen colgarse medallas e a un pimpampum no que un usa Galiza aínda para defender a Sánchez (*Aplausos.*) e o outro para defender a Casado. (*Aplausos.*) ¡De verdade, señorías!



Efectivamente, a cidadanía deste país sabe que vai haber unha rebaixa das peaxes da AP-9. Claro que si, pero é grazas ao acordo de investidura do BNG (*Risos.*), que contaba con 62 millóns de euros para executar esas peaxes. E claro que ese acordo tiña que terse executado desde o 1 de xaneiro. O problema é que o señor Sánchez puxo en modo de espera a Galiza. O Partido Socialista fai o mesmo que facía o Partido Popular, que é crer que sempre Galiza pode esperar. (*Aplausos.*) Pode esperar no AVE, (*Aplausos.*) pode esperar na AP-9, pode esperar en Alcoa... Isto, señorías, é o retrato da inutilidade das forzas estatais que vostedes representan no noso país. (*Aplausos.*)

E o grave é que este bochorno temos que velo no medio dunha pandemia, si, señorías, na que o seu goberno, señor Feijóo, segue instalado na improvisación. Non hai un reforzo da sanidade pública nin tan sequera para garantir que funcione ben a campaña de vacinación. En materia económica non hai un plan de rescate real dos sectores máis afectados pola crise, o único que temos son axudas puntuais e que non van evitar que pechen miles de empresas no noso país. E o máis grave, señor Feijóo, é a súa incapacidade política para defender os intereses de Galiza nun asunto tan transcendente como son os fondos europeos de recuperación.

Na pasada sesión de control pregunteille por este tema, pero vostede respondeu o que xa é habitual: a crispación, a descualificación persoal... Veu aquí enlodar o debate, e todo para que non falemos dos problemas reais da xente deste país. Porque o que estamos vendo é que cada día é máis evidente o seu desprezo a esta cámara, señor Feijóo; cada día é máis evidente que lle sobra o Parlamento porque está máis cómodo na súa realidade paralela e na manipulación. Ás veces teño a sensación de que a vostede lle gustaría pechar este parlamento, pero como non pode... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) o que fai é boicotealo vindo aquí enlamar o debate, montar lío, descualificar e crispar.

Desde logo, todo isto é para que non falemos dos problemas da xente e que non haxa un debate político no que se vexa cales son as alternativas. E eu xa lle quero dicir que non conte co BNG para iso, que o BNG vai seguir defendendo que esta cámara ten que ser o centro da vida política, onde haxa debate, diálogo, contraste de ideas.

E por iso, señor Feijoo, hoxe queremos preguntarlle se considera que o seu goberno está defendendo axeitadamente os intereses dos galegos e das galegas no medio desta pandemia. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor presidente.

Bochornoso é, señora Pontón, que vostede fora unha deputada que votou en contra da transferencia da autoestrada e que aínda non pedira desculpas. (*Aplausos.*) Bochornoso é, señora Pontón, que vostede fora unha señora deputada que apoiaba o Goberno bipartito, que asinou un convenio lamentable para os intereses de Galicia, o cal consistía en financiar o 50 % das



peaxes de Rande e A Barcala ata o ano 2048, cun quebranto da Facenda autonómica galega de máis de catrocentos cincuenta millóns de euros; sesenta e sete xa pagados cando cheguei ao goberno, máis os catrocentos millóns que conseguimos aforrar.

Lamentable, señora Pontón, é que veña vostede aquí dar leccións de se quero ou non quero un parlamento. Pero ¿isto é unha broma ou cre vostede que merece un comentario?

Despois de onte, o 23-F, que lle veña dicir a este grupo que estamos en contra dun parlamento democrático, e escoitar, ver e ler a súa declaración con Bildu, outra vez, con Esquerra Republicana, outra vez, con todos os partidos independentistas do país, na que se di que a democracia e a Constitución do 78 son un réxime, e din que si. (*Murmurios.*) ¿Vostedes cren que a democracia española é un réxime? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡A transición española e a democracia española e mais a Constitución española e o Estatuto de autonomía de Galicia son un réxime! E din aínda que si. Mire: nin o señor Beiras nin o señor Quintana xamais plantexaron (*Murmurios.*) o posicionamento ideolóxico do BNG actual e da señora Pontón á fronte. Nunca xamais vin neste parlamento, dende que estaba na facultade ata o de agora, un pronunciamento tan descarado, tan lamentable, tan bochornoso, no que se di que a Constitución española, e en consecuencia o Estatuto, é un réxime. ¿Como que é un réxime? É a expresión soberana do pobo español a favor da democracia, señorías, e en contra da ditadura. (*Aplausos.*)

Pero, señora Pontón, vostede vén declararse onte independentista e soberanista, e non o digo eu, (*O señor Núñez Feijóo amósalle á Cámara un folio.*) dío este... (*Murmurios.*) Non, xa sei que para vostedes igual isto é o normal, pero para min como presidente da Xunta ter uns compañeiros deputados que son independentistas comprenderá que non deixa de sorprendeme. E que declaren a Constitución española como un réxime, e que a transición española é un réxime, e que o 23-F foi —leo literalmente— «unha operación de estado». É dicir, ¿vostedes están intentando trasladarlles aos españois e aos galegos que o 23-F estaba amañado para simular un golpe, para que posteriormente as forzas democráticas estiveran en contra do golpe, e que todo isto é un amaño porque realmente a Constitución é un réxime?

¿E pregúntame agora como defendo os intereses dos galegos? Denunciando esta actitude e dicindo moi claramente: señora Pontón, respecte a democracia de Galicia, respecte o Parlamento do país. Se vostede quere ser independentista, ¡alá vostede! Agora ben, que nos diga que aquí os deputados e deputadas do PSOE ou os deputados do BNG somos un réxime é algo inadmisíble. (*Murmurios.*) E por iso trasládolle...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señora Pontón, coñezo perfectamente a súa estratexia: votar a todo que non, criticar de forma continuada e constante o Partido Socialista en Madrid, gobernar de forma incuestionable co Partido Socialista en Galicia, trasladar o seu programa electoral a esta cámara, e cando non estamos de acordo dicir simplemente que non escoitamos e que non temos...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.





**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...sensibilidade.

Señora Pontón, levamos pouco tempo de lexislatura, pero o BNG máis radical e o BNG máis lamentable da historia de Galicia é o que vostede encabeza.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, presidente.

Réplica, señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Señor Feijóo, está vostede cada día máis radical e máis nervioso —teño que dicirlló—, (*Aplausos.*) porque é sorprende o radical e o nervioso que está. ¿Sabe que é bochornoso? É ver un presidente da Xunta en medio dunha pandemia vir á sesión de control facer de oposición da oposición. ¡Iso si que é bochornoso! (*Aplausos.*)

Eu preguntolle por Galiza, e vostede fálame do 23-F; eu preguntolle polos fondos de recuperación económica, e vostede fálame do 23-F; eu preguntolle pola campaña de vacinación, e vostede fálame do 23-F. É que, señor Feijóo, ¡esta é a sesión de control! (*Aplausos.*) O que nos está demostrando é que vostede non respecta este parlamento, non respecta o papel central dunha democracia, que é precisamente que o Goberno veña render contas a este parlamento e non difamar, enlodar e constantemente evitar que deamos un debate sobre os problemas que ten a xente do noso país. Porque a xente aí fóra o que quere son solucións, non ver un presidente radicalizado vindo aquí facer de oposición, enlodar o debate e que haxa un lío... (*Murmurios.*) —si, si, si— para que non falemos dos problemas reais que ten a xente.

Vostede está facendo sempre nas súas intervencións «trumpismo político». É que vén aquí montar unha lea, e facer do Trump de Galiza, única e exclusivamente porque quere tapar a nefasta xestión desta crise, a nefasta xestión que está facendo no ámbito de darlles resposta aos problemas que ten a cidadanía, e cada día é máis evidente que lle sobra o Parlamento, por iso vén vostede aquí facer trumpismo. E todo para que non falemos dos problemas reais deste país, para non dar conta da súa nefasta xestión e para agochar que non ten propostas para sacar a este país adiante.

Desde o BNG non imos permitir isto e, desde logo, imos traballar coa máxima responsabilidade para darlle solucións e alternativas á xente deste país. (*A señora Pontón Mondelo amósalle á Cámara un documento.*) Temos unha proposta para falar en serio de como poñer en marcha a reactivación económica de Galiza. E estou agardando que o presidente da Xunta levante o teléfono para falar sobre o futuro de Galiza coa forza que lidera a oposición neste país. Vou deixarlle no seu escano esta proposta, señor Feijóo, e agardo que teñamos unha resposta que non sexa o insulto, a difamación e o ataque, porque os galegos e as galegas esperan o mellor de nós na maior crise en tempos de paz que leva vivido este país.

(*A señora Pontón Mondelo diríxese do seu escano cara ao escano do señor presidente da Xunta de Galicia.*)





**O señor PRESIDENTE:** Espere, espere, espere, señora Pontón. Non, perdoe polo tema de pandemia. Déixeo aquí, que xa o colleremos. Non, coidado, ese tema... *(A señora Pontón Mondelo deixa encol do escano do señor presidente da Xunta de Galicia un documento e volve ao seu escano.)* Non, non... Pero non é así. Señora Pontón, imos respectar as normas, jeh! *(Aplausos.)*

Creo que todos debemos de respectar as normas. Polo tanto, eu pregaria que ese documento debe de ter outro trámite. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non é así, por que, se non, de pouco me serve a min que teñan todo isto mamparado, botamos as mamparas abaixo e aquí que cada un faga o que queira. Se estamos aquí tratando de conter todos e facendo un esforzo, e que a sociedade vexa que nós tamén nos comportamos así, pois non estou de acordo con isto que se acaba de facer. *(Murmurios.)* Non é este o sistema. Pois báixense as máscaras entón. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero, por favor, imos ser un pouco serios con sete tema; quero un pouco de seriedade con este asunto.

Por favor, que os servizos da Cámara recollan ese documento... Que fagan o trámite oportuno. ¡Por favor! *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Hai que ser un pouco máis...

Peche da pregunta, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señora Pontón, eu veño aquí defender a democracia, veño aquí defender o Parlamento, veño aquí defender a Constitución. ¿Vostede cre que defender a Constitución é enlodar o debate? Veño aquí defender o Estatuto de autonomía de Galicia, aquel que vostedes nunca quixeron subscribir e que soamente o fan por imperativo legal. Veño aquí defender a Transición española. Veño aquí defendelas e síntome orgulloso de ser fillo desa transición e desa democracia. E síntome orgulloso de poder votar a Constitución española e o Estatuto de autonomía, e de poder votar cada catro anos. Polo tanto, non veño enlodar nada, veño simplemente defender a honorabilidade deste parlamento.

Señora Pontón, leremos con moito interese esta proposta. Coñecemos o seu programa electoral; esta é a proposta do programa electoral do BNG. Si, señoría. Xa a temos lido. Dinme os compañeiros que destas corenta e sete propostas, programa do BNG, e catorce... Imos lelo con moito interese.

Pero ¿para que creamos a Comisión de Reactivación? ¿A Comisión de Reactivación non a tiñamos creada para consensuar as propostas de saída á crise económica? ¿Por que non levan isto á Comisión de Reactivación? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Necesita vostede facerse unha foto comigo? Non hai ningún problema, señora Pontón. *(Risos.) (Aplausos.)*

Eu estou encantado de que vostede veña a este escano, porque recordo que cando se viña a este escano por parte do nacionalismo non se viña entregar documentos, víñase a outras cousas, incluso petar nel. *(Murmurios.)* Si, si, está no *Diario de Sesións* e cada un ten a súa propia biografía política, señora Pontón.

Lamentablemente, señora Pontón, debería vostede de rachar dunha vez con estes partidos que nin sequera condenan o terrorismo. Fágao; faralle un bo favor. E se non lle deixan no



BNG, non importa, ás veces pódese disentir dun partido. ¿Vostede está de acordo coa declaración asinada onte polo deputado do BNG no Congreso dos Deputados, na que di que a Constitución española é un réxime e que o 23-F era unha falsidade ordenada e orquestrada polo Estado? ¿Realmente isto é o que hoxe cre que non merece ser debatido nesta cámara?

En relación coa pandemia, mire, señoría: esta é a gráfica definitiva da pandemia, (*O señor Núñez Feijóo amósalle á Cámara unha gráfica.*) que son as persoas que morren en cada comunidade autónoma. Nunca esqueceré a pandemia que nos tocou xestionar en soidade, sen ningún apoio do BNG, todo en contra, absolutamente en contra; ata quixeron votar cando non se podía e non votar cando si se podía.

Pero, señoría, esta taxa de mortalidade acredita que Galicia, xunto con Baleares e Canarias, é a primeira comunidade autónoma de toda España peninsular con menor mortalidade por cen mil habitantes, sendo unha das de maior idade da poboación. E acredita, por exemplo, que hoxe, que coñecemos os casos da pandemia, temos un 67 % menos de persoas contagiadas que durante o pico, e a taxa a sete días baixou un 427 %. ¿Verdade que necesitaríamos facer unha desescalada comprometida para que seguísemos por este vieiro?

Fala vostede das vacinas, e escoitei con moito interese e lin a entrevista que fixo vostede na *Voz de Galicia*. Di, por unha parte, que non hai vacinas, que estamos de acordo, e, por outra parte, a seguir, di que o problema do Sergas é que non ten xente para vacinar. ¿Pero en que quedamos, señora Pontón? Cen mil vacinas diarias poderíamos dispensar no Servizo Galego de Saúde.

Mire, señora Pontón: eu lamento esta deriva independentista do BNG. (*Risos.*) Non, xa sei que rin porque hai deputados do BNG que sempre foron independentistas, pero eu coñezo moitos deputados do BNG que non o eran, que eran nacionalistas, pero non independentistas. E agora vostedes nada máis e nada menos que veñen aquí inventando o BNG. O BNG leva inventado moito tempo. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** O problema do BNG é que agora xa non existe; agora existe a UPG, que é distinto do BNG. (*Murmurios.*) Si, señorías.

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio! Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** A historia reconecerá exactamente a posición de cadaquén. Nunca un portavoz do BNG foi e nunca un portavoz do BNG fixo o que vostede fai ou, polo menos, consente.

Mire: se quere falar de Galicia, estamos á disposición. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Se quere impoñer o seu programa electoral, iso os galegos non o van permitir; hai seis meses que lle dixeron que non. E, por tanto, se quere vostede recoller as propostas na Comisión de Reactivación, estamos á disposición permanente.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, presidente.



**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Pero vir aquí dar leccións de democracia e de defender Galicia cos socios de Bildu e de Esquerra Republicana, comprenderá que nin este nin ningún presidente da Xunta vai aceptar...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...que se lle dean leccións de defender Galicia...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, terminou o tempo.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...dun partido político socio de Bildu e de Esquerra Republicana de Cataluña.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, terminou o seu tempo.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Continuamos coa orde do día, neste caso, proposicións non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e oito deputados/as máis, sobre a demanda por parte do Goberno galego ao Goberno central da encarga da construción dun buque de acción marítima para a Armada Española nos estaleiros de Navantia na ría de Ferrol**

**O señor PRESIDENTE:** A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e outra emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do seu deputado Ramón Fernández Alfonso, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de adición.*

*Débese engadir na parte resolutiva da proposición non de lei os seguintes puntos:*

*«O Parlamento insta a Xunta de Galiza, en relación co desenvolvemento de capacidades industriais de Navantia no segmento da eólica mariña flotante, a esixir do Goberno do Estado:*

*1. A paralización inmediata do plan da dirección de Navantia para ceder as instalacións de Fene á empresa privada Windar.*



2. *Garantías de que os proxectos de eólica mariña flotante nos que participe Navantia se realizarán no centro de Fene.*

3. *Que manteña a participación maioritaria de Navantia na UTE con Windar, ou calquera outra empresa, para garantir un retorno económico axeitado, a posición actual neste mercado, así como o control sobre a subcontratación de empresas, e máis sobre as condicións laborais.»)*

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Pablo Arangüena Fernández, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa as seguintes emendas a esta proposición non de lei.*

*Emenda de modificación.*

*Na parte resolutiva da iniciativa, onde di: «...a esixir ...», debe dicir. «...a reclamar...».*

*Emenda de adición.*

*Débese engadir na parte resolutiva da proposición non de lei un novo parágrafo:*

*«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia, como Administración competente en materia de política industrial, a deseñar e desenvolver, en coordinación e colaboración co resto de administracións, un plan industrial e de reactivación económica para Ferrolterra, que inclúa a busca activa de carga de traballo para o sector naval.»)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Tellado.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Como prometemos, como nos comprometemos, hoxe traemos a este pleno unha iniciativa pola que se demanda ao Goberno de España a construción dun buque ponte nos estaleiros da ría de Ferrol.

Unha vez máis exiximos carga de traballo inmediata para os estaleiros da ría, estaleiros públicos, estaleiros do Estado, dependentes da SEPI, dependentes do Goberno de España. Exiximos unha carga de traballo que garanta o futuro para os traballadores e tamén o futuro para toda unha comarca.

E facémolo porque a situación de Ferrolterra é unha situación límite; facémolo porque a situación da nosa comarca é unha situación dramática. Ferrol perdeu case trinta mil habitantes nos últimos corenta anos; é a única cidade de España que perdeu un terzo da súa poboación nos últimos corenta anos. Ferrol é a cidade coa taxa ... máis alta de Galicia. Ferrol é a cidade coas taxas de actividade e taxa de emprego máis baixas de Galicia. Só na cidade de Ferrol, dende xullo de 2019, computamos mil douscentos parados máis, persoas con nomes e apelidos, persoas que teñen familia, persoas que teñen un proxecto de vida. A estes mil douscentos de-



sempregados máis do último ano e medio pódenselles sumar outros setecentos desempregados se non facemos nada; pódenselles sumar outros setecentos desempregados se o Goberno de España non fai nada. Hoxe estamos aquí para falar con toda crueza dunha realidade tan crúa como a que está atravesando Ferrolterra polo abandono do Goberno de España.

Este grupo parlamentario vai traer esta iniciativa de forma reiterada para o seu debate, e seguirémolo facendo cada mes, en pleno e tamén en comisión, ata que o Partido Socialista se dea por aludido, ata que o Partido Socialista se dea por enterado. E advírtoos: non será suficiente con que muden o seu voto nesta cámara, non será suficiente con que cambien de postura e voten hoxe a favor. Non se van librar de nós tan facilmente. Non lles imos aceptar votar aquí a favor e votar en contra en Madrid. Porque sabemos que a vostedes a hipocrisía política é algo que lles vén coas siglas. E dígolles máis: tampouco será suficiente con que voten a favor aquí e voten a favor tamén en Madrid. Seguiremos presentando esta iniciativa cada mes, en pleno e en comisión, en Ferrol, en Santiago e en Madrid, ata que o Goberno de España encargue o barco que precisan os estaleiros públicos da ría de Ferrol. *(Aplausos.)*

É moi fácil, señorías: se teñen algún peso político, pídalle ao Goberno do seu partido que o resolva no próximo Consello de Ministros, o próximo martes; é así de sinxelo. Só se necesita vontade política. O futuro da comarca de Ferrol só depende de que o seu partido, o Partido Socialista, dende o goberno de España, dende o goberno de Pedro Sánchez, teña vontade política e adopte unha decisión, adopte un acordo no Consello de Ministros no que encargue un buque.

Hai setecentos empregos que están en xogo nestes momentos, están no aire; setecentos contratos a punto de expirar; setecentos traballadores das auxiliares que poden estar na rúa no prazo de catro ou cinco semanas. Se o Goberno de España non fai nada, estarán na rúa no prazo de catro ou cinco semanas. Auxiliares que antes se dedicaban, por certo, tamén ao mantemento da central térmica das Pontes. Esa central que vostedes, os socialistas, dende o goberno de España mandaron pechar e que vostedes, os socialistas, dende o goberno de España pecharon.

Pola nosa parte, imos seguir do lado dos traballadores como estivemos sempre. Por iso, dende o Partido Popular de Galicia imos apoiar esa folga comarcal do 10 de marzo; unha folga impulsada polos concellos de toda a comarca de Ferrolterra e polos axentes sociais da comarca.

Xa o teño dito nesta cámara en varias ocasións: cada vez que goberna o Partido Socialista en España, a Ferrol vaille mal; cada vez que gobernou o Partido Socialista en España, a Ferrol foille mal. Falar de goberno socialista é falar da crise para Ferrolterra. Reconversións navaís, diversificación industrial que nunca diversificaba nada, desmantelamento, despedimentos son sinónimos de socialismo na comarca de Ferrolterra. E por iso a Ferrol non se pode ir con soflamas baleiras de contido, con promesas, con plans, porque ese truco xa non cuela. A Ferrol só se pode ir con certezas.

Nos orzamentos xerais do Estado do ano 2018, aprobados polo Goberno Rajoy unha semana antes da moción de censura, destinábanse 250 millóns de euros para iniciar os traballos de



construción da serie de fragatas F-110. Un proxecto que nace en 2014 e que a Armada española e Navantia desenvolven man a man deseñando tecnoloxía de guerra vangardista do século XXI. Son cinco fragatas cun investimento de catro mil millóns de euros. Trátase de desenvolver un buque chamado a substituír a serie das fragatas F-100 e pór no mercado naval un modelo de buque atractivo non só para a Armada española senón para outras armadas de países aliados. Un proxecto que supuña de entrada unha ocupación para sete mil traballadores ao longo dos próximos dez anos.

Sen embargo, chegou o Partido Socialista ao goberno da man do señor Pedro Sánchez e mandou parar. Esta partida orzamentaria prevista nos orzamentos do ano 2018 non se executou, non se executou nin no 2018, nin no 2019, nin no 2020, nin teñen previsto executala no 2021, porque o certo é que non está previsto o corte de chapa ata ben entrado o ano 2022.

Estes atrasos prodúcense xusto cando os estaleiros están a rematar a construción do segundo buque para a Armada de Australia. Estes atrasos nas F-110 teñen lugar despois de que o Goberno socialista perdiera o contrato para a construción de dez fragatas para a Armada dos Estados Unidos; unha oportunidade que supuña máis de cinco mil millóns de euros de facturación para os estaleiros públicos.

En 2019, e ante os atrasos acumulados das fragatas F-110, propuxemos nesta mesma cámara a construción dun BAM para dar carga de traballo aos estaleiros da ría. O BAM está perfectamente deseñado, existen os planos, e só ten que chegar o aceiro para comezar a súa construción. O traballo de enxeñería está perfectamente finalizado. Un BAM que, ademais, é un buque que precisaba a Armada española.

O Grupo Parlamentario Popular trouxo a este parlamento unha iniciativa na que pedía a construción dese buque. ¿Quen votou a favor? Bloque Nacionalista Galego e Partido Popular de Galicia. ¿Quen se abstivo? PSdeG-PSOE. ¿Que argumentou naquel momento o PSdeG-PSOE? O buque non facía falta, a Armada española non o precisaba; iso foi o que ordenou argumentar a ministra Margarita Robles. O PSdeG explicou que o Ministerio de Defensa non necesitaba ese buque. ¿E que pasou despois? Que a Armada española, o Ministerio de Defensa, o Goberno socialista de España encargaba ese mesmo buque catro meses despois nos estaleiros do sur en Cádiz. ¡Vaia tomadura de pelo!

O Goberno socialista castigou Galicia, e o PSdeG PSOE foi cómplice dese castigo, mirou para outro lado e xustificou a súa decisión. Estamos falando dun barco que ten un orzamento de cento sesenta e sete millóns de euros e máis dun millón de horas de carga de traballo. Permitiría evitar eses despidos previstos para as próximas semanas. Pero naquel momento, hai xa uns meses, o PSOE dixo non, o PSdeG calou, e outra vez traizoáronse os intereses da comarca de Ferrolterra. ¿E Caballero? Caballero, chitón.

O que queda claro é o que o Goberno do PSOE está condenando o futuro de Ferrol, condenando o futuro dun sector, condenando toda unha comarca. E a esta crítica eu teño que engadir tamén a complicidade do Bloque Nacionalista Galego, porque o recoñecía a señora Pontón, e eles fixeron presidente a Pedro Sánchez. Polo tanto, o BNG —aínda que agardo o seu voto a favor— tamén ten un grao de responsabilidade. Pero quen pode solventar esta





cuestión é o Goberno socialista, se quere solventar esta cuestión, e pode facelo o próximo martes. É así de sinxelo.

Nós imos seguir defendendo o sector naval, imos seguir reivindicando un futuro para Ferrol, primeiro, porque somos de Ferrol e, segundo, porque é de xustiza. A nós non nos dá igual que a xente da nosa comarca quede sen traballo, e falo en nome de José Manuel Rey e do vicepresidente deste parlamento Diego Calvo. A nós non nos dá igual que a comarca de Ferrol quede sen carga de traballo, porque a nós aféctanos o que pasa na comarca, porque nós imos seguir vivindo o resto das nosas vidas nesa comarca, mirando aos ollos aos nosos veciños, aos fillos dos nosos veciños e aos netos dos nosos veciños. Polo tanto, nós queremos ser útiles.

E Ferrol o que precisa neste preciso momento é escoitar a voz dos alcaldes e das corporacións municipais de toda a comarca, escoitar a voz dos axentes sociais e económicos, da comarca de Ferrolterra. Polo tanto, non se pode ir ás manifestacións reclamar futuro e á tarde non presentar os papeis necesarios para que no Consello de Ministros un martes se aprobe ese buque e se encargue ese buque que a nosa comarca necesita. Nós non imos aceptar a incoherencia política do Partido Socialista, que en Ferrol vota a favor, en Santiago abstense e en Madrid vota en contra. Ese cinismo político, nós imos denuncialo permanentemente.

Por iso, os tres deputados de Ferrol, da comarca de Ferrolterra, temos rexistrado máis dunha vintena de iniciativas. Imos traelas aquí, nos concellos da comarca e tamén no Congreso dos Deputados. E non imos ceder na nosa presión...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** ...ata que o Goberno de España encargue ese barco que Ferrol merece, que Ferrol precisa e que, dende logo, debe ser unha obriga de todos os gobernos.

Nós presentamos unha iniciativa moi sinxela, unha iniciativa tan sinxela como efectiva. Queremos exixir ao Goberno de España, a través do Ministerio de Defensa, que encargue aos estaleiros de Navantia en Ferrol a construción dun BAM, un buque de acción marítima...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** ...para a Armada española. E reivindicamos da Cámara galega a mesma unanimidade que existe nas comarcas de Ferrolterra, O Eume e Ortegal.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Tellado.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Arangüena Fernández.



**O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ:** Grazas, señor presidente.

Señor Tellado, houbo un antecesor meu nesta cámara que dicía que o señor Feijóo mente coa mesma naturalidade coa que respira. E eu non podo máis que concordar con esa afirmación. Vostede, a verdade, mente máis que o señor Feijóo, pero carece de calquera tipo de naturalidade cando o fai.

Señores do PP, fan vostedes nesta iniciativa unha crítica tan feroz como impostada das actuacións do Goberno do Estado, que vai na liña do seu relato favorito: o dun Goberno central que vai en contra de Galicia; un pouco coma o malo das películas de James Bond. É dicir, Pedro Sánchez sería un híbrido entre o *Doutor Non* e *Goldfinger*, que, como repite machaconamente a sección Vox do PP de Galicia, desde que chegou ao poder se dedica a tratar de destruír a industria galega, pechando As Pontes e Meirama —hoxe esqueceuse de Meirama—, Alcoa —tamén se esqueceu—, o sector conserveiro, que din vostedes tamén sistematicamente que vai pechar o Goberno central. É un relato que integra algúns dos principios da propaganda que tan ben desenvolvía Joseph Goebbels, como son a simplificación máxima do relato e a busca persistente e machacona dun inimigo exterior. Un pouco aquilo que dicía o filósofo e Premio Nacional de Ensaio José Luis Pardo no seu libro *Estudios del malestar*: «*alíñate un buen enemigo*», que foi á fin de contas a maior aportación politolóxica do xurista do nacemento Carl Schmitt, benquerido e admirado polo fundador do seu partido don Manuel Fraga, e que coñeceu, por certo, moi ben as rúas de Santiago, polo que non me estrañaría que o seu espírito andase por aquí xunto co espírito contraposto de Isaac Díaz Pardo, que preside esta sala en forma de mural.

O que non son capaces de solucionar vostedes é un problema de base do seu relato. ¿Por que absurda razón querría o presidente do Goberno Pedro Sánchez, que é un economista reputado, prexudicar a industria galega, cando sabe, obviamente, como economista que o prexuízo da industria galega vai en detrimento da do conxunto do Estado e tamén da recadación fiscal e do emprego? É dicir, ¿cales serían as causas desta suposta conspiración exterior contra Galicia que vostedes ven por todas partes desde hai dous anos e medio, igual que fai o nacionalismo desde hai décadas? O certo é que o Goberno non causou nin por acción nin por omisión a situación das Pontes á que vostede aludiu, que é un tema de mercado derivado do enorme aumento do custo de mercado de dereitos de emisión de CO<sub>2</sub>; un mercado europeo que inventou ou polo menos contribuíu a inventar o seu eurodeputado Arias Cañete, anos antes de que Sánchez fose presidente, e que pasou de 8 euros por tonelada no 2018 a 25 euros por tonelada no 2019. E, como saben os traballadores e recoñecen os directivos de Endesa, esa e non outra foi a razón de que As Pontes quedara fóra de mercado. Nada que ver con ningún conciliábulo do Goberno central, que, ao contrario, está forzando a empresa a facer todas as probas do mundo para manter a central en funcionamento e poñendo en riba da mesa plans de transición ecolóxica xusta. E é absolutamente proclive a atender aqueles proxectos que cheguen de Galicia para optar aos fondos Next Generation; proxectos dos que, por certo, no día de hoxe este parlamento descoñece absolutamente todo, exactamente igual que a sociedade civil galega.

A situación do sector naval é extremadamente complicada —como sabe perfectamente vostede— por motivos completamente alleos a calquera goberno, sexa o do Estado ou o auto-



nómico. Era xa moi complicada antes da pandemia, e despois da pandemia é moito máis complicada aínda pola caída do transporte marítimo de mercadorías e de pasaxe, pola incerteza económica, que fai que se reduzan drasticamente os pedidos, co que cae a suma da contratación naval, incluíndo a militar e a civil, o 97 % en Europa, o 42 % en China, o 71 % no Xapón e o 55 % en Corea, por poñer algúns exemplos.

Onte mesmo, unha información de *Faro de Vigo* sinalaba que: «*El covid extenúa el naval europeo. Quince mil empleos menos y pedidos a niveles de 1990*». E se o naval está así, o naval militar está igual de mal ou peor. Todos os países ven reducidas as súas capacidades financeiras como consecuencia da pandemia. E quen ten que desembolsar un vinte por cento do seu PIB nun ano para paliar os efectos dunha pandemia non está obviamente pensando en construír barcos militares, senón que agarda uns anos, e logo xa se verá. Esa é a situación internacional do mercado da construción naval. E dado que os buques se encargan con moito tempo de antelación, os efectos da pandemia para o naval aínda non se están notando en toda a súa extensión. Estes serán aínda máis intensos a medida que avance este ano e o que vén. Este é o panorama xeral, certamente desolador.

¿Pero cal é o panorama específico de Navantia? Comecemos pola situación na que deixaron vostedes Navantia cando cambiou o Goberno do Estado no 2018. Nese momento Navantia estaba cuns números tan vermellos que, de feito, estaba en «causa de disolución», que, para quen non o saiba, é como chama a lei actual a antiga situación de quebra, coa particularidade de que, sendo unha empresa do Estado, ano tras ano o Estado lle inxectaba capital, ¡moito capital!, a razón de douscentos millóns de euros por ano de media. E por iso o diario *Economía Digital Galicia* titulaba, o 22 de setembro do 2018, que o Estado destinou oitocentos millóns en catro anos a soste Navantia, e sinalaba que no 2017 Navantia rexistrou as maiores perdas da súa historia: 297 millóns de euros.

En decembro de 2018, para actuar fronte a esta situación de quebra na que o anterior Goberno deixou a Navantia, o actual Goberno asinou o Plan estratéxico 2018-2022 de acordo cos representantes dos traballadores, co obxectivo de acadar a viabilidade da empresa, mantendo a actividade en todos os centros, modernizando os procesos e adaptando a empresa ás necesidades do mercado. En paralelo con ese Plan estratéxico adxudicouse a construción das fragatas F-110 a Ferrol. Un investimento de 4.325 millóns de euros que vai garantir unha carga de traballo durante anos; o maior investimento industrial da historia de Galicia, que o actual Goberno sacou do caixón no que o tiña metido o Goberno de Rajoy, por unha cuestión duns mísiles que vostedes coñecen moi ben. E, por poñer só un exemplo, *El Correo Gallego*, que non é un medio social-comunista nin bolivariano, (*O señor Arangüena Fernández amósalle á Cámara unha fotocopia.*) resumiu en novembro de 2018 así: «*El Gobierno admite que Morenés frenó por interés personal las F-110 de Ferrol.*» E subtitulaba dicindo: «*El Correo ya adelantó en 2013 y 2014 las maniobras del exministro para favorecer a sus empresas, con perjuicio a Navantia*». ¡*El Correo Gallego!* Houbo moitos outros, pero eu póñolle o *Correo* porque non van dicir que é social-comunista nin bolivariano.

Por tanto, o que deixaron sete anos de gobernos do PP en España para o naval de Galicia foi unha Navantia en situación de insolvencia, mantida e con vida artificialmente mediante inxeccións anuais de capital por parte do Estado, un proxecto de fragata atrasado por intereses



espurios e persoais dun ministro do PP. É o chamado «caso Pemex», que se resume no señor Feijóo anunciando antes dunhas eleccións que Pemex ía construír vinte e dous buques en Galicia, que logo quedaron en dous, e que ía situar unha base loxística para toda Europa —dicía— en Punta Langosteira, da que nunca máis se soubo absolutamente nada. Caso que, por certo, está sendo investigado en México e que, polo pronto, mantén ao señor co que se fixo a foto o señor Feijóo, don Emilio Lozoya, ingresado nunha prisión mexicana despois de ser extraditado dende España no marco dunha investigación xudicial que inclúe as operacións con Galicia que tanto publicitou o señor Feijóo.

E non é difícil comprender que a situación extremadamente delicada pola que atravesaba Navantia cando chegou o actual Goberno do Estado é hoxe máis difícil aínda pola forte e enorme crise económica que atravesa o noso país e a tremendamente difícil situación que atravesan as arcas públicas.

O que propón o PSdeG, e polo que seguimos pedindo e seguiremos pedindo, e mantendo reunións e facendo política, traballando en Madrid ou aquí, é manter o emprego nos estaleiros de Ferrol, apostar comercialmente e pola modernización de Navantia en Galicia, e pedir carga de traballo —¡claro que si!— ata o inicio dos traballos das F-110, incluíndo o proceso de modernización e construción do dique seco, así como apostar polas capacidades de Navantia para competir no mercado do eólico e no mecanizado.

O que lle pedimos á Xunta é que se implique, que non aposte polo «canto peor, mellor», no que parece instalada dende que cambio o Goberno, que exerza as súas competencias en materia de política industrial e promoción económica, que as ten todas, e pode facer moitísimo máis con elas do que fixo nos últimos once anos, moi especialmente en Ferrolterra. Nesa liña vai ir a nosa emenda, que agardamos que acepten.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Arangüena.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Fernández Alfonso.

**O señor FERNÁNDEZ ALFONZO:** Bo día a todos e a todas.

O Partido Popular presenta unha iniciativa na que reclama a construción en Navantia Ría de Ferrol dun buque de acción marítima para a Armada española. Tal como anunciara en comisión e despois en prensa, van reclamar un encargo dun buque todos os meses. Lembro que vin na TVG —¡faltaría máis!— como os tres deputados de Ferrol do Partido Popular camiñaban polos corredores do Parlamento para dirixirse á oficina de Rexistro e presentar a iniciativa. Lembro —teño que recoñecelo— que pensei: ¡que gran traballo!, saíron dos seus despachos, rexistraron a iniciativa, en cinco minutos seguramente xa estaban de volta. ¡Que profesionais!, ¡xa amañaron o problema de Ferrol!



Outra destas iniciativas que trae o Partido Popular, que non sei se chamalas cosméticas ou fantasmas, que non implican esforzo, que non lles ten custo, e cun pouco de sorte pode que haxa alguén que crea que fan algo pola xente.

O mesmo que coa iniciativa que trouxeron ao último pleno na que pedían apoio para o persoal de Siemens Gamesa; un persoal que este sábado votou a favor dos despedimentos. Si, aceptaron o ERE. A empresa ofreceu unha cantidade de diñeiro por riba dos mínimos legais, máis ou menos o triplo do mínimo de vinte días por ano, e o persoal preferiu paxaro en man. Non tiñan moita confianza en poder gañarlle o pulso á empresa e manter os empregos, o que denota, por certo, moi pouca confianza nos gobernos. Noutras palabras, o persoal de Siemens Gamesa sentiuse abandonado. (*Aplausos.*) E non se enganaron porque, malia os esforzos teatrais do Partido Popular por ocultar o evidente, a fábrica pecha basicamente por dúas razóns:

A primeira, porque a reforma laboral que aprobou o PP no 2012 permite pechar a fábrica sen necesidade de autorización por parte do Goberno. ¿Por que? Porque ao Partido Popular non lle gusta poñerlles obrigas ás empresas.

E a segunda razón, porque Siemens Gamesa non necesita producir na Galiza para poder facer negocio en Galiza. (*Aplausos.*) ¿Por que? Porque ao Partido Popular non lle gusta poñerlles obrigas ás empresas. Que fagan o que queiran, que gobernan elas.

Iso si, trouxeron unha iniciativa ao Parlamento de apoio; un apoio baleiro de contido, sen esforzo, sen custos. Igual que a petición dun BAM para Navantia Ría de Ferrol. Outra iniciativa cosmética, que nunca comezaría antes do que está previsto que comecen as fragatas. E xa postos, ¿por que non un buque máis grande?, ¿por que non un buque civil? Non, iso xa é meterse en camisas de once varas.

Desde o ano 2010, ano no que se aprobou a Lei de fomento do sector naval de Galiza, non se sabe xa cantas veces se ten aprobado neste parlamento que a Xunta pida ou negocie a súa entrada no Consello de Administración de Navantia. A última este mesmo mes, de novo por instancias do BNG.

Do mesmo xeito —xa é vello tamén—, o compromiso da Xunta para apoiar, mesmo financeiramente, a constitución dun centro de reparacións na ría de Ferrol. ¡Ollo a isto: apoiar financeiramente! ¿Que quedou e onde quedou este compromiso?

Pero estas iniciativas, que si terían consecuencias prácticas para o sector, para o emprego e para Ferrol, quedan sistematicamente en nada, non se executan; o Partido Popular non as executa. É este o nivel de compromiso do Partido Popular co sector naval na ría de Ferrol, ou sexa, cosmético.

O BNG trae hoxe a debate unha emenda, que agardamos que sexa aceptada polo Partido Popular e apoiada polo PSOE, para protexer un sector de actividade, o da eólica mariña flotante. Un sector prometedor que, segundo todos os expertos, vai ter unha elevadísima demanda en Europa, tanta como para ocupar as instalacións de Fene, instalacións nos portos exteriores e moitas empresas do metal por toda Galiza. Unha actividade que precisa dunha de-





claración unánime e firme por parte deste parlamento, así como de actuacións decididas por parte da Xunta de Galiza, porque o plan da dirección de Navantia é renunciar a ela, polo menos na ría de Ferrol.

Se nada o impide, a primeiros de marzo, a dirección de Navantia vai aprobar uns investimentos en Fene para adaptar as instalacións ás necesidades dun contrato para prover de monopiles a Iberdrola durante cinco anos. Un contrato que significa de facto renunciar á eólica flotante, para dedicarse á construción dunhas estruturas cilíndricas moi simples, e con posibilidades de rebotizar certos traballos de soldadura, co que o nivel de emprego que xeran é moi reducido, aínda que, polas súas dimensións e polo número de pedidos, posibelmente ocupen moitísimo espazo no centro, co que limitan por completo calquera outra actividade.

Navantia, ademais, reduce a súa participación na UTE con Windar dende o 70 % que viña tendo nos actuais contratos a un 8 % neste contrato dos monopiles, coa perda do control sobre a subcontratación de empresas e sobre as condicións laborais. Malas noticias para os traballadores e as traballadoras, mais tamén para as empresas da comarca, que xa me teñen manifestado a súa preocupación. Windar é coñecida por incumprir, entre outras cousas, as porcentaxes mínimas de persoal indefinido e tamén por traballar con subcontratas que traen xente de Asturias, de Portugal ou de Andalucía.

É dicir, Navantia renuncia a participar na eólica mariña flotante, pero exclusivamente na ría de Ferrol, xa que en principio nada lle impedirá atender esa gran demanda de plataformas flotantes que previsibelmente vai haber desde os centros de Cádiz.

A SEPI e Navantia afondan na súa política de reducir actividades e dimensións do centro da ría de Ferrol. E isto é o que temos que impedir: esa política de restrinxir Navantia e a ría de Ferrol á construción militar, sen alternativas, porque é a que provoca que cada poucos anos se expulse a todo o persoal da industria auxiliar ao desemprego. E deste xeito non é posible fixar poboación na comarca, senón que tamén é imposíbel garantir un proxecto industrial solvente e viábel. É dicir, mentres existan restricións produtivas na ría de Ferrol, existirán as caídas de carga de traballo, existirán os desequilibrios financeiros e existirá o risco de desaparición do sector da ría de Ferrol por peche, por absorción ou por integración nalgún proxecto transnacional.

Así que, para rematar con esta emenda, solicitamos o seu apoio na defensa dun sector de actividade de futuro. O que é tanto como dicir na defensa da diversificación de actividades en Navantia Ría de Ferrol, na defensa do emprego e das condicións laborais e na defensa do sector.

Sabemos que o Partido Popular comparte co PSOE que Navantia Ferrol debe ser un estaleiro exclusivamente militar, e sabemos que Windar é, ademais, unha empresa amiga do Partido Popular. Pero este plan, en concreto, de renunciar á eólica mariña flotante, é totalmente contraditorio cos seus discursos de facer das enerxías renovábeis o motor industrial da recuperación económica, porque este plan supón de facto tirar pola borda calquera posición de vantaxe que actualmente puidera ter Galiza neste sector; un luxo que nin Galiza nin a comarca de Ferrol poden permitirse.





Insistimos no chamamento que vimos facendo sempre que temos ocasión para que abandonen dunha vez esas lealdades para cun modelo de empresa absolutamente suicida, esas lealdades para con aqueles acordos de reconversión xa superados. Estamos noutra pantalla, precisamos sectores industriais potentes con capacidade de arrastre da economía, e o sector naval é un dos máis cualificados para xogar ese papel. Pero —insistimos— o corsé da construción militar pode afogar o sector, que precisa diversificarse tanto como respirar. Abandonen a cosmética, deixen de maquillar as súas políticas para facelas máis presentábeis. ¡Cambien as políticas!

E solicitamos tamén que executen con urxencia os últimos acordos tomados neste parlamento por instancias do BNG: pedir a entrada no Consello de Administración de Navantia, constituír unha mesa co Goberno do Estado pola diversificación de actividades no estaleiro e reclamar para xa a adxudicación e o inicio das obras de transformación do buque do Ministerio de Defensa para transporte de tropas e vehículos *Galicia*. Insistimos: son acordos xa adoptados por este parlamento pendentes de seren executados pola Xunta. Non o demoren, o traballo de moita xente depende disto.

Obrigado. Máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Grazas, señor Fernández, pola súa intervención e o seu traballo.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo grupo autor da proposición non de lei ten a palabra o señor Tellado Filgueira.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Ben, logo de comprobar que o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista volven ao *nidito* de amor, (*Murmurios.*) falemos do importante. (*Murmurios.*) E é que aquí hai persoas que van perder o seu emprego nas próximas semanas e que hai un Goberno en España, de quen depende o sector naval público da ría de Ferrol, que ten na súa man resolvelo e non o vai resolver. Ese é o resumo de toda a intervención do señor Arangüena. (*Aplausos.*)

Créame, señor Arangüena, que ten vostede moitos máis parecidos con Vox ca min; esa é a realidade. E eu creo que é vostede por excelencia o mellor representante do sector Vox do Partido Socialista.

Se o mandan a vostede falar do sector naval a esta tribuna e non ao voceiro de Industria, temos que empezar a preocuparnos; saímos deste debate moito máis preocupados. Ademais, é que logo de escoitar que Pedro Sánchez é un economista reputado, ben, pois é evidente que non é certo. Iso non o cre ninguén en España, só vostede. E é certo que o que queda claro é que vostede está dentro desa estratexia de *salvar o soldado Ryan*, que neste caso é salvar o soldado Caballero. Hai que facer a pelota en Madrid, non vaia ser que nos leven por diante a Gonzalo Caballero, como xa publica algún medio. Iso é o que a vostedes lles preocupa.

Tivo que ir vostede a China para explicar por que o Goberno de España non encarga un barco nos estaleiros da ría de Ferrol. E foi ata China para buscar unha explicación. Este é o PSdeG-



PSOE. ¡Debería darlles vergonza! Non vaia con estes argumentos a Ferrol porque o corren a gorrazos, ¡córreno a gorrazos! (*Murmurios.*) Mire: asuman a súa responsabilidade, pois gobernan en España dende xuño de 2018, e estamos en febreiro de 2021. Polo tanto, todo o que sucede no sector público do sector naval, no sector público nos estaleiros de Navantia, depende de decisións políticas do Goberno de España. E este é un problema que se resolve non en China, senón no Consello de Ministros do próximo martes. Polo tanto, asuma a súa responsabilidade, a do seu partido, a do seu goberno en España.

Señores do BNG, ¡claro que apoiamos o sector da eólica mariña! É que o levamos facendo sempre. É máis: os que apostamos pola eólica mariña na ría de Ferrol foi un Goberno do Partido Popular ao reabrir Astano no ano 2015, (*Aplausos.*) logo dun veto produtivo, un castigo do Partido Socialista, que pechou Astano á construción civil convencional durante moitísimo tempo. ¿Ou non o recorda vostede? ¡Claro que o sabe! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, non, foi o Partido Socialista, primeiro, nos anos oitenta, e logo nos primeiros anos deste século. Esa é a realidade, por moito que vostede pretenda darlle todas as voltas.

¡Claro que apostamos pola eólica mariña! Nós estamos a favor da construción civil sen renunciar á construción militar. O que sabemos facer en Ferrol son barcos de guerra; por moito que a vostedes lles moleste traballar para a Armada española. Iso é o que levamos facendo durante séculos; esa é a realidade. Aparquen xa dunha vez as cuestións ideolóxicas. Pero ¿vostede cre que iso o cre alguén en Ferrol? Pero ¿vostede cre que se pode ir a Ferrol dicir que queremos facer barcos civís? Pero é que Europa, toda Europa, está excluída dese sector desde hai moito tempo, non podemos competir nese sector. Competimos perfectamente no militar cunha tradición e un *now how* que é indiscutible. Polo tanto, deixen de marear con isto de civil e militar.

Claro que se pode facer un BAM, e esa é a solución para setecentas familias. E sábeo o Bloque Nacionalista Galego, sábeo o Partido Socialista e sábeo o Partido Popular de Galicia. ¿Que ocorre? Que nós estamos reivindicando o que Ferrolterra merece, e vostedes veñen aquí facer de *palanganeros* do Partido Socialista. Non vaia ser que poñan en perigo os pactos en concellos e en deputacións. Impórtalles a vostedes Galicia cero, (*Aplausos.*) impórtalles Galicia nada. (*Aplausos.*)

¡Claro que houbo un castigo do Partido Socialista da comarca de Ferrolterra! Mire: a central térmica das Pontes mandouna pechar un Goberno socialista. Pechou o Goberno socialista a central das Pontes. ¿Como? A través da vía impositiva, subindo os impostos á produción da electricidade a través do carbón, e adiantaron o peche das centrais térmicas previstas para o ano 2035 ao ano 2020.

E logo, entón: ¿por que seguen outras centrais térmicas en toda Europa operando, e incluso algunhas empezando a traballar agora? ¿Pero que mentira é esa? Señor Arangüena, de verdade, non minta. Pecharon a central térmica das Pontes, que facía un investimento para seguir producindo, e pechárona vostedes. ¡Alá vostedes se non lles cae a cara de vergoña! Porque vostedes puideron evitar o peche de Siemens Gamesa a través do Ministerio de Trabajo, e non fixeron nada, non fixeron absolutamente nada. Esa é a realidade.



Son vostedes responsables do peche da central térmica das Pontes, de deixar o porto de Ferrol sen tráfico; son vostedes responsables da situación da industria electrointensiva de Galicia, e son vostedes responsables de que Siemens Gamesa bote o cadeado. *(Murmurios.)* Esa é unha responsabilidade que ten enriba das súas costas o Partido Socialista. E alá o BNG se prefire mirar para outro lado...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** ...e non apoiar o Partido Popular.

Nós presentamos unha iniciativa sobre esta cuestión tan concreta que non estamos dispostos a aceptar ningunha emenda. Falaremos das súas emendas en calquera outro debate, pero hoxe...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** ...queremos debater sobre o barco, para ver se o PSOE vota en Ferrol que si, aquí abstense...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** ...e en Madrid segue votando en contra...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** ...e negando o futuro a toda unha comarca. *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Tellado.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Pasamos á seguinte proposición non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Prezas Bergantiños e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa repartición do Fondo covid da Unión Europea para a reactivación *Next Generation***

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Juan Carlos Francisco Rivera, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*



*Emenda de modificación.*

*Débese substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:*

*«O Parlamento galego:*

*1. Acorda constituír de xeito urxente, previo cumprimento dos requisitos regulamentarios establecidos, unha ponencia, coa participación de todas as forzas parlamentarias, dos axentes sociais e da universidade galega, para conformar unha posición de país en torno á priorización dos proxectos que deben optar á asignación dos fondos europeos, para a súa inclusión no Plan Nacional de Recuperación e Resiliencia.*

*2. Insta a Xunta de Galicia a remitir á Cámara galega, no prazo de sete días, a listaxe dos 108 proxectos, calquera outros impulsados pola Xunta de Galicia, enviados para a súa inclusión no Plan Nacional de Recuperación e Resiliencia, con explicación detallada da natureza do proxecto, o seu impacto na creación de emprego, o criterio de selección e o nome da empresa ou entidade, pública ou privada, executora do proxecto.»)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Grazas, señor presidente.

Como saben as súas señorías, hoxe é o Día de Rosalía, e neste mes de febreiro tamén se celebra o vinte e cinco aniversario do pasamento de Lois Pereiro. E eu, a verdade, pensaba comezar esta intervención cunha cita dalgunha destas dúas referencias da nosa historia e da nosa literatura. Pero, ao final, a materia da iniciativa fíxome optar por unha cita —por dicilo dalgunha maneira— un bocadiño máis prosaica. Así que vou citar o secretario xeral dun partido desta cámara, ausente neste momento, que o pasado 13 de febreiro nos deleitaba cunhas declaracións e cun vídeo nas redes sociais que parecía máis ben propio dunha candidatura ao Mestre Mateo que dun debate político serio. Pero dicía: «Dende o PPdeG lamentamos que o Bloque Nacionalista Galego comece agora, avanzado o mes de febreiro, a preocuparse por uns fondos nos que a Xunta leva traballando desde mediados do ano pasado».

En fin, a estas alturas non nos sorprende que haxa algún deputado desta cámara que aspire a ser o Goebbels do Partido Popular. Estamos acostumbradas. Pero, desde logo, é falso iso de que porque unha mentira se repita mil veces se converta en verdade, e que se lle atribúe a este personaxe histórico. Porque, desde logo, o Partido Popular ten a capacidade de manipular a TVG, pero non ten a capacidade de manipular e de terxiversar o que queda nos diarios de sesións (*Aplausos.*) e o que queda tamén na historia deste parlamento. (*Aplausos.*)

E unha vez máis as falacias caen por si propias. E traemos unha iniciativa do Bloque Nacionalista Galego para falar de algo tan importante para o noso país como os fondos europeos. Trouxemos iniciativas, traemos iniciativas e traeremos iniciativas sobre esta cuestión, da que pensamos que o seu resultado será clave para o noso futuro. E aínda que o Partido Po-



pular pareza que non ten escrúpulos á hora de subir a esta tribuna ou de falar desde o escano e negar esta realidade, pois a hemeroteca está aí e pon a cadaquén no seu sitio.

E eu quería facer unha vez máis desde esta tribuna un repaso da nosa historia recente:

Comezou a lexislatura, no debate de investidura Ana Pontón fai un ofrecemento a Núñez Feijóo sobre esta cuestión para un acordo de país. O Partido Popular mira para outro lado.

Seis de outubro, propoñemos por primeira vez nesta cámara unha ponencia específica para chegar a un consenso político sobre esta cuestión. O Partido Popular veta esta proposta.

Catorce de outubro, insistimos en comisión, e só recibimos vaguidades.

Once de novembro, vetan outra proposta neste pleno sobre os criterios de repartición. A desculpa xa saíu outra vez esta mañá a colación: esa Comisión de Reactivación, que en teoría vai solucionar absolutamente todo. Pero ¿que aconteceu na Comisión de Reactivación? Tivemos dúas —non só unha senón dúas— roldas de prensa do vicepresidente económico da Xunta de Galiza na que non nos deu máis información que a que aparece nos titulares da prensa e nas notas de prensa do Goberno da Xunta. Tivemos comparecentes de todo tipo, de todas as cores, que insistiron en que era un erro excluír o Parlamento e a oposición deste debate. ¿Que fixo o Partido Popular? Seguir na mesma liña de soberbia, escurantismo e unilateralidade. ¿Que fixo o Bloque Nacionalista Galego? Pois ser responsable e seguir traendo propostas concretas a esta cámara.

Vinte e seis de novembro, Ana Pontón volve pedirlle a Feijóo que descolgue o teléfono, que convoque os líderes dos partidos diante da preocupante ofensiva recentralizadora do Goberno central. ¿Que aconteceu? O Partido Popular non colleu o guante. O Goberno central seguiu adiante coa aprobación dese Real decreto 36/2020, que nos vai traer moitos problemas. ¿Que fixo o Partido Popular? Pois seguir co seu frenesí de anuncios.

Dez de decembro, Ana Pontón insiste na pregunta ao presidente en poñer esta cuestión enriba da mesa, en tender a man. Unha vez máis, Núñez Feijóo responde cunha actitude de desprezo, de autoritarismo e de tomadura de pelo xa non só a esta oposición senón a este parlamento.

E seguimos insistindo: vinte e dous de decembro, terceira proposición non de lei que se debate neste pleno para acadar un acordo respecto da transparencia e dos criterios. E tamén no marco do debate orzamentario, pois insistimos desde o BNG e propuxémoslles ao Partido Socialista e ao Partido Popular chegar a puntos de acordo respecto das contías que debía recibir Galiza desa primeira fase na que xa se transferían recursos ás comunidades. Sen éxito.

Desde entón pois máis propaganda do Partido Popular, e incluso dixeron unha e outra vez que están en contra da recentralización. Pero ¿que acontece? Olvídaselles cando van a Madrid negociar co señor Sánchez. Vimos ese fracaso estrepitoso do 29 de xaneiro deste ano, non sabemos se foi —como dicía no debate anterior— facer de *palanganero* de Pablo Casado ou





a facer de *palanganero* de Pedro Sánchez. Pero a cuestión é tan escandalosa que —e teño aquí as notas de prensa da Xunta e a nota de prensa de Moncloa— nin sequera parece que estivera enriba da mesa a xestión dos fondos europeos.

É dicir, aquí, no Parlamento galego, o presidente da Xunta atrévese a dicirnos incluso que é ou que non é o BNG. Aquí o Partido Popular parece que está competindo por optar a entrar dentro do Bloque Nacionalista Galego, poñendo a camisa de galeguista e a camisa de nacionalista. Pero á hora da verdade non vai a Madrid defender os intereses deste país. Non sabemos se é que o señor Feijóo estivo ocupado xa escollendo daquela os mobles para a nova sede do Partido Popular; pero, desde logo, o que está claro é que a recentralización dos fondos non estivo enriba da mesa e que non hai unha actitude seria por parte deste goberno para defender unha xestión diferente.

Vímolo hai quince días na pregunta ao presidente da Xunta de Galiza, que Ana Pontón centrou nos fondos Next Generation, e na que se volveu recibir unha vez máis unha actitude de descualificación e crispación por parte do presidente da Xunta, cando o que precisan os galegos e as galegas neste momento son propostas de futuro. Hoxe asistimos a máis do mesmo, e sectorialmente tampouco se sostén a propaganda. Vimos un exemplo esta semana pasada, cando a nosa voceira de Pesca, a señora Pérez, preguntou en comisión ao Goberno galego pola folla de ruta a este respecto sobre un sector estratéxico como é a pesca. E o Goberno non soubo explicar nada concreto, porque temos un Goberno incapaz de responder porque moito nos tememos que non hai folla de ruta, que esa é a cuestión.

E parafraseando a Castelao, pois o conto xa non é que sexa triste, senón que é moi serio. Este asunto é transcendental para o noso país, e volvémoslo traer a debate ante a falta de estratexia e de transparencia da Xunta de Galiza.

E queremos insistir unha vez máis nesa falta de transparencia, porque as semanas pasan, os meses pasan, e o único que temos por parte da Xunta de Galiza é un pseudopowerpoint cutre no que avanza xeneralidades. De feito, estamos sorprendidas tamén de que despois desa reunión de Sánchez xa maxicamente se reduzan os proxectos; pasamos do milagre de cero a cento oito, e agora estamos de cento oito a outra vez cinco, que nin sequera son os cinco iniciais. Cada día aquí hai unha sorpresa.

E a pregunta que hai que facerse nesta cámara é: se calquera galego ou galega coñece e pode ver un documento de máis de dúascentas páxinas do Goberno navarro sobre cal é a folla de ruta de Navarra —e poderíamos poñer máis exemplos—, ¿por que non sabemos nada do Goberno galego e da súa folla de ruta? ¿Que é o que agochan? Porque o máis preocupante é que canto máis sabemos, canto máis se escoita, o que vemos é que é un enfoque de costas ás necesidades do noso país.

E nós volvemos insistir en que cremos que é necesaria máis transparencia, é necesario tamén poñer luces sobre un modelo que hai que mudar, que non podemos permitir que estes fondos europeos sexan o modelo do saqueo do Ibex 35, senón que debemos impulsar que sexa o modelo do rescate das pemes e da nosa economía.





Nós entendemos que este é o momento de sentar as bases dun novo modelo económico e social de desenvolvemento nas próximas décadas, que temos que acometer transformacións moi importantes de tipo estrutural a medio e a longo prazo no ámbito tecnolóxico, social, sanitario, cultural e ambiental. E, desde logo, queremos que esta sexa unha oportunidade para sentar as bases dunha Galiza do futuro, unha Galiza que sexa ecolóxica, científica, social e tamén feminista. Polo tanto, iso é o que nos leva a traer unha vez máis a este parlamento tres cuestións claves e que son de pura lóxica:

En primeiro lugar, remitir de forma inmediata —nós propoñemos que sexa no prazo de tres días— toda a documentación que exista a respecto desta cuestión. Non é aceptable que este parlamento non coñeza as cuestións que foron remitidas por parte da Xunta ao Goberno central. Este grupo parlamentario ten máis de dez escritos, nove rexistrados, que están sendo obstaculizados e dos que non se facilita información.

En segundo lugar, apelamos a un cambio de estratexia. É fundamental negociar a defensa das competencias deste país, especialmente daquelas exclusivas, e, desde logo, enviar unha mensaxe contundente neste sentido ao Goberno central.

E, por último, apostar polo diálogo e o debate. Insistimos en que haxa unha ponencia específica sobre esta cuestión, que se deixe de apelar á Comisión de Reactivación como a eterna esperanza. Nós imos traballar aí no ditame, imos facer propostas, pero, desde logo, hai asuntos respecto dos ámbitos europeos que non poden agardar e que nos estamos facendo unha trampa ao solitario, se o pensamos.

Nós temos formulado cuestións sobre os criterios que nos preocupan. Entendemos que esa non poida ser a aspiración cen por cento do Parlamento, que o que saia deste parlamento non culmina as nosas expectativas, pero, cando menos, que saia dun proceso democrático, dun proceso aberto, dun proceso dialogado, que, desde logo, aspire a ter unha estratexia definida, e non este mirar cara a outro lado do Partido Popular, que nos está levando directamente ao fracaso.

Polo tanto, estas son as cuestións que unha vez máis, con responsabilidade e por responsabilidade política, o Bloque Nacionalista Galego pon enriba da mesa e vai seguir poñendo, gústelle ou non lle guste ao Partido Popular.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Grupo Parlamentario Socialista, señor Francisco Rivera.

**O señor FRANCISCO RIVERA:** Grazas, presidente.

Bo día a todas as deputadas e todos os deputados.



Efectivamente, esta é unha iniciativa que se leva debatido ao longo dos últimos meses nesta cámara. Eu recoñezo que o BNG leva traído a esta cámara, mesmamente de xeito repetido, esta iniciativa, porque é practicamente idéntica a outras que se levan debatido neste parlamento. O PSdeG, evidentemente, ten unha posición nisto tamén pública, coñecida, repetida mesmamente.

Eu creo que aquí nós o que debemos saber é de que van estes fondos. Eu creo que todo o mundo sabe de que van estes fondos, pero é conveniente de vez en cando darlle unha volta a todo isto.

Hai uns días publicábase o regulamento a nivel europeo que regula como se executan estes fondos. Un regulamento que daba continuidade a outro tipo de normativa aprobada na Comisión, tal como o instrumento de decembro onde se fixaban os obxectivos xa pactados entre o Parlamento e a propia Comisión. Un regulamento que marca que estamos diante dun proceso moi complexo no deseño dos proxectos e na elaboración, na súa execución e na avaliación e fiscalización que necesariamente se van levar a cabo a través das institucións do Estado e tamén das institucións comunitarias. Un regulamento que marca cales son as liñas de acción e os piares básicos dos fondos europeos, que teñen que ver fundamentalmente coa transición ecolóxica, coa transformación dixital, coa cohesión social e territorial, co impulso ao crecemento intelixente, coa resiliencia da economía desde o punto de vista social, institucional e económico, por suposto, e o establecemento de novas políticas, de políticas de futuro, de políticas de nova xeración. Son uns piares fundamentais á hora de definir os proxectos que se teñen que levar a cabo e que, polo tanto, en Galicia tamén se teñen que levar a cabo conforme estas orientacións.

Estes fondos teñen unha magnitude excepcional, unha magnitude asombrosa en canto á súa contía. Pero teñen uns obxectivos horizontais, que hai que aplicar determinadamente a combater o cambio climático, conforme os obxectivos de desenvolvemento sostible que marca a propia Organización das Nacións Unidas ou mesmamente da Axenda 2030, co obxectivo evidente de conseguir unha neutralidade climática. E marca, ademais, que determinados fondos se teñen que asignar a iso: o 37 % dos fondos teñen que ir á transformación ecolóxica, o 20 % dos fondos á transición dixital e o resto a obxectivos país.

O Estado español leva xogado un papel fundamental na definición non só dos obxectivos que deben orientar os fondos, senón no peso económico que o Estado español vai ter na recepción deses fondos. O 18,66 % dos fondos do conxunto da Unión Europea vainos recibir o Estado español de dúas formas: a través de contribucións financeiras non reembolsables, 80.000 millóns; 12.000 millóns xa a través do Fondo REACT-EU, dos cales, efectivamente, a Xunta de Galicia xa ten consignados nos seus orzamentos 430 millóns, conforme criterios absolutamente obxectivos. Estes son os mesmos criterios que permiten a España recibir fondos: impacto da pandemia no crecemento económico, polo tanto, impacto da pandemia na economía galega, impacto da pandemia no noso emprego, impacto da pandemia no desemprego xuvenil.

A eses fondos REACT engádense no conxunto do Estado aproximadamente sesenta mil millóns de contribucións financeiras de execución inmediata. Execución no ano 2022, o 70 %; de execución no ano 2023, o resto, o 30 %.



E conxuntamente a iso hai unha opción, efectivamente, de percibir setenta mil millóns máis en concepto de préstamo, que non está inicialmente sobre a mesa, é unha cuestión opcional.

Polo tanto, unha boa negociación do Estado. Nós temos que felicitar aquí o Goberno de Pedro Sánchez, porque fixo valer os intereses do conxunto do Estado español en función de que é o Estado español un dos máis afectados polo impacto da pandemia. Polo tanto, eses son os criterios que orientan os proxectos que van recibir fondos.

Estamos de acordo que nesa definición dos proxectos e, dende logo, na recepción de fondos participe a nosa comunidade autónoma, participe Galicia. Estamos absolutamente de acordo. De feito, o 58 % dos fondos van ser executados de xeito territorial polas comunidades autónomas e as entidades locais. Nós non compartimos, evidentemente, algunha manifestación que se leva feito ao respecto dos concellos e da participación dos concellos na execución dos fondos europeos. Nós si cremos que, efectivamente, os concellos deben participar e deben activamente presentar proxectos capaces e viables de recibir fondos europeos.

Pero temos tamén que saber que estes fondos se canalizan a través dun plan nacional, dun plan estatal; un plan estatal que hai que enviar a Europa antes do 30 de abril. E aí queremos saber cal é o traballo que leva feito Galicia, que leva feito a Xunta de Galicia. Non hai candidaturas autonómicas nisto, lamentablemente; isto vai doutra cousa. Isto vai de plans estatais, porque estes plans van ligados a investimentos si, pero tamén van ligados a reformas que ten que levar a cabo o Estado español para recibir eses fondos, ligados ao cumprimento de fitos, ligados ao cumprimento de obxectivos de tipo cualitativo e cuantitativo, que van ser fiscalizados tanto polo conxunto das administracións públicas españolas como, especialmente, no conxunto de Europa.

Polo tanto, no día de hoxe, efectivamente, aínda que os fondos non están desembolsados dende Europa, os ministerios si xa teñen consignados 27.000 millóns de euros susceptibles de seren executados a través das correspondentes convocatorias. E tamén defendemos, e ten que ser así, que Galicia como comunidade autónoma negocie co Estado nun marco sectorial algún tipo de convenio que lle permita executar territorialmente en Galicia proxectos prioritarios para este país. Igual que o defendemos para os concellos. É dicir, que existan marcos de negociación no conxunto do Estado que permitan neste caso á Comunidade Autónoma de Galicia ou mesmamente aos concellos galegos executar proxectos. Nós defendemos iso e imos seguir defendéndoo.

O que si queremos saber, e aí coincidimos co BNG, é que está facendo a Xunta. A Xunta de Galicia estanos anunciando moitísimas cuestións, pero en realidade, en fin, todo propaganda. Nós preguntamos xa hai moito tempo, igual que o BNG, en relación con eses famosos cento oito proxectos que a Xunta de Galicia tiña enviado a Madrid. E atopámonos con que eses cento oito proxectos non é nin máis nin menos que unha folla de Excel, que non existe, que non é nada, que non hai absolutamente nada. E nós apelamos neste sentido á Xunta de Galicia á responsabilidade, á responsabilidade institucional. Porque si sabemos todos de que vai isto, e confrontar co Goberno do Estado e practicar o vitimismo non vai axudar a que dende Galicia se definan proxectos prioritarios, proxectos válidos para desenvolver a nosa economía.



Polo tanto, pedímoslle novamente, como fixemos ao longo dos últimos meses, á Xunta de Galicia, ao Partido Popular, neste caso ao Parlamento galego, que active unha ponencia que dea traslado ao conxunto da cidadanía, aos partidos políticos, aos sindicatos, aos axentes sociais, á universidade e aos concellos de cales son os proxectos que a Xunta de Galicia entende que son prioritarios, e que permita aos demais tamén facer algún tipo de aportación nese sentido. Iso é o que pedimos.

Respecto da iniciativa do BNG, —insisto— nós con todo o respecto do mundo, con todo o respecto llo digo, hai cuestións que non podemos admitir, hai cuestións que están fóra da realidade ao noso xuízo, porque os fondos europeos non van disto. Vostedes falan aquí de 12.600 millóns, 12.400 millóns de euros para Galicia, o cal significa o 18 % dos inicialmente 70.000 millóns, que son as contribucións financeiras non reembolsables, cando a economía galega supón algo menos do 6 % do PIB do conxunto do Estado. Vostedes falan de cuestións como negociacións bilaterais co Estado, falan de cuestións como a asignación de fondos en función de criterio de financiamento autonómico, cando isto non vai disto.

Entón, eu creo que debemos todos, dende o realismo, dende a honestidade, definir exactamente que queremos para este país. E no que queremos para este país probablemente coincida con vostede. Eu non quero 12.000 millóns, quero 20.000 millóns. Pero isto non vai disto, isto vai de que presentemos proxectos como país, que os definamos, que cumpran os obxectivos que, efectivamente, plantexan as institucións europeas para o desembolso dos fondos, e que eses proxectos, en definitiva, contribúan ao desenvolvemento da actividade económica de Galicia e á transformación do tecido económico e social, que é para o que están concibidos, efectivamente, estes fondos.

Temos unha emenda, xa coñecida e, polo tanto, non temos nada máis que engadir.

Nada máis. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Francisco Rivera.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

**O señor PUY FRAGA:** Moitas grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Certamente, o BNG trae hoxe á Cámara un debate da máxima importancia para Galicia. Do bo uso dos fondos comunitarios que a solidariedade da Unión Europea nos aporta como causa da pandemia depende en boa medida o noso futuro. E a Unión Europea ten aprobado un Plan de recuperación, o coñecido como *Next Generation*, por 750.000 millóns de euros, que están divididos en distintos fondos. O mecanismo de recuperación e resiliencia de aplicación do 2021 ao 2023 é de 672.000 millóns, e o REACT-UE é de 12.400 millóns, tamén nese período bianual. Pero hai outros fondos, como o de transición xusta, de 10.000 millóns de aquí ao ano 2027.



A isto se sumamos os un billón setenta e catro miillóns de euros do marco financeiro plurianual sitúanos en preto de 1,8 billóns de euros no período 2021-2027. O cal é certamente un exemplo da Europa que nós consideramos que debe ser; non a Europa dos mercados, senón a Europa dunha solidariedade, que neste caso axuda —como se indicou antes— de maneira proporcionada aos países que máis o demandan.

Polo tanto, o que temos é que exercer a nosa responsabilidade para estar á altura. Na época en que España entrou na área euro, o país no seu conxunto cometeu un grande erro, que foi non aproveitar os recursos baratos, que a baixada dos tipos de xuros provocou pola implantación do euro, en investir en proxectos de futuro, en mellorar a produtividade da economía, en reformar o noso tecido produtivo.

A gran crise do ano 2008 impactou especialmente en España precisamente por non saber utilizar eses fondos, que, polo financiamento barato que conlevou o euro, tiveran permitido reformar a economía española. Foi un erro como país, que investiu no ladrillo ata que estoupou esa burbulla.

Agora, a nosa responsabilidade, dado que hai axudas directas, é investir ben, precisamente nas liñas sinaladas por Europa. Primeiramente, apoiando os sectores que sofren directamente como consecuencia da pandemia, polos peches, etc., sectores e empresas viables que están a padecer as restricións económicas derivadas das medidas sanitarias. E, evidentemente, aproveitar os fondos de resiliencia para aplicalos nos obxectivos que xa coñecemos de dixitalización, medio ambiente, igualdade, mellora dos servizos públicos. De maneira que transformemos non só o noso tecido produtivo, senón tamén que melloremos o sector público.

E compartimos co Bloque, co autor desta iniciativa, os temores que expresa sobre unha posible repartición de fondos prexudicial para Galicia. Os antecedentes do ano 2020 non son bos, pois recibimos 774 millóns de euros dun total de fondos covid-2020 de 15.000 millóns de euros. Os criterios obxectivos que se sinalaron déronnos o 4,8 % do total do fondo. Isto podémolo comparar coa poboación, que é o 5,7 %. Se o comparamos, que é máis exacto, coa poboación axustada que se ten en conta para financiar servizos públicos, que eran os que financiaban estes fondos, como sanidade, educación ou servizos sociais, pois iríamos ao 6,6 %, e a cifra do 4,8 % está ben por debaixo.

E tamén estamos a asistir ao mesmo na repartición dos fondos 2020-2021, os deste ano. Eses criterios obxectivos fan que do fondo REACT-2020-2021 Galicia reciba 441 millóns de euros, que é o 4,4 % do total repartido. Insisto: ben por debaixo do 5,7 % que nos correspondería directamente per cápita; por poboación, o 6,6 %, en función do sistema de financiamento autonómico. E isto é importante porque se recibimos o 5,1 %, que é o total agregado do que está anunciado para os anos 2020-2021, resulta que en relación cunha distribución directa per cápita estamos a recibir 381 millóns de euros do que correspondería con esa repartición. E se incorporáramos eses fondos para o financiamento autonómico, que non é precisamente o mellor sistema —aínda que está dando resultados positivos—, como todos xa debatemos nesta cámara, se aplicamos os criterios vixentes no sistema de financiamento autonómico, entón, a diferenza é sobre un total de 1.915 millóns de 582 millóns de euros, o cal é bastante importante.





Pero, evidentemente, a responsabilidade de defender o que lle interesa a Galicia pasa por demandar con criterios claros e tamén xustificados. Eu creo que unha parte dos fondos, como anunciou o Goberno, pedimos que fose por concorrência competitiva. Isto demostra moita confianza no país, por certo; cousa que o Bloque neste caso non apunta nos seus criterios.

Pero o certo é que na PNL que hoxe debatemos —da que se falou moi pouco por parte da súa proponente— incórrase nalgúns contradicións que paso a expoñer:

En primeiro lugar, na exposición de motivos, dise que a Galicia lle corresponden 12.600 millóns de euros, e despois a PNL o que fai na parte dispositiva é explicar os criterios polos que se deberían repartir o total dos fondos europeos. Digo eu que se se queren 12.600 millóns de euros dá igual os criterios que se apliquen; pídanse os 12.600 millóns de euros, que catro semanas despois, por certo, ascenderon a 14.380 na presentación que fixo a señora Pontón do seu programa de aplicación do *Next Generation*. Pero é que se collemos os criterios que vostedes aplican para que supostamente nos tocasse nada menos que o 9 %, se son 12.600, ou o 10,2 %, se fosen 14.380 millóns de euros do total dos millóns de euros que vai recibir España, pois resulta que, ademais, de que non veñen ponderados, non din dos nove criterios que vostedes inclúen na PNL cal é o peso de cada criterio, pois resulta que todos os criterios individuais, agás dous, estarían lonxe dese 9 % que vostedes demandan.

Permítame que lle recorde: por PIB, pola inversa do PIB per cápita, —punto 1— sería o 5,8 %, non o 9 %; pola taxa de desemprego, o 4,2 %; pola taxa de actividade, se miramos a poboación ocupada, o 5,6 %, e o 5,4 % se miramos o número de activos. Se é a inversa da produtividade do factor traballo sería o 6,1 %. Se é polo peso do rural, entendido como superficie, o 5,8 %. Se é pola perda de emprego polo peche das eléctricas, evidentemente, están esquecendo que para iso hai un fondo específico e que, polo tanto, sería de aplicación exclusivamente para o fondo dunha renovación xusta, dunha prescrición enerxética xusta.

E despois xa vén un último que é moi significativo, que é a baixa taxa de reposición no persoal sanitario. Resulta que vostedes, claro, non recoñecen que Galicia mellorou a produtividade, mellorou o emprego, mellorou o PIB per cápita, e poñen uns criterios baseados nun suposto atraso de Galicia que nos levarían a que, en vez de estar no 9 %, estaríamos mesmo por debaixo da poboación, ou moito por debaixo do que nos correspondería no financiamento per cápita. E nisto o mellor exemplo é o último criterio que poñen, no que indican que se deben repartir os fondos pola baixa taxa de reposición de persoal sanitario. Resulta que Galicia —e agora ultimamente todas as comunidades autónomas— leva anos repoñendo o cen por cento do persoal sanitario. Polo tanto, por ese criterio a Galicia non lle correspondería nada.

Só nos darían recursos a dispersión e o avellentamento, que están sen especificar tanto a ponderación como o que entenden por dispersión, se é área habitada, entidades singulares, ou o avellentamento, que non di se é de 65, de 75 ou máis de 85 anos, por exemplo, que varía moito a repartición que nos correspondería.

Pero iso son precisamente cuestións que están no sistema de financiamento autonómico que utilizaba eu como referencia. Polo tanto, con estes criterios dáse a circunstancia de que lonxe do 9 % teríamos menos do que nos corresponde co sistema de financiamento autonómico e





mesmo por debaixo do que nos correspondería por poboación. Polo tanto, hai unha contradición evidente: a de pedir uns cartos, despois poñer uns criterios para recibir eses cartos, cando encima os criterios darían unha repartición moi por debaixo dos cartos que vostedes anhelan ter.

Finalmente, compartimos tamén que isto sería bo que tivésemos unha estratexia de país e que non fose unha estratexia centralizada. Nós cremos que era e é necesaria a cogobernanza, a coordinación, e igual que a Unión Europea exige plans nacionais dentro dun marco de actuación europeo, España tampouco pode facer unha mera agregación de proxectos autónomos, porque pode haber redundancias, contradicións, e debemos, polo tanto, aplicar un criterio nacional ao conxunto do Plan de reactivación para España. E, precisamente, iso hai que facelo en combinación coas comunidades autónomas, que, efectivamente, van executar aproximadamente a metade do total dos recursos. Por iso, a Xunta votou en contra de que a Comisión sectorial de fondos, que é onde estamos todas as comunidades autónomas co Estado, aprobe un regulamento no que di que só hai que reunilo unha vez ao ano. Pois isto é a cogobernanza entendida polo actual goberno socialista.

Pero certamente a bilateralidade nin é a solución nin é realista. Os proxectos galegos teñen, ademais, dimensión española e europea, e necesitan esa coordinación, e esa coordinación certamente non se consegue se se reparten os fondos con dezasete relacións bilaterais entre o Estado e as comunidades autónomas. E tampouco se tería en conta, evidentemente, os compoñentes redistributivos que poden ter estes fondos.

Nin bilateralidade nin centralización, nós estamos pola cogobernanza.

A Xunta leva, efectivamente, traballando en tres tipos de proxectos: en primeiro lugar, os elaborados pola propia administración para mellorar os servizos públicos; en segundo lugar, proxectos público-privados, que apoia porque encaixan ben no futuro previsto no Plan estratéxico de Galicia, e proxectos estritamente privados, que tamén se encardinan no Plan estratéxico.

Vanse concretando e facendo propostas, de aí que a cifra poida ser máis alta, e despois haberá que concretar cales deles son viables. Pero o que si é certo é que os proxectos galegos, díxose aquí que o Regulamento da CE acaba de ser aprobado, o certo é que non sabemos nin se consulta ás comunidades autónomas para o deseño dos fondos europeos, e o procedemento de xestión é centralista grazas ao apoio de Vox, por certo.

A Administración xeral, en segundo lugar, reserva para si o financiamento dos proxectos público-privados. Eu agradecería que cando o Bloque dixera que se está contactando as empresas do Ibex tivera en conta que están centralizados os proxectos público-privados no Goberno de España, e non na Xunta.

¡Nin se coñecen os criterios de selección dos proxectos! Precisamente, as viaxes do presidente Feijóo, tanto a ver ao presidente do Goberno de España como o outro día á ministra de Transición Enerxética, ían encamiñadas a coñecer que criterios e que tipo de proxectos teñen máis capacidade de saír.



Polo tanto, —conclúo— non podemos votar, pois hai unha clara incongruencia entre demandar unha cifra e fixar uns criterios, cando, ademais, estes criterios non darían esa cifra nin de broma. Pero eu quero deixar constancia do agradecemento que lle teño ao Bloque porque, efectivamente, hai que estar preocupados pola repartición centralizada e pola concreción de criterios que está aplicando o Goberno de Madrid.

E ¿onde podemos intentar chegar a acordo? Pois no marco que temos pactado para negociar estas cuestións, non en ponencias novas, para iso fixemos a Comisión de Reactivación. Mañá nomea a ponencia, intentaremos achegar posturas...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PUY FRAGA:** ...para que Galicia poida defender o que lle corresponde: dialogo co goberno de España e coas demais comunidades autónomas, no marco dun plan nacional que nos permita a todos aproveitar a solidariedade europea para impulsar os cambios que a economía galega e o conxunto da española terán que realizar no futuro se queren garantir o benestar, si ou si.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Puy.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Grazas, señor presidente.

Ben, comezando polo Partido Socialista, pois nós tamén, con todo respecto, temos que dicirlle ao Partido Socialista que entendemos que o que está fóra de lugar nun momento tan decisivo coma este é que o propio Partido Socialista de Galiza se poña de perfil diante de cuestións que están sendo lesivas por parte do Goberno central nun debate tan importante coma este. Nós compartimos a pregunta que se facía o voceiro socialista sobre o que queremos para este país. Efectivamente, tamén iso temos en xogo neste debate dos fondos europeos. E nós non vimos aquí cunha actitude, en absoluto, de victimismo, senón de reclamar xustiza. *(Aplausos.)* E, dende logo, se o resultado destes debates non é que recibamos cando menos o que corresponde por poboación, pois desde logo pasará o de sempre: que se decide desde o ámbito estatal e que se prorroga esa situación na que efectivamente hai indicadores económicos no noso país que non son positivos. En todo caso, creo que hai outras cuestións que vostedes apuntaban, como a da transparencia, nas que podemos concordar.

Respecto das cuestións que introducía o señor Puy, eu agradézolle o ton e o respecto que manifesta neste debate, e que tanto se diferencia do ton e da falta de respecto doutros voceiros noutras ocasións. Pero a realidade é que non nos satisfai, porque, claro, vostedes din que comparten os temores, e citou vostede varios exemplos, como a cuestión dos fondos covid, a cuestión do primeiro episodio —que eu xa citaba— dos fondos europeos, dos que



xa sabemos que imos recibir menos por poboación. E engadiríamos as nosas discrepancias respecto do sistema de financiamento e do grao de cumprimento coas necesidades que temos neste momento.

Nesas cuestións xa sabemos que temos diferenzas, pero, claro, compartimos os temores pero disintimos na folla de ruta. Porque eu na miña primeira exposición falei, precisamente ao fío das cuestións que van na iniciativa, desa reunión entre o señor Feijóo e o señor Sánchez —da que non sabemos nin sequera se estivo en axenda esta cuestión da repartición dos fondos europeos—. Entón, está moi ben que nesta Cámara manifesten estes puntos de consenso, pero o que estaría mellor é que o presidente da Xunta de Galiza, que despois ademais ten aquí unha actitude hostil —coma se a responsabilidade non fose propia da súa actitude negociadora—, defenda o que é xusto para este país. Niso, evidentemente, temos unha diferenza. (*Aplausos.*)

E eu nego as incoherencias das que vostedes nos acusan. Nós pensamos sinceramente que aquí a incoherencia que hai é a do Partido Popular. Porque, claro, concordan en que as cousas non están indo ben, pero vostedes non puxeron máis que obxectivos xeralistas cando se trouxo a debate esta cuestión ao Parlamento. Teño aquí a iniciativa que se debateu primeiro vía emenda e despois por iniciativa propia do Partido Popular. Falaban de goberno multinivel, de concorrência competitiva e de apelar á cohesión social e territorial. Nestes momentos non temos ningunha das tres cuestións enriba da mesa, e o Partido Popular o único que fai sobre os fondos europeos é, cando o Bloque Nacionalista Galego saca as súas propostas, críticas. E a nós parécenos ben que as critiquen, están no seu lexítimo dereito. Cando menos no noso documento a suma vai ben feita, que xa é bastante máis que o *power point* que nos entregou o señor Conde. En todo caso, efectivamente, nós formulamos unha proposta máis ampla e máis ambiciosa, que é o obxectivo mínimo que entendemos que debe recibir este país. Pero iso non invalida que aspiremos a que ten que ser un horizonte do 9 % o que temos que conseguir cando menos. Se despois é máis, pois benvido.

E, desde logo, sobre os criterios que poñemos enriba da mesa eu xa avancei que podemos entender que non todos sexan compartidos; pero, cando menos, se houbo un debate neste Parlamento, poderíamos poñernos de acordo nalgúns máis concretos que os que formulaba o Partido Popular. Xa na iniciativa se recolle que se deberían contemplar eses criterios, pero non se establece que sexan os únicos nin, como vostede mesmo recoñecía, cal ten que ser o peso.

En todo caso, nós insistimos en que este non é un debate técnico, é un debate político. E, se houbo vontade política por parte do Partido Popular, poderíamos sentar nunha mesa para ver a concreción de como iso se ten que apuntalar tecnicamente para defendelo diante do Estado. Pero o problema que temos aquí é que vemos que á hora da verdade uns dependen de Ferraz e outros dependen da Génova *bis* —que non sei se xa acabaron a mudanza pero que, en todo caso, depende de que a autorice ou non o señor Casado—.

Nós, desde logo —insisto—, no ámbito desa ponencia da Comisión de Reactivación que esperamos que bote a andar mañá intentaremos que haxa consensos e que haxa transparencia respecto desta cuestión dos fondos europeos. Pero xa lles avanzo que, co camiño que levamos



de resposta e de insultos por parte do presidente da Xunta de Galiza cada vez que se fai un ofrecemento nesta dirección, e das evasivas por parte do Grupo Parlamentario Popular, pois a desconfianza medra. Por nós, desde logo, non vai quedar, pero o que non é a solución é a submisión. Nós efectivamente apostamos por facer valer este país. Gustaríanos que a Xunta de Galiza estivese negociando bilateralmente, pero a cuestión é que o que non é unha solución e o que non está resultado é a absoluta submisión a unha axenda centralista, que é o que está a facer o Goberno da Xunta, aínda que aquí, por facer oposición á oposición e ao Goberno central, finxa outra cousa. Esa é a cuestión que nos preocupa.

Remato —xa que non o fixen na miña primeira quenda— cunha cita de Lois Pereiro. El dicía: «Que a vida non me sorprenda xamais desprevido, calado e neutral». Nós pensamos que este debate está pillando a Xunta desprevida, calada e neutral. Iso é unha mala noticia e apelamos a que o corrixan nas próximas semanas.

Nada máis e moitas grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** ¿Acepta a emenda?

(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)

¿Non?

Grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María del Carmen Rodríguez Dacosta e tres deputados/as máis, sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun plan de choque destinado a rebaixar a fenda salarial existente entre as mulleres e os homes de Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Rosana Pérez Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 9767 (11/PNP-000977).

Emenda de adición.

Proponse engadir á parte resolutiva o seguinte texto:

«O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

—Demandar do Goberno do Estado a transferencia das competencias plenas en inspección laboral e do financiamento suficiente para levar a cabo o aumento dos recursos persoais e materiais destinados á inspección laboral.



—Realizar un programa específico de inspección laboral para perseguir a discriminación por razón de xénero.» )

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Rodríguez Dacosta.

**A señora RODRÍGUEZ DACOSTA:** Grazas, presidente.

Bos días a todos e todas.

Se me permiten, vou incidir en dous datos que están contidos na exposición de motivos desta PNL pero que son moi clarificadores ao meu entender. Un é que o 41,5 % das mulleres gallegas asalariadas no ano 2019 tiñan uns ingresos anuais inferiores ao salario mínimo interprofesional e, pola contra, os homes que o tiñan eran un 27,9 %. E outro dato tamén clarificador é que, se presentamos a evolución que houbo entre o ano 2009 e 2019 no conxunto do Estado, non se acadaría a paridade salarial entre mulleres e homes ata o 2087. Pero é que en Galicia sería catorce anos despois, no ano 2101.

Ben, se buscamos elementos estatísticos que nos permitan analizar a situación retributiva das mulleres e dos homes en ámbitos inferiores ao Estado, temos que recorrer a rexistros. A Axencia Tributaria, concretamente, publica anualmente a estatística do mercado de traballo e das pensións nas fontes tributarias. É unha investigación de carácter censual baseada na relación de perceptores de salarios, pensións e prestacións por desemprego que presentan os pagadores, tanto de salarios como de pensións e prestacións por desemprego —o famoso modelo 190—.

Foi no ano 2000 cando a maior asemblea de líderes mundiais celebrada nunca na Organización das Nacións Unidas inauguraba o novo milenio coa Declaración do milenio, que foi referendada por 189 países. Posteriormente, esta declaración foi traducida nunha folla de ruta na que se establecían os obxectivos que debían alcanzarse no 2015.

Como cada vez que se analiza calquera aspecto do noso mercado de traballo, vese que homes e mulleres non están en pé de igualdade. Na Declaración do milenio, despois dos obxectivos de erradicar a pobreza e a fame, e acadar a educación universal pública, está situar como terceiro obxectivo promover a igualdade de xénero e a autonomía da muller. A fenda salarial é unha das máis importantes demostracións da desigualdade entre mulleres e homes, e ilumina a posición de cadaquén en relación cos obxectivos do milenio que contamos.

Galicia, no ano 1999, contaba ou partía dunha situación moito máis favorable que outras comunidades autónomas. Mentres que a fenda salarial nese momento no conxunto do Estado era dun 32,6 %, en Galicia era 6,7 puntos inferior —concretamente do 25,9 %—. De todas as comunidades autónomas, só Canarias estaba por riba desta situación.

Vexamos entón a situación no ano 2015, cando os obxectivos do milenio deberían estar en camiño de se cumprir e a fenda salarial debería estar bastante recortada. Murcia e Baleares diminúen a fenda en máis de 14 puntos; Cataluña, en 13,3; Castela-A Mancha, en 11,1; An-



dalucía e A Rioxa, en 10,5. Son oito comunidades, como ven, que restan máis de 10 puntos. No conxunto delas, o salario medio das mulleres medra un 66,4 %; e os dos homes, un 40,4 %. Este dispar crecemento dos salarios medios é responsable desta diminución dunha media de 12,2 puntos. A fenda salarial en Extremadura e en Canarias baixa máis de 9; na comunidade de Madrid e Castela, máis de 8; cunha diminución de 7,2 en Cantabria. Nestas cinco comunidades e na cidade de Melilla, o salario medio das mulleres medra un 62 %, o dos homes, un 45 % —e redúcese concretamente en 8—.

¿Que pasa en Galicia? Pois Galicia foi a última comunidade na diminución da fenda salarial no período establecido pola ONU como obxectivo da Declaración do milenio. No período entre 1999 e 2015 redúcese a fenda salarial soamente en 3,8 puntos.

Unha vez máis aparece a política do Partido Popular de diminuír a renda salarial para acadar un maior incremento dos excedentes empresariais. Ese principio ideolóxico, facer medrar o excedente a custa da masa salarial, tradúcese nun crecemento moi desigual do salario medio dos homes e das mulleres. Mentres o salario medio dos homes medra un 52 % —máis que na media estatal—, o das mulleres medra un 59,7 % fronte ao crecemento tido na media do Estado —de 64,6 %—.

Ben. Nos dezaseis anos comprendidos entre o ano 1999 e o 2015, o Partido Popular gobernou en doce anos, diminuindo a brecha salarial só en 1,8 puntos, cunha media concretamente de 0,2 por ano. Con todo, e pola contra, o Partido Socialista de Galicia e o Bloque Nacionalista Galego gobernaron catro anos e neles diminuíu 1,9 puntos a fenda salarial, cunha media de 0,5. Vemos como a política do Partido Popular foi quen de avanzar, pero contra o terceiro obxectivo do milenio, o de promover a igualdade de xénero e a autonomía da muller. E sabemos que sen reducir a fenda salarial non é posible ningunha das dúas cousas: nin igualdade nin autonomía para a muller.

Seguimos. Despois da Declaración do milenio, no ano 2015, a ONU aprobaba a Axenda do 2030 para o desenvolvemento sostible, unha oportunidade para que os países e as sociedades emprendan un novo camiño co que mellorar a vida de todos sen deixar ninguén atrás. Esta axenda, como sabemos, conta con dezasete obxectivos de desenvolvemento sostible, que inclúen a eliminación da pobreza, o combate contra o cambio climático, a educación e a igualdade da muller. Tamén contemplaba este aspecto.

E volvemos ás estatísticas, ás estatísticas do mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias. Dende o ano 2009 hai unha estatística concreta... Perdón haina dende o ano 1999, pero analizaremos dende o ano 2009, que fai o cambio CNAE e podemos dar datos fidedignos.

Ben, esta información que vén facilitando a Axencia Tributaria refírese a salario mínimo, distribúe os salarios das persoas asalariadas en relación co número de veces que perciben este salario mínimo interprofesional. No 2009, as mulleres asalariadas que tiñan ingresos inferiores ao salario mínimo eran o 33,5 % de todas as mulleres; e os homes eran o 21 % de todos os homes. Mentres os homes que teñen ingresos inferiores ao salario mínimo aumentaron en 6,8 puntos, as mulleres non o fixeron así. Se no 2009 unha de cada tres mulleres tiña ingresos inferiores ao salario mínimo, no 2019 son dúas de cada cinco. Como dicía ao





inicio da miña intervención, o 41,5 % das mulleres galegas asalariadas no ano 2019 teñen uns ingresos inferiores ao salario mínimo interprofesional. Isto é debido en moitísimas ocasións a que dedican vinte e dúas horas á semana de media en tarefas semanais de coidado dos seus fillos e dependentes; e, en cambio, os homes ocupan un 9 %. Co cal as mulleres están abocadas en moitísimos casos a acudir a contratos a tempo parcial. Isto por falar dunha incidencia, porque hai moitísimas outras, como os salarios que teñen as mulleres en ocupacións como as das mulleres que traballan no réxime de empregadas do fogar —que pode ser un dato esclarecedor—. E, pola contra, os homes están hiperrepresentados en profesións ou oficios que teñen uns salarios moitísimo maiores. E niso non traballa a Xunta de Galicia.

Ben, a primeira conclusión é que a política de xénero do Partido Popular —ou a carencia dela— non só non reduciu a fenda de xénero entre a porcentaxe de mulleres e homes que percibían menos do salario mínimo interprofesional, senón que entre o 2009 e o 2019 medrou 12 puntos. Se a vemos por idades, se vemos esta fenda salarial por idades, é tamén distinto ao que ocorre no resto do Estado. En Galicia, concretamente, a diferenza é maior nas persoas de 25 anos ou menos. A brecha é concretamente nese caso dun 23,6 %. No extremo contrario estarían as persoas cunha idade comprendida entre os 26 e os 45, cun 18,3 %; e as persoas de 55 e máis, cunha fenda dun 20,4 %. E no conxunto do Estado dicía que era distinto, porque, conforme aumentaba a idade, aumentaba a fenda salarial.

Ben, como segunda conclusión, entón, temos que, debido á diferenza da fenda na mocidade menor de 26 anos, en Galicia hai unha fenda do 23,6 % contra o 17,9 % no resto do Estado. É preciso, polo tanto, que o Partido Popular, que o Goberno de Galicia, estableza a cota de mulleres menores de 26 nos programas específicos que se fagan para reducir a fenda salarial —tanto nas políticas activas de emprego como na formación ou colocación destes colectivos ou como tamén, como dicía antes, nas profesións que están pouco representadas—, para que teñan a formación necesaria para acudir a ese mercado laboral. E iso, señores do Partido Popular, é competencia exclusiva deste Goberno.

Se falamos tamén por seccións da CNAE, podemos analizar quen teñen esa fenda superior ou inferior. Unha fenda superior ao 25 % está nas actividades financeiras, nas actividades profesionais científicas e técnicas, na industria manufacturera —jun 26 % nada máis e nada menos!—; na hostalaría —na que si está ocupada unha porcentaxe elevada de mulleres—, un 25,7 %. E nesas ocupacións, o 62 %...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora RODRÍGUEZ DACOSTA:** Si, xa remato, presidente. Só un dato.

Nestas actividades que dicía, o 62,2 % de todas as persoas asalariadas son mulleres.

Seguirei na miña segunda intervención.

Moitas grazas, presidente. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez Dacosta.



*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pérez Fernández.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, bo día.

Señora Rodríguez, a fenda salarial non é un feito puntual. A fenda salarial é a consecuencia de causas estruturais, de causas fondas de longo percorrido que derivan dunha división do traballo machista e patriarcal. E combatela é un traballo longo e complexo porque hai que actuar contra unha realidade laboral que se estende dende hai demasiado tempo. Eu mesmo diría que desde o principio dos tempos.

Pero, desde logo, a fenda salarial tamén ten causa nas políticas dos gobernos, porque neste combate compartido coas organizacións feministas, cos organismos sindicais, coa sociedade en xeral, o papel dos gobernos é determinante. E, efectivamente, en Galiza nos últimos once anos, e a pesar do impulso do feminismo —sobre todo nestes últimos—, o Goberno avanzou máis ben pouco. Ninguén dubida xa no día de hoxe que o ámbito laboral é fundamental para o empoderamento das mulleres, e que ese empoderamento é imposíbel sen a autonomía —eu diría «independencia»— económica. E, polo tanto, os gobernos teñen que deseñar unha folla de ruta diferente do que fixeron ata o de agora para avanzar precisamente na superación das discriminacións e das desigualdades —nomeadamente, das laborais e das económicas—

E falo de gobernos porque hoxe segue a ser xustamente o Goberno do Estado quen ten a maior parte do marco competencial en emprego, e quen acapara, ademais, a maior parte dos recursos económicos. Polo tanto, é tamén quen ten a maior capacidade de inspeccionar e de sancionar as empresas que incumpren coa Lei de igualdade.

Quérolles poñer un exemplo. Segundo o informe anual da Inspección de Traballo e Seguridade Social, de 414 empresas inspeccionadas na procura da discriminación salarial directa ou indirecta só en catro empresas discrimina salarialmente as mulleres; é dicir, o 99,03 % das empresas inspeccionadas non discrimina por razón de xénero. A inspección, claro está, inclúe empresas de distintos tamaños, de distintos sectores, que dan traballos a homes e a mulleres. E só se atopou discriminación salarial nas nóminas de 70 mulleres —é dicir, do 0,41 %—. ¿Que quere dicir isto? Pois quere dicir que, á luz dos informes da Inspección de Traballo, se pode concluír que o 99 % das empresas do Estado non discrimina salarialmente as mulleres por facer o mesmo traballo que un home. Obviamente, os informes non a recollen. Non a poden recoller porque, entre outras razóns, a discriminación salarial é ilegal, tal e como di o propio Estatuto dos traballadores de 1981.

Con todo, a diferenza entre o que cobra un home e o que cobra unha muller todas e todos sabemos que existe. Os diferentes medidores amosan unha involución clara neste ámbito. Polo tanto, e seguindo un pouco o esquema da súa PNL, señora Rodríguez, a primeira conclusión é que hai que mellorar o marco legal. Pero non só iso, non só chega a mellora do



marco legal. Tamén hai que deixar atrás dunha vez por todas a desidia, o absoluto abandono no que os gobernos manteñen esta cuestión, a comezar polas traballadoras propias, as propias funcionarias ou o propio persoal laboral, que aínda hoxe teñen que recorrer aos xulgados para conseguir os seus dereitos en conciliación porque os propios gobernos son os primeiros en incumprir os plans de igualdade coas súas propias traballadoras, os plans de igualdade que aproban.

Ben, o problema non é tanto, pois, o marco legal senón a falla de desenvolvemento e, dende logo, o incumprimento dese marco legal. O BNG hai anos que vén falando da creación dun organismo público que promova e vixie o incumprimento da lexislación en materia de igualdade, unha ferramenta, unha valedora da igualdade, que, seguindo o modelo doutros países que van moito máis por diante que o noso nesta materia, nos permita avanzar.

A todas luces a situación económica e laboral das mulleres é máis que preocupante. O informe anual que vén de publicar a Confederación Intersindical Galega fala dunha fenda salarial no ano 2019 de case un 21 %; e nas pensións, nada máis e nada menos que dun 35 %. É unha discriminación salarial que é xeneralizada en todas as ramas da actividade —nalgunhas, con maior incidencia— e que nos deixa un resultado de 4.527 euros menos ao ano para as mulleres. É unha situación na que se consolida aínda máis a figura da traballadora pobre —e do traballador pobre tamén—, da terciarización da economía, e que se ve agravada polas políticas económicas e laborais neste caso tamén da Xunta de Galiza.

Sen ir fóra do Estado español, en Euskadi, por exemplo, hai máis de dez anos que se creou unha defensoría deste tipo, un organismo que pon especial atención no sector privado. No entanto, no noso país sóbrannos exemplos de como o Consello Galego de Relacións Laborais non acaba de ter o papel que debera, e de como nin sequera se fiscaliza o propio traballo público suficientemente.

Cando falamos da fenda salarial estamos a falar —como antes dixen— dunha discriminación que non se ve con claridade, que non se ve e non se observa nas nóminas, porque é ilegal. Pero todas a todos coñecemos eses plus ou esas distintas categorías que se aplican a uns e a outras e que ao cabo do ano supoñen miles de euros de diferenza salarial.

Cando falamos do sector privado tamén falamos das concesións privadas por parte dos empregadores públicos. Pois, sen ir máis lonxe, no Sergas, no propio Sergas, ¿verdade? —que é o máximo empregador público deste país— ou no ámbito da axuda no fogar dependente da Consellería de Política Social, vemos cales son os salarios. E vemos que existe claramente unha complicidade da Administración —neste caso da Xunta— á hora de aplicar e vixiar os pregos de contratación como debera.

Dende logo, todo o referido á discriminación laboral é complexo de abordar. E por iso para o BNG é importante a creación deste organismo, desa valedoría, para que se poida vixiar de forma específica o cumprimento da lexislación. Pero non só para vixiar senón tamén para asesorar e defender os dereitos das mulleres no ámbito laboral. Porque, efectivamente, existen os sindicatos, e hai unha afiliación importante tamén de mulleres aos sindicatos. Pero hai sitios, hai lugares, onde os sindicatos non chegan. E incluso a propia inspección laboral



non chega tampouco, e é fundamental reforzala. O camiño xa o marcaron —como dixen— outros países que van moi por diante de nós. Polo tanto, non hai que inventar nada, simplemente hai que ter o que neste momento non se está tendo: vontade política de facelo.

Por outra banda, os plans de igualdade dun goberno e do outro son, ano tras ano, un copia e pega. Pero de nada nos vale ter un marco legal amplo e moitos plans se non hai unha avaliación, se non hai unha fiscalización que nos permita ver en que punto se necesita avanzar e reforzar as medidas ou implementar medidas novas.

Señorías, a fenda salarial de xénero é un dos máximos expoñentes do conxunto de desigualdades que no ámbito laboral sofren as mulleres. A gravidade está nesa propia fenda salarial, pero sobre todo en que esa fenda, esa diferenza, está hoxe —e este é o problema máis grave— cronificada. Dende o ano 2009, esa fenda salarial apenas se reduciu en 2,5 puntos, o que equivale apenas a 150 euros menos —unha redución, dende logo, que é escasísima— en máis de dez anos. E para nós hai un dato que é absolutamente central: as mulleres máis novas —curiosamente as máis formadas, as que teñen maior nivel educativo— son as que máis sofren precisamente esa fenda salarial. O tramo de idade entre os 16 e os 25 anos sofre unha fenda salarial superior ao 30 %, e as mulleres en xeral son maioritarias entre a poboación de menores ingresos.

E en todo isto, en todos estes datos, e mais nos que nos aportou a señora Rodríguez, ¿onde está a avaliación da Xunta?, ¿onde está a valoración da Xunta sobre todo iso? Logo debaterase outra PNL do propio Partido Popular que medo me dá, porque entre as súas medidas cita a de incentivar novas modalidades de traballo flexíbel, coma se o traballo neste momento non fose o suficientemente flexíbel, o suficientemente precario e o suficientemente pobre, empobrecedor, para as mulleres.

Ben, nós presentamos unha emenda, señora Rodríguez. Aínda que coincidimos, efectivamente, na necesidade de poñer en marcha un plan de choque dende a Xunta, tamén cremos que o Goberno do Estado ten que presentar dunha vez a lei de igualdade laboral que prometeu e aínda non aprobou. E cremos —e nese sentido precisamente vai a nosa emenda— que as competencias da inspección laboral —vou rematando, señor presidente— teñen que ser propias, teñen que ser do Goberno galego, da Administración galega, e que o seu financiamento ten que incrementarse para que sexa esa inspección laboral efectiva. Por iso cremos que a Xunta ten que moverse, ten que abandonar definitivamente a súa zona de confort dos últimos once anos e comezar a reclamar as competencias, que, segundo o estatuto, non hai nada que llas impida exercer máis alá da nula vontade política do propio Goberno galego en exercelas. E aínda sen agardar a que iso chegue, insistimos en que a Xunta ten que moverse xa, comprometerse a levar a cabo un plan específico de inspección laboral para perseguir a discriminación laboral das mulleres.

Nestas dúas direccións van as nosas emendas e nós pensamos que son perfectamente asumíbeis polo grupo promotor da PNL e que podemos votar a favor.

Moitas grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)



**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pérez Fernández.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Prado del Río.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Grazas, señor presidente.

Ben, como cuestión previa quero amosar o noso máis profundo rexeitamento ao acto violento co que amencemos en Santiago de Compostela esta fin de semana, cunha imaxe da vicepresidenta do Goberno, Carmen Calvo, aforcada nunha árbore, nunha praza de Santiago de Compostela, co simbolismo que ten o 8 de marzo. *(Aplausos.)* Dende aquí quero trasladarlle o noso respecto e o rexeitamento máis absoluto a esta manifestación de incitación ao odio que ninguén merece. Podemos pensar diferente, podemos formar parte de organizacións políticas diferentes, ser adversarias políticas —e tamén manifestar cuestións ideolóxicas absolutamente diferentes en materia de igualdade—, pero ninguén nin nada xustifica esta exhibición de odio como a que vimos esta fin de semana en Compostela. Eu non sei se foron fascistas, non-fascistas, socialcomunistas ou colectivos pro *queer*. A verdade é que levaba unha pancarta que dicía: «Perdinme ¿por onde queda o patriarcado?». E iso, señorías, aínda é máis intolerable, porque ninguén pode apelar ao feminismo nin a unha loita feminista colgando unha muller dunha árbore na Praza do 8 de marzo, señorías. Non, o feminismo non defende así as súas reivindicacións. E, por tanto, nós, dende o Partido Popular, condenamos este macabro e intolerable acto ou calquera incitación á violencia. E lamentamos que a ministra de Igualdade non fixese esta mesma condena. Porque, señorías, por desgraza, os que levaron a cabo esta actitude están dentro do Goberno. Foron eles os que puxeron na diana a señora Carmen Calvo chamándolle e acusándoa de tráfuga por non apoiar unha lei da outra parte do Goberno. Señorías, iso non se pode utilizar politicamente.

O presidente Sánchez dixo que era o presidente do goberno máis progresista da historia de España e creou o Ministerio de Igualdade tamén para facer gala dese progresismo. Pero é que a outra parte do Goberno está conseguindo polarizar a sociedade en todos os ámbitos, e no feminismo tamén. Nós non imos consentir que se utilice o feminismo como obxecto de confrontación. E por iso eu, nestes días previos ao 8 de marzo, quero reivindicar, a partir de calquera debate que teñamos nesta Cámara, nas rúas ou en calquera acción ou manifestación que teñamos, aínda que sexa diferente politicamente, a unidade do feminismo. *(Aplausos.)*

Señora Rodríguez, fixo vostede unha ensalada de cifras para tapar que a verdadeira fenda salarial e o verdadeiro incremento da fenda salarial está en España dende que goberna o Partido Socialista, o señor Sánchez. Mire, hai moitos indicadores que nos levan a ese punto, ¿non? A distancia entre homes e mulleres no mercado de traballo segue sendo abismal. Mire, a taxa de emprego de homes e mulleres con fillos era no 2009 dun 81,5 % e no 2019 do 86,7 % en homes; e era respectivamente do 60,9 % e do 68,1 % en mulleres. E a taxa de paro era, igualmente, dun 13,72 % no 2018 e dun 14,17 % no 2020 en homes. Pero a de mulleres estaba no 17,08 % cando colleron vostedes o Goberno e hoxe está no 18,33 %.





É certo isto dende que goberna o socialismo en España, díxollo a señora Pérez. Isto non é só da Comunidade Autónoma, as competencias —e sobre todo as lexislativas, despois debaterémolo nunha iniciativa do Partido Popular— son do Estado. E, mentres, non lexislan cara á igualdade salarial e están enredando en Madrid. Agora mesmo teñen presentadas tres leis de igualdade de trato para colectivos LGTBI no Congreso. Se Podemos presenta unha, o Partido Socialista presenta outra. A de Podemos bloqueaa o Ministerio de Xustiza e á dos socialistas faille un informe negativo o Ministerio de Igualdade. ¿A que están xogando? A realidade é que esas trifulcas de igualdade que hai no Goberno entre o Partido Socialista e Podemos non están favorecendo en nada nin están levando a alcanzar cotas máis altas nin de emprego feminino nin de máis salario para as mulleres, nin tampouco a acurtar esa fenda salarial da que vostede falaba e da que tantas cifras nos deu aquí. Pero a realidade é que cobran salarios inferiores, sofren máis temporalidade e hai catro puntos máis de paro feminino.

As pensións, efectivamente, son un 34 % máis baixas. E agora vostedes presentaron un decreto para dicir que lles van subir as pensións ás mulleres no futuro. ¡É falso, señorías, é falso! Van seguir afondando na fenda das pensións das mulleres. Do Real decreto 3/2021 voulles dicir o paradoxo, e voulles poñer exemplos claros con pensións que van cobrar. A unha nai traballadora dende 800 euros de pensión, se ten tres fillos ou máis, recórtanlle a pensión. A unha nai con 1.200 euros de pensión, se ten dous fillos ou máis, recórtanlle a pensión. A unha nai con pensión máxima de 2.600 euros, se ten un só fillo, sóbenlle a pensión. Parece que está feita para a señora Yolanda Díaz esta modificación lexislativa, señorías. Esta non é a realidade do noso país, e cada día vai haber, por desgraza, máis fenda entre as pensións que cobran as mulleres e as que cobrarán no futuro. Porque, mire, progresivo si é; progresista, pouco; e xusto, nada. Esta modificación que fixeron vostedes das pensións en función da maternidade é absolutamente inxusta.

Mire, dicía a señora Pérez que isto é un problema estrutural —o da fenda salarial—, e eu coincido absolutamente con ela. Vostede na súa iniciativa pide un plan de choque sen definir previamente as necesidades que debe cubrir nin ás que dar resposta con base nas particularidades do noso territorio. A desigualdade laboral por razón de xénero non é unha cuestión específica que xurdise agora pola covid-19. A covid-19 veu incrementalala, porque veu afondar nos problemas laborais que tiñan as mulleres, porque veu afondar na temporalidade, porque veu prexudicar —como vostede dicía— sectores como a hostalaría. Claro, hai moitísimas mulleres que traballaban na hostalaría. ¿Que poden facer agora? Non teñen formación para incorporarse a outros sectores. ¿Cales son os sectores emerxentes? As novas tecnoloxías, as tecnoloxías da información e a comunicación, para as que as nosas mulleres —para moitas, e sobre todo as deses sectores precarizados— non están nin formadas nin preparadas para incorporarse —insisto— a eses sectores emerxentes e que están crescendo en emprego. E á vista está que, cando houbo un pouco de recuperación neses sectores, non se viu reflectido na contratación de mulleres, señora Rodríguez.

E iso non é unha competencia da Comunidade Autónoma, porque, mire, a Xunta de Galicia está poñendo en marcha, ou puxo en marcha ao longo de todos estes anos, moitas iniciativas e moitas medidas a prol da igualdade laboral. Porque, mire, no 2010 a fenda salarial en España era do 16,2 %. No 2018, cando deixou o Goberno o Partido Popular, era do 14 %, dous





puntos menos. E hoxe, dous anos e medio despois, do 2018 ao 2020, estamos no 21,4 %, sete puntos e medio máis que cando colleron vostedes o Goberno hai dous anos, no 2018. En Galicia no ano 2018 a fenda salarial estaba no 23 %, e hoxe, dous anos despois e a pesar de que en España sobe, en Galicia segue baixando. Estamos no 21,5 %. E ¿por que? Porque se poñen en marcha iniciativas para garantir esa igualdade laboral.

Falaba a señora Pérez sobre os convenios colectivos. Efectivamente, está prohibida a desigualdade retributiva, pero si que é verdade que hai cláusulas nos convenios colectivos que permiten, vía plus ou outras cuestións, que haxa salarios máis altos para homes que para mulleres. Aínda que a fenda salarial non vai por aí só, señora Pérez, porque hai outras cuestións que inciden tamén na fenda salarial. Pero para iso, para evitar esas discriminacións salariais directas ou indirectas —ou que se detecte algunha cláusula discriminatoria—, débese comunicar a unha comisión. Vostede falaba dun organismo. E eu dígolle que hai creada unha comisión consultiva autonómica para a igualdade entre mulleres e homes na negociación colectiva. Aí pódense trasladar, señora Pérez, esas cláusulas das que vostede falaba. E forman parte desa comisión as organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galicia.

En segundo lugar, a Dirección Xeral de Relacións Laborais e a Secretaría Xeral de Igualdade elaboran guías e manuais de difusión sobre a igualdade de oportunidades no ámbito laboral de mulleres e homes.

Outra medida consiste en asesorar en materia laboral as empresas —para a implantación, aplicación, control e mellora dos plans de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes— desde a unidade laboral da Consellería de Igualdade e Emprego. Esa fusión deses dous ámbitos é fundamental. Tamén quero destacar o apoio económico e técnico para a implantación voluntaria de plans de igualdade e outras medidas de promoción da igualdade para as empresas; ou a marca galega de excelencia en igualdade que levabamos no programa electoral nas últimas eleccións de xullo e que hoxe vai ser unha realidade.

E tamén se está poñendo en marcha a vixilancia do cumprimento da normativa aplicable en materia de igualdade de oportunidades no ámbito laboral, unha competencia que se exerce en colaboración coa Inspección de Traballo. No ano 2019 efectuáronse 698 actuacións en Galicia e finalizaron cun total de 327 requirimentos a empresas para que se ativesen ao cumprimento da normativa en materia de igualdade laboral. Por tanto, a Xunta de Galicia está traballando, señorías. Hai ordes de axudas e ordes...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Si, é que non me dá tempo a dicir todo o que teño que dicir.

Pero si é certo que hai ferramentas. Falaba vostede da flexibilidade, señora Pérez. Eu creo que esta pandemia nos puxo de fronte a uns recursos importantes de conciliación que debemos utilizar, como é, por exemplo, o teletraballo. Pero hai que regulalo. Claro, a vostede igual non lle gusta, pero é que se hai a posibilidade e se alguén o quere coller, ¿por que non llo van facilitar? O que pasa é que ten que estar regulado. O que non pode ser é que o tele-



traballo se utilice... (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pero para iso necesitamos legislar.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRADO DEL RÍO:** E legislar é facer unha lei de igualdade salarial, sobre a que neste Parlamento, señora Rodríguez —vostede non estaba aquí na pasada lexislatura—, chegamos varias veces a acordos todos os grupos da Cámara para impulsar esa lei en Madrid.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

**A señora PRADO DEL RÍO:** O real decreto que vostedes aprobaron,...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...non serve, deixa moitos ocos por cubrir.

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas. Hai que regular tamén o tempo.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Rodríguez Dacosta.

**A señora RODRÍGUEZ DACOSTA:** Grazas, presidente.

En primeiro lugar, quería agradecerlle ao Partido Popular, nomeadamente á súa portavoz, a señora Prado, que condenase o acto vandálico contra a nosa vicepresidenta, Carmen Calvo.

En segundo lugar, falando do contido da moción, no que non estou tan de acordo é que parece que é Madrid, Madrid, Madrid..., e Galicia ten as competencias exclusivas en emprego. (*Aplausos.*) Quero dicir que, gobernando durante toda a democracia en Galicia, algo teñen que ver no diferente salario e nas porcentaxes e datos que eu lles daba e que parece que non lles gustaban moito. Porque é certo que a brecha salarial é un problema mundial, que non é un problema de Galicia. Pero o que estamos a tratar aquí son as políticas da Xunta de Galicia, do goberno do Partido Popular, que teñen que incidir en que merme esta brecha salarial. E parece que non lles gustan os datos que dou. Porque, claro, vostede falaba das pensións, das pensións en Madrid. Pois eu vou falar das pensións en Galicia.

Resulta que, se non actuamos contra esta brecha salarial, esta fenda acontece durante toda a vida das mulleres, pero incluído cando se van xubilar. Porque resulta que a xubilación, como sabemos, é detraída das cotizacións que facemos durante a vida laboral. E resulta —non o digo eu, que o di un informe que fai a UXT de Galicia sobre este asunto— que a brecha das pensións en Galicia se eleva ao 36 %. Igual é un dato que tampouco lles gusta. E máis do mesmo en materia de pensións, que di que, mentres que no ano 2002 a



diferenza entre as pensións de xubilación dun home e dunha muller en Galicia era de 188 euros, no ano 2020 se eleva a 414,23 euros. Creo que nisto algo teñen que ver as políticas que empregamos de cara á muller, e por suposto que os convenios colectivos e as leis non poden manifestarse a favor ou deixar mecanismos a favor. E todas sabemos como o fan a través de complementos, etc. —que se poden facer—.

En canto ao que dicía a portavoz do Bloque Nacionalista Galego en relación con Inspección de Traballo, sabemos que desde o ano 2008, a través dunha orde —concretamente do 21 de febreiro do 2008—, se constituíu unha comisión tripartita da Inspección de Traballo e Seguridade Social, porque é un mecanismo nacido para que a propia Xunta de Galicia inste a Inspección para os obxectivos concretos de Galicia cara aos programas que ten que desenvolver na nosa comunidade —que concretamente se están a facer específicos, obviamente— en canto a discriminación salarial e na contratación. O tema das competencias creo que é un tema para falar con moito máis detalle que nesta moción. Pero, dende logo, está claro que a Inspección ten que facer este labor. E, segundo me consta, estao a facer.

Pero, falando da política do Partido Popular, cando chegou á Xunta había programas específicos implantados para diminuír a fenda mediante incorporación das mulleres en ocupacións nas que estaban —como dicía antes— infrarrepresentadas. Había unha metodoloxía compartida cos axentes sociais, analizaban cales eran os contratos que se facían por cada pacto territorial de emprego. Valoraban a distribución de homes e mulleres nesas ocupacións, naquelas ocupacións onde fixese falta incorporar máis persoas e máis mulleres porque estaban máis infrarrepresentadas.

Vostedes chegaron á Consellería de Traballo —que naquel momento suprimiron, que estaba incluída na Consellería de Emprego— e botaron abaixo estes programas. Voulles dar un exemplo: o programa «Muller porque si». Nese programa estábanse formando mulleres en actividades —como dicía antes— que non estaban representadas. Por exemplo, no grupo do transporte, do transporte de vehículos, ao estar totalmente infrarrepresentadas, déronse cursos para que as mulleres puidesen ocupar eses postos. E vostedes nin o analizaron nin nada, porque co que dicía a portavoz do BNG estou completamente de acordo: non temos diagnose do Goberno galego sobre este gran problema para as mulleres en Galicia, e para as familias en xeral —porque as prestacións por desemprego tamén baixan cando unha muller está nese momento—. E agora, coa pandemia, moitísimas delas van ver que van percibir un salario inferior porque os seis meses de cotización anteriores obviamente son os que son.

Tampouco teñen un plan de choque. Dicía que non se poñen medidas enriba da mesa. ¡Home!, na Dirección Xeral de Emprego e na de Formación e Colocación teñen un ámbito moi determinado para facer as políticas de choque. Realmente teñen un ámbito especificado nas súas propias competencias e que vostede coñece. Entón, esas políticas de emprego teñen que ir encamiñadas a esas mulleres. E nas políticas de formación e colocación é igual. Para iso teñen esas direccións xerais. E se non teñen diagnóstico, pois, claro, pouco poden facer en canto a este tema.

Tampouco sabemos as razóns que tiveron nese momento para eliminar programas que podían funcionar, non temos nin idea.



**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora RODRÍGUEZ DACOSTA:** Estamos a facer formación sen ningún tipo de análise previa do territorio, das comarcas, do que se necesita tanto para os homes pero tamén para as mulleres —sobre todo, neste caso, para facer que a fenda salarial non só diminúa senón evitar que siga subindo—.

Moitísimas grazas e nada máis. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** ¿Acepta a emenda do BNG? ¿Acéptaa?

**A señora RODRÍGUEZ DACOSTA:** ¿A emenda do BNG? Non, polo que explicaba...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, sobre o impacto da pandemia na diagnose e no tratamento do cancro e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia ao respecto**

**O señor PRESIDENTE:** Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 9993).

*Emenda de adición.*

*Na parte resolutiva da iniciativa débense engadir os seguintes novos parágrafos:*

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

*Realizar un informe que avalíe o volume de diagnoses e capacidade asistencial dos servizos de oncoloxía do sistema sanitario público de Galicia durante o ano 2020 comparativamente cos recentes anos pasados, e ofrezca unha posible inclusión sobre a existencia, ou non, de indicios que poidan suxerir alteracións en detección precoz.*

*Intensificar os procesos de cribado e detección precoz de cancro, para tratar de reverter na medida do posible o problema de déficit de diagnósticos provocado pola pandemia en 2020.*

*Avaliar a implementación de novos sistemas de cribado e detección precoz de cancro, para casos e tipos que hoxe aínda non estean sendo incorporados aos procesos de cribado que leva a cabo o Sergas».)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Rodil.



**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Eu, como cuestión previa, direi que nesta deriva criminalizadora na que está instalada o Partido Popular agora vemos que queren condenar o entroido tamén. *(Aplausos.)* Porque, señora Prado, iso chámase «meco», e o ano pasado o protagonista era Feijóo. E paréceme delirante de todo. ¿Hai alguén do PP de Ourense aí?, ¿de verdade? Porque eu podo entender que en Madrid descoñezan ou ignoren a cultura e a tradición deste país, pero ¿non hai ninguén aquí que poida descolgar un teléfono e contextualice e explique o que pasou estes días neste país? Aquí estamos instalados nunha deriva de «todo vale», incluso na de criminalizar a tradición popular deste país para botarse os trastos uns e outros á cabeza. *(Aplausos.)* E lémbrolles que o ano pasado o protagonista do meco era Feijóo e aquí ninguén do seu grupo... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*, ninguén do seu grupo, trouxo ningunha barbaridade como a que acabamos de escoitar aquí, de verdade. Iso chámase «meco» e fai parte da tradición popular do entroido deste país. *(Murmurios.)* E eu prégoles á xente, polo menos de Ourense, que descolgue o teléfono e contextualice; porque, se non, estamos a piques de introducirmos nunha deriva, de verdade, de involución democrática que se fai insoportable en calquera país. *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** ¡Por favor! E ¿por que non viñeron condenar aquí cando o meco era Feijóo? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** ¿Por que non era reprochable o meco do presidente da Xunta de Galiza? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio! ¡Silencio, señor Pazos!

¡Señor Pazos, silencio!

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** É que é increíble o delirio absoluto no que se pretende instalar este país. Dende o BNG con iso, en todo caso, non contén.

**O señor PRESIDENTE:** Imos á oncoloxía, señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Centrándonos na cuestión, lembrarán, señorías, que hai quince días neste Pleno aprobabamos —e deuse lectura dela, ademais— unha declaración institucional con motivo do Día Internacional Contra o Cancro. Nesa declaración dise literalmente que «a crise provocada pola pandemia da covid non fixo máis que agravar a situación de fragilidade social e sanitaria das persoas con cancro e das súas familias como colectivo dobremente vulnerable, polo cancro e pola covid. O Parlamento de Galiza» —diciamos hai quince días— «avoga por impulsar que se leven a cabo as accións pertinentes para paliar a situación



de especial vulnerabilidade, así como para garantir en condicións de equidade os dereitos das persoas con cancro e das súas familias».

Hoxe, desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, traemos esta iniciativa co obxectivo de materializar en algo concreto ese compromiso expresado de maneira unánime pola Cámara. Desde que se declarou a pandemia hai un ano e comezaron a implantarse medidas para frear o avance da covid-19 as restricións tiveron un impacto enorme no conxunto da poboación, iso é indiscutible. Pero ese impacto foi e está a ser aínda maior para as persoas que padecen unha doenza crónica, un impacto sanitario pero tamén emocional que non pode alongarse no tempo. Esta é unha opinión do BNG pero compartida por moitas entidades, asociacións e tamén organismos, como o Consello Bioético de Galicia, que coñecen que recentemente publicou un informe sobre a atención primaria e a situación na que se atopa a base do sistema sanitario público galego.

E advertía o Consello de Bioética de Galicia nese informe de como ao darlle prioridade —non o criticaba senón que o sinalaba— ..., de como ao darlle prioridade á patoloxía covid repercutiu de xeito negativo na atención integral propia da base que sostén o sistema sanitario público deste país, en especial a dos pacientes con patoloxías crónicas. E dicía o Consello de Bioética que relegou a atención doutras enfermidades, suprimiu procesos asistenciais que si consideraron menos prioritarios e retrasou actividades de certa urxencia co risco de causar efectos colaterais graves para a saúde das persoas.

Advirte, ademais, dos riscos, dos prexuízos e das consecuencias que a implantación desmesurada da atención telefónica pode ter precisamente para pacientes con doenzas crónicas. E unha desas doenzas é precisamente o cancro, con diagnoses que se demoran, consultas e probas que se adían, operacións que se aprazan e un enorme impacto para a saúde física e emocional de pacientes e familiares que non pode ser obviado e que merece todo o esforzo público para evitar que se prolongue.

Onte coñeciamos a través da resposta escrita remitida pola Xunta de Galiza ao Grupo Parlamentario Socialista que o Sergas situaba no 10 % o número de consultas a pacientes con sospeitas de cancro que se aprazaran e a redución do 8,7 % das operacións a doentes oncolóxicas en 2020, unhas cifras sobre as que viña advertindo o persoal sanitario e tamén o persoal investigador —que temos bo e moito no noso país e aínda en condicións precarias—. E esas demoras e eses aprazamentos están a ter no inmediato dúas consecuencias que nos afectan a todas —non apenas ás persoas que padecen cancro—: diagnósticos máis tardíos, que significan cancros en fases máis avanzadas cando se detectan —e é duro dicilo pero tamén sabemos que iso se traduce despois en peores prognósticos—, e tamén consecuencias non só no inmediato senón a medio e longo prazo. Advertía delas o director para Europa da Organización Mundial da Saúde nun encontro organizado precisamente pola Universidade de Compostela, e instaba o representante da OMS para Europa as autoridades políticas e sanitarias dos países, tamén de Galiza, a non abandonar a prevención, a xestión das enfermidades crónicas e a garantir sistemas sanitarios sólidos que permitan mellorar a saúde do conxunto da poboación. E «sólido» significa con recursos, con recursos humanos, económicos e materiais, que permitan afrontar unha crise sanitaria sen precedentes como a da covid pero sen





desatender ao mesmo tempo as demais doenzas, que continúan o seu ritmo. Iso non o para nin sequera a pandemia.

Atender as consecuencias sanitarias da covid é urxente, pero non pode impedir ver que hai máis cousas que son igual de importantes. Aínda que a pandemia o arrasase todo e puxese patas arriba as nosas vidas, hai persoas que seguen a padecer patoloxías non-covid que precisan e merecen a atención sanitaria de calidade desde o sistema sanitario público galego con todas as garantías. E para iso son precisas —entre outras— dúas cuestións que son as que recollemos nesta iniciativa. En primeiro lugar, reforzar o sistema sanitario público para dotalo —especialmente a atención primaria— dos recursos e medios necesarios que permitan enfrontar o coronavirus pero tamén outras doenzas. E, en segundo lugar, adoptar as medidas necesarias que garantan a máxima calidade e axilidade na detección e atención de doentes de cancro hoxe pero tamén nos próximos anos.

A Organización Mundial da Saúde vén advertindo de que prevé un incremento no número de casos nos próximos anos precisamente polas demoras, polos atrasos, que estamos a ter agora coas restricións, ou coas medidas que tiveron que adoptarse para frear o avance da covid. E a proposta que facemos, que formula hoxe o BNG, é sinxela, é aceptable —entendemos— para o conxunto de forzas políticas que compoñen a Cámara, pero é clara ao mesmo tempo. Urxe un plan de choque, debidamente orzado, que permita recuperar o ritmo nas campañas de prevención, de detección precoz e de diagnóstico, porque os atrasos non fan que a doenza desapareza senón que a ocultan. Agardamos que esa vontade expresada na declaración institucional que todas as forzas políticas con representación na Cámara subscribimos hai quince días se traduza hoxe tamén nun apoio unánime a esta iniciativa. Polo menos, a vontade do BNG é que así sexa.

De momento, máis nada. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra o señor Torrado Quintela.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Señora Rodil, saiba —e xa llo comentei en persoa— que imos apoiar a iniciativa, indiscutiblemente. Presentamos unha emenda que cremos que enriquece, pero independentemente do que pase coa emenda nós imos apoiar a iniciativa. Non nos cabe na cabeza outra cousa tampouco. Ímola apoiar e ademais cremos que complementa ou continúa o debate que vostede xa mencionou e que existiu aquí neste Parlamento —creo recordar que a principios do mes de decembro—, un debate sorprendente. E no seu momento nós plantexabamos unha iniciativa que tamén consideramos certamente bastante «aprobable» —se é que a palabra existe—, e que plantexaba realizar un informe sobre a situación dos diagnósticos. Era tan



aprobable como a que vostedes plantexan hoxe, respecto da que comparto con vostede que sería difícil estar en contra.

Plantexabamos naquel momento a existencia de diversas voces científicas e profesionais que alertaban de que, como era razoable entender, a pandemia trouxo algúns problemas para algunhas enfermidades, especialmente nos casos das tempodependentes. Existen informes que advirten da maior dificultade durante o 2020 —ou da diminución de tratamentos en tempo correcto—; por exemplo, no caso de infartos agudos de miocardio. Porque moitas persoas incluso renunciaban ou asumían que os primeiros síntomas podían non ser problemáticos. A xente en xeral tivo medo de acudir aos centros sanitarios por medo a contaxiarse, e moitas veces tamén por unha autoculpabilización, a de pensar que «está morrendo xente pola covid e ¿por que vou ir eu a algo que igual non é necesario?». Ás veces si é necesario, porque algunhas das enfermidades —notoriamente falamos de oncoloxía— cando avisan xa é tarde. E, por tanto, aí está a necesidade de diagnosticar con certeza.

O caso da oncoloxía, ademais, ten que ver tamén —e díxoo a señora Rodil— co feito de que, por moi duro que sexa, hai que ser conscientes de que atrasar os diagnósticos acabará traendo tratamentos máis tardíos, que teñen peores resultados e que, por tanto, darán datos fatais máis elevados.

Advirten os profesionais de que, cos datos actuais que eles mesmos estiveron recabando —a Sociedade Española de Oncoloxía, por poñer o exemplo máis nítido—, cren que lamentablemente teremos un aumento de mortalidade por cancro nos próximos tempos —probablemente a finais deste ano, o ano que vén ou incluso a dous anos vista—. Eles falan de entre un 10 % e un 20 %. ¡Oxalá se equivoquen, ogallá se equivoquen! Pero son xente que normalmente sabe bastante ben do que fala.

¿Onde está o problema? O problema non está en que non se seguisen os tratamentos daquelas persoas xa diagnosticadas. Seguíronse. Os servizos de oncoloxía na pandemia funcionaron ben, no sentido de que aquelas persoas que estaban —digamos— dentro do sistema foron atendidos —probablemente coas dificultades e as notorias e evidentes complicacións por mor da covid—. Pero hai un problema fundamentalmente de diagnose no ano 2020. E, ademais, estamos agora co problema de que, se non asumimos ou poñemos o foco aí, podemos ter que as menores diagnoses do 2020 serán menores tratamentos —en número, en volume— no 2021. E, polo tanto, estamos reducindo o tratamento e a potencial capacidade de curación ou de cronificación da enfermidade que teñen os servizos durante o 2021. Polo tanto, estamos diminuindo o traballo. E unha equivocada visión asumiría que ter menos traballo, ter menos volume de pacientes nun servizo oncolóxico, significaría que a enfermidade mellora. Non é este o caso, non é este o caso.

Por tanto, ¿que é o que estamos defendendo? ¿Que é o que defende o BNG cunha clara alusión moi acertada á declaración que lemos aquí hai quince días? Que temos que poñer o foco nunha realidade que tamén é consecuencia da covid, a dos pacientes que sen ser directamente de covid se poden ver afectados. E non se trata de que aqueles que estiveran en tratamento en marzo do ano pasado non o seguiran, ¡claro que si! E non se trata de que os servizos non teñan profesionais fantásticos, enormes, impagables. Trátase de que a pande-



mia provocou que diagnostiquemos menos, ben porque os servizos se viron afectados, porque as persoas acudiron menos ou porque se deu menos relevancia a algúns eidos. E iso provoca, especialmente neste caso, que teñamos menos diagnósticos. ¿Por que? Porque aquí o diagnóstico, o mellor diagnóstico —o mellor diagnóstico é o que non se dá, pero referíndonos aos que se dan— é aquel que aparece antes de que existan síntomas físicos e de que as persoas teñan xa unha situación máis difícil.

Por tanto, é especialmente sensible esta área para que sexamos capaces de manter e de intensificar todo o posible o traballo. A iso nós ímonos sumar sempre. Creamos —como dicimos— que é moi atinado e que, como foi dito pola ponente, é unha situación dura pero que hai que explicala. Porque non estamos aquí unicamente para contar cousas bonitas. Tal como está o mundo, ademais, estamos normalmente para falar de cousas bastante duras. Isto é unha realidade que está aquí.

Nós queremos celebrar algúns avances. Existe unha conciencia europea sobre esta cuestión, existe un plan europeo de loita contra o cancro, o Ministerio de Sanidade vén de asinar hai dez días a súa actualización ou implementación, con algunhas medidas que veñen engadidas con ela, para trasladar ao Consello Interterritorial e instar as comunidades autónomas —porque teñen as competencias delegadas na xestión sanitaria— para que implementen medidas novas.

Onte tamén —e adiantándonos un pouco a esta iniciativa— se falou aquí algo de oncoloxía. É certo que soubemos que o Sergas, nunha resposta ao noso grupo —aínda que tres meses tarde—, admite agora o que en decembro neste debate non admitía o Grupo Popular, e é que existe unha diminución dos diagnósticos. O Sergas cifrao nun 10 %. Os especialistas falan de entre un 10 % e un 20 %, pero o Sergas cifrao nun 10 %. Onte o conselleiro reduciu ese dato. Creo que dixo que, como non estaban incorporadas todas as medidas, todos os datos de todo o ano, quedaría en torno a un 7 % ou menos.

Nós, como dixemos, alegrariámonos de que fose un cero. Pero a cuestión está en que tam pouco podemos estar no regate de parecer que somos bos e que por iso a redución é maior. A realidade é a que é, e é moi difícil aceptar —polo menos permítasenos dubidar— o feito de que Galicia vaia ser unha excepción mundial. Porque, ademais, precisamente nalgúns tipos de cancro, Galicia ten uns índices moi altos —por circunstancias que é necesario estudar noutro contexto, por cuestións ambientais ou por cuestións doutra característica—. Pero, ademais, non ten sentido que en toda Europa se estea falando dun aumento de entre un 10 % e un 20 % e aquí esteamos querendo facer unha carreira para ver se dicimos menos. Hai unha realidade, é unha realidade difícil e hai que asumila. Esa resposta que nos deu o Goberno, que di que está diminuíndose un 10 %, xa contradí a posición do Partido Popular en decembro —que o negou—.

Nós agardamos que, a partir diso, poidamos entender todos os grupos que hai que poñer o foco —como o trasladabamos entón—. Non se trata xa agora de poñerse a buscar culpables, non está mal saber o que non funciona ben para melloralo, pero a cuestión está en que calquera día de máis que tardemos en iniciar ou reforzar estes servizos, e en comprender que existiu unha diminución de diagnósticos, é un día máis que estamos demorando en atopar



máis diagnósticos para poder afrontalos antes e para poder traballar nunha das liñas máis efectivas, que é o diagnóstico precoz.

Nesa liña vai a nosa emenda. E tamén, ademais de realizar este informe que nos permita sabelos realmente e para que non teñamos que estar debatendo aquí sobre especulacións de números, plantexamos na nosa emenda a intensificación dos procesos de cribado. Os procesos de cribado funcionan ben, son un fantástico avance da ciencia, e os servizos de oncoloxía en Galicia funcionan ben. Os procesos de cribado son de verdade un gran avance necesario. ¿Que defendemos? Que se intensifiquen para que non perdamos capacidade de diagnóstico, porque isto está existindo. E, en segundo lugar, que incrementemos as posibilidades de diagnóstico. Existen outros cancros nos que a diagnose precoz é formidable na capacidade de tratamento posterior. Recentemente algúns especialistas falaban da posibilidade de facer cribados de cancro de próstata, por exemplo, que non se están facendo a este nivel. E poderíamos incluílos. Nós cremos que todo avance nos cribados vai ser non só bo, senón que vai ser un luxo como poboación. Por tanto, vaíamos a unha das discusións que debemos ter sobre o cancro, que é que hai que detectalo antes.

Defendemos intensificar os procesos existentes para que non exista esta redución e defendemos implementar novos procesos de cribado. Seguro que non é fácil. Sabemos que non é fácil e sabemos que necesita coordinación co ministerio, cos plans estatais. Pero sabemos que tamén hai boa vontade e que hai comunidades que están empezando a introducir algunhas medidas nese sentido. Por tanto, nós cremos que Galicia non pode senón intentar estar na cabeza das que poidan implementar estas medidas.

Por tanto, sabendo que é unha cuestión que necesita poñer un foco apartándose de debates de regates curtos, nós alegrámonos de que se poida traballar e poñer o foco nesta cuestión. Agradecemos, como grupo parlamentario, que o BNG tamén trouxese esta cuestión. Sabemos da súa preocupación —votou a favor da nosa proposta no mes de decembro—. E alegraríamónos se o Partido Popular desta volta modifica a súa posición e agora vota a favor —cremos que sería un bo acordo—. E, a partir de aí, hai que traballar en defender que temos uns bos profesionais. Son os nosos profesionais os que están dicindo que hai unha diminución de diagnóstico. Hai un traballo periodístico fantástico —do mes de outubro ou de novembro— cos profesionais galegos, cos xefes de oncoloxía de Santiago, co xefe de hematoloxía en Lugo, que traballan e que explican claramente por que temos eses volumes de diagnóstico. Cremos que é imprescindible facerlles caso. E para iso o noso traballo está en poñer o foco e despois acordar a imposición de medidas. Porque, se non, tampouco tería moito sentido.

Polo tanto, imos apoiar a iniciativa convencidos de que é un acerto traela e de que debemos de seguir pulando ante esta necesidade, xa que sería excepcional para o noso sistema sanitario que se puidese mellorar.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Torrado.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*



Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra a señora Rodríguez-Vispo.

**A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ:** Bo día e grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Señor Torrado, aínda que o que lle vou dicir non corresponde a esta iniciativa, debido ás cifras que deu de vacinación no debate, no longo debate sanitario que tivo lugar hoxe neste Parlamento, pois a vostede —que é un artista facendo malabarismos cos números— teño que dicirlle que os números están ben feitos. Porque se a poboación de maiores de 80 anos en Galicia é de 236.084 persoas e en España de 2.856.101, iso corresponde a un 8,2 %. (*Aplausos.*) ¡É así, é así!... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) É unha simple regra de tres, unha simple regra de tres. E vostede, que é psicólogo, debería saber precisamente que coa capacidade cognitiva dun neno de primaria pois se é capaz de facer unha simple regra de tres. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡É unha simple regra de tres!

Eu quero centrarme no tema desta iniciativa, que consideramos un tema moi importante, polo que non quero perder máis tempo nisto.

En Galicia é un tema moi sensible o dos pacientes de cancro, e moi serio. E quero comezar dicindo que en Galicia non se deixou de atender ningún enfermo oncolóxico nin antes da pandemia nin durante a pandemia, e que ningún servizo de oncoloxía deixou de traballar.

Hai case un ano —o 13 de marzo— que o Consello da Xunta declarou a situación de emerxencia sanitaria no noso territorio. E para dar resposta a esa situación extraordinaria foi necesario levar a cabo un proceso continuo de adaptación do sistema sanitario, tanto no referente á actividade como no referente aos recursos humanos e materiais. E, con base nisto, o Servizo Galego de Saúde emitiu a Instrución —que vostede coñece— 6/2020, que establece que nos centros de atención primaria e hospitalaria, así como nas entidades dependentes, centros concertados ou con autorización de uso do Sergas, poderá ser suspendida ou aprazada a actividade cirúrxica programada pero cunha excepción —e isto é moi importante—: as patoloxías recollidas no Decreto 105/2017, polo que se regula o sistema de garantías de tempos máximos de espera. Como vostedes todos saben, son fundamentalmente as patoloxías oncolóxicas.

Eu sempre o digo: non quero esquecer os magníficos profesionais que temos en Galicia e o enorme esforzo que fixeron, conscientes da extraordinaria situación que estamos a vivir. Estes profesionais conseguiron manter en gran medida tanto a actividade das consultas externas por sospeita de patoloxía oncolóxica —son as vías rápidas do cancro— como a actividade cirúrxica relacionada coas patoloxías recollidas no Decreto de garantías de tempos máximos. E grazas a esta lei de garantías —á que, por certo, toda a oposición votou en contra— puidemos garantir a asistencia nos tempos máximos establecidos para os pacientes de oncoloxía. E isto non é baladí, é moi importante.

Os datos están aí, as distintas áreas sanitarias mantiveron os tempos medios de espera das vías rápidas dentro dos estándares establecidos. Por certo, este sistema de vías rápidas





tamén foi implantado por un goberno do Partido Popular no ano 2010, que o que di, sinxelamente, é que os tempos da primeira consulta hospitalaria para calquera galego ou galega teñen que ser menores de quince días —é o que di este decreto de vías rápidas—.

E vostedes falan dun escrito da consellaría, ou das noticias dun xornal, señora Rodil —facía referencia aos datos dunha noticia—, que, como vostede dixo, señor Torrado —e tamén onte o señor conselleiro—, non se refiren ao ano 2020 completo. Refírense ao período de xaneiro a outubro. E no ano 2020 poden ser sete ou menos os atrasos nos diagnósticos. O tempo medio de espera en Galicia... (Pausa.) (A señora Rodríguez-Vispo Rodríguez fai unha pequena pausa na súa intervención.) —perdón porque se me coou unha folla diante—.

En Galicia no ano 2020 —que temos implantadas as vías rápidas de cancro de mama, de colon, de pulmón, de próstata, de vexiga, de melanoma...— o tempo medio de espera —e isto é importante— dende o primeiro día en que un galego se pon en contacto coa atención primaria foi de 3,7 días, o que supón unha media de 4 días menos que no ano 2019, cando non había pandemia. Con datos xa non da Xunta —que vostedes non queren crer os datos da Xunta—, con datos do Ministerio de Sanidade, aínda na fase aguda da pandemia Galicia está entre as cinco comunidades autónomas con menor espera cirúrxica.

E no relativo ao tempo medio de espera estrutural cirúrxica, na prioridade 1 no ano 2001 é de 17,8 días; no ano 2019, 16,7; e no ano 2018, 19,4 —son datos—. Este último dato o que reflicte é o que acabamos de dicir, que no ano precisamente da pandemia Galicia foi quen de manter un tempo medio de espera para esta cirurxía dentro dos valores anteriores.

E é certo que os diagnósticos oncolóxicos tardíos derivados da pandemia foron noticia estes días, e a noticia que vemos hoxe é que «Galicia está por debajo de la media de los diagnósticos oncológicos tardíos a causa de la pandemia». Vostede citaba, señor Torrado, o presidente da Sociedade Española de Oncoloxía Médica. Pero eu cítolle o presidente da Sociedade Oncolóxica de Galicia, que di que a espera é moito menor; e que no caso, por exemplo, da área sanitaria de Vigo —da que el é o xefe do Servizo de Oncoloxía— en 2020 se trataron máis pacientes que en 2019. Ambos están participando en Vigo —como vostede sabe— nun simposio nacional de oncoloxía de precisión, e dicía: «Galicia en pandemia sufrió una situación menos dramática, sobre todo en la primera ola. Y actuamos con cierta anticipación, aquí no se colapsaron hospitales, se continuó con las operaciones, funcionaron las vías rápidas y la radiología. No se puede comparar con otras zonas, como Madrid, por ejemplo, donde fue tremendo, con dos o tres meses de colapso asistencial y hospitales con seis oncólogos de baja al mismo tiempo por covid». Isto dío o presidente da Sociedade de Oncoloxía de Galicia. Non estamos no mesmo caso.

Polo que se refire á prevención, efectivamente, ao comezo da pandemia tivéronse que aprazar os programas de cribado —igual que no resto de actividade non urxente—. E o Programa de detección precoz de cancro de mama non se paralizou ata rematar o estudo de todas as mulleres que deron positivo, que completaron o seu estudo mamográfico. Isto supuxo unha parada de dous meses pero temos que ter unha cousa importante en conta, e é que a participación no Programa galego de cancro de mama ten porcentaxes moi superiores ás que recomendan as guías europeas de calidade. As guías europeas sitúan a porcentaxe de





participación nun 70 %, e en Galicia no 2019 tivemos o 81,8 %. Pese á covid-19 logrouse cumprir cos obxectivos programados.

E no programa, por exemplo, de cribado do cancro colorrectal —que tamén se parou neses dous meses— o 1 de xullo xa estaban todas as áreas funcionando. Neste programa tamén conta Galicia con cifras récord, coa participación de 450.000 persoas. Galicia completou a cobertura do cen por cento da poboación en 2019, cinco anos antes do que establece o Sistema Nacional de Saúde, con cribados que funcionan moi ben —como dixo vostede—.

En definitiva, estamos falando de programas de atención ao cancro que puxo en marcha este goberno, con vías rápidas, garantía de tempos máximos de espera cirúrxica ou co cribado de cancro colorrectal. E ¿fan falta recursos? Por suposto que fan falta recursos, pero desde logo nós pensamos que o mellor recurso é contar con esta Lei de garantía de tempos máximos e contar cun decreto que a desenvolve —que tamén se cumpre—. Polo tanto, é importante trasladarlles esta mensaxe aos galegos: os servizos de oncoloxía non deixaron de traballar en ningún momento durante a pandemia —incluso algún facendo quendas de noite—.

E no que respecta aos servizos de diagnóstico e intervención do cancro, pois este sistema de garantías que puxo en marcha este goberno permitiu que a atención non se resentise, como sucedeu noutras comunidades autónomas. Nós, dende logo, somos plenamente conscientes do que ocorreu no comezo da pandemia, coa suspensión dos cribados, coas demoras na atención e tamén —é importante dicilo— co medo dos pacientes para acudir ao centro hospitalario ou ao centro de saúde. E sabemos que en moitos lugares esta situación está a ser moito máis grave.

Nós, aquí en Galicia, temos un goberno no que confiamos, que toma medidas moitas veces pioneiras, que pon en marcha cribados e conta con sistemas instaurados —como as vías rápidas e os tempos máximos—. E confiamos nos excelentes profesionais que levan a cabo este traballo. Temos un goberno que se preocupa —e así o amosan os datos— pola saúde das galegas e dos galegos.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez-Vispo.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Así, por orde, imos aceptar a emenda que presenta o Grupo Parlamentario Socialista. Efectivamente, nós, ademais de no contido da emenda que vostedes formulan, coincidimos en que, efectivamente, enriquece e complementa a nosa iniciativa. E vai disto, de ter un diálogo, de ter unha posta en común, de poder chegar a acordos e impulsar iniciativas que melloren as condicións de vida das galegas e dos galegos nun momento ou nun contexto tan excep-



cional como o que estamos a vivir en termos económicos, sociais e sanitarios, pero tamén se non estivésemos en pandemia. E nese sentido tamén agradecemos o apoio en xeral do Partido Socialista.

E a min, señora Rodríguez-Vispo, tampouco me quedou moi claro se ían apoiar ou non, pero levamos un tempo aquí e xa nos imos coñecendo todos e todas, e ao final acabamos descifrando —aínda que non se diga con literalidade— se si ou se non. Creo que vai máis cara ao non, porque din que co que hai é suficiente e non fai falta adoptar ningunha medida excepcional, ningún plan de choque —que é o que formula o Bloque Nacionalista Galego—, ningún reforzo desa sanidade pública —e especialmente da atención primaria—. Polo tanto, entendemos da súa intervención que non, que o Partido Popular vai votar que non. Logo os do «non» somos os demais, pero bueno... *(Aplausos.)*

Eu simplemente direi unha cuestión a respecto do que vostede dicía. Eu facía referencia na miña intervención a uns datos que son oficiais, que veñen da propia Xunta e que foron remitidos ao Grupo Socialista —explicábo na miña intervención— nunha resposta escrita. Facía especificamente referencia a eses datos. Porque eu creo que, diante de situacións coma esta, hai dúas opcións, cando unha ten un problema —e isto vale igual para a vida persoal e particular de cadaquén como para a vida pública ou política dun país—, hai dúas opcións: hai a de non facer nada, a de dicir que estamos mellor que a media, que aquí estamos, que o facemos todos estupendamente e intentar pois, non sei, non mirar para a realidade que temos aínda que estea diante dos focinhos, ou actuar. E nós cremos que os problemas, as realidades ou situacións como a que nós describimos aquí sobre a situación na que se atopan as persoas doentes de cancro e as súas familias, esas situacións, aínda que as metamos insistentemente debaixo da alfombra non desaparecen.

Entón, se quedan tamén máis tranquilas ou máis a gusto, isto non é un problema exclusivo de Galiza, isto é un problema que ten practicamente todo o planeta, toda Europa. E eu facía ademais referencia á intervención da persoa responsábel da Organización Mundial da Saúde para Europa a respecto non de algo exclusivo do noso país senón dunha realidade que imos ter que afrontar e abordar colectivamente todas as sociedades dos estados membros da Unión Europea, que é que se están demorando consultas —recoñéceo a propia Xunta de Galiza— e que iso o que está facendo é que se demoren diagnósticos. E eu dicía na miña primeira intervención —diciámolo desde o Bloque Nacionalista Galego— que non é por desidia dos profesionais, nin sequera por desidia do propio Goberno, senón porque nos tocou enfrontar unha realidade que ningunha das persoas que estabamos aquí e ningún goberno esperaba ter que enfrontar pero que ten, gústenos máis ou menos, unhas consecuencias. E as consecuencias directas para esas persoas é que diagnosticamos máis tarde porque, efectivamente, esas vías rápidas funcionan pero tardamos máis en chegar a elas. E iso ten a consecuencia de que os prognósticos —dicía na miña primeira intervención que doe ter que dicilo pero temos que recoñecelo— son prognósticos menos favorables cando os cancros están nun estadio máis avanzado na súa evolución.

Entón, nós cremos que hai que coller —se se quere a expresión popular— o touro polos cornos e hai que enfrontar a situación poñendo medios, recursos, persoal e orzamentos para poder enfrontar esa situación e que esas consecuencias sanitarias físicas para as per-



soas que son doentes de cancro e tamén profundamente emocionais —porque a situación na que nos atopamos é xa de por si, para todas e todos, moi complexa en termos tamén psicolóxicos— sexan o menos prolongadas posible no tempo. Esa era a vontade coa que o Bloque Nacionalista Galego presentamos esta iniciativa, e non simplemente como unha valoración da nosa organización senón que tamén facía referencia ás análises e ás reflexións que facía, por exemplo, o Consello de Bioética de Galiza, que non acusa de desidia a ningún goberno —nós tampouco o facemos—, senón que reconece que as medidas e as restricións que houbo que adoptar teñen danos colaterais para persoas que padecen enfermidades e doenzas crónicas, e o que non podemos é intentar meter esa realidade debaixo da alfombra. Hai que afrontala, hai que encarala, e para nós —o que é o máis importante— hai que poñer recursos materiais, orzamentarios e económicos para afrontala.

Lamentamos —deixo marxe de dúbida do que poida pasar na votación por esa falta de clareza pola súa parte dicindo cal vai ser a intención de voto ou a posición de voto do grupo maioritario— que se nunha declaración institucional podemos chegar a un acordo, cando hai que materializar iso en medidas concretas, medibles, tanxibles, non atopemos ese mesmo consenso por parte do Grupo Parlamentario Popular.

Máis nada. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Patricia Otero Rodríguez e D. Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre a valoración pola Xunta de Galicia en relación coas bonificacións de peaxes e a transferencia da AP-9**

**O señor PRESIDENTE:** Hai emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Popular.

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do seu deputado D. Xosé Luís Bará Torres, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de modificación.*

*Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:*

*«O Parlamento acorda como resolución:*

- 1. Recoñecer o labor político social de mobilización pola AP9 e nomeadamente a inclusión deste tema no acordo de investidura polo BNG como unha peza clave para cambiar o marco e abrir paso á transferencia e ás bonificacións.*
- 2. Demandar ao goberno da Xunta a convocatoria da comisión mixta de transferencias para axilizar o traspaso da infraestrutura.*



3. *Apoiar a aprobación inmediata das supresión da peaxe entre Redondela e Vigo, da compensación das subas anuais e das bonificacións ás persoas usuarias coa gratuidade da viaxe de volta, e a súa aplicación retroactiva desde o 1 de xaneiro.*

4. *Rexeitar a pretensión de que as rebaixas das peaxes se fagan con cargo aos orzamentos da Xunta.»)*

*(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do seu deputado D. Diego Calvo Pouso, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de modificación.*

*Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:*

*«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a requirirlle ao Goberno de España:*

*1. A convocatoria inmediata da comisión conxunta sobre a AP-9, entre a Xunta de Galicia e o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, para abordar os asuntos relacionados con esta autoestrada, nomeadamente a aplicación das bonificacións anunciadas e a tramitación dun proceso de transferencia xusto en termos técnicos e económicos.*

*2. Ter en conta a proposta de bonificacións a aplicar na AP-9 remitida pola Xunta de Galicia e a aplique de forma inmediata.*

*3. Cumprir con urxencia os compromisos adquiridos con respecto a esta autoestrada, como a aplicación de bonificacións, a anulación dos incrementos extraordinarios das tarifas, a supresión da peaxe de Redondela ou a execución das actuacións compensatorias polas obras da AP-9 en Chapela.»)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Otero.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Hoxe, o noso portavoz, o señor Caballero, na sesión de control das preguntas ao presidente tendíalle a man ao señor Feijóo para buscar a mellor solución para todos e para todas as galegas en relación coas peaxes abusivas da AP-9. O noso portavoz incidiu en varias ocasións nesta idea: na de traballar todos e todas xuntas para bonificar estas peaxes en beneficio de todos e de todas as galegas. Nembargantes, o presidente da Xunta rexeitou este ofrecemento, e o único que buscou, como nos ten acostumadas, é a confrontación co Goberno presidido por Pedro Sánchez.

O PSdeG —porque parece que esta mañá tamén se puxo en cuestión— traballou, traballa e traballará para que esas bonificacións repercutan na baixada no peto dos galegos e das galegas. Buscamos o mellor acordo para os galegos e para as galegas non só para este ano 2021, senón ata o ano 2048. Si, esa data, a data ata a que prorrogou o señor Aznar a concesión desta autoestrada.



Pero o noso portavoz tamén lle fixo unha pregunta ao presidente da Xunta, quen deu tamén a calada por resposta. Preguntoulle directamente se a Xunta de Galicia estaría disposta a colaborar ou, polo menos, a estudar a posibilidade de contribuír nestas rebaixas; pregunta que non obtivo resposta.

Pero o señor Caballero foi máis aló e preguntoulle de forma aínda máis directa: «Se o Goberno central bonifica as viaxes de volta na AP-9, ¿vai a Xunta de Galicia bonificar as de ida?». E o señor Feijóo *chitón*, tamén deu a calada por resposta.

E nós, sinceramente, cremos que algo debería dicir, porque é responsabilidade directa do Partido Popular a situación na que se atopa esta autoestrada da AP-9, coa súa concesión prorrogada ata o ano 2048.

O Goberno galego debería informar dos seus plans en relación coa posibilidade de contribuír economicamente nas rebaixas das peaxes da AP-9 ata o ano 2048. Esta autoestrada —como todas e todos sabemos— vertebra as tres cuartas partes da poboación de Galicia, conecta cinco das sete grandes cidades galegas e ten unha das peaxes máis caras de todo o territorio nacional. Mentres a empresa concesionaria recada cento trinta millóns ao ano, as súas elevadas peaxes supoñen unha carga abusiva que limita a mobilidade e a competitividade dos galegos e das galegas.

A situación actual desta autoestrada remóntase á privatización e á ampliación da concesión da AP-9 que fixo o Goberno do señor Aznar. O 4 de febreiro do 2000 o señor Aznar prorrogou a concesión ata o ano 2048. No ano 2003, xa coa concesión prorrogada, o señor Aznar privatizou a autoestrada, sendo —casualidades da vida— o señor Feijóo —que tamén deu *a calada* por resposta— conselleiro de Obras Públicas.

Polo tanto, señorías do Partido Popular, ante as verbas de hoxe pola mañá do señor Feijóo, repito que dende o PSdeG defendemos a rebaixa das peaxes da AP-9, así como a transferencia dela a Galicia; reivindicación histórica esta, pero xa reclamada por primeira vez polo aquel entón presidente da Xunta de Galicia, o señor Pérez Touriño, no ano 2005, e que foi esquecida dende a chegada de Feijóo ao Goberno galego no ano 2009.

A proposta de transferencia da AP-9 foi debatida e aprobada neste parlamento en varias ocasións, pero cómpre recordar que o Goberno do señor Rajoy —que ata onde eu sei é galego— a bloqueou na Mesa do Congreso dos Deputados, sendo a súa presidenta a señora Pastor —tamén galega—, e impediron estes dous galegos que esta cuestión relevante para Galicia se debatera en Madrid. O señor Rajoy e a señora Pastor, dous galegos *de pro*, bloqueando o debate de transferencia da AP-9 no Congreso dos Deputados.

E a verdade é que chama poderosamente a atención que a señora Pastor actuara en contra dos galegos e das galegas, despois de que no ano 2014 afeara a prórroga de concesión da AP-9 feita polo seu goberno. Decía: «*Yo no soy la que hice una concesión hasta el año 2047*». Ben, trabucándose na data, porque todos e todas sabiamos que a concesión estaba prorrogada ata o ano 2048, e máis debía sabelo ela, que era ministra de Fomento cando fixo esas declaracións.





Pero se non é responsable directa desa prorroga, si que o é de non facer nada cando foi ministra de Fomento. Dende logo, si que é responsable de vetar, como presidenta da Mesa do Congreso, o debate da transferencia no Congreso dos Deputados.

¡Pero claro!, chegou ese goberno que di o Bloque Nacionalista Galego e que di o Partido Popular que discrimina a Galicia, e chegou o Goberno socialista de Pedro Sánchez a Madrid e, ¡oh!, levantou ese veto. *(Aplausos.)* Porque si, chegou o Goberno de Pedro Sánchez e en decembro de 2018 acabou co veto do señor Rajoy, e aprobouse no Congreso a toma en consideración da proposta aprobada neste mesmo Parlamento de Galicia.

A posterior convocatoria electoral, como todos e todas sabemos, impediu que se desenvolvese no Congreso o trámite completo desta lei de transferencia. E aquí quero facer tamén unha puntualización ante as declaracións feitas hoxe pola mañá pola portavoz do Bloque Nacionalista Galego, da señora Pontón, que dicía que dende o PSdeG non traballamos nada polas bonificacións e pola transferencia da AP-9, pero debo dicir que cando se levou esta toma de consideración ao Congreso dos Deputados, que foi en decembro de 2018, o Bloque Nacionalista Galego aí non tiña representación en Madrid e, dende logo, o Partido Socialista levou igual esa votación da toma en consideración.

Como dicía: a convocatoria electoral impediu que continuase o trámite, pero, de novo, este trámite e este debate volvéronse aprobar o pasado día 2 deste mes. Actualmente estanse a seguir os trámites parlamentarios desta lei orgánica de transferencia para que poida ser finalmente sometida a votación e para que esta solicitude de cesión da AP-9 poida ser, por fin, unha realidade.

Pero máis importante, incluso, que a transferencia é a cuestión da rebaixa das peaxes. O Goberno presidido por Pedro Sánchez foi sensible a esta cuestión e fixo unha aposta decidida nos orzamentos xerais do Estado para o ano 2021, cunha partida de sesenta e tres millóns de euros para a bonificación destas peaxes, que suporá unha rebaixa histórica e substancial nas peaxes desta infraestrutura; rebaixa histórica e substancial que non sería viable sen a aprobación das contas do Estado para o ano 2021. E cómpre recordar que sen orzamentos do Estado estas bonificacións non serían posibles. E aquí o Partido Popular e o Bloque Nacionalista Galego votaron en contra da bonificación de sesenta e tres millóns de euros para bonificar as peaxes da AP-9.

O Bloque Nacionalista Galego sempre alude a ese acordo de investidura, pero, señorías, o acordo de investidura fala de que despois da aprobación dos orzamentos se procedería a esa bonificación. Polo tanto, dous puntos: primeiro, a aprobación dos orzamentos; despois, bonificar as peaxes. Pero o BNG votou en contra deses orzamentos; polo tanto, votou en contra das bonificacións e podería dicirse que, incluso, chegou a rachar ese acordo de investidura, porque se non é así díganme, señorías do Bloque Nacionalista Galego, como quixerían bonificar esas peaxes sen os orzamentos de 2021. *(Aplausos.)*

Para resumir, o Partido Popular, ademais de votar en contra das bonificacións da peaxe para o ano 2021, ademais de prorrogar a concesión, foi quen privatizou esta autoestrada, e tamén votou en contra, sobre todo, vetando o debate da transferencia no Congreso dos Deputados.





Pola contra, o PSOE contempla sesenta e tres millóns de euros para as bonificacións neses orzamentos do ano 2021 e foi tamén o que levantou o veto do Partido Popular a esa transferencia. Polo tanto, —como digo moitas veces— non é igual que gobernen uns a que gobernen outros.

O PSOE e o PSdeG están traballando para que ese acordo coa concesionaria estableza unha rebaixa das peaxes, pero é importante que non só sexa para o ano 2021, senón ata o ano 2048, e para que ese acordo sexa o máis beneficioso para todos os galegos e para todas as galegas.

Dende logo que os socialistas queremos que as rebaixas se fagan canto antes, pero o máis importante é que sexa un bo acordo con rebaixas importantes para os próximos vinte e sete anos, non só para o ano 2021.

O PP non fixo nada para rebaixar as peaxes da AP-9. Opúxose —como xa dixeran— aos orzamentos do Estado e opúxose a eses 63,2 millóns de euros para a bonificación das peaxes da AP-9. Agora tampouco sabemos se vai colaborar co Goberno de España e se vai buscar unha solución para poder colaborar nesa bonificación das peaxes, porque si que se pode. Se se quere, si que se pode, porque outros gobernos autonómicos si bonificaron peaxes de autoestradas estatais. Por exemplo: A Rioxa, Cataluña, Andalucía e Aragón.

Polo tanto, hoxe nós o que traemos mediante esta proposición non de lei é, sobre todo, saber ese posicionamento do Partido Popular, se está disposto a seguir, se está disposto a empezar a traballar para buscar esas bonificacións nas peaxes da AP-9, ou se só vai buscar unha confrontación co Goberno central.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Otero.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** Remato, presidente.

De feito, nós no último punto da nosa proposición o que dicimos é: «Informar o Parlamento de Galicia sobre os plans do Goberno galego en relación coa posibilidade de contribuír economicamente nas rebaixas das peaxes da AP-9 ata a fin da concesión en 2041». E aí o Partido Popular ten moita responsabilidade. Polo tanto, chegou o momento de que xa falen se van apostar ou non por bonificar esas peaxes da AP-9.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** Pola miña parte, máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Bará.



**O señor BARÁ TORRES:** Vou contar ata dez, porque jo que hai que oír!...

Como xa dixemos moitas veces, a AP-9 ten unha historia; unha historia longa, que é unha historia que empezou sendo unha navallada e acabou sendo un atraco, un roubo á cabina armada, literalmente.

E isto non foi por casualidade, foi porque este roubo tivo beneficiarios, que foron a concesionaria Audasa, que gañou moitísimos millóns, e tamén o Estado. O Estado é outro dos grandes beneficiarios desta estafa e deste espolio, porque leva ingresado moitísimo diñeiro á conta da AP-9, e daremos as cifras. Son socios.

E neste espolio houbo dous cooperadores necesarios, que foron o Partido Popular e o Partido Socialista, turnándose no goberno e favorecendo Audasa. (*Aplausos.*) *Cada uno lo suyo*, ¿non?, porque o PSOE fixo unha ampliación da concesión. A señora Patricia Otero tivo un lapso de memoria e non lle acordou dicir que o PSOE tamén prorrogou a concesión dez anos, ata o 2023. Se non a prorrogara xa estaríamos agora sen pagar peaxes, como están noutros territorios do Estado. E despois veu o señor Aznar, do Partido Popular, e aínda dobrou a aposta; máis que dobrou, porque ampliou a concesión ata o 2048, de maneira que temos unha condena por setenta e cinco anos, que é o prazo máximo de concesión que teñen as autoestradas do Estado por lei. Esta é a realidade.

E a min gustárame facerlles unha pregunta a ambos os lados, *a diestra y siniestra*: ¿por que estamos falando hoxe aquí do tema das bonificacións? Estámolo falando aquí porque o BNG o puxo na axenda e na negociación da investidura, do acordo de investidura. ¡Por iso!, ¡porque non estaba na axenda este tema!, ¡non estaba! Está porque o puxo o BNG e por iso se fala de rebaixas.

Este é, por certo, un acordo de investidura, que non foi un cheque en branco; non foi un acordo de lexislatura nin de aprobación de orzamentos. Foi o acordo de investidura que tiña un punto relativo á AP-9 e tiña doce puntos máis, señora Otero, ¡que están sen cumprir! E por iso, como están sen cumprir, o BNG vota para que se cumpran eses acordos, ¡que non son acordos co BNG, son acordos con Galiza e hai que cumprilos integramente! Hai que cumprilos integramente. Non se pode faltar ao que se asina nos documentos, porque quen perde é Galiza por responsabilidade do Partido Socialista.

Nese acordo había un tema estrela; é certo. E o tema estrela foi a AP-9, e así o reflectiron todos os medios de comunicación. Titulares de prensa: «*El BNG arranca*» —curioso, chama a atención o verbo— «*al PSOE el traspaso de la AP-9 y rebajas en los peajes*», *Faro de Vigo*; *Voz de Galicia*: «*El BNG arranca al PSOE un acuerdo para la transferencia de la AP-9 y bonificaciones en los peajes*»; *Correo Gallego* —os tres do eixo atlántico—: «*El BNG arranca la cesión de la AP-9 y bonificaciones en los peajes*». ¡Que curiosa casualidade!

Entón, eu preocupeime de ir ao dicionario da Real Academia e buscar o significado de «arrancar»; (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) e pon... De «réxime» tamén o busquei. (*Risos.*) «É un sistema político vixente nunha sociedade.», ¡iso é o réxime! En fin, o señor Feixóo ten problemas co dicionario e coa lingua. (*Aplausos tímidos.*) ¡E con máis cousas! Tamén coa sede de Xénova... Podíamos falar aquí diso toda a mañá.



¿Que di o dicionario da RAG?: «Arrancar: obter algo de alguén con habilidade e esforzo, vencendo algunha resistencia». Ben, podo dicir aquí que non foi «algunha resistencia»; ¡foi moitísima resistencia do Partido Socialista! Porque eu teño todas as versións do acordo e como se foi cambiando a redacción, e como lles fomos sacando día a día millóns para o acordo. Sobre todo nesta cuestión que se foi concretando, porque ao principio era un estudo, a ver como se podía facer a redución das peaxes. E foi grazas a esa negociación, por certo, ¡dun gran deputado como Néstor Rego! ¡Isto demostra tamén a importancia de ter alí voces insubmisas que defenden este país, *(Aplausos.)* sen ataduras! Esa é a importancia de ter representación en Madrid. Pero isto a algúns próelles moito, claro, porque estaban alí moi tranquilos sen esa voz clara, rotunda, defendendo os intereses de Galiza.

E tamén isto pon en valor todo o traballo político, social, institucional que se leva facendo a respecto desta cuestión. Por certo, está aquí unha deputada que tamén estivo dando alí a batalla en Madrid innumerables veces, como Rosana Pérez, defendendo os intereses de Galiza, levando permanentemente a cuestión da AP-9 ao debate plenario do Congreso dos Deputados. *(Aplausos.)*

Queremos deixarlle... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Tranquilo!, ¡si! En patinete ou en sidecar van os deputados do Partido Popular de Cataluña agora ás reunións do Parlamento catalán. ¡Así que é mellor calar!, *(Aplausos.)* ¡mellor non cuspir para arriba que che pode caer para abaixo! Ademais, é mellor ter un, pero que cumpra dignamente o seu papel, como fixo sempre o BNG, que ter vinte e tres que non fan nada. *(Aplausos.)* ¡É mellor ter un que ter vinte e tres!

E dito isto, tamén queremos deixarlle clara unha cousa ao Partido Socialista. Isto non é nin unha concesión graciosa que lle fan a Galiza xenerosamente. Poñen vostedes: «Agradecer e recoñecer o esforzo do Goberno». Pero, ¿que esforzo? ¡Se o Goberno central ou o Estado estivo facendo caixa! Leva recadado máis de dous mil trescentos millóns á conta da AP-9 ás arcas do Estado, e trátase de devolver só unha parte diso. Non é nada gracioso nin xeneroso, nin nada que teñamos que agradecer. ¡É de xustiza! É o que merece este país e o que ten que ter este país. Unha parte deses 1.586 millóns de euros que ingresou o Estado pola privatización e unha parte dos máis de setecentos millóns que leva ingresado á conta do IVE e á conta, tamén, do imposto de sociedades; por certo, rebaixado repetidamente por uns e por outros para o beneficio de Audasa, que paga os impostos en Madrid. Aquí recada, pero os impostos págaos en Madrid. Esta é a realidade da AP-9.

Entón, cando lle chamaban daquela «navallada», quedaron moi curtos, porque foi unha auténtica estafa e está sendo unha auténtica estafa. E o Estado é socio desa estafa.

E esas rebaixas das peaxes e estes acordos que se tomaron hai que facelos sen dilacións e sen escusas de mal pagador. Non hai ningunha razón para atrasar eses acordos para a gratuidade da viaxe de volta. E aquí quero tamén facer unha referencia ao Partido Popular e á Xunta de Galiza, porque resulta que o BNG consegue un acordo, arranca literalmente un acordo moi beneficioso, e a Xunta quere rebaixalo; quere rebaixalo o 50 %. Fixeron pública unha proposta que rebaixa o que consegue o BNG, que é o cen por cento da bonificación, é dicir, a gratuidade da viaxe de volta todos os días da semana para lixeiros e para transporte, para profesionais.



E resulta que a Xunta quere rebaixalo. Pero, ben, a Xunta ten moito que calar porque o Partido Popular estivo sendo partícipe e cómplice de todas as medidas —as máis lesivas— que se adoptaron a respecto da AP-9, empezando pola privatización, a ampliación da concesión, os incrementos de peaxes reiterados durante todos os anos que estivo gobernando o señor Rajoy —que de español ten moito, pero de galego cada vez ten menos—.

*(O señor Bará Torres mostra unha fotografía de membros do PP tirada diante da ponte de Rande.)* E vostedes chegaron ao paroxismo de ser os protagonistas desta fotografía: toda a plana maior, menor e mediana do Partido Popular pavoneándose, o 30 de decembro do ano 2017, diante da ponte de Rande para inaugurar... ¿saben que? A ampliación, non dunha ponte, senón a aplicación de novas peaxes, porque fixeron a reunión desta foto o último día do ano para poder aplicar inmediatamente novas peaxes e o incremento do 1 %. *(Aplausos.)* E agora resgan as vestiduras polo 1 %, se vostedes foron inaugurar o 1 % nesta fotografía. Pero, ¿que están dicindo?

Por certo, uns días antes o señor Fernández Prado dixo aquí que era demagogia iso de pedir rebaixas das peaxes, porque os acordos hai que cumprilos. ¿E despois veñen aquí querer darnos leccións de que?

Igual que o tema da transferencia, que xa non digo nada, porque creo que está máis que claro que foi o BNG quen o trouxo reiteradamente a este parlamento, que houbo ata tres acordos unánimes neste parlamento, que foi vetado reiteradamente polo Partido Popular. E desde o 2018, que se tomou esa consideración, señora Otero, tamén houbo tempo xa para que estivese feita a transferencia, que se pode facer pola vía de Comisión Mixta de Transferencias. ¿A que están esperando para convocala? Tamén está no acordo a convocatoria da Comisión Mixta e a transferencia da AP9 e doutras cuestións, moitas de transferencias, que están pendentes. Polo tanto, se lles centramos o balón, polo menos, uns e outros remáteno, porque non lles imos facer nós tamén o traballo ese. ¡Fagan algo!, fagan algo a respecto da transferencia.

O que non podemos admitir, desde logo, de ningunha maneira, non llelo imos admitir, é que veñan aquí propoñer que Galiza, que a Xunta volva pagar aínda máis peaxes da AP-9. ¿Queren facer o mesmo que con Meirás?, ¿que volvamos pagar outra vez? ¡Pois ímoslles dicir que non!, que non estamos de acordo con iso, que quen ten que pagar é o Estado. Porque o Estado leva moitísimo recadado á conta de todos os galegos e galegas, que pagamos as peaxes todos os días, ese roubo e ese atraco. Igual a supresión da peaxe entre Redondela e Vigo, sen escusas; non hai escusas. Agora vimos na prensa que veñen con escusas, pois non hai ningunha escusa.

E tamén dicimos unha cousa: que a transferencia é importante, pero non chega; é un primeiro paso, porque nós non imos nunca renunciar a defender unha AP-9 galega, plenamente galega e libre de peaxes. ¡É de xustiza! Ademais, xa se está facendo en moitas outras autoestradas do Estado. Fíxose entre Burgos e Armiñón; fíxose entre Tarragona e Alacante; vaise facer, proximamente en agosto, entre Zaragoza e Barcelona, entre Tarragona e a fronteira francesa. E nós polas responsabilidades do Partido Socialista e do Partido Popular que- ren que sigamos pagando ata o 2048. ¡E non!, ¡dicimos que non, que basta xa!, ¡que xa pagamos dabondo!, que nos teñen que devolver parte do que nos roubaron e que, polo tanto, non imos admitir iso.



Queremos, é de xustiza, unha AP-9 galega e libre de peaxes, *(Aplausos.)* e imos seguir loitando por iso ata o final.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Calvo Pouso.

**O señor CALVO POUSO:** Señor presidente, moitas grazas.

A verdade, señorías, eu pensaba que nestes momentos esta iniciativa se retiraría da orde do día, por petición do Grupo Socialista. Estou sorprendido, sobre todo, despois de escoitar no debate de hoxe pola mañá as preguntas ao presidente, a intervención do voceiro socialista e a intervención do presidente da Xunta. Pero máis alá diso, se botamos unha ollada á historia do parlamentarismo aquí en Galicia, nunca seríamos capaces de atopar unha iniciativa coma esta. Non me sorprende que outros deputados con máis experiencia non defendan esta iniciativa, porque a verdade é que é insólito que se pida este recoñecemento e que se pida e que se exprese por escrito o que hoxe se expresa a través desta iniciativa.

Esta iniciativa o que vén mostrar é a maior submisión da historia da democracia de Galicia do Partido Socialista de Galicia ao Partido Socialista de España. É a maior submisión que nunca se viu neste parlamento. Porque un é normal que defenda o seu goberno cando está en Madrid, é normal que se busquen argumentos para intentar defender cal é a súa acción, pero o que non ten sentido é presentar unha iniciativa deste tipo. Máis ben parece que se busca o favor da dirección do partido, agora que falan de cambios nas direccións rexionais do partido. Supoño que a foto do señor Gonzalo Caballero co secretario de organización, o señor Ábalos, a semana pasada ou hai dúas semanas terá moito que ver con esta iniciativa. ¡Moi mal teñen que estar vendo as cousas!

Pero centrémonos na iniciativa, porque esta que traen a debate na súa exposición de motivos —a que vén redactada— ... Decía o señor Bará que había que contar ata dez; eu non vou contar, porque non vou entrar. Estou seguro de que todos cometemos erros na xestión da AP-9. Seguro que se podería facer. Pero mire: «¡a vaquiña polo que vale!», como di un anuncio da televisión.

O primeiro partido, señora Otero, que incrementou a concesión da AP-9 foi o Partido Socialista. Eu tróuxenlle aquí o BOE, *(O señor Calvo Souto amósalle á Cámara unha copia do BOE do 7 de setembro do ano 1994.)* non llo vou levar ao escano, porque non necesito a fotografía, pero é o BOE do 7 de setembro do ano 1994, firmado polo señor Borrel, ministro, e sendo secretario de Infraestruturas o señor Touriño. Non sei se me escoitou, pero o señor Touriño foi o primeiro que a incrementou. Polo tanto, cando na iniciativa di que o señor Touriño foi o primeiro que se preocupou en incrementar a concesión dez anos máis, ¡é certo, totalmente certo! E despois din, e o señor Bará tamén: «¡joia!, é que veu Aznar e incrementou a concesión»; ¡tamén é certo! É certo, Aznar tamén incrementou a concesión.





Pero ¿saben que? Eu son de San Sadurniño. Si, si, son de San Sadurniño. Cando vin estudar a Santiago e un ano a Vigo, collía a autopista en Guísamo, en Santa Marta de Babío: corenta e cinco minutos; tiña que chegar eu no meu coche para coller a autopista, *(O señor Bará Torres protesta.)* porque... ¡Non, non, permítame, señor Bará, permítame! Eu xa sei que considera que non é digno o traballo de moitos deputados, pero déixeme que lle explique...

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio, señor Bará! ¡Silencio!

**O señor CALVO POUSO:** Déixeme que lle explique, que é igual de digno o traballo de todos os deputados, de verdade, sexan de Cataluña ou sexan doutro lado. *(Murmurios.) (Aplausos.)*

Mire: cando eu estudaba en Santiago tiña que vir a Guísamo coller a autopista, porque Galicia, para o Partido Socialista en Madrid, só era a referencia entre Vigo e A Coruña, e o resto de Galicia non existía, incluída a parte norte do eixo atlántico. Non existía. E estivemos durante moitísimos anos indo buscar a autopista a Santa Marta de Babío. Para ir a Santiago case saía igual seguir pola estrada nacional que vir pola autopista, se viñas de Ferrol. E cando chegou Aznar, e grazas tamén a un barco, ¡porque é verdade!, grazas a que un barco se soltou e rompeu a ponte, Aznar tomou a determinación de prolongar a autopista ata Ferrol, e o último tramo gratuíto. Podemos estar de acordo ou non, podemos considerar que se podería facer doutro xeito, ¡estou seguro! O Bloque Nacionalista Galego, se fora por eles, non a facían, porque cando faláron da autopista era unha «navallada» e non se podía levar a cabo. Esa é a postura do Bloque Nacionalista Galego, aínda que agora veñan contando historias ou colgando pancartas. Esa é a historia.

Polo tanto, ¿podemos estar de acordo co aumento da concesión de Aznar? Si. ¿Podemos crer que se podía facer doutra maneira? Seguro. Pero toda a parte norte de arriba de Galicia ten autopista, e libre de peaxe dende o primeiro día, grazas ao Goberno de Aznar. Polo tanto, a historia hai que contala toda e non quedar na metade. *(Aplausos.)*

Por certo, que dicían na intervención de pola mañá, nun período de crise económica, porque cando Aznar chegou á Moncloa houbo que pedir un crédito para pagar as pensións. E hoxe pola mañá escoitabamos outro voceiro do Partido Socialista dicir que non, que agora non se podían facer cousas porque estamos en crise. En crise estamos dende que apareceu a covid hai un ano, en crise económica. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero, ¡é que é increíble o que están a dicir!

E din que Rajoy o vetou no Congreso. Si, é certo: nunha das iniciativas cando se pedía o rescate da autopista e a posterior transferencia. ¿Habería que ver o Partido Socialista, se hoxe, na iniciativa que debatemos hai unhas semanas en Madrid, pedísemos primeiro o rescate e despois a transferencia? Xa veríamos o que votaba o Partido Socialista no Congreso dos Deputados.

Pero o que fixo Rajoy foi unha cousa. Houbo un Goberno, un Goberno dos nacionalistas, do Bloque, de Quintana e do señor Touriño, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* que xunto con Zapatero —o Goberno era dos dous, ¿non?— chegaron a un acordo: levántase a peaxe en Rande e A Barcala e decídese que paguen os galegos. E eses foron vostedes. Nunha





autopista —como din vostedes— do Estado pagaban os galegos por levantar a peaxe. ¡E agora oféndense porque o Partido Socialista vén pedirllas o mesmo que vostedes facían cando gobernaban!

Pois, si señor, iso fíxoo o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego. ¿E que fixo Rajoy? Pois Rajoy co Partido Popular dixo: non, se a autopista é do Estado, o levantamento das peaxes págao o Estado. E diso tamén é culpable Rajoy. Pois si, si é culpable Rajoy. ¿E que fai o Partido Socialista? Primeiro, firma o contrato e, agora, pídenos os cartos —como nos dicía o presidente pola mañá— nunha carta. É a primeira vez que o Estado se dirixe a unha comunidade autónoma para pedirlle por carta que lle paguen a unha empresa, e iso co membrete do Ministerio; pero desas cousas non falamos.

Pero ben, o Partido Socialista, ademais, con Zapatero e con Sánchez, blindou esa subida das peaxes ata o ano 2048 por real decreto: no 2018, un 2,15 %; no 2019, un 3,51 %; no 2020, un 2,69 %; no 2021, un 0,92 %. E agora nesta iniciativa piden que poñamos cartos dos orzamentos dos galegos para reducir a peaxe, cando noutras comunidades autónomas se están rescatando as concesións, ou ben se están reducindo as peaxes. É dicir, que volvamos pagar.

Eu supoño que a estas alturas estaremos perdidos, pero imos resumir: o Partido Socialista dinos que recibamos a AP-9; que paguemos a Audasa pola peaxe da Barcala e de Rande —que Rajoy aceptou pagar cando Sánchez non quere—; que nos fagamos cargo das obras pendentes; que agora poñamos máis cartos para reducir as peaxes que vostedes autorizaron subir. E todo isto que llo agradezamos ao Partido Socialista.

Pero, ¡isto é unha broma!, ¡isto é unha provocación en toda regra! É difícil chegar a un extremo superior. Pero como a realidade supera a ficción, hoxe, ou onte, cando se presentan as emendas, chega o Bloque Nacionalista Galego, e vímolos hoxe aquí na intervención. Do que se trata é de saber quen colga máis medallas. Chegamos ao punto de dicir: ¡joia!, isto do Partido Socialista, non. Isto faise porque o Bloque o di. E, ademais, dámoslles as grazas aos deputados que durante anos estiveron por alí; dámoslles as grazas aos que pasaban; dámoslles as grazas aos que colgaron as bandeirolas nas entradas das pontes nas cidades. E nós somos os responsables de todo isto. (*Murmurios.*)

Ben, e incluso nos din o que é digno como traballo parlamentario e outros non. E dicía a voceira do Bloque Nacionalista Galego hoxe pola mañá, que era «*bochornoso*» ver o debate entre o presidente da Xunta e o voceiro do Grupo Socialista. ¡Non! E dicíanos despois un deputado que con sacar unha foto xa estaba feito o traballo. Ben, eu supoño que iso o diría pensando cando viu hoxe a súa voceira ir xunto ao escano do presidente da Xunta e entregarlle un papel. Supoño que esa foto xa dá para virar o día. (*Murmurios.*) Supoño, porque o que pensan para un, pensarano para outro.

Pero, señores deputados, a verdade é que presentamos unha iniciativa no Congreso. Pedimos, ao mesmo tempo que se segue tramitando no Congreso a iniciativa, ¡ao mesmo tempo!, que se reduzan as peaxes que foron comprometidas. Levamos meses sen saber nada, e a Xunta de Galicia fixo unha proposta. Non se reduce nada, señor Bará, o que se di é que con eses cartos que están nos orzamentos do Estado se pode facer unha proposta. Nós, que co-



ñecemos cal é a xestión da autopista e cales son as necesidades, fixemos unha: gratuidade na viaxe de volta para a telepeaxe; para viaxes nun intervalo de vinte e catro horas, un desconto adicional do 25 %, e dun 60 % para todas as viaxes de vehículos pesados e tarifas reducidas en horario nocturno. Ao tempo que se segue tramitando, hai que levantar a peaxe de Redondela; estamos de acordo con vostede, e hai que facer as obras comprometidas que había, como, por exemplo, en Chapela.

¿Que hai que reunir a Comisión Mixta de Transferencias?, dicía vostede. Estamos de acordo, pódese ir reunindo. Claro que se pode ir reunindo entre o Estado e a Xunta. E saben vostedes que a transferencia, señores socialistas, non é unha transferencia nun papel; as transferencias son transferencias efectivas, co custo que gasta o Estado en mantemento e en investimento nesa infraestrutura. Hai que falar do vial 18, do terceiro carril entre Guísamo e A Coruña, das pantallas acústicas, do enlace entre a A-54 e a AP-9, da reforma do nó de bombeiros de Pontevedra.

En definitiva, pódense ir facendo esas cousas, ¡claro que si! Pero a iniciativa que hoxe presentou aquí o Partido Socialista non era unha iniciativa para mellorar a vida dos galegos, non era unha iniciativa para avanzar un trámite no traspaso da AP-9, ¡non! Era para poñerlle unha medalla a Pedro Sánchez. *(Murmurios.)* E cando presentamos unha emenda, pensando nos trámites que hai que facer e nos pasos que seguimos dando, chega o BNG a poñerse a medalla despois das pancartas. *(Aplausos.)* Ben, ¡pois isto é o que hai! Nese camiño, señorías, non nos van atopar.

Nós presentamos unha emenda para seguir traballando pola autopista, para seguir traballando na redución das peaxes, e queda tanto traballo por facer que é necesario sentar. Estamos de acordo. Temos pedido que se reúna esa comisión que había entre a Xunta e o Goberno ata en cinco ocasións, e non nos contestaron. Pero houbo tempo para recibir o secretario xeral e poñerlle deberes.

En definitiva, esperemos que se poida chegar a un acordo para mostrar que o que nos interesa é a redución da peaxe e a transferencia da AP-9.

Déixolle, señor presidente o BOE este, onde o señor Touriño incrementaba a concesión, por se acaso... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Protestas.)* ¡Non, non, déixollo por aquí. ¡Non é para a foto! ¡Podía levárllelo a vostedes, pero non o vou facer! *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Non, non, coidado, ¡o sistema de protocolo! Non, eu xa sabe que nisto imos cumprir as normas todos.

**O señor CALVO POUSO:** Pásollelo aos servizos para que non haxa problemas. ¡As fotos son para outra cousa!

**O señor PRESIDENTE:** Moi ben falado por parte do vicepresidente. Ese é o trámite: a través dos servizos da Cámara. ¡Ese é o trámite! Por favor, que todos cumpramos iso. Grazas. *(Aplausos.)*

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*



Polo grupo autor da proposición non de lei ten a palabra a señora Otero.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** Grazas, presidente.

Señor Calvo, podía deixarlle tamén o BOE de cando foi privatizada esta autoestrada, e cando o señor Núñez Feijóo era conselleiro; tamén podía deixar ese BOE para que tamén comparamos un co outro. *(Aplausos.)*

Falaba vostede de que en máis de cinco ocasións solicitamos a xuntanza e a celebración desa comisión mixta, e eu preguntolle: ¿dende cando levan reclamando a celebración desta comisión?, ¿dende antes do 2018? Porque anteriormente... ¡Non, non, claro! O señor Bará dixo unha cousa: a transferencia podía facerse de dúas formas, ben a través dese debate, desa toma en consideración e despois os conseguintes trámites legais, ou ben podía facerse a través desa comisión mixta. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E o Partido Popular e o señor Núñez Feijóo nunca pediron esa comisión mixta cando estaba a gobernar o Partido Popular en Madrid. Veñen agora pedir cousas que —como digo sempre— anteriormente a 2018 non as pedían. Polo tanto, aclárense dende cando solicitan esa comisión mixta.

Vostede falaba tamén de que o Bloque Nacionalista Galego valoraba o traballo dos deputados e das deputadas, e hoxe vostede parece que aos novatos e ás novatas pois non nos considera, non nos deixa traer iniciativas deste calado, *(Aplausos.)* porque así empezou a súa intervención. Dende logo, eu non podo ter a mesma experiencia que ten vostede nesta cámara, porque leva moitísimos máis anos ca min nesta casa.

Decía tamén vostede, despois das preguntas ao presidente, que pensaba que haberíamos de retirar esta iniciativa. ¡Non!, é que despois de que o presidente da Xunta de Galicia non responde ao noso voceiro, pois temos que preguntarlle se realmente o Partido Popular vai apostar por colaborar ou, polo menos, estudar a posibilidade de colaborar na rebaixa desas peaxes.

Claro, vostede saca a relucir tamén un documento e un escrito do que falou o presidente da Xunta de Galicia pola mañá, e vostedes que van de abandeirados do Estado de dereito, da separación de poderes, ¿que nos está a pedir o señor Calvo?, ¿que non acatemos as resolucións xudiciais? Porque do que está a falar, cando di que o Goberno exige á Xunta que volva pagar a peaxe de Rande e A Barcala, iso é un fallo xudicial. A concesionaria presentou recurso contra as decisións adoptadas por un ministro do Partido Popular. Polo tanto, ¿que vai facer o Goberno de Pedro Sánchez?, ¿non acatar unha decisión xudicial? Dígame: ¿cal é o posicionamento do Partido Popular? ¿Hai ou non hai en España separación de poderes?

¿Imos vulnerar o que está establecido nun fallo xudicial? Porque iso é moi importante tamén que o digan, e que non terxiversen a realidade, e que digan que é vontade do Goberno exixir esa cantidade, que, por certo, o presidente da Xunta falaba de 400 millóns e creo que son 15,65 máis 1,76 millóns máis. Pero é que o Goberno exige á Xunta que aboe á concesionaria pola decisión de De La Serna, que deixou sen pagar á empresa de Rande e da Barcala, e hai un fallo xudicial. Interésanos moito dende o PSdeG saber se hai que acatar ou non as decisións xudiciais. *(Aplausos.)*



Polo tanto, nós seguimos con esa man tendida que fixo hoxe o noso voceiro, o señor Caballero, para colaborar e para buscar a mellor solución na rebaixa desas peaxes ata o ano 2048, non só ata o ano 2021.

Dicía o señor Bará que isto empezou sendo unha «navallada» e terminou sendo un atraco á man armada. Pois a verdade é que coa súa posición, co seu voto, o que non queren é que pare este atraco á man armada. Vostedes non queren que entre a policía —xa sei o seu posicionamento— para atallar ese atraco á man armada.

Se estamos a falar hoxe das bonificacións é porque o PSOE puxo as bonificacións nos orzamentos xerais do Estado; por iso estamos a falar das bonificacións.

Falaba o señor Bará: non, é un estudo. Non, é unha realidade, está contemplada esa partida nos orzamentos xerais do Estado. Porque repito, señor Bará: ¿como pretendían vostedes bonificar esas peaxes sen os orzamentos xerais do Estado? (*Aplausos.*) Dígame, máis aló de criticar o PSOE, cal é a proposta do BNG, a proposta concreta para bonificar esas peaxes. Vostedes —permítame— anuncian o acordo de investidura e nós anunciamos a realidade. Nós anunciamos os orzamentos xerais do Estado, que son os que contemplan esa bonificación (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** Pola miña parte, nada máis. É unha pena que non vaiamos saber se a Xunta de Galicia está disposta a colaborar ou non nesa bonificación das peaxes que beneficia todos e todas as galegas.

**O señor PRESIDENTE:** ¿Acepta as emendas?

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** Non, non aceptamos as emendas.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** É unha pena, agora que estaba encauzado isto.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Prado del Río e catorce deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa situación que están a padecer as mulleres no ámbito laboral e familiar**

**O señor PRESIDENTE:** Hai emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Socialista.

(*O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Mercedes Queixas Zas e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei para debate en pleno.*)



*Emenda de adición.*

*Débense engadir, despois da parte resolutiva da proposición non de lei, os seguintes puntos:*

*«7.- Presentar unha avaliación do desenvolvemento do Plan galego de conciliación e responsabilidade 2018-2021 antes de rematar o actual período de sesións.*

*8.- Presentar no Parlamento, antes de rematar 2021, un novo Plan galego de conciliación e responsabilidade para o seu debate e tramitación de acordo co disposto no Regulamento da Cámara.»)*

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Noa Díaz Varela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.12 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa as seguintes emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de adición.*

*Débense engadir, despois da primeira parte resolutiva da Proposición non de lei, dous novos puntos:*

*«2 bis.- Garantir a paridade en todos aqueles centros de xestión da pandemia nos que se toman decisións.*

*4 bis.- Revisar o Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021 para actualizalo á nova realidade xurdida coa pandemia da Covid-19.»*

*Emenda de modificación.*

*Débese substituír o texto do punto 1 da segunda parte resolutiva da proposición non de lei, de tal maneira que onde di: «1.- A aprobación da Lei de Igualdade Salarial para rematar coa fenda salarial de xénero entre homes e mulleres...», deba dicir o seguinte:*

*«1.- Seguir avanzando en materia de igualdade salarial de acordo co Real decreto 902/2020, do 13 de outubro, de igualdade retributiva entre mulleres e homes, para concluír na aprobación dunha lei de igualdade salarial...»*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Paula Prado.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Moitas grazas, señor presidente.

Como cuestión previa —e sen ser de Ourense— gustárame dicir que o Entroido comezou o 4 de febreiro, xoves de compadres, e rematou o mércores 17... Ben, igual é máis atrás... (*Murmurios.*) ¡Ben, ben, si..., son moito de celebrar! Eu era por poñer unha data. O importante non é cando empeza, senón cando acaba, (*Risos.*) e acabou o 17 de febreiro, mércores, ¿sí? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, pregunto se remata co enterro da sardiña ou coa queima do Meco, porque o Meco se queima o 17 de febreiro, non se colga o 19 de febreiro. E que eu saiba en Compostela este ano non houbo Meco, señora Rodil. A verdade é





que eu, lendo os tuits que puxo vostede ultimamente, vexo que non había inxenuidade. Vostede escribiu un tuit que dicía: «Entrada en prisión de Hasél. Dous anos de cadea por cantar», (*Murmurios.*) branqueando a violencia, ¡branqueando a violencia! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Queixas.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Igual que se intentou facer hoxe aquí coa señora Calvo. Porque eu cando dixen que os que non condenaban estes actos estaban no Goberno, dicíao por cousas como esta, señora Rodil. (*A señora Prado del Río mostra dúas fotografías.*) Porque isto non é un meco, e tampouco era un meco cando colgaron no patíbulo o señor José Manuel Rey e o señor Feijóo cando houbo unha manifestación en Ferrol polo tema do flotel. Este tipo de cuestións son as que eu condeno, señora Rodil; eu e o noso grupo. E que vostede se negue hoxe a condenar esta violencia e que vostede, precisamente, puxera ese chíio dicindo que este señor vai ao cárcere por cantar, tan inxenuamente, señora Rodil, a verdade é que resulta sorprendente, porque o señor Hasél non está no cárcere por cantar. O señor Hasél está no cárcere porque é un delincuente, condenado en sentenza firme por enaltecemento do terrorismo e inxurias á coroa. Ten antecedentes penais por agredir un xornalista e unha testemuña nun xuízo, por agredir un garda urbano cando intentaba asaltar a Subdelegación do Goberno en Lérida... E por non falar xa das letras machistas que ten este señor nesas cancións —por chamarlles algo, porque cantar non canta nada, señora Rodil; igual vostede escoita a súa música, ¡alá vostede!—. Pero é que a vostedes despois lles molesta que o señor presidente da Xunta diga que son vostedes uns radicais. Efectivamente, a vostedes hoxe caeulle a pel de cordeiro que puxeron para as eleccións do 12 de xullo, señora Rodil, xa llo dixen. (*Aplausos.*) Eu condenaba este acto violento que se fixo en nome do feminismo, porque eu pedía que non consentiramos esa confrontación en que queren meternos algúns, tamén no feminismo. Eu pido consenso no ámbito da igualdade. Pero, claro, escoitando deputados seus —como dicía o outro día un deputado do seu grupo, que «o consenso está moi sobrevalorado» e que «o mundo non avanzou polos consensos, senón polos conflitos»—, agora explícase todo, señora Rodil. Vostedes branquean a violencia, e nós iso non o imos consentir. (*Murmurios.*)

Miren, entrando na... (*Murmurios.*) Non, non, poden dicir que se é un meco, que se é... Non, ¡é branqueo da violencia! Como lle dixen un día, vostedes son os herdeiros das Mareas de Podemos, e agora cada vez se ve máis. (*Murmurios.*) E este tipo de cousas certifican... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...esas cousas! Non, claro, estallles facendo agora uns tests nesas algaradas das rúas a ver se lles poden volver dar o carné a todos eses que marcharon. (*Risos.*) Pronto os veremos outra vez nas filas do BNG.

Ben, vou falar de temas importantes, que son os que nos trouxeron hoxe aquí. (*Murmurios.*) A incorporación das mulleres ao mercado laboral e a permanencia no emprego, así como as súas condicións de traballo, señorías, aínda están hoxe lonxe de producirse en condicións





de igualdade. E non imos conquistar a plena igualdade ata que os homes tamén se incorporen ao coidado doméstico e ás tarefas do fogar na mesma medida que as mulleres ao mercado laboral. As estatísticas seguen a revelar que hai unha realidade desigual nas retribucións salariais, na promoción profesional, no acceso a ámbitos e sectores aínda fortemente masculinizados, así como tamén na presenza das mulleres nas esferas de decisión.

O impacto de xénero da covid-19, ou a crise ocasionada por esta pandemia, afecta de xeito diferente os homes e as mulleres. Isto foi analizado por diversos organismos: a OIT, a ONU, a OCDE, a Unión Europea, o Instituto da Muller... E todos coinciden en sinalar que a tripla dimensión desta pandemia —a crise sanitaria, a crise económica e a crise social— ten unha repercusión diferente entre os homes e as mulleres, e a resposta a esta crise debe incorporar un enfoque fundamentalmente de xénero.

Destacan informes —como dicía antes—, por exemplo, da ONU, que din que as mulleres desempeñan un papel imprescindible na loita contra a covid-19 como principais coidadoras nos fogares, nas redes familiares, en espazos comunitarios, como traballadoras e profesionais no sector da saúde —sobrerrepresentadas nos servizos de limpeza— e como traballadoras domésticas e en servizos básicos —como supermercados ou farmacias—, e as tarefas de coidado dentro dos fogares tamén están a recaer maioritariamente nas mulleres, que, polo xeral, teñen a responsabilidade de atender familiares e enfermos, persoas maiores, dependentes, así como nenos e nenas. Tamén o Instituto da Muller destacou que as mulleres seguen realizando a maior parte do traballo doméstico e de coidado de persoas dependentes —remunerado e non remunerado— e que tamén asumen unha carga mental maior derivada disto.

Por tanto, en relación con todo isto, un dos maiores retos que temos por diante é a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, e a corresponsabilidade no ámbito doméstico e familiar. A desigual repartición das responsabilidades familiares e das tarefas do fogar constitúe un dos principais obstáculos para que a participación e a permanencia das mulleres e a súa promoción laboral se produza de forma plena.

É indubidable que a plena igualdade no ámbito laboral só será posible se existe unha asunción equitativa e equilibrada do traballo doméstico e do coidado no ámbito do fogar.

Temos que apostar por un modelo de sociedade corresponsable no que homes e mulleres compartan de maneira equilibrada as responsabilidades domésticas e familiares, no marco do necesario cambio cultural tamén ao redor do uso do tempo. É necesario impulsar a concienciación do conxunto da sociedade en favor dunha organización social corresponsable e de horarios máis racionais.

O Goberno da Xunta estalle dando prioridade a estas cuestións a través, por exemplo, das ordes de axudas para implantar a igualdade laboral, a conciliación e a responsabilidade social e empresarial. En 2020 esta orde contou con 2 millóns de euros e tiña tres liñas:

A liña 1 era a elaboración e a implantación de plans de igualdade, tan importantes para as empresas e para que se cumpran e iso impida desigualdades no ámbito laboral.



A liña 2 era a conciliación, que, á súa vez, ten tres subliñas: a primeira, incentivos para o fomento do teletraballo; a segunda, incentivos para o fomento da flexibilidade horaria; e a terceira, axudas para o investimento tendentes a garantir e mellorar o dereito á conciliación da vida laboral e familiar.

E a outra liña, a liña 3, é a certificación da responsabilidade social e empresarial, que son subvencións para a obtención dunha certificación ou dun informe de verificación ou validación de códigos de conduta, normas ou estándares en materia de responsabilidade social empresarial.

Ben, como saben e como xa anunciou aquí a conselleira de Traballo, estase traballando nestas mesmas liñas do ano anterior e tamén en axudas para o apoio á conciliación por maternidade ou paternidade da persoa traballadora autónoma; tamén en fomento e consolidación do emprego nas pequenas empresas de nova creación e nas empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica, que contempla subvencións para a conciliación da vida persoal, laboral e familiar das persoas promotoras.

Parécenos fundamental tamén a modificación e a elaboración dun dun texto legal. A modificación da Lei de conciliación da vida laboral e familiar é do ano 1999, dun goberno do Partido Popular, pero é de hai vinte anos. Houbo reais decretos, houbo ordes, houbo modificacións puntuais, pero nós cremos que agora o que é importante é facer unha modificación integral desta lei para adaptala aos novos tempos, tanto laborais como ao reto demográfico ao que nos enfrontamos en Galicia —en España, pero en Galicia especialmente—.

E tamén pedimos a aprobación dunha lei de igualdade salarial. É unha reivindicación histórica deste Parlamento. Xa aprobamos varias veces, por unanimidade de todos os grupos, esta cuestión. O señor Sánchez tamén a prometeu; prometeuna tanto o día da moción de censura como no seu debate de investidura de xaneiro de 2020. Foi unha das súas promesas de que ía ser unha realidade. Aprobaron en outubro un real decreto sobre igualdade retributiva entre mulleres e homes, pero este real decreto deixou de lado o debate parlamentario, que estes días neste Parlamento e nestes debates xa se dixo que era preciso o debate parlamentario. Ben, deixouse fóra do debate parlamentario a igualdade salarial, pero é que tamén se esqueceu de tratar temas tan importantes e, ademais, problemas endémicos da discriminación laboral, como son a redución da xornada por parte das mulleres polo coidado dos menores e das persoas en situación de dependencia ou a violencia de xénero no ámbito laboral —non o recolle tampouco ese decreto—, entre outras cuestións que se tiñan que ter abordado.

Nós presentamos unha iniciativa con seis puntos en relación con todo isto que estaba a dicir: fomentar medidas e programas de conciliación e medidas que incentiven a corresponsabilidade; a implantación de plans de igualdade; un plan de sensibilización e concienciación de corresponsabilidade e horarios máis racionais; un estudo, en colaboración coas universidades galegas, que analice a repartición do traballo doméstico —parécenos fundamental—, tanto do coidado de menores e de persoas dependentes como das tarefas do fogar, para definir as novas actuacións ao respecto, e ter en conta na elaboración das medidas a denominada «interseccionalidade»; e dous puntos para demandar ao Goberno do Estado a modificación da Lei de conciliación e a aprobación da Lei de igualdade salarial.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)



*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

Polo Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra a señora Díaz Varela.

**A señora DÍAZ VARELA:** Grazas, presidente.

Bo día —case tarde xa—.

Efectivamente, tal e como se dixo aquí, estamos aínda moi lonxe de acadar a igualdade entre homes e mulleres, en calquera ámbito, certamente, pero é especialmente preocupante aquel que depende só da capacidade política dos gobernos, dos axentes económicos, que ten que ver co emprego, cos salarios, coa conciliación e mesmo tamén coa organización dos tempos.

Sabemos xa, porque así o indican estudos internacionais, estatais e dalgunha universidade pública —galega tamén, por exemplo, a Universidade de Vigo, que fixo un estudo acerca das súas egresadas e egresados—... Por certo, non é agora o tema, pero sei que hoxe aquí, na comparecencia, a voceira do Partido Popular non comentou este estudo, pero na exposición de motivos si se fala dun estudo que a Consellaría ten elaborado. Esta é unha das razóns polas que interpelamos tamén esta tarde á conselleira. Non está realizado aínda ese estudo, senón que é un resumo —e vostede tamén o traía aquí, e ben traído— do Instituto da Muller —antigo Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades— que se publicaba no mes de decembro.

Nós diciamos que esta crise, efectivamente, afectou máis as mulleres que os homes. Son máis as que perderon o seu emprego, as autónomas que viron frustradas as súas empresas, as que sufriron un ERTE... Pero é que tamén son máis..., perdón, somos máis, as que fixemos malabares coas clases dos nosos fillos e fillas, as que atendemos os nosos pais e nais, avós e avoas e persoas dependentes, as que atendemos á vez o traballo profesional e as tarefas do fogar... Foron, fomos, as que máis sufrimos eses efectos á conta da nosa propia carreira laboral e profesional e mesmo tamén á conta do noso propio benestar.

E, por suposto, hoxe non é aquí o momento para tratar esta cuestión, pero tamén foi maior a tortura de vítimas de violencia machista, de mulleres vítimas de violencia machista.

As propias Nacións Unidas advertían de que a crise puxo de relevo tanto a importancia fundamental das achegas das mulleres como as cargas desproporcionadas que soportamos. E, por se fose pouco, hai que lle sumar novos obstáculos, que se suman aos de carácter social e sistémico que persistían antes e que frean a participación e o liderado das mulleres. Porque a pesar de que as mulleres, por exemplo, somos maioría entre o persoal de primeira liña nesta crise sanitaria, aínda estamos infrarrepresentadas nos espazos de poder e na toma de decisións.

É por iso necesario que interveñamos para que esta crise non deixe a ninguén atrás e para que tampouco nos leve por diante a nós, ás mulleres. Temos ante nós unha grande oportu-



nidade, e ademais agora que contamos cunha importante inxección en forma de fondos europeos que nos dan a posibilidade de investir —jollo!— para xerar estruturas novas, pero tamén, e máis importante aínda, para modificar ou cambiar aquelas vellas que, dende logo, se está demostrando que non son eficaces para acadar eses obxectivos de igualdade.

Debemos fixar as nosas miradas nas mulleres que sofren unha maior precariedade, debemos dirixir as nosas políticas públicas a pechar as moitas, moitísimas, fendas que aínda quedan pendentes, como a laboral, a salarial. Xa se falou hoxe aquí diso. A miña compañeira Carmen Rodríguez hoxe daba datos que creo que se todos ou todas estivemos atentos hoxe aquí nos dan para moita reflexión acerca desa fenda salarial que estamos a sufrir, mesmo no emprego. Falamos da fenda dixital ou mesmo da propia corresponsabilidade.

E claro, efectivamente, para nós é importantísimo pór o foco, precisamente, nesa corresponsabilidade. Cremos que é unha das grandes cuestións que se deben abordar neste século e neste xurdir dun novo momento —porque é así— social que estamos a vivir. Son actuacións destinadas a impulsar a corresponsabilidade e a corrixir todas aquelas situacións de desigualdade das mulleres, desde o ámbito rural ao ámbito científico ou tecnolóxico, porque ningún destes son compartimentos estancos e só abordando esta cuestión transversalmente poderemos deseñar os mecanismos certos para acabar coa desigualdade.

Estamos falando de desigualdade, e quero traer aquí tamén a advertencia que facían os tres reitores das universidades galegas na Comisión de Reactivación cando dicían que a produción científica das mulleres mingudara neses meses de confinamento, onde estivemos traballando na casa todas e todos —curiosamente, a actividade científica das mulleres, a produción científica, minorou—, pero non pasou o mesmo coa actividade científica dos homes, que se incrementou. Entón, claro, eles mesmos —eses tres reitores— facían mención a isto advertindo desa importante fenda que se está producindo aí.

Nós, evidentemente, como non podía ser doutra maneira, imos apoiar esta proposición. Hoxe as socialistas estamos moi orgullosas de pertencer a un partido que foi quen de abandeirar a consecución de dereitos e liberdades para as mulleres, de facelo realidade, trasladando as reivindicacións xustas á lexislación e ás políticas públicas. Pero, certamente, non nos podemos enganar, queda aínda moito, moitísimo, por facer e moito por percorrer. Esta pandemia foi, lamentablemente, o peor sinal disto que estou dicindo agora. Con esta crise saíu á luz a situación de desigualdade na que viven hoxe aínda moitas mulleres e para as que hai que dirixir —repito— todos os nosos esforzos.

Con respecto á proposición non de lei que estamos a debater e para a que acabo de anunciar o noso voto favorable, si que certamente pensamos que son necesarios programas e plans de conciliación e corresponsabilidade, tamén de concienciación, e é necesaria unha maior flexibilidade laboral e regular o teletraballo. Pero con respecto ao teletraballo tamén quero facer aquí unha matización. A profesora María Bastida, na Comisión de Reactivación, advertía —e nós coincidimos— de que hai que asegurar primeiro esa corresponsabilidade, ese cumprimento da corresponsabilidade, para que realmente o teletraballo despois sexa algo igualitario. De nada serve que traballemos dende a casa se a organización segue sendo a mesma que ata o de agora.



Son tamén esenciais os plans de igualdade e os rexistros retributivos, e por iso celebramos a aprobación o pasado mes de outubro do Real decreto 901/2020, do 13 de outubro, que volve regular eses plans, pero xa coa obriga expresa de rexistralos e, ademais, de facer auditorías.

Por suposto tamén concordamos coa realización de estudos e con que se teña en conta a interseccionalidade, certamente, en calquera das accións que se vaian desenvolver. É moi importante.

Nós, ademais, propoñemos tres emendas que entendemos que poderían mellorar esta proposición non de lei. Coincidiremos todas as persoas aquí presentes en que é preciso aplicar a perspectiva de xénero a calquera acción política, pero iso non debe quedar só en vontade, hai que levalo á práctica.

E, dende logo, no momento actual, en plena crise sanitaria, social e económica, parécenos fundamental comezar por asegurar que as mulleres formemos parte dos centros de toma de decisións das comisións ou organismos que están a xestionar a pandemia. Por iso nós propoñemos engadir un punto no que se establezan mecanismos que aseguren a paridade en todos eses centros de tomas de decisión, en todos eses centros de xestión da pandemia. Só así poderemos garantir unha visión feminista e a inclusión da perspectiva de xénero nas accións que se leven a cabo.

Ademais, propoñemos tamén engadir que se revise o Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021 para actualizalo á nova realidade xurdida coa pandemia.

Somos conscientes de que o escenario de hai tres anos é hoxe radicalmente diferente, pero aínda o é máis a resposta que se lles debe dar ás novas problemáticas xurdidas. Por iso nós o que solicitamos é que se realice esa actualización dese plan galego.

E, xa por último, nas demandas ao Goberno do Estado, simplemente facemos unha pequena matización. Por suposto, parécenos importante aprobar unha lei de igualdade salarial. Non é importante, senón que é esencial, pero entendemos que esta debe ser, ademais, a culminación do camiño comezado este pasado mes de outubro coa aprobación do Real decreto o mesmo día que tamén os plans de igualdade e os rexistros retributivos. Esa debe ser a culminación do camiño comezado este pasado mes de outubro coa aprobación dese Real decreto 902/2020, de igualdade retributiva entre homes e mulleres. Pensamos que é necesario nesta proposición deixar constancia do marco lexislativo máis actual no que deben actuar as empresas. Certamente, é certo que deixou, probablemente, moitas cousas no camiño —e o debate parlamentario deixáremolo para o tema lexislativo—, pero tamén é certo —concordará comigo— que, claro, está ben que vostedes traian hoxe aquí esta cuestión e esas demandas ao Goberno central ás que estamos acostumadas por parte do Partido Popular, pero tamén poderían presentar vostedes esta modificación alí no Congreso, que teñen un grupo parlamentario e está representado. (*Murmurios.*) Perfecto. Entón, se o presentasen alí, ao mellor xa non tiña demasiado sentido que o presentasen aquí, pero, ben, se presentan alí a modificación, parécenos fantástico e ademais cremos que, efectivamente, debe ser obxecto de debate parlamentario. Desde logo, ao tratarse dunha lei cun rango superior, dunha norma con rango superior, entendemos que vai ser bastante máis completa e que tratará todas esas eivas que ao mellor agora vostedes apreciaron.





E nada máis. Conclúo recalcando que o PSdeG, dende logo, estará sempre apoiando calquera iniciativa que supoña rachar coas desigualdades entre homes e mulleres.

E nada máis pola miña banda.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Díaz Varela.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Mercedes Queixas.

**A señora QUEIXAS ZAS:** Boa tarde xa.

Sorpréndeme, en primeiro lugar, que a señora Prado prescinda dunha parte importante da súa intervención na que se fala de algo tan importante como é a conciliación e a corresponsabilidade para falar doutros temas que non teñen nada a ver. E tamén estou pensando que na deriva que está adoptando o Partido Popular hoxe mesmo seguramente criminalizarían os movementos de reivindicación na rúa que levaron adiante no seu momento as sufraxistas para conseguir o dereito de voto universal para as mulleres. *(Aplausos.)*

Eu quixera que non esquecésemos que hoxe é o Día de Rosalía, que debemos de lembrar tanto dentro do hemiciclo como fóra; unha data ben significada para a sociedade galega en honra desa pedra angular da nosa cultura literaria contemporánea.

E a lectura desta proposición do Partido Popular recoñezo que nos últimos días volveu en min a lembranza de versos e de prosas desa nosa voz transgresora e do pensamento reivindicador da palabra das mulleres xa con conciencia de clase no século XIX; unha proposición do Partido Popular que di xustificar a súa urxencia na necesidade de saber cal é o posicionamento deste Parlamento agora que chega o 8 de marzo. «Non che digo nada..., pero ¡vaia!» —que escribiu Rosalía—. *(Aplausos.)* Vaia por diante que para o BNG a preocupación polo universo discriminatorio para as mulleres non vén en absoluto fixada por unha data puntual no calendario, porque a igualdade para nós, a conciliación e a corresponsabilidade son unha acción política transversal. Non é, por tanto, un escaparate de moda pasaxeira nin unha festa que celebrar, senón unha autoafirmación na que nos seguir a reivindicar, porque si son algúns os dereitos conquistados, mais tampouco esquecemos que son aínda moitos os pendentes; materia pendente que, precisamente, agora vemos perigar seriamente na linguaxe e tamén nas actuacións de partidos políticos de extrema dereita, aos que non dubidan, por certo, en acubillar con pactos de goberno desde o Partido Popular que mesmo negan a violencia de xénero ou o dereito a conseguir a igualdade. Escoller estas compañías de viaxe nun proxecto político de goberno compartido é para nós erguer un muro frontal cara a un presente e un futuro de verdadeira liberdade para as mulleres, e tamén, por suposto, para as galegas.

Dícialles que a lectura desta proposición non de lei do Partido Popular convidoume a volver ler a obra de Rosalía nestes días. E concretamente quería traer aquí un poema seguro que





ben coñecido, «Xan», de *Follas Novas*. Xa saben, ese poema hiperbólico onde nada é o que parece e onde a man maxistral de Rosalía nos convida a ler entre liñas que a verdadeira protagonista é a opresión da muller por causa do exceso de traballo dentro e fóra da casa, por suposto, non recoñecido nin tampouco debidamente remunerado.

Substituímos neste poema Xan por Pepa, os dous protagonistas, e así vemos o alcance do drama en verso popular que delata o forte compromiso cívico rosaliano cunha realidade totalmente desequilibrada pola ausencia de autonomía —independencia, por tanto, económica— que condena as mulleres a unha dobre marxinación, no século XIX, si, mais tamén no século XXI.

Nesta proposición apelan vostedes, señorías do Partido Popular, a eses fríos datos que testemuñan como a crise ocasionada pola covid-19 afecta cun impacto moito máis dramático sobre as mulleres, sobre nós, o que xa vaticina unha clara regresión na igualdade de xénero. Xorden, entón, para nós dúas preguntas. Primeira: ¿ten algo a ver con estes datos a situación precedente á pandemia? E a segunda: ¿cal foi o rol da Xunta de Galiza nesta pandemia, que está a piques de cumprir un ano, para protexer as mulleres deste impacto negativo tan sorprendente como nada imprevisíbel? (*Aplausos.*)

A respecto da primeira pregunta cómpre verificar que a crise sanitaria na que estamos inmersas puxo en evidencia o papel central da muller na economía dos coidados, mais tamén as súas consecuencias. Actividades económicas fortemente feminizadas convertéronse de repente en esenciais, en imprescindíbeis. Pola contra, nesta altura de inseguridade económica moitas delas xa perderon o seu traballo ou ben tiveron que renunciar a el para priorizaren o coidado das crianzas, das persoas maiores ou das persoas dependentes dende aquel comezo do confinamento co peche das escolas, prorrogado despois tamén co peche dos centros de día.

Menor taxa de actividade, maior temporalidade, maiores taxas de desemprego eran trazos que xa caracterizaban o mercado laboral no ámbito das mulleres galegas antes da pandemia, ao que hai que sumar, por suposto, algo do que xa se falou aquí hoxe: a fenda salarial, o máximo expoñente da desigualdade que no ámbito laboral sufrimos as mulleres. A respecto desta precisamente os datos da Axencia Tributaria conclúen que dende o ano 2009 esta fenda apenas mudou dun 23 % a un 20 %; é dicir, en termos absolutos, a unha redución de 150 euros mensuais. Se seguimos a este ritmo, faltarían aínda 300 anos para conseguir a equiparación salarial cos homes. «Non che digo nada..., pero ¡vaia!», que diría Rosalía. (*Aplausos.*)

É máis, os datos recentes da EPA e correspondentes ao último trimestre do ano pasado, o ano 2020, conclúen que nese ano, no ano da pandemia, o 77 % do emprego destruído é feminino, porque nesta crise, efectivamente, emerxeu a verdadeira faciana: directa ou indirectamente seguimos a ser as mulleres as encargadas dos coidados. ¡Que precario era aquel equilibrio da conciliación e que cativa é aínda a corresponsabilidade no fogar!

Como recolle, aínda ben, o actual e moi recente informe da situación sociolaboral das mulleres publicado pola CIG —esa forza sindical maioritaria en representación e tamén en afiliación de traballadoras galegas que vostedes exclúen nese invocado, tamén nesta proposición non de lei, diálogo social—, a crise de 2009 sacara as mulleres da casa; esta, en



cambio, devólveas ao fogar; nuns casos ao teletraballo —xa se falou aquí tamén—, a esa forma enganosa e totalmente tramposa de conciliar, para que nos poidamos seguir facendo cargo das persoas miúdas, dependentes, maiores, cando estas se viron privadas dos coidados fóra do fogar, agravándose esa dobre tarefa que de sempre vimos soportando as mulleres; e noutros casos directamente á inactividade, non ao paro. Iso é o que nos dan os informes actuais. Acabáronse, polo tanto, os problemas de conciliación. Se non hai traballo, xa non hai nada que conciliar. Mais preguntámonos: se esta non é unha decisión voluntaria, senón forzada, obrigada, ¿como lle chamamos?, ¿expulsión das mulleres da vida laboral?, ¿negación do dereito ao traballo? A posición das mulleres na sociedade, aínda en 2021, así como as condicións laborais no mercado de traballo, son as que explican esta evolución. E o ano 2020 o que fixo foi poñer a clareo todas as manchas que perpetuaron as ausentes ou insuficientes políticas de corresponsabilidade e conciliación. Recomendolles que releen o seu Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021 porque as propostas que achegan nesta proposición xa estaban aí. Poñerlle estes deberes ao Goberno, agora por parte do Grupo Parlamentario que o sustenta, realmente parece recoñecer o propio fracaso.

Lembren que apuntabamos no comezo desta intervención dúas preguntas. A segunda, case un ano despois da pandemia, é: ¿que plan ou plans activou a Xunta para favorecer esta corresponsabilidade e conciliación? Infelizmente, a resposta é moi breve: nada que blindase o dereito das mulleres a continuar co seu desenvolvemento profesional á par da vida familiar, porque a convocatoria do Bono Coidado Extraordinario puido ser unha primeira pedra, mais, desde logo, absolutamente insuficiente e moi limitada no tempo.

Volven con esta PNL predicar ese oportunismo da inconcreción, a facer gala dunha realidade inxusta e marxinatoria das mulleres, sen ter asumido nas súas políticas activas unha mirada de xénero transversal, e achegan máis campañas de fomento nesta proposición. Nós desde o BNG dicímoslles: fomenten menos e comprométanse máis realmente. *(Aplausos.)*

Lémbrolles que desde o ano 2009 están vostedes gobernando ininterrompidamente este país. Abandonen, por tanto, ese discurso que semella bastante hipocrisía, asuman a responsabilidade que lles compete e exerzan esas competencias que lle son propias como goberno. Porque desde 2009 prescindiron arbitrariamente, sectariamente, do Plan de fomento da corresponsabilidade que deixou feito o BNG no ano 2007 e non foron quen de elaborar outro nin máis nin menos que até o ano 2018, que, por certo, caduca neste ano, no 2021, e aínda non coñecemos ningunha avaliación parcial, e precisamente neste sentido van encamiñados os dous puntos da emenda que rexistramos.

En 2014 o BNG impulsou no Parlamento, neste Parlamento, unha lei de conciliación e corresponsabilidade. O PP votou en contra. Falan vostedes de incorporar o enfoque de xénero. Benvidos a esta proposta que vertebra o noso programa e as nosas accións de goberno. Está moi ben pórilles aos demais deberes, como fan tamén nesta proposición, a cadaquén o que lle compete, mais cómpre comezar dar exemplo cos propios, e vostedes cos case doce anos de goberno chegan moi tarde malia teren esas competencias. «Ben sei que non hai nada novo embaixo do ceo», tamén escribiu Rosalía.

Finalizo. Comecen, por tanto, por favor, por corrixir as malas praxes no que ten a ver coa xestión dos servizos relacionados cos coidados que dependen da Xunta de Galiza, aposten



pola ampliación de prazas de atención a usuarias, atendan a dispersión xeográfica, achegando servizos ao medio rural, e rematen de vez coa política privatizadora que precarizou tanto os servizos, empeorando a calidade asistencial das usuarias e tamén a situación sociolaboral das traballadoras.

Remato. No BNG xa nos anticipamos presentando recentemente a Proposición de lei Ángeles Albariño con vontade de corrixir a discriminación que soportan as mulleres no ámbito da ciencia e no ámbito da investigación. Teñen aquí unha boa oportunidade para demostrar compromiso coa conciliación e coa corresponsabilidade. Conciliar non só ten que ser posíbel, senón que debe ser unha realidade inmediata. Velaí a súa responsabilidade de goberno e, por suposto, o noso apoio.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Queixas.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Prado.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Grazas, señor presidente.

Señora Queixas, igual a vostede non lle parece importante reivindicar un feminismo de consenso e non de confrontación. Iso foi o que fixen eu hoxe aquí, simplemente reivindicar que se poida pensar diferente, porque iso é o que pasa en democracia, que un pode pensar unha cousa e outro outra e non por iso ser colgado, porque, como lle dixen antes á súa compañeira, non veñan agora coa desculpa do Meco. O Meco, o Carnaval, rematou o mércores, non o sábado. E se reivindicamos o dereito a pensar diferente e se reivindicamos dereitos fundamentais, dende o principio podemos reivindicar despois dereitos para as mulleres. De nada serve vir aquí reivindicar o dereito da igualdade para as mulleres se vostedes non respectan o dereito a pensar diferente, señora Queixas. *(Aplausos.)*

Mire, comete vostede un erro de base, e é asociar todas as medidas e políticas de conciliación e corresponsabilidade ás mulleres e dicir que non están de acordo con que se fomenta o teletraballo e con que se fomenta a conciliación, porque asocian todas esas políticas ás mulleres. Ese é o grave erro de base do que parte vostede, porque esas políticas son para homes e para mulleres, para que poidan teletraballar os homes... *(Murmurios.)* Non, tal e como dixo vostede aquí na súa intervención, iso era incidir unha vez máis en que as mulleres quedaran na casa ao coidado dos fillos e tal. Non, porque as medidas de conciliación tamén están destinadas a que os homes queden na casa, coiden dos fillos, coiden das persoas maiores e coiden das persoas dependentes. Ese erro que vostedes teñen é o que os leva a votar que non en moitas cousas.

E se a proposición lle parece vaga, tiña vostede a oportunidade de introducir na súa emenda propostas moi concretas, e non o fixo. Entón, non veña aquí dicir que é unha proposición que non vale de nada, que dicimos cousas vagas, se vostede despois na súa emenda tam-pouco propón cousas máis concretas.



Eu agradezo o apoio do Partido Socialista. Non sei se o Bloque Nacionalista Galego a vai apoiar. En calquera caso, señora Díaz, creo que este é o camiño, sumar propostas. Eu voules ofrecer unha transacción tanto ao Partido Socialista como ao Bloque Nacionalista Galego, e, como xa se vai votar agora, pois voules comentar así agora *in voce* algunhas cousas, aínda que tamén lles vou pasar igualmente un papel.

A emenda do Partido Socialista é de adición e no punto 2 *bis* dicía: «Garantir a paridade en todos aqueles centros de xestión da pandemia nos que se toman decisións». Isto non é unha competencia nin de Igualdade, nin de Igualdade Laboral. Entón, nós o que propoñemos é procurar a paridade en todos aqueles centros de xestión da pandemia nos que se toman decisións. Despois, no punto 4 *bis*, cando di: «Revisar o Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021, como dicían, eu dígolle que se está facendo esa avaliación. Nós o que lle propoñemos é que nos traballos actuais de avaliación —porque se están levando a cabo— do primeiro Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021 se apliquen indicadores do impacto da covid-19 no ano 2020 e que co resultado da dita avaliación se modifiquen as medidas que sexan necesarias para o último tramo do período de vixencia do plan actual. Porque, claro, dicía a señora Queixas que hai cousas aquí que están no plan. ¡Home!, pero é que o plan era para o ano 2021 tamén, señora Queixas. ¡É que estamos en febreiro! Claro, é que se vostede, a un plan de catro anos, lle quita un, que ademais está orzado para cada ano, pois resulta un pouco sorprendente —díxoo vostede...; non, díxoo ela—. (A señora Prado del Río sinala coa man cara a un lado.)

A emenda de modificación, señora Díaz, non lla imos aceptar porque, mire, o señor Sánchez leva propoñendo a Lei de igualdade salarial dende o debate da moción de censura. En xuño de 2018 xa prometeu unha lei de igualdade salarial, e no debate de investidura, tamén. Vostede preguntame por que os nosos deputados non presentan en Madrid unha proposición de lei. Mire, é que o Partido Socialista presentou unha proposición de lei, esa que tanto deostan vostedes, e despois veñen aquí criticar que nós presentemos proposicións de lei. Pero é que, mire, vostedes presentaron unha proposición de lei para este asunto, que despois decaeu ao final da lexislatura, e agora vostedes volven gobernar e o señor Sánchez no debate de investidura prometeu unha lei de igualdade salarial. Mire, cinco cousas en igualdade prometeu o señor Sánchez: *la ley por la igualdad retributiva entre hombres y mujeres, el acuerdo por la racionalización de horarios* —co que estamos de acordo—, *la creación de la Oficina Estatal de Lucha contra la Discriminación* —estamos de acordo—, *completar el Pacto de Estado contra la violencia de género* —¡home!, estaría ben que fose cumprindo algo do pacto, porque a verdade é que non cumpriron absolutamente nada— *y la Lei integral de la trata de personas con fines de explotación sexual* —que tamén aproveito para dicirlle que estaría ben que iniciaran os traballos para aprobar a lei da trata—.

Eu, neste sentido, creo que podemos chegar a un acordo. Vostede falaba do teletraballo, e creo que o teletraballo tamén se pode regular nesa modificación que pedimos da Lei de conciliación ou nunha lei nova, que vostedes propoñen unha lei nova. A nós parécenos ben, dáanos igual que sexa nunha lei *ex novo* ou que sexa na modificación da lei do 1999.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.



**A señora PRADO DEL RÍO:** Eu, se nos dá un minuto para falar desta transacción, agradézollo, señor presidente.

Grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Si, o que necesiten.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Grazas. (Aplausos.) (Pausa.)

### ***Votación das proposicións non de lei***

**O señor PRESIDENTE:** Comezamos coas votacións.

En primeiro lugar, votamos a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado.

Non se aceptan as emendas do Grupo Socialista e do Bloque Nacionalista Galego.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e oito deputados/as máis, sobre a demanda por parte do Goberno galego ao Goberno central da encarga da construción dun buque de acción marítima para a Armada española nos estaleiros de Navantia, na ría de Ferrol.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei por unanimidade.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa repartición do Fondo covid da Unión Europea para a reactivación Next Generation.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 55.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*



**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona María Carmen Rodríguez Dacosta.

O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego presentou unha emenda, qu non se aceptou.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María del Carmen Rodríguez Dacosta e tres deputados/as máis, sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun plan de choque destinado a rebaixar a fenda salarial existente entre as mulleres e os homes de Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Olaia Rodil.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Votamos.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, sobre o impacto da pandemia na diagnose e tratamento do cancro e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia ao respecto.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32 votos en contra, 41.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa de dona Patricia Otero.

Non se aceptaron as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Patricia Otero Rodríguez e D. Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre a valoración pola Xunta de Galicia en relación coas bonificacións de peaxes e a transferencia da AP-9.*





*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 14; votos en contra, 41; abstencións, 18.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de dona Paula Prado.

Hai unha transacción que me fixeron chegar. Coñécena todos os grupos. Entón, votamos estas transaccións.

Votamos.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Prado del Río e catorce deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa situación que están a padecer as mulleres no ámbito laboral e familiar.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei por unanimidade.*

**O señor PRESIDENTE:** Remataron aquí as votacións das proposicións non de lei.

### ***Debate e votación das propostas de resolución formuladas á primeira revisión do Plan forestal de Galicia***

**O señor PRESIDENTE:** Continuamos, como comentamos onte, co punto 3, que é o debate e votación das propostas de resolución formuladas á primeira revisión do Plan forestal de Galicia.

Recordamos que hai unhas propostas de resolución do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, da 1 á 3; 24 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego; e 6 do Grupo Parlamentario Popular.

Tal como se acordou na Xunta de Portavoces e na Mesa, será un tempo de dez minutos por grupo parlamentario.

Comeza o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por un tempo de dez minutos.

Ten a palabra o señor Martín Seco García.



**O señor SECO GARCÍA:** Moitas grazas, presidente.

Onte o conselleiro de Medio Rural puxo enriba da mesa unha proposta de transacción única que pide a aprobación do plan e que leva incluída una suspensión temporal de novas plantacións de eucaliptos onde non se plantasen ata o momento da suspensión. O noso grupo está firmemente convencido da necesidade dun plan forestal serio e rigoroso, máis aló das ocorrencias do señor GonzálezVázquez e do «chabaneo» de propoñer onte todo o contrario do que propoñía antonte para ter untitular de prensa.

Xa lle contestamos no día de onte aos representantes do Partido Popular —e facémolo público tamén hoxe aquí— cunha contraproposta de transacción conxunta que contemplase a retirada do Plan forestal para volver a un trámite de exposición pública esquecido polo Goberno da Xunta e que fixese que o Partido Popular volvese ao pacto do 2018 co noso grupo e a construír esa planificación tan necesaria, pero nada máis e nada menos que de dous terzos do noso territorio.

O noso rural non está para ocorrencias, señores do Partido Popular, como mantén o seu alcalde en Friol con propostas sacadas da chistera que poñen de manifesto o noso argumento de que isto que presentan non é un verdadeiro plan, xa que son capaces de pasar, de incrementar, a superficie de eucalipto nun 3 % nesta lexislatura a pedir a suspensión de plantación desta especie en cinco minutos, sen ningún tipo de explicación técnica nin de encaixe no desenrolo do plan, coma se o contido dun plan esencial para Galicia fose unha feira onde se cambia de posición por unha ocorrencia que nos di que van facer agora o que non foron capaces de facer durante trinta anos. E todo isto sen instrumentos para levalo a cabo. O que é máis grave é que din que suspenderán as novas plantacións naqueles lugares onde non se plantase eucalipto ata esta suspensión; ou sexa, que premian o que incumpriu a lei plantando eucalipto onde non se podía e castigan os que non o plantaron, cumprindo a lei. Un episodio máis no delirio da Consellería de escarapate do rural.

Ademais, fan todo isto de cara á galería para dar un titular aos medios, sen escoitar o que xa lles comunicamos na comparecencia do director xeral e volvemos facer no día de onte. Pero non parece que isto lles interese. O problema non se pode simplificar única e exclusivamente no tema do eucalipto, o problema está na falta de diagnose, na falta de planificación, de participación, de transparencia e de rigor técnico na elaboración dun plan e no seu orzamento. Pero semella que non queren escoitalo, e non teñen nin unha soa resposta para as múltiples cuestións que lles plantexamos, porque saben que o plan é indefendible tecnicamente, e vostedes queren un plan que lle chaman flexible porque a realidade é que está adaptado aos intereses duns poucos, que constrúe una Galicia que planifica a produción forestal para unha parte do territorio e que abandona á súa sorte a outra parte.

Podemos seguir con esta pantomima que intenta facernos crer que o Goberno da Xunta quere aprobar un plan forestal pactado e consensuado con todos os grupos políticos deste país e coa cidadanía, pero a realidade é que este plan é un documento dunha calidade deficiente, que non analiza a situación do noso monte, que non dá solución aos problemas nin planifica o noso futuro. Retiren este documento para volver ao camiño da participación e do consenso que romperon no ano 2018. E ademais quería preguntarlles que foi daquel proceso, señores



do Partido Popular. ¿Cales foron as achegas que fixo a sociedade? ¿Cales atenderon? ¿Onde está o informe de resolución das achegas do proceso de exposición pública, porque non o sabemos? Utilizan un proceso que romperon unilateralmente para xustificar unha participación que non implementaron. Vostedes saben que este é un plan distinto ao que fixeron no 2018, modificado co criterio único dunha parte do sector. Isto é coma se un plan de ordenación urbana nun concello fose elaborado co consenso das empresas que se dedican á promoción inmobiliaria, sen ter en conta as asociacións veciñais, nin as asociacións ecoloxistas, nin as asociacións educativas, as entidades deportivas, etc., etc., etc.

Entendemos que neste plan as empresas que se dedican ao forestal teñen moito que dicir, e, como lles dixemos a elas mesmas, hai que contar coas súas opinións e necesidades, pero dende a Administración deberamos planificar para toda a cidadanía e non só para os intereses duns poucos.

¿Cal é a opinión dos colexios oficiais de enxeñeiros? ¿Escoitáronos, señor conselleiro? Porque non avalan este documento. ¿Cal é a opinión das organizacións ecoloxistas? ¿Escoitáronos? Porque tampouco o avalan. ¿Cal é a opinión dos gandeiros e dos agricultores? Porque seguramente non os escoitaron, e seguro que non lles contaron cales son os verdadeiros plans e obxectivos deste plan e o interese imperioso de acudir aos fondos europeos, que deberan primar a continuidade da actividade agrogandeira do noso territorio. ¿Falaron cos concellos, señor conselleiro? Porque, polo que vexo estes días, nos medios tampouco deberon falar.

Onte faláballes da necesidade de ter un documento serio e rigoroso e dáballes unha serie de datos que poñen en evidencia a pobreza deste plan, pero, se vemos as propostas de resolución do Partido Popular, non podemos máis que ratificar as nosas opinións, porque son unha emenda á totalidade do propio plan. Instan agora a Xunta de Galicia a incorporar ao plan os documentos de planificación de carácter estratéxico para as principais producións forestais do monte galego, ¿queren dicir, entón, que non o fixeron para a redacción deste plan, señor conselleiro? Non fai falla que me conteste, non o fixeron.

Agora falan de introducir estes instrumentos e de darlles seguimento. Fíxense, falan de ser máis ambiciosos nos obxectivos e medidas en materia de información e estatística forestal no Plan forestal. Pode que advertiran, pola miña reiteración argumental, que segundo este plan van ter 105 millóns para os próximos cinco anos e non saben en que gastalos.

Falan de que antes da finalización do 2022 estea rematado o inventario forestal continuo de Galicia, declarado como unha medida fundamental dentro do Plan forestal de Galicia. Pode que agora se dean conta de que este plan non ten nin un só plano nin análise do territorio, e o que é máis clarificador e a verdadeira causa de traer este documento agora é a proposta de resolución que pide reservar os importes provenientes dos orzamentos anuais da Xunta de Galicia dispostos no Plan forestal que aseguren o necesario apoio orzamentario para a execución dos plans, programas e medidas contemplados neste documento. Ese é o verdadeiro obxectivo deste plan, a repartición de fondos, e, sobre todo, dos fondos europeos.

Señores do Partido Popular, en xullo do 2018 aprobouse inicialmente a primeira revisión do Plan forestal de Galicia, e abriuse o trámite de información pública por un período de tres



meses. Nese prazo, a documentación podía ser examinada na Dirección Xeral de Ordenación Forestal e por vía telemática. Alí estaban colgados o diagnóstico, o estudo ambiental estratéxico, o anexo de actuacións e a primeira revisión do Plan forestal. Hoxe non existen documentos de síntese ou en formato comprensible que poidan ser consultados polo público en xeral. Esa é a transparencia que vostedes teñen.

Neste 2021 presentaron uns documentos que difiren de forma substancial cos contidos e a documentación aportada na información pública do ano 2018, e, como di un técnico do sector, como nun xogo de maxia, sacaron da chistera un texto que queren identificar co proceso anterior, pero en realidade é un documento novo en gran parte das súas propostas.

Vostedes introduciron unha modificación normativa pola porta de atrás vía Lei de acompañamento dos orzamentos, permitindo a superación do trámite de efectos da avaliación ambiental estratéxica en tres meses sen realizar un novo trámite de información pública, computando como participación e información públicas os trámites feitos con anterioridade ao propio documento definitivo que se presentou en xaneiro do 2021, o que é unha auténtica barbaridade legal.

Nós pedímoslles nas propostas de resolución, ademais da retirada deste plan, que cumpran coa legalidade, procedendo a adaptar o plan ao novo marco xurídico vixente en Galicia en virtude da nova Lei de ordenación do territorio, que derroga a Lei do 1995, non vaia ser que teñan que retiralo por vía da legalidade, señor conselleiro. Tamén que inicien un novo procedemento de avaliación ambiental estratéxica, de conformidade co disposto na Lei de avaliación ambiental, dada a inseguridade xurídica no proceso da avaliación ambiental iniciado no 2018, o tempo transcorrido, as modificacións continuas efectuadas, a tramitación seguida e a carencia de rigor no proceso avaliador iniciado en virtude do disposto nos artigos 21 e seguintes da citada lei, e que adapten o período de vixencia, execución e programación, derivados dos atrasos reiterados na tramitación do plan.

No 2021 presentan un plan cunha vixencia operativa real de cinco anos para o período 2018-2021, por moito que se tente maquillar, modificando a referencia a 2021-2025. A aprobación do plan practicamente viría coincidir co terceiro ano de vixencia deste.

Adapten a senda orzamentaria do plan aos tempos da Consellería do Medio Rural. Non ten sentido presentar en 2021 sendas orzamentarias futuras que comezan en 2018 e que se incumpren de forma reiterada. E tamén opten ou ben pola inclusión no Plan do rol da Axencia Galega da Industria Forestal ou directamente pola súa supresión neste novo modelo de administración paralela en forma de axencias que xestionan preto do 10 % do orzamento global da Xunta de Galicia, carentes de coordinación e de calquera atisbo de dirección por obxectivos.

Vólvolles reiterar, señor conselleiro e señores do Partido Popular, que volvan ao consenso, que volvan ao punto no que o deixaron no ano 2018, que volvan aplicar a participación pública de todos aqueles que queiran poñer o seu «granito» de area neste plan e que retiren o que van aprobar hoxe e que non conta coa participación de moi boa parte do sector na nosa terra, en Galicia.

Grazas. (Aplausos.)



**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Martín Seco.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora González Albert.

**A señora GONZÁLEZ ALBERT:** Grazas, señor presidente.

As miñas primeiras palabras quero que sexan para amosar a miña solidariedade e apoio á veciñanza da Rúa de Valdeorras, do meu concello, que hoxe se manifestou fronte á sede de Iberdrola ante o peche do Centro de Operacións de Control de Galiza. *(Aplausos.)* E teño que dicir neste sentido que de pouco nos beneficiou a Valdeorras a gran amizade entre o señor Feijóo e o señor Galán.

Entrando xa no Plan forestal e no referente, primeiro de nada, ás propostas de resolución que plantexa o Partido Popular, eu quero dicir primeiro de nada que son un recoñecemento explícito de que os argumentos que esgrimiamos onte desde o Bloque Nacionalista Galego no que ten a ver con este documento son certos. A primeira proposta de resolución que nos presentan fala de facer documentos de planificación para diferentes producións, para a castaña, para o mel, para cogumelos...; é dicir, pide concreción a este Plan forestal, que é o que nós lle reclamabamos.

A segunda proposta de resolución fala da necesidade de coordinación entre os distintos departamentos da Xunta para poñer en marcha distintas medidas que atinxan a este Plan forestal. É dicir, de novo —como dicía o BNG— fala da transversalidade que lle falta a este Plan forestal.

A terceira proposta de resolución fala da falta de información. Pide un inventario para planificar con máis rigor, é dicir —repito—, consideran vostedes necesaria esa información, ese inventario, do que o plan carece para poder levar adiante políticas.

A cuarta ten a ver co orzamento. Como dicía tamén o portavoz do Partido Socialista, falan de que a Xunta de Galiza destine os cartos necesarios para executar este plan. ¡Faltaría máis!

E na quinta proposta de resolución piden vostedes un plan de seguimento deste Plan forestal. É dicir, vostedes piden que haxa unha serie de obxectivos, que haxa un control sobre eses obxectivos; polo tanto, recoñecen tamén que carece deles. Recoñecen, polo tanto, que é un plan que non concreta absolutamente nada e que fía todo, absolutamente todo, á regulación posterior. Son, polo tanto, un conxunto de medidas soltas, algunhas delas que baten directamente ou frontalmente unhas coas outras.

¿E que mellor exemplo de que lles dá exactamente igual o que poña este documento que a oferta que fixo onte o conselleiro de Medio Rural neste Parlamento? Porque, claro, aquí, no papel, colle absolutamente todo, até que presenten como proposta estrela unha moratoria —que non prohibición— que xa estaría en vigor no día de hoxe, cando a levan saltando polo arco de Triunfo durante doce anos, incumpríndoa sistematicamente. *(Aplausos.)* E voulle dicir



un par de datos. En 2016 a Xunta de Galiza recoñecía, a través da Consellería do Medio Rural, unha superficie —entre superficies puras e superficies mixtas— de eucalipto de 310.000 hectáreas. Isto en 2016; e en 2018 xa estabamos en 422.000. ¿Que fixa o Plan forestal? Estes son datos da Consellería, non son datos do BNG —cando remate aquí, se quere, pásollos, pasando polos servizos da Cámara—. (*Risos.*) (*Aplausos.*) Se o plan do 92 prevía 245.000 hectáreas para o 2032 e en 2016 xa estaban a falar de 310.000... Vostedes gobernaban e levan gobernando agora de forma continuada durante doce anos. ¿Por que non pararon esta expansión? Tiñan os argumentos, tiñan a norma e tiñan a capacidade política e de goberno para facelo e non o fixeron. Pero agora temos que crer, para que o BNG e o Partido Socialista voten a favor deste plan, que de repente van facer o que non fixeron durante doce anos. Porque, ao final, o que parece é que do que se trata é de gañar a batalla da opinión pública, independentemente do que se faga no documento.

E incidindo nisto, no 2018 chegou a este Parlamento unha iniciativa lexislativa popular que viña avalada por máis de 40.000 sinaturas. Voulle ler o artigo 6 desta iniciativa lexislativa popular, dicía literalmente: «Establécese unha moratoria indefinida para novos plantíos de especies do xénero eucalipto en todo o territorio galego. A Administración galega fomentará a realización de estudos para avaliar os impactos desta árbore sobre os hábitats naturais e os servizos ecosistémicos que estes espazos prestan á sociedade. En base a esta información estableceranse as características e condicións para o aproveitamento desta especie». ¿Que votou o Partido Popular? Á contra, evidentemente.

Eu vou máis aló. No proxecto de lei que estamos a tramitar, que se está a tramitar agora mesmo neste Parlamento, de recuperación da terra agraria, hai un artigo —que é o artigo 64— que fala de permutas para a eliminación de parcelas enclavadas e que ademais o señor conselleiro nos presentou aos grupos para darnos unha idea de en que sentido ía este e outros artigos da lei. Claro, aquí, no artigo 64.2, parágrafo a), falan de que, cando queiran substituír unha parcela enclavada situada ao carón dunha agrícola que se queira expandir, lle van proporcionar vostedes unha superficie, como mínimo, superior a un 20 % da orixinal. E eu preguntolle: ¿como se conxuga un aumento do 20 % cando queiramos mover superficies de eucalipto enclavadas con non facer un aumento de superficie eucaliptal? Desde logo, é evidente que é absolutamente incompatible.

Nós, mire, alegrámonos moitísimo de que mudasen de opinión sobre o eucalipto e de que se sumen á postura do BNG, tomando esta decisión e esta moratoria, e, ademais, nos termos en que viña recollida hoxe na prensa, non tal e como a presentaron onte. Eu gustei dela e ademais tomei o dato —viña entrecomiñado e entendo que eran manifestacións literais da nota de prensa da Consellería—, que falaban dunha moratoria «en tanto non se acade un consenso maior sobre como regular a especie». Nós estamos encantadísimas de que aproben isto e estaremos, ademais, atentas ao seu cumprimento, que o conselleiro define aquí como transcendental.

En todo caso —e volvendo ao documento en si—, nós consideramos que unha cuestión como é a da moratoria do eucalipto non solucionaría en absoluto todos os problemas deste documento, aínda que repito que non entendemos que sexa real. O groso do documento e as medidas a aplicar para nós deberían orbitar sobre varios eixos dos que aquí non se fala:





primeiro, a Rede Natura e os espazos protexidos. Nós entendemos que hai que prever actuacións no Plan forestal en novas zonas para poder ampliar estes espazos protexidos e aplicar medidas que permitan eliminar até as 5.000 hectáreas de eucalipto plantadas irregularmente no día de hoxe nestes espazos. Isto, a pesar do que o director xeral diga en comisión, que non lles corresponde ordenar nada aí; pero, sen embargo, si que fan referencia no Plan forestal a cuestións de terras agrarias, aldeas modelo..., cousa bastante sorprendente cando abandonan os espazos protexidos.

Unha segunda cuestión, a multifuncionalidade. Non hai que preocuparse —que é importante— dos usos produtivistas do monte. Son importantes, pero o monte éo moitísimo máis —dixémosllo onte—, máis aló dos catro montes modelo, que é onde queda a multifuncionalidade que prevé este documento que nos presentan. E cando gobernaba o Bipartito —ese que tanto mentan vostedes— elaborouse un documento de propostas sobre un monte multifuncional. Recorran a ese documento se non queren facer un propio, porque alí había propostas interesantísimas de como utilizar o monte de forma diversa e rica para o noso rural.

Un terceiro eixo vai referido á biodiversidade fronte ao monocultivo. Eu creo que non deben escudarse —e este documento faino moito— na certificación para presumir de sustentabilidade. Eu dígolle que no día de hoxe todas as plantacións de Ence están certificadas. ¿Para vostedes isto valida a sustentabilidade? Nós entendemos, de verdade, que non.

Unha cuarta cuestión referida aos montes en man común: teñen unha obsesión, de verdade, contra este modelo de propiedade, que non lles gusta. Non o entenden e pretenden eliminalo dun plumazo, e ademais veremos, cando traian —repito— a proposta que teñen de modificación da Lei en man común, por onde van os tiros.

Unha quinta cuestión, a resiliencia. Díxenllo onte, máis alá do titular, hai que devolver a complexidade aos montes arborizados do noso país.

Unha sexta pata é a cuestión do problema dos lumes en Galiza. Vostedes continúan a deixar sen combater as causas estruturais que provocan os lumes no noso país. E, por non cuestionar, non cuestionan nin o Pladiga, que fan un corta e pega ano tras ano ao que lle fan tan pouco caso como a este Plan forestal. *(Aplausos.)* Nós entendemos, sobre todo, que o Plan forestal ten que estar pensado para ser cumprido, máis aló da consecución de fondos europeos, e tamén entendemos, de verdade, que é moi complicado para a expansión do eucalipto; entendémolo. Estaremos vixiantes aquí porque vostedes falan de proxectos tractores e dunha serie de proxectos que o conselleiro se empeña en vincular a especies frondosas e que a nós nos custa crer. Tamén estaremos vixiantes nesta cuestión.

Entendemos as presións do sector, tamén as entendemos. Entendemos as presións de Finsa, de Navigator, de Ence..., que ademais Ence —e eu recoméndolle a todo o mundo aquí, neste plenario, que lea o Plan estratéxico de Ence, que parece talmente unha ferramenta de planificación territorial do noso país— fala do monte galego case coma se fose propio polo simple feito de ter plantado eucalipto... *(Aplausos.)* ¡É realmente alucinante! *(Aplausos.)* E as empresas de servizos forestais entendo que tamén son un elemento de presión. O que non vale, de todas formas, é escudarse na propiedade privada para falar de liberdade individual,



porque despois, por exemplo, os sistemas de prevención e extinción de lumes os pagamos entre todas. É dicir, unha vez máis, privatizamos as ganancias para os produtores, pero socializamos as perdas que xeran con base, por exemplo, nos lumes forestais. Hai que respectar os propietarios, si, pero tamén entender que os seus intereses non poden estar nunca por riba do interese social. Hai que aspirar a moitísimo máis. E non asumen vostedes que no día de hoxe hai un problema co noso monte, e esta é a base. Hai que deixar de presumir de ter o 50 % das cortas de madeira de todo o Estado en Galiza e preocuparse por que, tendo ese 50 % de cortas, só facturamos pouco máis do 10 % do volume total do negocio do sector no Estado, e é pola madeira de baixa calidade que temos —madeira e montes, por outro lado—, como di o Informe da revista *Naturgy*, que sitúa os bosques galegos como os de peor calidade ambiental de todo o Estado.

O transfondo —dixémolo onte tamén— está nos fondos europeos. Nós, cando falamos, señora Candia, de orzamento sobredimensionado, non é que nos pareza pouco o orzamento; o que dicimos é que non é real. Non o cremos; non cremos estes números. Crems que o desglose destes fondos e destes investimentos non é en absoluto rigoroso, xa que vostedes pintan aquí números grandes para que cadren de cara á captación de fondos. Desde logo, non criticaremos nunca que se destinen fondos a ordenar o monte se esa ordenación está...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora González Albert.

Remate, por favor.

**A señora GONZÁLEZ ALBERT:** Remato.

Só quero dicirlles que nós —para falar da transacción— onte lle falabamos de que presentabamos unha transacción alternativa, que era que retirasen este plan até ter un inventario. E non fai falta nin sequera presentar a transacción porque é a primeira proposta de resolución que presenta o BNG. Pregúntense por que van pasar dun plan —o de 1992— que fora aprobado nesta Cámara por consenso a un plan que van aprobar vostedes en solitario...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora GONZÁLEZ ALBERT:** Repito, pregúntense por que. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Candia.

**A señora CANDIA LÓPEZ:** Grazas.

Pois moi bo día ou case tarde.

Moitas grazas, presidente, e moitas grazas, compañeiros.



Señoría, onte, despois dun día intenso, tróuxose á sesión plenaria, por ese procedemento reforzado, o documento do Plan forestal. Eu remataba a miña intervención recordándolles que era o momento de dirixentes con talento para a conciliación e con tolerancia ao consenso. Así a rematei e así a quero empezar hoxe.

O señor conselleiro —a quen lle dou tamén as grazas por acompañarnos hoxe aquí— explicou con detalle o proceso de elaboración e agradeceu a implicación do Consello Forestal; un proceso de participación que non está de máis volver recordar que incorporou o 87,8 % das directrices dese equipo de 26 entidades, esa mesa de traballo, e tamén un documento que incorpora o 75 % do ditame da Comisión de Incendios; un documento que, ademais, definimos como flexible e vivo.

E hai unha cousa que me gustaría puntualizar, sobre todo o que dixo a señora Albert sobre que a nosa proposta de resolución confirmaba os seus temores. Hai, nese aspecto, algo que quero deixar meridianamente claro, e é que o propio documento recolle instrumentos para poder facer unha avaliación, un seguimento, e remítome ao plan na propia páxina 39, (A señora Candia López amosa un documento.) que, efectivamente, o di así; non é ningunha ocorrencia nin tampouco unha improvisación.

É certo que este grupo, buscando, como lle dicía, ese consenso, porque ninguén discutiu que é necesario un instrumento básico de planificación forestal, buscando a eficiencia e buscando a ordenación e a xestión sustentable dos espazos e recursos forestais, reforzou seis ideas en seis propostas de resolución. Todas elas estaban recollidas no plan, pero como vimos, quizais cunha excesiva boa fe ou inocencia pola nosa parte, que non as leran, poisquixemos reforzalo —enumerounas sobre todo a señora Albert— apostando por esa inclusión dunha posición estratéxica da produción da castaña —que vostede citou— e pola importancia, na resolución 2, de incorporar información á estatística forestal, na proposta 3, insistindo no compromiso ben concreto do Inventario forestal. Ese seguimento continuado que xa expliquei estaba recollido na páxina 39 e, sen dúbida, é o mellor documento de participación tamén para as forzas que están na oposición, porque, indubidablemente, hai un compromiso moi claro e moirigoroso.

As forzas da oposición presentaron tamén as súas correspondentes propostas, concretamente, o Bloque Nacionalista Galego, 24, e o Partido Socialista, que asenumerou aquí, bastantes menos.

Aparentemente pode parecer que o Bloque Nacionalista Galego fai propostas construtivas e que, efectivamente, quere mellorar o plan, pero desas 24 —imos resumir— practicamente 19 limítanse a criticar, a infravalorar e a demonizar a xestión do Goberno da Xunta de Galicia; iso si, dunha maneira moi clara, declarándolle a guerra á plantación de eucalipto. E aí tamén quero puntualizar porque non é o mesmo, dende logo, a proposta de transacción que lle presentou este grupo ao conselleiro que o que pedía o Bloque Nacionalista Galego. E vou explicalo da mellor maneira que poida.

O Bloque Nacionalista Galego pide literalmente arrancar 10.000 hectáreas/ano; por 20, serían 200.000. Ese dato é moi importante. Imaxinen na Mariña, que practicamente podemos dicir



que estamos, ao mellor, nunha porcentaxe de preto do 80 %. Pois se eu lle digo a un señor de Barreiros, a un señor de Xove ou, permítanme que llo diga tamén, a un señor de Mondoñedo, como lle pode afectar iso... Pero é que non só di iso, invítoos a que escoiten a intervención na comisión, porque creo que arredor do minuto 48 fai a proposta de ampliar a zona de protección no país dos mil ríos —como diría Cunqueiro— de 15 a 25 metros. Son datos, como dicía a señora Otero —e non é igual que gobernen uns que gobernen outros, afortunadamente—, dende logo, a ter moi en conta.

Aínda así, tamén me gustaría aproveitar esta ocasión para facerlle una consulta, porque parecía que a proposta que facía o Plan forestal de redución dun 5 % era irrealizable, sen embargo, vostedes propoñen unha proposta de redución infinitamente superior e cos documentos que lle deu o plan deféndena, xustifícanla e creñe absolutamente seguros de poder facelo. Iso chámase, certamente, gran coherencia.

No caso do PSOE, á parte de recordarnos que temos que adaptalo á lei —paréceme unha proposta moi traballada—, simplemente fan aportacións como: inclúan vostedes a Axencia Galega da Industria Forestal ou suprímana. Esa é unha das propostas, que tamén a citou aquí. É dicir, vostedes din unha cousa e a contraria na mesma proposta de resolución e non se poñen colorados.

En todo caso, insisto, porque creo que era importantísimo mandarlles una mensaxe de consenso a todos —aos propietarios, ao sector...—, e nesa liña este grupo e o conselleiro fixeron unha proposta de transacción única na que pedíamos asumir ese compromiso de limitar as plantacións ata que tiveramos os datos do Inventario forestal naquelas zonas onde non se plantase aínda.

Ante esa proposta que se fixo con boa fe e coa maior humildade posible, atopamos o inmolabilismo absoluto de: retireno vostedes, que isto, como dicía o compañeiro Seco, é un «chabaneo», un «delirio», unha «pantomima»..., e onte rematouno co de «piltrafa». É o nivel dun traballo tan serio e rigoroso de tanta xente.

En definitiva, para vostedes, señores do Bloque Nacionalista Galego e Partido Socialista, este é un documento urxentísimo, pero dinnos: agarden, retiren todo e volvamos empezar. Chega tarde, pero aínda piden que se aprobe máis tarde. Din que é preciso para o PDR, e recoñéceno, pero tampouco lles importa, como se non imos aos fondos europeos, porque seguen con ese pensamento tan equivocado de que canto peor lle vaia a Galicia mellor lles pode ir a eles, porque así lle botan aculpa ao Partido Popular. Pero así, sinceramente, non imos a ningún lado.

Din que non é concreto, pero as propostas que fan vostedes utilizan números quenon poñen en discusión, e din que ten vaguidades, pero, sen embargo, din que é un problema de orzamento porque vén sobredimensionado. O que dicía, unha cousa ea contraria, e nin se poñen colorados, e despois apelan ao consenso. Aí si que lle vou dicir algo con gran responsabilidade. Como saben, son a primeira que intervín e dixen que aquí todo o mundo trae a súa mochila, e eu —en primeira persoa, como saben— asumín a responsabilidade de estar na oposición nun momento moi complicado na Deputación Provincial de Lugo. Digo moi com-



plicado porque, como saben, romperan o Goberno e non había números suficientes, e todos eramos necesarios. A oposición ten un papel absolutamente responsable e, dendelogo, a vontade de consenso, cando se invita, é unha vontade de consenso real, ¡real! E cos grandes acordos creo, sen dúbida, que avanza os territorios.

Este grupo vai explicar ben este plan con vostedes ou sen vostedes. E ímonos dirixir non só a Ence —porque a nosoutros asóciannos ás multinacionais, pero realmente quen o repite de maneira constante son vostedes—. Eu hoxe —e rematoxa— quería mandarles dúas ou tres mensaxes ás persoas que nos están escoitando. En primeiro lugar, a esas xeracións de gandeiros, de agricultores, que teñen nas súas producións forestais unha garantía e un complemento económico a esas pensións, porque, non nos enganemos, hai moita xente da agraria que, despois decotizar 35 anos, hoxe ten unha pensión de pouco máis de 600 euros. E a produción dun ferrado ou dunha hectárea do seu monte —que lle custou moito esforzo facerse con el ou con ela— conta. Pero esa mensaxe hoxe é para eles; conta para eles e conta para o grupo que represento. Porque a eses galegos e galegas lle traslado a mensaxe de que este plan tamén os protexe. Pero tamén é un plan positivo para a industria forestal, para esas 80.000 familias que directa ou indirectamente viven do sector forestal. Señores, non as criminalicemos; non ridiculicemos un sector importantísimo na nosa economía.

Pertenzo a un grupo que defende os tres usos no territorio agrario: o forestal, o gandeiro e o agrícola. Todos teñen cabida, e apostamos para que convivan e para que xeren emprego en convivencia. Así o faremos neste documento vivo, que non é unha foto fixa, é un documento de traballo co que de maneira constante e moi comprometida cos galegos e galegas iremos avanzando, con vostedes ao lado —que, dende logo, sería moi positivo para todos— ou con vostedes en fronte. Porque tamén é certo, como saben, que a Consellería do Medio Rural é a cuarta con maior orzamento neste goberno; é unha consellería importantísima tamén no noso medio rural, e temos que dicir que non nos sentimos sós. E non nos sentimos sós cualitativamente, pero, sen dúbida —e os números están aí—, non nos sentimos sós tampouco cuantitativamente.

Así que, conselleiro, imos seguir traballando por ese rural vivo, por ese rural no que cremos e que hoxe, ou a partir de hoxe, arranca cun instrumento mellor, cun instrumento que permitirá unha planificación ordenada do noso monte, e ao que todos, aínda hoxe, ao remate da miña intervención, estamos dispostos a que se sumen.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Candia.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Rematado este debate, procedemos á votación das propostas de resolución da primeira revisión do Plan forestal de Galicia.



***Votación das propostas de resolución formuladas á primeira revisión do Plan forestal de Galicia***

**O señor PRESIDENTE:** Comezamos votando a proposta de resolución do Grupo Parlamentario Socialista que pretende o rexeitamento do plan.

Votamos.

*Votación da proposta de resolución do G. P. dos Socialistas de Galicia, formulada á primeira revisión do Plan forestal de Galicia, que a rexeita e pide a súa reformulación.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposta.*

**O señor PRESIDENTE:** Non hai propostas transaccionadas.

Votamos agora conxuntamente as propostas de resolución non transaccionadas do Grupo Parlamentario Socialista, que son da 1 á 3.

Votamos.

*Votación conxunta das propostas de resolución non transaccionadas números 1 á 3, do G. P. dos Socialistas de Galicia, formuladas á primeira revisión do Plan forestal de Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos tamén de xeito conxunto as propostas de resolución non transaccionadas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, que son da 1 á 24.

Votamos.

*Votación conxunta das propostas de resolución non transaccionadas números 1 á 24, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, formuladas á primeira revisión do Plan forestal de Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas.*





**O señor PRESIDENTE:** E votamos, por último, tamén conxuntamente, as propostas de resolución da 1 á 6, non transaccionadas, do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos.

*Votación conxunta das propostas de resolución non transaccionadas números 1 á 6, do G. P. Popular de Galicia, formuladas á primeira revisión do Plan forestal de Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 32.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución.*

**O señor PRESIDENTE:** Remata aquí a votación desta propostas.

Suspendemos a sesión ata as cinco menos cuarto.

*Suspéndese a sesión ás dúas e dous minutos da tarde e retómase ás catro e corenta e oito minutos.*

**O señor PRESIDENTE:** Boa tarde.

Reiniciamos a sesión co punto sétimo da orde do día, interpelacións.

Neste caso débátese de xeito acumulado dúas interpelacións.

### ***Acumulación de dúas interpelacións para a súa formulación conxunta***

**Interpelación de D<sup>a</sup> Noa Susana Díaz Varela e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os datos e informes cos que conta o Goberno galego acerca dos efectos da pandemia da covid-19 nas mulleres galegas**

**Interpelación de D<sup>a</sup> Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación co impacto que está a ter para as mulleres a crise económica xerada pola covid-19**

**O señor PRESIDENTE:** Comeza formulando a interpelación, polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Díaz Varela.

**A señora DÍAZ VARELA:** Grazas, presidente.

Boa tarde de novo a todos e a todas.

Benvida e grazas por estar aquí, señora conselleira de Emprego e Igualdade.



A Organización das Nacións Unidas referendaba a finais do ano 2020, do pasado ano, o que era a todas luces evidente: un aumento de casos de violencia machista, a distribución desigual das tarefas de coidado, dificultades tamén para atender a saúde sexual e reprodutiva e mais un elevado número de mulleres profesionais no ámbito sanitario. Deste xeito, confirmaba que a pandemia da covid tivo unha afectación moito maior nas mulleres —xa o dixemos hoxe en varias intervencións aquí—, que experimentaron unha regresión nas súas vidas; asumiron unha maior carga de traballo no fogar e coidado das persoas dependentes ou menores; modificaron as súas condicións laborais para adaptarse á nova realidade, e mesmo atoparon unha maior situación de vulnerabilidade en casos de violencia machista.

Diante desta situación, as socialistas e os socialistas pensamos que cremos firmemente que son os poderes públicos os que teñen que asumir a responsabilidade de mitigar esta nova situación vital das mulleres e aplicar, de verdade, políticas transversais de igualdade para evitar que estas desigualdades se produzan ou, polo menos, para revertelas no menor tempo posible.

Para desenvolver políticas verdadeiramente eficaces neste contexto de urxencia, dende logo, sería desexable contar con datos que permitan deseñar plans de acción dirixidos directamente aos colectivos afectados de mulleres, para poder diferenciar así entre problemáticas e necesidades concretas.

Nesta tripla dimensión da pandemia: sanitaria, social e económica, é imprescindible coñecer o alcance do seu impacto de xénero para así incorporalo na resposta a unha crise que —como dicimos— afectou as mulleres en moita maior medida. Xa o anunciaba e xa o advertía o informe —ao que tamén fixemos referencia esta tarde, hai pouco— do Instituto das Mulleres. Falamos da citación cunha sobrecarga de traballo sanitario e de servizos esenciais. Non só somos maioría entre o persoal sanitario, é que tamén o somos nos sectores do comercio de alimentación, no de coidado, ensino e infantil, ou no dos servizos de limpeza. ¿E iso que fai? Sitúanos na primeira liña de contaxios.

Ademais, a isto hai que sumarlle unha enorme presión derivada de dobrar quendas e de facer moitas máis horas extras que as habituais.

Ademais, as mulleres seguimos a realizar a maior parte do traballo doméstico e o coidado das persoas dependentes remunerado e non remunerado, asumindo tamén así unha maior carga mental e emocional.

Ademais, as mulleres sufrimos maior precariedade e pobreza laboral —esta mañá unha compañeira poñíao aquí de manifesto—, o que nos sitúa nun peor lugar tamén para afrontar a saída desta crise. Ademais, algúns dos sectores máis afectados, como pode ser o turismo, o comercio ou a hostalaría, sabemos que están claramente feminizados.

Ademais —volvemos repetir—, non é hoxe aquí o día para tratar esta cuestión, pero si que houbo un aumento do risco de violencia machista e outros tipos de violencia contra as mulleres, derivado dese confinamento. De feito, en Galicia, pese ao descenso das denuncias —unha consecuencia absolutamente lóxica nunha situación derivada desas medidas de



illamento domiciliario—, houbo un notable incremento das consultas telefónicas. Cada contacto telefónico é unha alerta.

Por se fose pouco, a este rol profesional, asumido de maneira involuntaria polas mulleres, hai que unirle tamén o contexto, o inevitable e permanente contexto social —por non dicir histórico— que, ao final, é o que determina todo. Porque ás dificultades habituais de conciliación, e a esa falta de corresponsabilidade, debe sumarse tamén o peche dos centros educativos, o teletraballo e o confinamento nos domicilios, o que provoca unha sobrecarga que só se solucionaría coa posta en marcha de mecanismos de corresponsabilidade dende todos os ámbitos. Neste senso, temos tamén que poñer aquí a énfase na particular situación que viven as familias monomarentais. E digo «monomarentais» porque son estas familias cun só membro responsable das crianzas, que, dende logo, sempre están, na súa gran maioría, encabezadas por mulleres. Mulleres que se viron moi desprotexidas, e aínda agora están nunha situación de desprotección.

Toda esta situación está tamén xerando un aumento da fenda dixital de xénero, sobre todo naqueles fogares máis vulnerables con dificultades de acceso á internet e a dispositivos electrónicos, que o que fan é que impiden o mantemento do emprego, cando a única opción é, precisamente, o teletraballo. E, ademais, esta situación adoita darse en persoas con empregos precarios ou na chamada «economía informal», que sabemos que son: novamente, as mulleres.

E é aquí —repetimos de novo esa palabra, no contexto, na reflexión global que nos debería levar a esas medidas, ao pragmatismo, á toma de medidas— onde nós, señora conselleira, botamos de menos a intervención do Goberno galego. Porque fixeron seu ese documento que nos achegaba na Comisión de reconstrución, fixeron seu o informe *La perspectiva de género, esencial a la respuesta a la covid-19*, do Instituto das Mulleres. Pero non foron quen de facer aínda a súa propia avaliación, o seu propio estudo, tendo en conta que o noso país presenta unhas particularidades moi diferentes a respecto doutros territorios. Descoñecemos se existe algún documento de análise; se o hai, gustaríanos telo ou coñecelo. Porque —como digo— o achegado á Comisión de reactivación que se titula —e non quero errar—: *Informe sobre o impacto de xénero da covid e medidas a adoptar para paliar e corrixir as desigualdades entre homes e mulleres*, vostede sabe ben que non é máis que un resumo do documento elaborado en decembro en Madrid, literal. Se alguén dubida do que digo, non ten máis que cotexalo.

Nós aplaudimos as medidas globais propostas, que ademais compartimos nese documento que se fixo en Madrid no mes de decembro e que agora vostedes tamén fan seu. Pero botamos de menos medidas e iniciativas dirixidas ás nosas mulleres, ás mulleres galegas. Porque non, a pandemia non nos afectou a todas igual, nin aos distintos colectivos de mulleres nin, dende logo, ás mulleres dos distintos territorios que ten o Estado. A nosa dispersión xeográfica, o alto índice de poboación envellecida —que o temos—, o noso tecido produtivo... Hai moitísimas variables que nos diferencian, que diferencian o noso territorio doutros, e que teñen que ser tidas en conta nesa planificación de medidas ou de accións.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista, dende logo, pensamos que, unha vez pasado xa un ano da crise sanitaria —imos cumprir agora xa a próxima semana, ou en breve, un ano da



crise sanitaria—, a súa consellaría debería ter elaborado un estudo pormenorizado da nosa realidade e da afectación que esta crise durante todo este ano tivo e está a ter sobre nós, sobre as mulleres, no plano laboral, no dos coidados, no da corresponsabilidade, no da saúde, no da conciliación, no do emprego ou no da representatividade que antes falabamos e que, dalgunha maneira, se aceptou esa emenda que propoñíamos na anterior proposición non de lei.

Teñen recursos dabondo, que pensamos que é só cuestión de vontade; é simplemente cuestión de vontade. Teñen os CIM, os centros de información á muller, que non están só dirixidos á problemática da violencia de xénero. Teñen as universidades, grupos de investigación fantásticos que traballan neste eido. Tamén teñen as entidades locais, que lles poden contar cal é a realidade que están vivindo, e é a administración máis próxima á cidadanía e a esas mulleres. Esas administracións locais poden contarlles e recadar datos ou achegarlles datos acerca desa realidade das mulleres.

Con todos eses datos —e estou dicindo isto a bote pronto, porque podería haber moitísimas máis fontes de información—, todo isto daría para facérmonos unha idea xeral de cara a onde dirixir as nosas políticas públicas, e, sobre todo, nunha cuestión tan esencial como esta, como é a da desigualdade, para garantir o seu éxito.

En definitiva, a cuestión é ben sinxela: primeiro, avaliar a conxuntura galega en materia de afectación da covid nas mulleres, nas mulleres galegas —entendámonos—; segundo, planificar accións para dar resposta ou mitigar as tendencias ou os datos negativos mostrados nesa fase anterior; terceiro, achegar os recursos necesarios para desenvolver cada unha das accións, e cuarto —e sabemos que este non é o momento aínda, pero non corresponde— sería a avaliación da efectividade dese plan.

Isto é de primeiro de universidade, probablemente. Pero a cuestión é que todo isto que acabamos de formular, e especialmente isto último de pura metodoloxía, non é unha ocorrencia desta socialista que está aquí falando, é que foi unha das liñas argumentais do relatorio da profesora María Bastida, que, por certo, foi a persoa que vostedes designaron para comparecer nesa Comisión de reactivación no plano da igualdade. E ela mesma incidía na idea de que, nun momento extraordinario como o actual, polo inesperado e polo que significa de transformación social, as políticas só funcionarán —de verdade, eu creo que a metade da súa comparecencia foi un pouco así— se parten de análises rigorosas previas, dunha diagnose; esa diagnose necesaria da que pensamos que este goberno adoece, ademais de moitas cousas —desculpe que llo diga—, pero esta é unha delas.

Entón nós facemos nosa tamén esa aseveración da profesora Bastida. E por iso nos preocupa que o Goberno galego estea poñendo en marcha —porque non dicimos que non estea actuando— políticas dirixidas ás mulleres sen saber en realidade cales son os nosos problemas, porque, dende logo, esa é a sensación que temos nós. E o que queremos é que poñan en marcha algún plan de accións urxentes, pero dirixidas, focalizadas e cun *target* moi concreto. Porque non serve de nada sacar medidas de conciliación se ao mellor ese non é o principal problema no rural. O rural ten outros problemas bastante máis importantes.

Sabemos, porque así nolo dixerón, que a consellaría está realizando un estudo sobre o impacto da covid no emprego feminino galego, e nós celebrámolo, pero de verdade que lles pe-



dimos que se dean présa; porque, nesa materia, todo aquilo que perdemos, despois —nesta cuestión da igualdade— é moi difícil de recuperar. En realidade, calquera retroceso en materia de igualdade supón un salto exponencial cara a atrás, de verdade que cremos que é, a todas luces, insalvable.

Así que o único que interpelamos e o que lle preguntamos é se realmente hai algún estudo feito e se teñen pensado un plan de acción. Pensamos que chegan tarde, pero agardamos que teñan algo pensado para estas datas vindeiras.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Díaz Varela.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos. Boa tarde tamén, conselleira.

Eu intentarei na miña intervención ser o máis complementaria posible tamén á señora Díaz, para non repetirmos.

E quédome cunha frase na que eu creo que coincidiremos todas e todos, o Goberno tamén, nela: a crise económica provocada pola pandemia non golpea a toda a poboación por igual. Non o fai igual para a clase traballadora que para as grandes fortunas. Mentres as estimacións sitúan, aproximadamente, o incremento da pobreza no noso país no ano 2020 arredor dunhas sesenta mil galegas e galegos máis, os ricos —pero os de verdade, non o millón de patrimonio do que se fala aquí tantas veces—, eses dispararon o beneficio dos seus investimentos no medio desta crise. Hoxe almorzabamos pola mañá —estou segura de que todos e todas o viron— con ese beneficio récord alcanzado por Iberdrola, de 3.610,7 millóns de euros máis no ano da crise económica, e eu traía ao fío deste debate o informe que recentemente publicaba tamén a CNMV, que situaba a rendibilidade das sicavs —soáranlles estas sociedades a todas e a todos—, xa que aumentaron a súa rendibilidade en 2020 por riba do cinco por cento.

A modo de exemplo, eu escollín un patrimonio liderado, ademais, por unha muller, por unha muller galega; o principal ou un dos principais patrimonios que existen no noso país, unha sicav que se chama Soandres, que está o seu valor calculado en 322,9 millóns de euros. É a gran sicav de Sandra Ortega —estes son datos públicos, non estamos desvelando nada—, ue incrementou os seus beneficios, este ano pasado en 2020, este ano pandémico, en máis de quince millóns de euros. Isto é o equivalente —para poñernos en situación, eu escollín un programa da súa consellería— ao programa 313 da Consellería de Emprego e Igualdade, de «Protección e apoio ás mulleres que sofren violencia machista».



A crise, polo tanto, entende —e moito— de clases sociais, pero tamén, e especialmente, entende moito de sexos, e non afecta por igual, polo tanto, ás mulleres que aos homes.

Hoxe, desde o BNG, o que queremos é precisamente facer unha reflexión que introduza esa perspectiva de xénero para comprender mellor por que a pandemia da covid-19, e sobre todo as súas consecuencias económicas e sociais, ten un impacto distinto e moito máis duro para as mulleres. E a primeira consideración —eu aí comparto a reflexión que facía a señora Díaz— é que hai moi pouca análise con perspectiva de xénero do que está a acontecer. Precisamente ese informe ao que ela facía referencia, que foi o que remitiu a súa consellería á Comisión de reactivación, é un bo exemplo diso, da falta de análise con perspectiva de xénero sobre o que leva acontecendo neste país no último ano.

Non hai nin un só dato, só hai dúas porcentaxes extraídas dun estudo elaborado pola Universidade de Vigo, pero que fai referencia á actividade investigadora no noso país. A nós párecenos interesante, pero as mulleres galegas estamos empregadas en moitos e máis diversos sectores. Logo hai referencias vagas a documentos internacionais, pero nada concreto sobre Galiza.

Nós agardamos que hoxe, desta interpelación, o Goberno faga unha análise máis devagar, máis debullada sobre a situación que levamos a vivir en Galiza con esa necesaria perspectiva de xénero no último ano.

E isto non é baladí, eu coincido tamén coa señora Díaz. Veremos —e este é un dos elementos ou a idea central sobre a que vai pivotar a intervención do BNG— que esta non é unha crise como ningunha outra que vivíramos até o momento. Non ten nada que ver se a comparamos coa crise máis recente, o crac financeiro de 2008-2009, senón que estamos diante dunha crise que está a supoñer unha involución, un enorme retroceso moito máis alá do económico para as mulleres.

Esta non é unha crise na que só vexamos empeorar as condicións materiais de vida das traballadoras, que partían xa dunha maior precariedade, dunha maior temporalidade e parcialidade que os homes, senón que vemos como está a producir unha involución, un enorme retroceso, porque está a reforzar os roles de xénero patriarcais, tradicionais e machistas, fundamentalmente o rol de nai e coidadora.

E aí a segunda reflexión que queremos facer hoxe desde o BNG. De acordo cos datos da EPA que temos do cuarto trimestre xa do 2020, case oito de cada dez postos de traballo destruídos no noso país estaban ocupados por mulleres. Case oito de cada dez —insisto— postos de traballo destruídos en 2020 no noso país estaban ocupados por mulleres. ¿Onde foron? ¿Foron ao paro? Non.

Esa caída na ocupación das mulleres é case idéntica, se ollamos os datos da EPA, ao incremento da taxa de inactividade. Pasan a dedicarse, en gran medida, aos labores do fogar. Unhas dez mil duascientas mulleres máis que en 2019, aproximadamente, dedicadas a eses labores do fogar, segundo a EPA. Para facernos tamén unha idea gráfica, creo que é bo, —moitas veces en prensa usamos cantos campos de fútbol— eu trouxen tamén outra equivalencia: dez





mil dúascentas mulleres é practicamente o censo de poboación que ten o concello de Foz, na comarca da Mariña.

¿E por que dicimos desde o BNG que é unha involución, un enorme retroceso? Nunca pasara no último cuarto de século. Desde finais dos anos noventa, aproximadamente, se collemos a serie histórica, fundamentalmente desde a incorporación masiva das mulleres ao traballo asalariado, a tendencia foi sempre —en maior ou menor medida, a un ritmo máis ou menos elevado— incrementar esa taxa de actividade das mulleres e achegala á dos homes.

Mesmo na crise financeira de 2009, o crac de 2008 e 2009, esa tendencia foi a de converxer a taxa de actividade entre mulleres e homes. Foi precisamente nese momento de crise económica da pasada década, da que aínda non nos erguemos nesta, onde se produce un maior achegamento. Non foi porque as mulleres alcanzásemos grandes cotas de equidade, senón por unha caída da taxa de actividade moi acusada no caso dos homes. Dito dunha maneira que se poida comprender facilmente: eramos máis iguais na desigualdade.

Esta análise que facemos desde o BNG pon de manifesto dúas ideas ou dous elementos que son importantes para ter en consideración:

O primeiro é que a corresponsabilidade —e falabamos hai un momento diso neste pleno— é absolutamente irreal. É dicir, é verdade, aparece recollido na lei, e na lexislación galega xa hai bastante tempo, pero é un invento, non existe. Para mostra, un botón.

Sempre nos lamentamos de que os datos van tarde, pero a última enquisa estrutural dos fogares do IGE, do Instituto Galego de Estatística, que é do ano 2017 —bo sería ter unha actualizada—, o que nos permite é ver a situación, a foto da conciliación e a corresponsabilidade no noso país —por dicilo dalgunha maneira— nunha situación normal ou, cando menos, nunha situación non excepcional como a que estamos a vivir neste país desde hai case un ano.

¿Que nos di esa enquisa estrutural dos fogares do IGE de 2017? Que o 91,6 % das persoas que se acolleron a unha excedencia por coidado de fillas e fillos son mulleres, ¡o 91,6 %! E o 87 % das persoas inactivas por coidado de menores ou persoas dependentes son tamén mulleres, o 87 %. É a totalidade; o resto é marxe de erro practicamente ou casos que son illados e para nada representativos. Todo isto nun contexto de desigualdade que se viña consolidando, ademais, nos últimos anos.

Con respecto á fenda salarial —falouse agora, falouse tamén pola mañá—, efectivamente, os últimos datos que manexamos da Axencia Tributaria 2018-2019 dinnos que se reduciu en 45 euros. ¡Es la nada! Trescentos anos para conseguir esa equiparación salarial que normalizamos e naturalizamos, pero é unha violación de dereitos humanos, e falamos aquí dela. Sabemos canto custa economicamente, que porcentaxe representa, mesmo podemos ser quen de detectar onde reside esa fenda salarial, que non é outra cousa que unha violación dos dereitos humanos. Normalizámola absolutamente e asumímola case de maneira natural.



Para nós —diciáo a miña compañeira Rosana Pérez pola mañá— é tan interesante ver ese dato de canto representa a fenda salarial, como cal é a tendencia que se está a consolidar no noso país. ¿Que acontece coas xeracións, como pode ser a miña, que nos incorporamos ao mercado do traballo cando xa estaban en vigor e aprobadas as leis de igualdade? Eu incorporeime ao mercado de traballo no ano 2012, e a Lei de igualdade é do 2004, as leis de violencia machista ou a igualdade salarial e laboral do ano 2007. ¿Que acontece con esas mulleres entre 26 e 35 anos? É certo que se reduce esa fenda a respecto das nosas nais e das nosas avoas, pero mantense nun catorce por cento.

É dicir, as mulleres que teñen unha maior formación, non só a respecto das nosas nais e das nosas avoas, senón máis formación incluso que os nosos iguais homes, cobramos un catorce por cento menos ca eles. ¿Por que? Seguimos ocupadas en sectores con maior precariedade, tales como servizos, comercio, hostalería, fundamentalmente, os máis golpeados por esta crise da covid, e ademais soportamos peores condicións laborais, máis temporalidade, máis parcialidade, lagoas na cotización... Iso é moi perigoso porque de cara ao futuro sitúanos nunha fenda tamén nas pensións, que hai que lembrar que en Galiza son xa as segundas máis baixas do Estado.

En síntese e para rematar, a crise actual non ten parangón con nada do que vivíramos. Dícímolos moitas veces en tempos de paz, pero para as mulleres tampouco nin sequera, se nos comparamos cos tempos de guerra. Se facemos unha retrospectiva histórica, con perspectiva de xénero, do que aconteceu, por exemplo, nos grandes conflitos bélicos que atravesaron o noso país —a Gran Guerra, a Segunda Guerra Mundial ou a Guerra Civil española, por poñer tres exemplos—, sempre se produce unha incorporación masiva das mulleres ao traballo asalariado, fundamentalmente á industria, porque aí tamén hai nesgo de xénero, tamén hai un nesgo entre mulleres e homes. Os homes ás trincheiras e as mulleres ás fábricas.

Non ten absolutamente nada que ver o que estamos vivindo. Nós o que lle preguntamos —e con isto remato— é: ¿que valoración, que reflexión fai a Xunta de Galiza? e ¿que medidas van adoptar para evitar, primeiro, que esta involución se materialice e, en segundo lugar, para evitar tamén que non só saíamos máis golpeadas desta crise, senón que saíamos cunha sociedade menos democrática, menos xusta e, polo tanto, máis desigual?

De momento, máis nada. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Resposta da conselleira de Emprego e Igualdade, dona María Jesús Lorenzana Somoza.

**A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza):** Grazas, presidente.

Boas tardes a todas e a todos.



Quero agradecer, en primeiro lugar, o ánimo construtivo das dúas deputadas e agradecer tamén aos dous grupos parlamentarios esta iniciativa, porque tamén lle permite ao Goberno escoitar, por suposto, as suxestións pola súa parte. É unha oportunidade —coido— de traballo e de reflexión para a Cámara e tamén para que o Goberno poida dar conta do resultado, tanto dos estudos polos que vostedes preguntan como dos programas nos que estamos traballando nesta materia.

Hai moitas das cuestións que pon vostedes de manifesto nas que creo que estamos de acordo. Partimos da base de que, efectivamente, é necesario facer estudos, facer balances, e ter informes onde se analicen perfectamente os datos para, a partir de aí, ter un traballo de campo que nos permita dirixir os programas e dirixir as políticas públicas nesta materia.

Si hai cuestións que me gustaría puntualizar, e para iso tamén estou aquí. Non é soamente un o informe que se ten presentado por parte, neste caso, da Consellería de Emprego e Igualdade. En concreto, á Comisión non permanente de reactivación económica, social e cultural de Galicia a Consellería aportou seis informes. Destes seis informes, hai tres que son específicos en materia de igualdade, de perspectiva de xénero, e hai outro informe —que matizo agora— en materia laboral, que tamén se refire especificamente, nun dos seus bloques, á perspectiva de xénero.

Entón, ademais do informe que apuntaba a señora Díaz, que é o *Informe sobre o impacto de xénero da covid de medidas a adoptar para paliar e corrixir as desigualdades entre mulleres e homes*, aportamos o informe sobre a acción e avaliación da Secretaría Xeral de Igualdade durante a covid. Aportamos tamén un informe sobre o traballo dos centros de información ás mulleres da Secretaría Xeral de Igualdade, que coido que si aporta a perspectiva en Galicia do traballo destes centros. E aportamos o informe de análise de impacto da covid no mercado laboral en Galicia, onde si se reflicte —coido— a perspectiva de xénero dentro do mercado laboral.

É verdade que as conclusións de todos os organismos internacionais da propia Unión Europea, de distintos organismos nacionais e mesmo autonómicos —a Universidade de Vigo— se reflicten —e coido, como non pode ser doutro xeito— nestes informes. Penso que a ONU ten moito que dicir, e vou reflectilo, que a Organización Internacional do Traballo ten moito que dicir, a Unión Europea ten moito que dicir, e tamén, por suposto, o Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades.

As conclusións dos organismos que acabo de dicir, e que se reflicten en boa parte nos nosos informes, parten da tripla dimensión que ten a pandemia a nivel sanitario, social e económico, e de como estes tres campos teñen que ser analizados a todas luces cunha perspectiva e cun enfoque de xénero.

Compartimos, por suposto, esa diagnose; esta é a razón pola que se reflicte nos nosos informes. Compartimos, por suposto, a diagnose da profesora Bastida, e non por menos é a representante que nós mesmos propuxemos, e compartimos tamén o que vostedes sinalan de que é necesario un estudo específico dentro da comunidade autónoma. Porque se ben é certo que hai moitos lugares comúns de afección da pandemia na brecha de xénero, tamén é verdade que hai que analizar especificamente cada territorio.



Esta é a razón pola que temos encargado, dende finais do ano pasado, ese estudo propio sobre o impacto da covid-19 no emprego feminino galego. Acabamos de dar conta o 8 de febreiro en resposta a escrita a esta pregunta, pero vou relatar aquí a finalidade do estudo, en concreto, os sete puntos que forman parte deste estudo, que vai estar listo nas próximas semanas e que, por suposto, poremos á disposición da Cámara.

Principalmente, a finalidade do estudo é, en primeiro lugar, analizar a situación laboral e profesional por sectores e por provincias derivado da crise da covid, tanto en traballadoras ocupadas como desocupadas, e tamén contar coa súa propia opinión sobre o impacto da pandemia na calidade ou na perda de emprego. En segundo lugar, detectar barreiras e necesidades existentes en materia de formalización e de dixitalización. En terceiro lugar, obter resultados cualitativos en relación co emprego e en relación coa formación, que permitan á Consellería apoiar futuros programas e políticas nestas materias. En cuarto lugar, propor medidas, actuacións e accións que dinamicen e activen a economía e o emprego. En quinto lugar, coñecer o grao de emprego do teletraballo a raíz da pandemia e que causas provocan ou disuaden o seu fomento na empresa. Sexto punto, analizar a conciliación das mulleres traballadoras galegas, baixo que medidas se efectúa esta conciliación e que actuacións podemos impulsar para incrementala. En sétimo lugar, coñecer o grao de implantación dos plans de igualdade nas empresas; se as traballadoras saben, efectivamente, destas medidas de igualdade e do protocolo de acoso que está ao seu dispor.

Trátase, polo tanto, dun estudo propio e de nivel autonómico que —como digo— estará á disposición nas próximas semanas e que nos permitirá ter unha fotografía en tempo real do impacto da covid nas mulleres galegas.

Dito isto, tamén creo que é necesario poñer de manifesto que temos feito un estudo concreto na macroenquisa realizada pola Xunta no mes de xullo relativa ao efecto da covid no ámbito da violencia de xénero, e é importante tamén recalcalo. Como saben vostedes, esta foi a terceira macroenquisa que se fai na comunidade autónoma, e é unha enquisa cun campo moito máis amplo, porque foron 3.874 persoas as enquisadas. E incorporouse un terceiro bloque, precisamente con motivo da covid, en relación coa violencia de xénero durante o primeiro estado de alarma provocado pola covid-19.

En definitiva, estes son os informes e os estudos que temos xa feitos —como digo— algúns e outros que están a piques de rematar. Pero non estamos esperando, por suposto, aos últimos resultados do último informe, senón que temos xa en marcha programas e medidas. E aí non podo estar de acordo en que o Goberno autonómico ou a Consellería de Emprego e Igualdade esteamos de brazos cruzados e sen facer nada, que é un pouco o que se desprende dalgunhas das cuestións ás que vostedes se refiren.

Todos estes informes e estes organismos internacionais, en definitiva, falan das cuestións que nun noventa por cento son comúns a todos os estados occidentais. Falan das medidas que se deben implementar para corrixir dalgunha maneira esas eventuais desigualdades consecuencia da pandemia. E todos inciden, por suposto, en medidas de igualdade laboral, de conciliación e de corresponsabilidade, por unha banda. Por outra banda, en medidas de políticas activas nun amplo senso, é dicir, tanto de formación das mulleres, neste caso, como



de medidas de discriminación positiva en canto ao autoemprego, en canto ao emprego na empresa ordinaria. E tamén, por suposto, medidas en materia de violencia de xénero. Coido que estas son as medidas que estamos desenvolvendo e que xa viñamos desenvolvendo dende hai tempo na Xunta de Galicia, pero que se están incrementando precisamente por mor da pandemia.

En materia —como dicía—, en primeiro lugar, de conciliación, corresponsabilidade e igualdade laboral, temos as axudas á conciliación da vida familiar e laboral e mais por redución da xornada de traballo. No ano 2020 resultaron beneficiarias 235 persoas destas axudas, e neste ano acabamos de incrementar ata 1,1 millóns de euros no exercicio do 2021 o importe destas axudas, fronte aos 451.000 euros do ano 2020.

Temos tamén axudas á conciliación por maternidade ou paternidade para autónomos. Neste caso, no ano 2021 serán medio millón de euros para compensar a contratación de apoios, unha vez finalizada a baixa por maternidade ou paternidade de autónomo, ata 6.000 euros.

Existe tamén unha orde de axudas para o fomento e a consolidación do emprego nas pequenas empresas e nas empresas de base tecnolóxica, onde se subvenciona o 75 % dos custos de gardería, ata un máximo de 3.000 euros.

Temos o programa de axudas a entidades locais galegas para a promoción da igualdade, do que se beneficiaron neste ano 4.796 pais, e que no ano 2021 aumenta en 300.000 euros, ata un millón e medio de euros o seu importe.

E tamén a orde de axudas para implantar a igualdade laboral, a conciliación e a responsabilidade social e empresarial en empresas, neste caso cun 1,6 millóns de euros. Esta orde financia os incentivos para fomentar o teletraballo, promovendo acordos entre a empresa e a persoa que teletraballa, tamén fomentando acordos entre o comité de empresa e a propia empresa para o fomento da flexibilidade horaria. E incorporamos, por primeira vez este ano, axudas para investimentos tendentes ao teletraballo, en concreto, para a adquisición de equipos informáticos.

Comezamos como novidade este ano con formación para traballadores e traballadoras, así como representantes sindicais empresariais en materia de igualdade. E está xa aprobada a primeira formación no seo do diálogo social, unha formación de coñecemento mínimo en materia de igualdade laboral. E continúaase agora cos módulos de coñecemento ou de formación media e máxima na materia.

E creamos instrumentos tecnolóxicos para facilitar a implantación dos plans de igualdade no tecido empresarial de Galicia. É unha ferramenta de autodiagnóstico que permite ás empresas, a través deste instrumento gratuíto, avaliar de xeito periódico o seu nivel de madurez na implantación dos plans de igualdade. Está pensada para coñecer a situación comparativa que ten a empresa respecto doutras organizacións e, dalgunha maneira, contribuír a sentar as bases para definir e implantar ou optimizar o seu plan de igualdade.

Continuamos co asesoramento na elaboración, na aplicación e no seguimento, que é fundamental, dos plans de igualdade nas empresas. E impulsamos a obtención da certificación de excelencia en igualdade por parte das empresas.





Continuamos insistindo nas medidas de formación en igualdade laboral, conciliación e coresponsabilidade. Con accións formativas, sexa a formación para ocupados ou desocupados, onde existe un módulo transversal de igualdade obrigatorio para todos os traballadores. Nos obradoiros duais de emprego continuamos impartindo tamén un módulo de igualdade de natureza obrigatoria.

Como dicía en segundo lugar, todos estes informes sinalan como fundamental un segundo grupo de medidas, que son medidas de políticas activas en materia tanto de formación como incentivos á contratación e ao autoemprego. Neste sentido, dispoñemos de programas formativos específicos para mulleres: o programa Medrando Xuntas, que é un programa formativo dirixido ás mulleres que forman parte de entidades de economía social, precisamente para aumentar a súa presenza nos órganos de toma de decisión en entidades deste ánimo. Son Executiva, que é outro programa formativo que aposta tamén polo liderado feminino, no exercicio do 2020 beneficiou a catrocentas mulleres, e foron máis de medio millón de euros investidos. E tamén os programas integrados de emprego dirixidos exclusivamente a mulleres; destes programas beneficiáronse 2.765 mulleres dende o ano 2017.

En materia de apoio ao emprendemento, temos, en primeiro lugar, e como moi destacado, o programa Emega —non me vou deter aquí porque teño despois unha pregunta sobre este programa—. Son trescentos empregos femininos creados en Galicia cada ano a través deste programa.

Axudas destinadas ao autoemprego feminino, en concreto, 9.000 euros no caso de mulleres, fronte aos 2.000 euros, que é a axuda ordinaria.

Fomento tamén no programa Aprol-Economía social con medidas de discriminación positiva para mulleres. E ascende a subvención en caso de mulleres a 16.500 euros, fronte a 6.000 euros da liña ordinaria.

E dentro do programa Galicia Emprega, que son os incentivos, os apoios á contratación e á empresa ordinaria, temos o programa específico de Emprega Muller. Este ano incrementa 700.000 euros o seu orzamento, ata acadar os 5 millóns de euros. No ano pasado beneficiáronse deste apoio á contratación 475 mulleres.

Como dicía, o terceiro dos piares nos que se deben basear, de acordo con estes estudos, a actividade e as políticas públicas en materia de igualdade versa sobre o colectivo específico e máis sensible nestes casos, que son as vítimas de violencia de xénero. Neste caso, ademais das axudas económicas que puxemos en marcha xa dende hai tempo no Goberno autonómico, impulsáronse medidas de apoio ás mulleres vítimas de violencia de xénero no ámbito do emprego. Así está o Programa de inserción laboral a través de entidades sen ánimo de lucro, que chegou nesta última convocatoria a 328 mulleres, e 66 lograron unha inserción laboral. Está prevista unha convocatoria para este ano 2021, con 1,4 millóns de euros. E tamén o Programa de fomento da contratación por parte dos concellos de mulleres vítimas de violencia de xénero, que acadou unha contratación de 92 mulleres vítimas no ano pasado, e que conta tamén con 1,4 millóns de euros para este 2021.





Tampouco podemos esquecer —coido— o Plan específico de reforzo para apoio ás mulleres vítimas de violencia que aprobamos no Consello da Xunta do 20 de marzo de 2020, no que se estimaba, precisamente, que o confinamento exixía de medidas concretas, como así se fixeron, e de reforzo de todas e cada unha das medidas e dos apoios existentes con carácter xeral.

Polo tanto, señorías, coido que nós salientamos o noso compromiso en, dende logo, non retroceder ningún paso e seguir avanzando na loita contra a violencia de xénero e na loita a prol da igualdade. Manifestamos esta obriga non soamente con palabras, senón tamén con accións, como estou dando conta aquí: colaboración, por un lado, deses estudos e, por outra banda, coas políticas públicas que estamos a desenvolver. Nestes últimos dez anos, o investimento en emprego feminino foi de cerca de cincocentos millóns de euros, e son máis de catrocentas mil mulleres as que se beneficiaron dos programas públicos de emprego feminino.

Avanzamos, pois, no coñecemento, na diagnose do fenómeno con estes datos e informes dos que estamos a falar, e na elaboración destes programas públicos, en definitiva, para minimizar as consecuencias negativas da pandemia sobre a poboación e sobre os distintos sectores afectados. Porque pensamos que a loita pola igualdade real de mulleres e de homes —e aí estou totalmente de acordo con vostedes— non pode estar supeditada a estas circunstancias. E a consolidación económica, neste caso, do noso país pasa inexorablemente por ter en conta a perspectiva de xénero.

De momento, máis nada. Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Rolda de réplica.

Señora Díaz Varela.

**A señora DÍAZ VARELA:** Grazas, presidente.

Grazas, señora conselleira, pola súa intervención.

Vería vostede que na miña primeira quenda desta interpelación practicamente non fixen mención á violencia machista. E non a fixen porque nesta materia si que teño que recoñecer —e ademais parece de xustiza facelo— que si se actuou con celeridade ao poñer en marcha inmediatamente en colaboración cos centros de información á muller —por certo, dende aquí tamén quero poñer en valor o seu inxente labor ao longo de todo este tempo— este Plan de reforzo á atención das vítimas. Iso si, a este respecto tamén queríamos pedirlle que, por favor, este Plan de reforzo deixe de ser un plan de reforzo, e que todas as medidas implementadas continúen e que queden para non marchar xa. E vostede sabe que calquera recurso extraordinario nesta materia sempre estará ben investido.



A cuestión é que vostede me fala de que presentaron tres informes e un sobre emprego, e se era sobre emprego, non era exactamente con sobreafectación, pero si que inclúe esa perspectiva de xénero. Pero a cuestión é que presentan ese informe do que falaba tamén a voceira do BNG, este primeiro informe, outro sobre os CIM; si que dese dato o que sabemos é un pouco a situación e como a viviron os centros de información á muller. Achéganos algún dato pero, dende logo, non é unha diagnose que faga a Consellaría, senón que dá conta un pouco desas reunións.

E despois está este informe, o informe sobre a acción e a avaliación da Secretaría Xeral de Igualdade. E este informe ten un apartado que é antecedentes, e ten o segundo, que son accións postas en marcha dende a Secretaría. E todo, absolutamente todo, —se non é así, que alguén me diga o contrario, que ao mellor non son capaz de velo ben— ata a avaliación e as conclusións, refírese á violencia machista. Acabamos de dicir que nese aspecto non temos absolutamente nada que reprocharlles, nada; parécennos ben todas as solucións, pero no resto...

Vostede aquí veu —e entendemos que xa sabíamos ou xa pensamos, ou coidabamos que isto ía ser así—, vostede aquí fixo un relatorio acerca de todas as medidas que ten postas en marcha a Consellaría ou, neste caso, a Secretaría Xeral de Igualdade, agora enmarcada nunha consellaría propia. Ben, pero a realidade é que fixo un relatorio do que fai unha consellaría —algo que nos parece moi lóxico, porque algo terá que facer, quero dicir, haberá que encher de contido ese departamento—. Pero hoxe aquí non falou de ningunha medida *ad hoc* para esta situación que non fose acerca da violencia machista. E, como digo, ese tema vai quedar para un lado.

Non vimos absolutamente ningunha nova medida, simplemente que amplían o orzamento nalgúns delas. Parécenos moi acertado que amplíen o orzamento, pero tamén ao mellor habería que facer —como dicimos— unha diagnose de se esas políticas realmente son axeitadas para este momento. Claro, nós —perdoen que llelo diga—, pero 235 persoas beneficiarias dunha axuda de conciliación... Ben, pero ao mellor o que teñen que pensar é que non hai que aumentar orzamentariamente esa partida, e o que teñen que facer é flexibilizar ou facilitar que ese recurso chegue a máis familias. Quero dicir, ao mellor hai que darlle unha volta a todo como está planteado, e diso era do que falabamos: que ao mellor estas 235 persoas ou familias beneficiarias desa axuda poderían ser moitas máis se se flexibilizasen eses criterios ou eses requisitos. Ademais, cóstanos, como pasou co Bono Concilia, que as expectativas eran tremendas e ao final chegaron a centos de persoas. Precisamente porque, entre outras cousas, era moi complicado, a pesar de que había familias que directamente si deberían ser beneficiarias, era moi complicado chegar, cumprir cada un dos requisitos que se lles exixían.

Nós aquí queríamos facer fincapé —e non me vai chegar o tempo— é en que consideramos imprescindible elaborar de maneira urxente ese informe pormenorizado sobre a nova situación das mulleres galegas. Este debe recoller datos e avaliacións sobre o ámbito laboral, como a afectación na saúde, a afectación en colectivos de mulleres vulnerables, nas familias monomarentais, a fenda dixital, o factor da ruralidade —moi importante tamén— e como afectou as mulleres prostituídas, os coidados... Poñan en marcha iso do que se está falando



agora. Os coidados é a variable hoxe máis importante, porque a corresponsabilidade, este concepto que falamos da corresponsabilidade, deriva desa nova organización dos coidados. Se temos en conta esa variable, e témola permanentemente en conta en calquera acción das nosas, ten que haber —como xa hai un concepto que existe, que é a economía dos coidados—, pois tense que introducir esa perspectiva nas políticas e nas liñas de acción que se vaian implementar.

E iso si que é responsabilidade deste goberno, do seu goberno. Non é que sexan responsables da situación da desigualdade derivada da inexistencia desa corresponsabilidade, pero si son responsables da inexistencia das accións que leven á reflexión e a mudar este escenario. E iso é o que queremos que entendan, que na súa man si que está: primeiro, facer unha análise rigorosa da situación aplicada ao noso territorio e ás nosas mulleres, con exactamente ese público obxectivo, esa diana, focalizado nesas mulleres que o necesitan, con todas as súas problemáticas específicas, e despois implementar accións. Pero que non sexan as que estaban, as que tiñamos con máis orzamento, non. Déanlle unha volta, reflexionen e, ao mellor, iso... Seguramente algunhas desas partidas, se o comproban, a súa eficacia non foi tal, e ao mellor precisan reducir orzamento nalgunha desas partidas para destinalo a outras. Non sei, cremos que ese é o exercicio que deberían facer.

Agradezo de todas formas moito tamén a súa resposta con carácter construtivo e, dende logo, como dixen esta mañá, que saiban que aquí o PSdeG estará sempre intentando botar unha man en todo o que teña que ver coas políticas de igualdade.

Máis nada, grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Díaz Varela.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Réplica, señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Boa tarde de novo.

Grazas tamén, conselleira, pola súa resposta.

A nós parécennos ben os estudos que se van facer, eu creo que o temos dito aquí desde o BNG en máis ocasións, desde que reiniciamos esta lexislatura e tamén este período de sesións. Nós temos a impresión de que van un pouco tarde.

Sempre poñemos moito de exemplo, porque é certo que polo menos até o de agora o Goberno vasco, por exemplo, sempre traballou moi ben a través do Emakunde. Agora tomaron a decisión de vincular todas as políticas de igualdade a outras áreas do goberno, que eu —Deus me libre a min de dar aquí opinión sobre outros gobernos, abondo temos co noso país— creo que é unha decisión errada. Pero, por exemplo, o Emakunde ten elaborado un estudo



xa, por exemplo, desde que se iniciou practicamente o estado de alarma; hai case un ano iniciou o confinamento, partindo da base de cal era a situación que tiñan no seu país, pero que non difire moito, máis alá das particularidades de cada territorio, do que temos aquí tamén en Galiza.

Por exemplo, algo que eu creo que debería ser unha ferramenta de traballo coa que os gobernos —todos, non só da Xunta de Galiza— deseñasen as súas políticas públicas, e seguindo tamén un pouco as recomendacións das institucións europeas comunitarias, é o índice de igualdade de acordo coa metodoloxía que usa a Unión. ¿Cal é a situación da que partiamos e cal é a situación coa que imos —agardemos que máis cedo que tarde— saír polo menos do impacto sanitario da covid?

E nós aí desde o BNG o que cremos é que non podemos ir co «sota, cabalo, rei» de antes. Non estamos nun escenario no que as mesmas políticas que se viñan desenvolvendo sexan as que necesitamos para enfrontar unha situación dunha envergadura enorme, como dicía ou intentaba explicar na miña primeira intervención. Estamos diante dun escenario radicalmente diferente, probablemente un escenario que non viramos, non en décadas, senón probablemente en séculos, no que ten que ver co retroceso nesas cotas de igualdade que se foran alcanzando grazas á loita incansable das organizacións feministas e das mulleres, non só de Galiza, senón do mundo. Non podemos ir con ese «sota, cabalo, rei».

E vostede, por exemplo, na súa intervención —e a min paréceme ben— describía as políticas que están en marcha ou as que se puxeron en funcionamento nos últimos anos, pero creo que temos que facer unha reflexión moito máis profunda, precisamente tamén porque necesitamos pensar máis no futuro e non tanto no pasado, sobre todo avaliando resultados que deron esas políticas que se viñeron poñendo en funcionamento nos últimos anos. E eu vou centrarme nes tres ítems ou eses tres elementos de análise que nós introducíamos tamén no inicio do debate.

Esa conciliación que sempre seguimos enfocando desde a óptica das mulleres. Intentamos despreñar ferramentas, servizos que son indispensables e fundamentais para alcanzar unha corresponsabilidade social. Pero seguimos poñendo como suxeito de todas as políticas ás mulleres. ¿E que pasa coa metade da humanidade?, ¿que pasa con eses homes que en absoluto —e aí coincido co que se dicía pola mañá— asumiron a parte que lles corresponde do propio sostemento e mantemento da vida? Eu volvo dar os datos: o 91,6 % das excedencias por coidados de fillas e fillos neste país son de mulleres, e o 87 % das persoas inactivas para coidado de crianzas e persoas dependentes a cargo son mulleres. ¿Para cando, de verdade, un discurso que se dirixa directamente á metade da humanidade, (*Aplausos.*) e políticas pensadas en que hai unha parte da sociedade do mundo que decidiu declinar da súa propia responsabilidade? E o conxunto da sociedade asumimos como algo natural que as mulleres temos ese rol de nai coidadora, absolutamente tradicional, patriarcal e machista, e que en tempos de crise, como vimos nesta, onde desaparecen eses servizos de conciliación, asumimos de novo sobre os nosos lombos.

¿Que hai dos resultados desa fenda salarial? Por iso eu poñía o foco en que pasa coa xente máis nova, que nos incorporamos ao mercado de traballo xa cunha lexislación, que viña re-



petir, que era unha violación de dereitos humanos cobrar menos polo mesmo traballo no caso de ser unha muller. De entre 26 e 35 anos —diciallo antes— o 14 %; son 2.345 euros menos ao ano. Entre 18 e 25, a fenda salarial ascende ao 23,7 %, case o vinte e catro por cento, e ademais é unha das máis altas, case, nas distintas franxas de idade.

¿A que se debe esta situación? Vale que nos describan as políticas; iso está ben. Pero ¿cal é a reflexión que fai o Goberno da Xunta de Galiza? Votarámolo ou non, gústenmos máis ou menos, son o goberno deste país, e nós o que queremos saber desde o BNG é que reflexión fai o Goberno.

¿Por que esa maior precariedade, esa maior temporalidade, esa maior parcialidade? ¿Por que esa fenda salarial segue persistindo en xeracións nas que a lexislación supostamente non permitiría que acontecesen? ¿En que condicións traballan as mulleres, que son esenciais —e vimos, e todas e todos recoñecemos que eran esenciais durante esta pandemia—? ¿Cal é a condición dunha caixeira de supermercado, dunha gandeira, dunha auxiliar do servizo de axuda no fogar? ¿Cales son as condicións laborais das camareiras, das cociñeiras, das traballadoras das residencias ou das investigadoras sanitarias deste país?

Esas 10.200 mulleres das que eu falaba que deixaron o seu traballo e pasaron a estar como inactivas dentro das casas traballando, aínda que non remuneradamente, pero que saen —digamos— do mercado asalariado, ¿que vai pasar con esas mulleres?, ¿imos facer políticas que vaian dirixidas a que volvan incorporarse outra vez ao traballo asalariado?, ¿vai haber algún tipo de reflexión sobre os sectores produtivos dos que saen esas 10.200 mulleres?

A min, simplemente, estes días —e con isto remato— preparando a intervención, víñame unha e outra vez á cabeza aquela frase de Simone de Beauvoir que dicía: «Bastará unha crise económica, política ou relixiosa para que os dereitos das mulleres sexan cuestionados». Estamos exactamente nese momento, e o que non nos podemos permitir é unha involución, un retroceso que nos sitúe, non dez, non vinte, non trinta, senón seguramente cincuenta ou cen anos atrás.

Aí é onde queremos levar o debate desde o BNG: situarnos, poñer a proa deste país no futuro e, sobre todo, impedir que se consolide a desigualdade que xa existía e, o peor, que vaia a moitísimo máis, como todos os datos apuntan.

Máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Peché da interpelación, conselleira de Emprego e Igualdade.

**A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza):** Grazas, presidente.

Grazas ás dúas deputadas.



Volvo de novo sinalar que estou de acordo en moitas das cousas que volveron mencionar, pero hai outras que sigo sen poder acordar con vostedes. Na falta de anticipación e na falta de medidas novas é imposible que a Consellería poida estar de acordo co que están a dicir aquí. Tanto creo que o Goberno se anticipou que hai xa meses en outubro me preguntaban —e non me acordo cal das dúas forzas da oposición— cales eran as razóns da ligazón da Consellería de Emprego e Igualdade. Pois coido que está máis explicado ca nunca, seguramente, na propia intervención das deputadas e na miña mesma intervención no día de hoxe.

A Xunta de Galicia anticipouse antes que ninguén nesta lexislatura número XI e puxo, precisamente, as dúas competencias, as de igualdade e as de emprego, nunha mesma consellería, e isto non é casualidade. É precisamente porque nós somos conscientes, e somos conscientes dende o primeiro momento en que se crea o goberno, dos resultados que empezaban a aparecer nas estatísticas en relación cos efectos da pandemia. Somos conscientes, por suposto, de que hai sectores e ámbitos especialmente masculinizados no ámbito laboral. Somos perfectamente conscientes da falta de presenza feminina en certas esferas de dirección. E somos conscientes de que todos e todas, e por suposto o Goberno, temos que loitar por romper con esta situación.

Tamén é certo que non estou de acordo na totalidade das análises que vostedes fan en relación coa situación do emprego feminino. Hai datos da EPA que deron, pero hai outros que non sinalan vostedes, como é, por exemplo, que a taxa de paro das mulleres de Galicia foi cinco puntos inferior á media nacional; como é que a evolución da ocupación do último ano por trimestres en relación coas mulleres mellorou no terceiro e no cuarto trimestre. No terceiro trimestre produciuse un saldo positivo de ocupación das mulleres; foron 8.100 mulleres as que se incorporaron ao mercado laboral. No cuarto trimestre produciuse tamén saldo positivo, concretamente con 3.800 traballadoras novas.

Comparto a necesidade —como lles dicía— da radiografía no mercado galego, e así se está facendo, e estará nas próximas semanas e porémolo á súa disposición. Pero si é certo que os informes que xa presentamos, e os informes existentes e dos que vostedes dan conta, falan xa non soamente dunha análise da situación a nivel internacional e comunitario, senón tamén xa das medidas necesarias que teñen que empezar a adoptar os gobernos nesta cuestión.

E penso —e por ser moi breve, vou coller a síntese que fai o informe da Secretaría Xeral de Igualdade— que as políticas que estamos desenvolvendo, das que acabo de dar conta, son precisamente e están incidindo nas políticas que tanto a ONU como a Unión Europea, como a Organización Internacional de Traballadores e o propio Instituto da Muller recomendan. Falan de deseñar programas específicos dentro dos marcos orzamentarios, onde se asinen recursos económicos tendo en conta as diferentes circunstancias de mulleres e de homes, e así o estamos facendo en todas as políticas activas de emprego.

Non é certo que os programas dos que eu falei sexan todos programas da Secretaría Xeral de Igualdade. É máis: a maior parte deles son programas do eido laboral, da parte laboral da Consellería. Todos os programas de corresponsabilidade dentro da responsabilidade social corporativa das empresas, todos os programas de incentivos á contratación con discrimi-





nación positiva e todos os programas de autoemprego son programas da área de emprego, que cumpren —penso eu— con esta medida en concreto da que lles estou a falar.

Falan estes informes de aprobación de medidas que incentiven a corresponsabilidade con servizos de coidados accesibles e de calidade para toda a cidadanía.

Superamos a ratio en escolas infantís e agora temos as casas niño que recomenda a Comunidade Europea. Creo que somos pioneiros nesta comunidade autónoma precisamente en coidado ou en medidas de conciliación en relación coas escolas infantís.

Falan de incentivar no ámbito empresarial novas modalidades de traballo flexibles. Por iso anteriormente lles falaba desas axudas que imos dar ás empresas para que leven a cabo acordos cos comités de empresa, acordos cos traballadores en materia de teletraballo, en materia de flexibilidade e para a adquisición de equipos informáticos. Cremos verdadeiramente que hai que incentivar nas empresas todas estas medidas de flexibilidade, e por iso destinamos máis dun millón de euros a estas medidas.

Fala, como cuarta medida, de prestar especial atención ás familias monoparentais. As axudas de conciliación e corresponsabilidade que se dan dende a Secretaria Xeral de Igualdade, de xeito directo ás familias, son exclusivamente ou ben para facilitar a conciliación dos homes, ou ben das familias monoparentais, co cal estas axudas serán así. No ano 2020, estámonos adiantando a esta recomendación —como digo— da ONU e da Unión Europea.

Como digo: adiantámonos dende o primeiro momento, e adiantámonos na propia constitución da Consellería de Emprego e de Igualdade, dende o primeiro momento, dende que se presentan os orzamentos nesta cámara, e o Goberno autonómico fai un plantexamento no que incrementa un 32 % os orzamentos destinados ás políticas de emprego e ás políticas de igualdade. Precisamente porque entendemos que é un contexto onde se precisa de máis incremento de crédito para conseguir mellores oportunidades laborais e nun contexto de igualdade.

Temos apoiado xa dende o primeiro momento as familias galegas e, por suposto, as mulleres e os homes cos plans de rescate que puxemos en marcha dende finais do ano pasado.

Destaco as medidas de conciliación e corresponsabilidade que imos, ademais, empezar a tratar no seo do diálogo social. E tamén as novas axudas que se van dar para a inserción laboral das mulleres vítimas de violencia de xénero, que pretenden tamén incorporar as vítimas de violencia, non soamente en concellos, non soamente en entidades de iniciativa social, senón na empresa ordinaria.

É fundamental —penso— tamén a formación que estamos dando aos propios traballadores e traballadoras, e tamén ás súas representacións sindicais e ás representacións empresariais, porque é moi importante que calen no tecido produtivo as políticas de igualdade, que os traballadores coñezan realmente o que é un plan de igualdade, que os traballadores poidan facer seguimento real do plan de igualdade e que os seus representantes sindicais e a propia empresa coñezan como funciona un plan. Non se trata tanto de ter aprobado o plan de igualdade, que é importante, senón de facer un adecuado seguimento na execución do plan, por-



que, se non, o plan de igualdade de nada vale. Por iso insistimos tanto en dar formación dentro do propio tecido produtivo.

Imos ser a primeira administración pública que damos formación *online* sobre o acoso laboral. Nin sequera o Ministerio de Igualdade puxo en marcha esta iniciativa.

Como digo: temos, ou estamos pondo en marcha, unha aplicación informática para facilitar ás propias empresas o seguimento dos plans de igualdade. Somos pioneiros en programas tan antigos dende o ano 1996, como o programa Emega, programa que aumenta cuantitativamente moitísimo no orzamento deste ano; despois falaremos disto.

Non me vou deter —xa o dixo vostede, señora Díaz— no eido relativo ás mulleres vítimas de violencia de xénero, que creo que se está facendo un adecuadísimo traballo, e máxime dentro do contexto da pandemia, por parte da Xunta de Galicia.

O Goberno galego creo que ten dado mostras do seu compromiso co colectivo feminino, e —como lles dicía— nos últimos dez anos levamos investidos máis de catrocentos setenta millóns para catrocentas mil mulleres beneficiarias no campo do emprego feminino. Non se trata soamente de estar á altura agora no eido da pandemia, que creo que o estamos estando, senón que levamos traballando arreo neste campo.

Sen dúbida, estamos facendo esforzos moi significativos neste momento, ou estámolos intensificando, tendo en conta precisamente este contexto ou con motivo das posibles repercusións da pandemia.

Máis ca nunca si penso que, neste contexto, a loita pola igualdade debería ser un nexo de unión na sociedade, un nexo para dialogar, e así o estamos facendo hoxe aquí nas institucións e entre os partidos políticos. E si creo que os matices que nos diferencian non nos deben impedir ver o motivo real que si os une, que é que no contexto actual estamos ante grandes desafíos. A loita pola igualdade real e de xénero e contra a violencia de xénero é sen dúbida un deles, pero tamén penso que a pandemia nos está brindando grandes aprendizaxes, grandes oportunidades, e espero e desexo que non as deixemos pasar.

Nada máis, moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**Interpelación de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación coa obtención de novas oportunidades de explotación enerxética en Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a interpelación ten a palabra o señor Fernández Alfonso.



**O señor FERNÁNDEZ ALFONZO:** Boa tarde, señor presidente. Boa tarde a todos e a todas.

Hai máis dun ano que Endesa anunciou o peche da central térmica das Pontes. Durante este ano, a sociedade enteira da vila das Pontes, o Concello, o Comité de Empresa da central, os sindicatos, os transportistas, os empresarios..., toda a sociedade da vila das Pontes —insisto— vén procurando solucións ao peche da central. Solucións que poidan paliar o tremendo impacto na economía e no emprego que o peche da térmica vai provocar na localidade e en toda a comarca.

Máis dun ano a traballar, máis dun ano contra o reloxo, coa ansia de dar coa solución e evitar o desastre, exhibindo unha unidade que non se dá máis que en situacións excepcionais. E, desde logo, o anuncio de Endesa colocounos a todos e a todas nunha destas situacións excepcionais.

O BNG foi o primeiro en arrimar o ombro; sábeno ben no Concello das Pontes, onde o traballo dos concelleiros do BNG está a ser fundamental. De feito, un deles, o noso compañeiro Kiko da Silva, lidera a delegación especial que se constituíu no concello para elaborar o plan estratéxico. Dígollo porque vén sendo habitual que, no canto de contestar vostede sobre o que fai ou ten pensado facer a Xunta de Galiza, no canto de contestar vostede as nosas preguntas, dedícase a preguntar onde está o BNG, nun exercicio de retórica escapista que deixa en evidencia a pouca consistencia do seu traballo (*Aplausos.*) e a pouca consistencia do seu compromiso coa dación de contas e a transparencia do Goberno.

Así que, aclarado que o BNG está onde sempre estivo nas Pontes, defendendo a industria, elaborando alternativas e axudando a construír unidade social sobre a defensa do futuro da vila, agardo que agora vostede teña a ben contestar as preguntas que traemos a este pleno; preguntas sobre unha das crises máis graves que está a vivir o noso país, desde que hai máis dun ano —insisto nisto— se anunciou o peche da térmica de Endesa.

Durante este ano, o Comité de crise constituído nas Pontes presentou e pelexou por unha alternativa industrial e enerxética baseada nos biocombustíbeis. Foi a sociedade organizada da vila das Pontes a que elaborou, fiscalizou e defendeu a viabilidade deste proxecto, non foi a Xunta de Galicia. A Xunta manifestou o seu apoio e máis nada. Se non é así, dígaos vostede, porque agora que Endesa di que non está de acordo con esa alternativa dos biocombustíbeis, sería especialmente oportuno que a Xunta dixese que ten un plan ao respecto. Parece razoábel —como lle gustar dicir a vostede— que a Xunta de Galiza tivese algo previsto para o caso de que Endesa non vexa viábel o proxecto dos biocombustíbeis, ou simplemente non queira asumilo. Sería razoábel que a Xunta durante estes máis de doce meses fixera algo máis que darse *palmaditas* no lombo, como fixo a sociedade das Pontes.

Repítolle as preguntas que non contestou o outro día: ¿Que plan ou que expectativas manexa a Xunta de Galiza respecto dos biocombustíbeis? ¿Cantos grupos podería manter en funcionamento?, ¿poderían funcionar permanentemente ou eventualmente?

¿Que prezo-quilovatio estiman para poder entrar no sistema?



¿Como ten previsto alimentar a instalación?, ¿con lamas das explotacións gandeiras galegas?, ¿con lamas das depuradoras das cidades?, ¿traerían as lamas de fóra de Galiza? ¿Que opinan disto as consellerías do Medio Rural e de Medio Ambiente, porque parece que teñen outros plans para estas lamas?

¿Que pasa agora que Endesa dá a espantada e di que non vai continuar co proxecto? ¿Conta a Xunta con alternativas? ¿Hai outra empresa que poida facerse cargo do proxecto? ¿Vaino asumir a Xunta como unha sociedade pública?

Pero hai outra cuestión que nos preocupa aínda máis, porque o proxecto dos bicompostíbeis serviu, en certa maneira, de coartada para non iniciar o proceso de aprobación do convenio de transición xusta; mais agora, por fin, despois de máis dun ano, iníciase este proceso. E ninguén pode descoñecer que a posta en marcha deste convenio de transición xusta é un proceso que se demora no tempo. Un proceso ao longo do cal hai que ir elaborando unha serie de documentos, comezando por un protocolo entre administracións, unha diagnose no impacto do peche, un proceso participativo e unha definición de proxectos e actuacións. Un proceso que vén demorando, noutros casos semellantes no Estado español, máis ou menos un ano.

Para o BNG, dende logo, un prazo inasumíbel, e preguntámoslle, señor vicepresidente:

¿Que considera a Xunta de Galiza sobre isto? ¿Ten a Xunta de Galiza algo feito, algo avanzado para evitar outro ano de demora? O Concello das Pontes si que ten.

¿Conta a Xunta de Galiza con algunha diagnose sobre o impacto do peche? Endesa ten un estudo, por exemplo, dende xaneiro de 2019, e o Concello tamén ten o seu informe elaborado en colaboración coa Universidade da Coruña.

¿Ten a Xunta de Galiza algunha proposta de actuacións ou proxectos para as Pontes? Endesa anunciou un plan denominado Futur-e, condicionado —iso si— a recibir fondos *Next Generation*. O Concello, pola súa parte, elaborou un plan denominado Plan estratéxico 2021-2025, que é o que ten a Xunta.

¿Vai asumir vostede o traballo feito nas Pontes ou vai pagar a sociedade das Pontes outro ano de demora pola súa falta de iniciativa e previsión?

Tampouco descoñece vostede, señor vicepresidente, que tal e como se deseñou a transición enerxética, a aprobación deste instrumento, deste convenio de transición xusta, é fundamental. Del depende, por exemplo, que se poida condicionar a concesión do punto de evacuación da enerxía, do aproveitamento hidráulico, ou a posibilidade de facer poxas de renovábeis específicas para este territorio.

Sería, polo tanto, moi necesario que este proceso non se demorase no tempo. As Pontes non pode permitirse outro ano de incertezas e de inacción gobernativa. A Xunta ten que comprometerse dunha vez, comprometerse con recursos coa vila das Pontes e co resto da comarca.



Nós, como BNG, tamén presentamos propostas e proxectos vinculados á industria e á enerxía para As Pontes. Trouxemos a este parlamento, no trámite de aprobación de orzamentos, a proposta de constituír nas Pontes un centro para o I+D+I de almacenamento da enerxía; votaron en contra. Por certo, quero lembrar aquí que, por exemplo, en Euskadi xa sacaron a licitación a construción dun centro tecnolóxico relacionado coa enerxía, o Energy Intelligence Center, que, segundo declaracións da conselleira vasca de Promoción Económica, vai saír adiante con fondos europeos ou sen eles. De feito, o Goberno vasco xa comprometeu 40 millóns de euros. ¡Igualiño que a Xunta!

O centro de I+D+I para o almacenamento da enerxía que propón o BNG significaría colocar As Pontes e Galiza á vangarda da transición enerxética, pero de verdade, non de boquilla. Significaría que por fin Galiza dá un paso adiante no sector enerxético para ser non só produtora de enerxía, senón tamén provedora de tecnoloxía. E a localidade das Pontes é o sitio perfecto, porque conta con experiencia e cultura na industria enerxética e conta, ademais, con recursos e fontes de produción de enerxía diferentes, desde a eólica á hidráulica, pasando polo ciclo combinado de gas.

Desprezou vostede esta proposta o outro día, dicindo: vaia vostede contarlles aos traballadores das Pontes, porque eu non penso. Repítolle que a xente das Pontes coñece o traballo e as propostas do BNG. E non hai ninguén nas Pontes —parece que é a diferenza do que pasa na Xunta— que non entenda o salto cualitativo que representaría a constitución dun centro tecnolóxico para o almacenamento de enerxía que fose referencia para todo o Estado español, e con vocación de estar na vangarda de Europa. Enténdeno ben en Euskadi e enténdeno ben tamén nas Pontes. Vostedes, por razóns que terán que explicar, non queren entendelo.

En definitiva, señor presidente: ¿que plan ten a Xunta de Galiza para a vila das Pontes despois dun ano de anunciado o peche da térmica?

Máis nada polo de agora e obrigado. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Alfonso.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Resposta do vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.

**O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Fernández, a boas horas chega o BNG ás Pontes. Sen dúbida, o Bloque Nacionalista Galego ten mala conciencia coa situación de incerteza que viven os traballadores da central das Pontes, da industria auxiliar e tamén dos transportistas. Porque vostedes, señor Fernández, están avalando a través do seu grupo político a transición enerxética acelerada e inxusta do Goberno do Partido Socialista. Porque despois de dous meses, señor Fernández, o Bloque Nacionalista Galego segue sen defender a continuidade da planta a través dos biocombustibles, e porque non defenden tampouco unha solución industrial para as mulleres





e os homes que traballan hoxe como especialistas en operacións de produción, de mantemento e tamén de actividades loxísticas.

A solución do Bloque Nacionalista Galego, que hoxe volveu referendar, é que estes traballadores e autónomos teñan un centro para a competitividade e I+D+i en almacenamento de enerxía encargado —e cito textualmente— «de levar a cabo os proxectos, xestionalos e monitorizalos, así como de participar no desenvolvemento de ferramentas e tecnoloxías que melloren a flexibilidade e a seguranza da rede eléctrica». É dicir, que a proposta do BNG para As Pontes é reconverter os 1.500 profesionais que levan toda a súa vida traballando no funcionamento da central en investigadores e en persoal de I+D, para contratalos —segundo di vostede— nun centro —entendemos que público— que se financie con 100 millóns de euros de fondos europeos *Next Generation* de aquí ao ano 2023.

E logo ¿que?, señoría. Con todo respecto, ou ben non saben a que se dedica un centro de coñecemento ou ben non saben que o impacto económico do peche da central se sitúa entre os 30 e 50 millóns de euros anuais, ou pensan simplemente que non coñecemos, tanto os traballadores como a Xunta de Galicia, a realidade da planta —seguro que ningunha das tres—. Lamentablemente, o BNG comezou a acordarse tarde, coma sempre, dos traballadores da central, da industria auxiliar e dos transportistas. Estiveron e seguen estando, señor Fernández, ao lado dos que defenden o peche da central. E agora que se decatan das consecuencias pretenden disimular o seu abandono presentando unha alternativa que non atende a demanda da continuidade dos empregos. Fano sen ningún tipo de informe de viabilidade, fano sen ningún tipo de cronograma, e o que máis chama a atención é que seguen sen presentar as súas propostas na Comisión de Reactivación, que se creou neste Parlamento precisamente para consensuar entre todos os grupos parlamentarios o futuro dos diferentes proxectos que se poden impulsar a través dos fondos *Next Generation*. A diferenza con vostede é que nós tamén traballamos en proxectos a medio prazo para optar aos fondos europeos, pero sen esquecer o futuro máis inmediato destes traballadores e das súas familias, que é precisamente o que está facendo o BNG.

Fala vostede de unidade, seguramente deberían intentar colaborar e vir a este Parlamento para colaborar coa Xunta de Galicia e para facer unha fronte común para defender os intereses dos traballadores, que é o que non están facendo. Simplemente queren vir, señor Fernández, a confrontar co Goberno. E así, dende logo, os traballadores non van atopar ningún tipo de solución.

Fala vostede de que a Xunta de Galicia simplemente non está colaborando. Debería saber —ou sabe, pero non o quere recoñecer— que a Xunta de Galicia, xunto co Ministerio de Transición, a través do Inega e a través do IDAE, son os que están desenvolvendo os traballos de carácter técnico para avaliar o uso de biocombustibles nesta instalación, probas que teñen demostrado que esta opción é unha opción viable, dende o punto de vista técnico e ambiental, para poder prorrogar a vida útil da planta mediante o uso de enerxías cen por cento renovables. Realizáronse probas con diferentes mesturas de carbón e biomasa e comprobouse que a combustión é viable —máxime tras a posta en marcha da planta de desulfuración—. De feito, dende o punto de vista ambiental, os datos das probas finais amosan que se cumpren cos límites de emisións actuais e futuros, que os efluentes líquidos cumpren cos valores de





autorización ambiental integrada e que as cinzas son admisibles para unha entulleira de residuos non perigosos con medidas adicionais de protección ambiental. É unha realidade avalada —como lle dicía— polos técnicos da Xunta de Galicia e do Ministerio para a Transición Ecolóxica, que obrigou, por certo, a Endesa a rectificar a súa decisión unilateral de abandonar a comisión de seguimento e, polo tanto, traballar por darlle unha continuidade á central.

Agora toca seguir traballando xuntos —esperemos que co apoio do BNG, que ata o de agora non se ten manifestado—. E seguiremos traballando xuntos para impulsar a viabilidade económica da central a partir dos datos aportados polas probas. Temos o compromiso da vicepresidenta cuarta e ministra de Transición Ecolóxica, despois da reunión que mantivo co presidente da Xunta de Galicia o pasado xoves. E, por suposto, a Administración galega seguirá implicada nunha transición xusta para As Pontes.

Pero o compromiso coas Pontes vai máis aló. E por iso, señoría, o pasado xoves tamén conseguimos a confirmación do Ministerio de que lanzará, proximamente, o proceso participativo para a elaboración do convenio de transición xusta da zona das Pontes, a adxudicación dunha partida de 27 millóns de euros a proxectos de enerxía renovables e un paquete de medidas específico para zonas de transición xusta —dentro, precisamente, dos fondos *Next Generation*—, por un importe de 300 millóns de euros.

Por outra parte, coñece perfectamente tamén que a Xunta de Galicia leva traballando na identificación de proxectos para estes fondos da man do comité de expertos e dos axentes económicos e sociais, coa ausencia, unha vez máis, da colaboración e da participación do Bloque Nacionalista Galego —aínda que estes proxectos se presentaron na Comisión de Reactivación—, cousa que vostedes non queren facer. Primeiro, presentamos en outubro unha candidatura inicial con propostas aliñadas tanto coas directrices marcadas por Europa como polo propio plan do Goberno. E, segundo, presentamos iniciativas públicas e privadas a todas e cada unha das manifestacións de interese que se están abrindo por parte dos ministerios.

Sabe que estamos impulsando un polo para a transformación de Galicia, baseado na colaboración de trinta empresas e centros tecnolóxicos, e para desenvolver oito proxectos estratéxicos que en tres anos mobilizarán 3.300 millóns de euros. E sabe que un deles é a primeira planta para a produción de hidróxeno verde nas Pontes —da man de Reganosa— e unha segunda que se propuxo por parte de Naturgy en Meirama, precisamente a partir da electricidade procedente de renovables. Sabe, polo tanto, que estamos traballando dunha forma directa no futuro das Pontes. E sabe, polo tanto, que hai un proxecto integral e ambicioso para impulsar a transición xusta, un proxecto que poida ter esa capacidade para desenvolver sectores prioritarios no cambio cara a unha economía climaticamente neutra, con capacidade para incrementar a sustentabilidade das empresas galegas e tamén con capacidade para xerar, señor Fernández, emprego industrial na nosa comunidade autónoma.

Precisamente para que estes e outros proxectos que poidamos presentar desde Galicia sexan posibles, vimos de dar un novo paso coa decisión de poñer en marcha un novo mecanismo de colaboración público-privada, esa colaboración público-privada que vostedes rexeitan para impulsar os proxectos industriais na nosa comunidade autónoma; un mecanismo que vai permitir dar velocidade e capacidade de tracción aos proxectos, que vai permitir desen-



volver estudos de viabilidade, modelos de negocio, e que tamén vai permitir, señor Fernández, captar fondos e identificar socios industriais e socios tecnolóxicos que poidan poñer en marcha os diferentes proxectos.

E tamén lle recordo que este grupo parlamentario e este goberno están defendendo e van aplicar unha lei de reactivación aprobada onte neste Parlamento —unha vez máis, sen o apoio do BNG nin tampouco do Grupo Socialista— para desenvolver unha nova cultura administrativa que poida desenvolver todos estes proxectos nos prazos que teñen marcados por parte da Comisión Europea. Porque, se non se desenvolven os proxectos en prazo e en forma, non poderemos ter como retorno estes fondos.

Así pois, señor Fernández, este goberno ten un compromiso firme e real con actuacións concretas para que Galicia siga sendo verde sen renunciar á nosa especialización industrial. Lamentablemente, o Bloque Nacionalista Galego di de boquilla que van traballar para converter a transición enerxética nunha oportunidade pero un día si e outro tamén, señor Fernández, dedícanse a desprestixiar calquera proxecto, calquera empresa, que non sexa do seu agrado. Convén que non esqueza que o peso de Galicia na produción industrial española é case un 15 % superior ao peso do conxunto do resto de sectores.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Réplica do señor Fernández Alfonso.

**O señor FERNÁNDEZ ALFONZO:** Obrigado, señor presidente.

Agradézolle, señor vicepresidente, que polo menos evitara o acento tejanero para aquilo de «estamos trabajando en esto» (*Aplausos.*)

Mire, señor vicepresidente, a Estratexia para a transición xusta, deseñada polo Goberno de España, o borrador sobre o almacenamento de enerxía elaborado polo ministerio e mais os organismos todos da súa ben amada Unión Europea insisten na recomendación de aproveitar a transición enerxética para impulsar un cambio de modelo produtivo máis baseado na tecnoloxía e nos bens e servizos de alto valor engadido. A proposta do BNG é absolutamente coherente con estas recomendacións da Unión Europea. Dísenos que o almacenamento de enerxía vai ser unha tecnoloxía chave para que a transición enerxética poida materializarse. Dísenos que centros tecnolóxicos deste tipo terían o efecto de atraer cara aos territorios onde se asenten outras empresas do sector enerxético e tecnolóxico.

Pois ben, o BNG quere, efectivamente, que empresas de alto valor engadido se instalen nas Pontes. Xa llo dixemos. Dicímolo por activa e por pasiva: temos que dar un salto cualitativo pasando de ser meros produtores de enerxía a ser tamén provedores de tecnoloxía. ¿Por que a Xunta de Galiza e o Partido Popular están en contra? Explíquenos por que. Se é que teñen outros plans para as Pontes, vai sendo hora de que os poñan sobre a mesa. Nós tememos



que non os teñan. Cando menos, nos orzamentos da súa vicepresidencia non había nada consignado para a transición enerxética na vila das Pontes.

E hai outra cuestión básica sobre a que a Xunta non se pronuncia, que son os plans de Endesa. ¿Que opina a Xunta de que Endesa presente un plan totalmente condicionado á obtención de fondos *Next Generation*?, ¿que pasa se non consegue eses fondos?, ¿que opina a Xunta de Galiza de que nun escenario de recursos económicos escasos, de recursos públicos escasos, en comparación coas inmensas necesidades provocadas pola pandemia, anden as grandes enerxéticas rifándose as axudas? Ou, dito doutro xeito, ¿que opina a Xunta de Galiza de que sexamos todos e todas, de que sexa a cidadanía en xeral, quen acabe pagando o cambio tecnolóxico e de negocio das grandes empresas enerxéticas?, ¿non lle parece un tanto obsceno? Porque supoño que ninguén poñerá en dúbida de que a factura dos fondos europeos se vai pagar a escote. ¿Non haberá sectores máis necesitados de axudas?

Na vila das Pontes teñen experiencias anteriores en canto á redución de actividade por parte de Endesa, experiencias que coñecemos todos e todas, e nas que Endesa, que gañaba miles de millóns á conta dos recursos enerxéticos locais, achegaba fondos propios para paliar os efectos das súas reducións de actividade. Hoxe, nun escenario de datos económicos, de emprego e demográficos peores que nesas outras ocasións, nun escenario —xa non de redución de actividade, senón de peche— no que Endesa segue a gañar millóns, ¿por que non se exploran mecanismos para a promoción e o impulso industrial nas Pontes nos que Endesa, en colaboración coa Xunta e o concello, poña diñeiro? Endesa vén de publicar hoxe uns resultados do ano 2020 de 1.400 millóns, e vai destinalo todo a retribuír o seu accionista Enel, unha empresa pública italiana. Ninguén podería entender que, despois de todo, e nas actuais circunstancias —insistimos— de grandes necesidades, acabemos sendo nós os que lle paguemos a Endesa a transformación do seu negocio para o futuro. ¿Que pensarán, por certo, aquelas pequenas e medianas empresas cada día máis lonxe das prioridades de goberno da Xunta de Galiza?

Remato, señor vicepresidente. Aclare, por favor, e cuantifique o que representa o proxecto dos biocombustíbeis, porque segue sen contestar ás preguntas. Aclare cal é a postura sobre isto das consellerías do Medio Rural e de Medio Ambiente. Axilice a tramitación do convenio de transición xusta ou acepte e asuma a documentación elaborada polo Concello das Pontes. Non quede de brazos cruzados, vaia adiantando o traballo, como fai o Concello, como fai a sociedade das Pontes. E vaia definindo e elaborando proxectos nos que, por favor, non vaian ser a vila das Pontes e Galiza as pagás desta transición, que non é outra cousa que o cambio de negocio das grandes empresas enerxéticas. Preocúpese de garantir un retorno social da riqueza que xeran os nosos recursos enerxéticos. Preocúpese de impulsar o necesario salto tecnolóxico do noso tecido produtivo con iniciativas como a proposta do BNG de constituír un centro de I+D+I para o almacenamento de enerxía nas Pontes.

Mírese no espello do Goberno vasco, que ten claro para onde vai o futuro e impulsa proxectos consignando corenta millóns de euros, como o que nós propoñemos para As Pontes.

Asegúrolle que a xente das Pontes sabe valorar ben estes proxectos, e asegúrolle tamén que saberá valorar a falta deles.

Máis nada e obrigado. (*Aplausos.*)



**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Alfonso.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Peché da interpelación.

Señor vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.

**O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López):** Grazas, señor presidente.

Señor Fernández, agradézolle especialmente a súa claridade na resposta. E hoxe, diante desta cámara, vostedes, o Bloque Nacionalista Galego, plantexan que a proposta que teñen para As Pontes é pechar a central das Pontes e non darlles unha oportunidade aos traballadores, á industria auxiliar e aos transportistas para poder manter a planta aberta a través da valorización dos biocombustibles. Esa é a súa proposta; non é a proposta da Xunta de Galicia. Sobre a súa conciencia, dende logo, pesará calquera situación que se poida dar de cara ao futuro. É moi sinxelo: vostedes defenden o peche da central; nós non o defendemos. Esa é a situación.

Fálame vostede do centro de almacenamento da enerxía. Acábolle de trasladar que hai un proxecto presentado por Reganosa, participado pola Xunta de Galicia en preto dun trinta por cento, que está plantexando a construción dunha planta de hidróxeno nas Pontes. ¿Onde está a falta de compromiso por parte da Xunta de Galicia coas Pontes?

E debería de revisar os orzamentos —porque hai que vir cos datos enriba da mesa, señor Fernández— e vería que nos orzamentos do ano 2021 a Xunta de Galicia ten comprometido todo o cofinanciamento co Concello das Pontes para os proxectos que teñen presentado nesa agrupación de interese, na que estamos participando conxuntamente o Concello das Pontes e a Xunta de Galicia. E tamén un cofinanciamento para poñer en marcha unha oficina de reindustrialización, conxuntamente o Concello das Pontes e a Xunta de Galicia.

Señor Fernández, lamento que a posición, unha vez máis, do Bloque Nacionalista Galego sexa de darlle as costas á industria. Déronlle as costas a Elnosa, estanlles dando as costas aos traballadores de Ence, estanlles dando as costas a Navantia e á súa industria auxiliar, e agora estanlles dando as costas aos traballadores da planta das Pontes, aos transportistas e á industria auxiliar. Lamento que vostedes non estean apoiando un futuro industrial para Galicia. Pero aí, dende logo, non van encontrar a Xunta de Galicia e tampouco o Partido Popular de Galicia.

Fago unha pequena referencia ao seu programa electoral. ¿Saben canto lle dedica á política industrial o Bloque Nacionalista Galego? ¡Tres parágrafos! Para dicir simplemente que o seu proxecto de país na industria é un conxunto de políticas públicas concertadas no plan para o fomento da actividade tecnolóxica e industrial.

Señor Fernández, Galicia, os traballadores e os axentes económicos e sociais precisan dunha aposta pola industria, polo emprego de calidade. E, lamentablemente, vostedes o único que



fan simplemente é crer naquilo que poden controlar. Porque esa é a súa política: apostan polo público e renegan simplemente do privado; renegan da colaboración público-privada; renegan, señor Fernández, dos emprendedores, dos traballadores, dos autónomos, das microempresas, das pemes...; renegan, en definitiva, da industria. E aí xa lle digo que non vai atopar a esta Xunta de Galicia.

Polo tanto, nós seguiremos traballando para impulsar proxectos industriais e para estar ao lado da industria. E por iso seguiremos defendendo os traballadores de Endesa As Pontes, seguiremos defendendo os traballadores de Ence, os traballadores de Alcoa, os traballadores de Alu Ibérica, os traballadores de Navantia, aos que vostedes simplemente lles están dando as costas, como lle dicía.

Seguiremos, en definitiva, co proxecto para que As Pontes poida ter un futuro, para que a central das Pontes poida seguir funcionando a través dos biocombustibles con enerxías renovables; seguiremos apostando polo desenvolvemento de enerxías renovables nas Pontes, e seguiremos apostando, sobre todo, polo emprego industrial.

E cando me fala dos convenios de transición, recórdolle ao Bloque Nacionalista Galego e recórdolle tamén ao Partido Socialista que o Goberno aínda non respondeu á proposta da Xunta de Galicia para que fose incluída no Acordo de transición xusta que o Goberno asinou cos sindicatos e coas empresas, e deixou fóra as comunidades autónomas. Seguimos esperando polo apoio do Bloque Nacionalista Galego e polo apoio do Partido Socialista para que a Xunta de Galicia forme parte do Acordo de transición xusta, onde se están tomando decisións, por certo, que son competencia tamén da propia Xunta de Galicia, como son as políticas activas de emprego que se pretenden aplicar aos traballadores das Pontes.

Por favor, céntrense nos intereses xerais, céntrense nos intereses dos traballadores das Pontes e céntrense, sobre todo, no futuro industrial de Galicia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.

Pasamos ao punto noveno da orde do día, preguntas ao Goberno.

### ***Cambio no desenvolvemento da sesión plenaria***

**O señor PRESIDENTE:** Comezamos por unha alteración da orde do día.

**Pregunta de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o coñecemento polo Goberno galego dalgunha iniciativa por parte do Goberno central para achegar axudas directas e a fondo perdido aos sectores máis afectados polas restricións derivadas da covid-19, nomeadamente a hostalaría, os autónomos e as pemes**

**O señor PRESIDENTE:** Pregunta de dona María Murillo, do Grupo Parlamentario Popular.





**A señora MURILLO SOLÍS:** Si, grazas, presidente.

Vicepresidente, moitas grazas por estar sempre diante dos problemas dos galegos. Non é doado tomar decisións en momentos complicados, non é doado gobernar. Pero é certo que os galegos elixiron este goberno, elixiron o Goberno do Partido Popular, e a xente segue confiando en vós.

As axudas da Xunta chegaron, e chegaron despois de que vostede acompañara toda a xente, os afectados pola pandemia. Acompañou dende o primeiro momento. Acompañou, primeiro, coordinando as emerxencias no inicio e acompañou, despois, cando se reuniu con todos os sectores afectados.

Coñecemos o seu traballo. Foron meses de reunión, meses que acabaron algunhas veces con consenso e algunhas sen el. Pero coñecemos que houbo traballo, e froito dese traballo chegaron as axudas da Xunta de Galicia. Chegaron para paliar moitas das perdas que sufriu este sector, que sufriu o sector polas restricións que houbo que tomar pola covid.

Con dous plans de rescate, por valor de cento sesenta millóns de euros, Galicia, señor vicepresidente, foi das primeiras comunidades que asumiu as necesidades e a ausencia desaxestión das axudas que tiña que ser urxente porque o sector morría. A tramitación foi áxil, e sei que máis áxil está sendo, segundo a tramitación do segundo plan de rescate, porque vostede se reuniu e escoitou. É certo que moitas das aportacións dese sector foron recollidas no prego de condicións deste segundo plan de rescate.

Coñezo das dificultades das negociacións, e ás veces da demagogia de moitos que queren facer propio e utilizar politicamente a transmisión das mensaxes. Agradece o sector —e así llo transmite— que, efectivamente, ata a falta de consenso coas deputacións e coa Fegamp nenas moitas reunións, vostede decidise seguir adiante co segundo plan de rescate, sen agardar por perder máis tempo, porque non había tempo. É certo que nesa espera vostede deixou a porta aberta para que as deputacións e os concellos que así o quixesen se adaptasen e se adherisen ao segundo plan. Porque é certo, señor vicepresidente: o importante é axudar o sector, non perderse en quen sae mellor na foto.

Moitas familias galegas, moitos autónomos, moitos pequenos comerciantes non van saír desta crise con normalidade. As súas vidas e os seus negocios van ter dificultades, e hai que pensar no día de despois. Precísase de todas as axudas de todas as administracións. Curiosamente, esta mesma mañá eu escoitei o presidente do Goberno, o señor Sánchez, que dicía que se sairá da crise cando se controle a pandemia. Eu penso que non sabe o que está a dicir. É certo que cando acabe a pandemia teremos moita máis crise e haberá que pensar no día de despois.

As axudas da Xunta de Galicia, ás que optou este sector, foron as máis altas das dadas entre todas as comunidades autónomas do Estado, mentres que, polo momento, ata esta mesma mañá —que penso que é máis publicidade e propaganda— non coñecemos as axudas directas. E penso que tampouco van ser directas do Goberno de España, do Goberno socialista de España...





**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Murillo.

**A señora MURILLO SOLÍS:** ...para un sector como o da hostalería... (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Señora Murillo, terminou o seu tempo. Grazas.

(Aplausos.)

Resposta do vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo.

**O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Murillo, efectivamente, non lle deu tempo ao rematar a exposición a formular a pregunta, que está de todos os xeitos no escrito... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Perdón? *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non sei se ten algo que dicir vostede. Continúo, de acordo.

Dicía que está no escrito rexistrado. É unha pregunta, ademais, que, ao contrario do que poida parecer, hoxe cobra toda a actualidade, porque respondía ou plantexaba unha situación clamorosa de ausencia de intervención por parte do Estado, no que reclama o sector, todos os sectores afectados cada vez con máis forza e cada vez con máis angustia, que é que se lles axude directamente nun momento en que, se non teñen estas axudas —como vostede dicía—, moitísimos non van poder chegar á orilla que se nos anuncia.

Efectivamente, volve pensar o señor Sánchez, nesa ausencia da xestión da pandemia, que todo consiste —xa nolo dixo no mes de xuño do ano pasado— en vencer o virus, en superalo todo, e todo se arranxará maxicamente. Nótase que non está no día a día da xestión, se non, daríase conta non só do difícil que é a xestión sanitaria, senón o difícil panorama económico que se lle presenta a tanta xente tan directamente afectada polas consecuencias e polos prexuízos que está causando esta pandemia.

E a Xunta de Galicia, dende logo, como si que está no día a día de todas estas cousas, igual que todas as comunidades autónomas de todas as cores políticas, estámonos dando conta de que ao lado da crise sanitaria, ao lado dos prexuízos sanitarios, xa se están producindo agora mesmo —e, dende logo, virán por desgraza, despois cando pasemos o peor da situación sanitaria— moitos prexuízos económicos.

Pasaron moitas cousas durante este ano. A Xunta de Galicia vai, efectivamente, polo segundo plan de rescate. A Xunta de Galicia —nas competencias que a min me tocan— aprobou un plan de choque de turismo. O conselleiro que acaba de intervir na interpelación arbitrou moitas medidas dende o Igape e dende os outros sectores dependentes da súa consellería para axudar tamén os sectores económicos que máis estaban sufrindo a pandemia, tales como as pemes, os autónomos, o comercio... En fin, fixemos todo o que nos pedía a xente que fixeramos para intentar pasar esta situación tan complicada.



Mentres —e volvo á súa pregunta— o Estado non fixo nada, efectivamente, ata hoxe. Hoxe anunciou o presidente do Goberno central, o señor Sánchez, —e benvido sexa o anuncio, ¡por fin!; non sería porque non llo estaba pedindo todo o mundo, incluídas as comunidades autónomas e incluídos moitos concellos de todas as cores políticas e, por suposto, os directamente afectados— que, por fin, o Goberno se dera conta de que era necesario arbitrar un plan de axudas directas. Pero hai que facelo xa. Efectivamente, quedan moitísimas incógnitas.

Falarei na miña segunda intervención de en que consiste este anuncio que hoxe foi —teño que dicilo— unha boa noticia, se se concreta. Non imos criticar o que estamos pedindo dende hai moito tempo, pero as inconcrecións do propio anuncio fannos temer que, probablemente, —como vostede dicía— sexa, máis que nada, propaganda. Agardemos que non.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor vicepresidente primeiro.

Para a réplica ten a palabra a señora Murillo Solís.

**A señora MURILLO SOLÍS:** Si, grazas, señor vicepresidente.

As necesidades dos autónomos e a realidade das pequenas empresas e a situación da hostalaría impórtanlle moito a este grupo parlamentario; representamos a moitos galegos.

Hai uns días, neste mesmo parlamento, o BNG non quixo sacar adiante unha proposta do PP na que instabamos os concellos e as deputacións a acordar axudas directas e bonificacións fiscais para o sector, mentres teñen os seus negocios pechados. Nesta mesma proposta, que eles rexeitaron, tamén requiríamos á Xunta de Galicia para que chegara e pedira ao Goberno de España que rebaixase o IVE ao sector. Despois da crise xerada pola pandemia vai ser necesario reactivar moitos sectores de xeito contundente. A xente vai saír aos poucos, ás veces aínda con medo, e, dende logo, non vai ser doado encher de novo estes negocios.

Quedarán moita xente polo camiño, moitos locais que non volverán abrir as súas portas, pero temos que remar todos na mesma dirección, facéndoo un pouquiño máis fácil. Precisamos de todos moitas axudas, e axudas que fomenten o consumo.

Esta mesma mañá, como vostede fala, non escoitei o presidente do Goberno falar, en ningún caso, de axudas directas, senón de aportacións, de actuacións; moita xeneralidade. Aínda non sabemos se estas axudas van ir ao próximo consello de ministros da vindeira semana ou vaise agardar aínda máis.

Non o sabemos, realmente. Sabemos, ou case seguro, que non van ser axudas directas como lle pedimos, pero pregúntolle, señor vicepresidente: sendo certo que a rebaixa do IVE é unha competencia estatal, ¿vostede coñece se se baralla por parte do Goberno de España algunha actuación neste eido?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Murillo.

Para a quenda de réplica do Goberno ten a palabra o vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo.

**O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela):** Non, señoría. Nas reunións que estamos tendo —agora son practicamente semanais— cos sectores afectados, sempre nos din o mesmo: teñen interlocución coa Xunta, teñen interlocución con moitas administracións locais. Non con todas, pois hai algún concello por aí que lles di que a pandemia é responsabilidade doutras administracións e que, polo tanto, eles non están pechando nada e, polo tanto, non teñen por que dar ningunha axuda directa. Son concellos coñecidos, porque, ademais, o seu alcalde é o que máis fala disto, e parece que encima o di como se iso fora un orgullo, é dicir, que non ten por que axudalos. Pero, en xeral, as administracións locais estanse portando..., ben, como se teñen que portar as administracións cando os seus administrados o están pasando realmente mal. E o que nos din ao final é que as grandes demandas que necesitan agora, que se dirixen todas ao Estado, unha vez cumprido o deber de axuda directa que temos as outras administracións, están sen responder e nin sequera teñen interlocución.

Hoxe, efectivamente, esa boa nova de que dende a tribuna do Congreso dos Deputados o señor presidente do Goberno, por fin, se digna a, polo menos, amosar a sensibilidade de dicir que é consciente de que ata o de agora —e xa pasou un ano— o Estado non deu unha soa axuda directa a tanta xente que o está pasando francamente mal. Non só iso, senón que moitas das axudas directas que estamos dando as outras administracións teñen que ir para pagar os impostos estatais, que en absoluto foron bonificados, nin exonerados, nin aprazados... Aprazados un pouquiño, pero nin sequera o que eles pedían.

Polo tanto, esas axudas que estamos dando están indo para pagar impostos, están indo para seguir con tributacións que agora mesmo, se houbera unha mínima sensibilidade, terían que estar, cando menos, moduladas e acompasadas a esta situación. E mesmo o que tivemos que facer agora co segundo plan de rescate, que é permitir que solicitantes con débedas puideran acceder ás axudas, cando eran débedas co Estado, que —volvo dicir— non llas perdoou en absoluto.

Por tanto, esta é a situación. Se hoxe o presidente do Goberno dinos «dentro dunhas semanas»; dentro dunhas semanas non, agora mesmo, xa. Pero non se dá conta de que nunha semana que vai o segundo plan de rescate da Xunta xa temos máis de dezaseis mil solicitudes. Non se dá conta a Administración central de que é urxente. Isto é para xa, non é para falar dentro dunhas semanas, como vostede dicía: sen ningunha concreción. Non sabemos se van ser axudas directas, non sabemos se van ser compatibles con outras axudas, non sabemos en que van consistir. Só sabemos que hai unha emenda á totalidade do propio Goberno central, que ata o día de hoxe, mesmo en reunións que houbo a semana pasada, negou por activa e por pasiva que se fora implicar en axudas directas, porque parece ser que non era necesario, e se había que dar axudas directas xa están outras administracións para iso.

Benvida sexa a rectificación do Goberno, pero agora si que poñemos o contador para dicir que iso ten que chegar rápido. Non pode ser dentro dunhas semanas, non pode ser con in-



concrecións, e non pode empezar a derivar outra vez todo para escapar da palabra que agora mesmo é imprescindible: axuda directa que complementa o esforzo que estamos facendo outras administracións.

Deuse un paso hoxe, o Goberno central recoñeceu que levaba un ano de brazos cruzados. Polo menos, agora que se poñen a traballar. Estaremos moi atentos e oxalá que faga o seu papel, porque realmente a xente que quere axuda necesita moito máis que nunca, e o papel do Estado é imprescindible.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor vicepresidente.

Pasamos á seguinte pregunta ao Goberno.

**Pregunta de D. Martín Seco García e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a presentación polo Goberno galego dalgún proxecto industrial tractor para os concellos das Pontes de García Rodríguez e de Cerceda**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a pregunta ten a palabra o señor Seco García.

**O señor SECO GARCÍA:** Grazas, presidente.

No ano 2019, Endesa presentou a solicitude formal de peche da central térmica das Pontes, derivado do incremento substancial do prezo dos dereitos de CO<sub>2</sub> marcado pola Unión Europea. Ante esa decisión, e derivado da presión política e social das Pontes, formouse unha mesa de traballo coa presenza da propia Endesa, as administracións local, autonómica e estatal, a representación dos traballadores afectados e a sociedade pontesa, para buscar alternativas ao carbón que manteñan o emprego e a actividade no concello. Endesa quixo pechar a central térmica sen antes convocar a mesa e presentar os resultados das probas que se viñan facendo con biocombustibles, cunha decisión impropia da súa responsabilidade social corporativa.

Endesa foi convocada á mesa polo ministerio para analizar os resultados das ditas probas, e nela os entes dependentes do ministerio, da Xunta de Galicia e os técnicos locais expuxeron os seus informes que avalaban técnica e ambientalmente as probas realizadas, polo que Endesa debe dar contestación á viabilidade económica ou, do contrario, abrir a posibilidade de que outro operador poña en marcha o proxecto de biocombustibles.

O Goberno do Estado segue implicado, pero, desgraciadamente, só, na busca de solucións aos problemas industriais de Galicia. E xa anunciou o seu apoio ao proxecto de biocombustibles ao poñer, ademais, enriba da mesa liñas de axudas para proxectos empresariais xeradores de emprego en pequenos proxectos de investimento, en zonas de transición xusta por valor de trinta millóns de euros. Outra destinada ao apoio de iniciativas que teñan como obxectivo a creación de emprego sostible e fomento da actividade económica nos municipios



afectados polo peche de centrais termoeléctricas de carbón, por valor de sete millóns de euros. Levou a cabo a priorización destas zonas na convocatoria de axudas a proxectos de enerxías renovables, e nesa liña concedéronse axudas de 8,4 millóns de euros para instalacións térmicas renovables e outros doce millóns para instalacións eléctricas.

Presentou un paquete de medidas específicas para zonas de transición xusta dentro do Plan de recuperación, transformación e resiliencia por valor de trescentos millóns de euros. E na folla de ruta de hidróxeno renovable concede especial interese ás zonas de transición xusta, onde se recibiron propostas de proxectos nas Pontes e Cerceda.

Nesa liña, señor Conde, é necesario que as administracións estatal e autonómica traballen xuntas nun compromiso claro coa continuidade da actividade e o emprego nas Pontes, implicándose no proxecto de biocombustibles. Pero esta aposta non coincide coa opinión do conselleiro do Medio Rural, quen afirmou en diversas ocasións que o seu goberno non ía apoiar ningún proxecto onde se queimasen biocombustibles.

A Xunta de Galicia ten competencias plenas en materia industrial, pero non sabemos que labor está a facer, máis aló de pedir mesas. E vendo as liñas postas en marcha polo ministerio e as axudas que chegarán de Europa, gustaríanos saber se o seu goberno, señor Conde, ten algunha liña de apoio económico a estas zonas, e se teñen presentado algún proxecto industrial tractor para os concellos das Pontes e Cerceda dentro dos cento oito anunciados para acudir aos fondos europeos de recuperación.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Seco.

Ten a palabra o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, o señor Conde López.

**O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Seco, sabemos perfectamente neste parlamento que a misión do Grupo Socialista é, ante todo e sobre todo, defender o Goberno de Pedro Sánchez e, ademais, que para vostedes exercer as competencias da Xunta de Galicia significaría: primeiro, que deixáramos de reclamar o que lle corresponde a Galicia dos orzamentos do Estado con criterios transparentes e obxectivos; segundo, que os galegos e as galegas nos endebedemos máis, e, terceiro, que nos sumemos á súa campaña de desprestixio á industria e á economía. E xa lle digo que a resposta é que non, que non e que non, que a Xunta só se debe aos galegos e ás galegas e que imos seguir defendendo os intereses xerais de Galicia. *(Aplausos.)*

Como lle dixen ao señor Fernández, este goberno está orgulloso do seu tecido produtivo, mantén un compromiso firme coa súa reactivación, coa súa modernización e coa súa transformación dixital e enerxética. E por iso estamos defendendo ante o Goberno a estabilidade e, sobre todo, unha transición xusta que garanta a continuidade de miles de traballadores e



de traballadoras. E iso significa, señor Seco, defender desde este parlamento e desde a Xunta de Galicia os traballos vinculados coas centrais de Cerceda e As Pontes. Pero significa tamén, señor Seco, defender o naval en Navantia e Ferrolterra; significa defender os traballadores de Alu Ibérica na Coruña; significa defender os traballadores de Alcoa na Mariña Lucense; significa, señor Seco, defender os traballos e os traballadores de Ence, e significa tamén defender PSA en Vigo e tamén a cadea do mar e a industria en todo o litoral. Nós defendemos todos estes proxectos.

Señor Seco, en maio do ano 2018, Galicia non tiña ningún conflito dos que acabo de mencionar, ningún. Desde que está o Partido Socialista, as decisións políticas que está adoptando o Goberno de Pedro Sánchez do Partido Socialista Obreiro Español teñen na corda frouxa a quince mil empregos industriais en Galicia.

A pregunta é: ¿que está facendo o Partido Socialista de Galicia para defender o emprego industrial en Galicia?

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor vicepresidente.

Para a réplica ten a palabra o señor Seco García.

**O señor SECO GARCÍA:** O papel aguanta todo e as palabras baleiras tamén, señor vicepresidente. (*Aplausos.*)

Estaría ben que saísen do búnker no que se refuxian para escapar das súas responsabilidades, e fagan algo máis que buscar culpables, derivando os problemas de Galicia cara a outras administracións. Galicia necesita dun goberno que faga política no territorio e non quede unicamente no que transmite aos medios de comunicación, como fixo vostede aquí. Para iso, os galegos e as galegas déronlles unha maioría nesta cámara para que aporten solucións á cidadanía e xestionen a Administración autonómica e as competencias que lles atribúe o Estatuto de autonomía.

O noso grupo quere falar de solucións, de propostas, de proxectos para a nosa terra, e atopámonos cun goberno que, ata o día de hoxe, non puxo enriba da mesa máis que un pouco de literatura sobre catro posibles proxectos tractores que non degraen, nin din onde, como e quen os vai desenrolar.

Ata o día de hoxe podemos consideralo como fume para dicir que teñen algo que aportar. Pero con localidades como As Pontes ou Cerceda non poden esperar a ver se o Goberno da Xunta esperta do seu longo sono industrial, e pon enriba da mesa algún proxecto para acudir aos fondos europeos ou a todas esas liñas de fondos do Ministerio de Transición Ecolóxica que antes enumeraba e nos que puideramos estar poñendo proxectos dende o Goberno, que ten as competencias industriais e de promoción económica.

¿Están dispostos a que o proxecto de biocombustibles das Pontes sexa un proxecto tractor da Xunta de Galicia para acudir aos fondos Next Generation, señor Conde? ¿Cal é a implica-





ción que ten o seu departamento con este proxecto, señor Conde? Non o sabemos. ¿Cales son os proxectos que o Goberno galego ten preparados para As Pontes e Cerceda que poidan acudir ás liñas de axudas antes enumeradas e aos fondos europeos? ¿Cales son as propostas que o Goberno galego vai facer para a posta en marcha do convenio de transición xusta na zona das Pontes? ¿Que iniciativas empresariais que promovan o cambio de modelo produtivo a partir dos recursos da zona ten o seu departamento?

Busquemos solucións, aproveitemos as oportunidades, rememos todos na mesma dirección, señor Conde. Non sigamos na estratexia pola que se levantan pola mañá co seu discurso de cooperación e se deitan pola noite co discurso desleal dos seus voceiros buscando culpas...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor SECO GARCÍA:** ...da inoperancia.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Seco.

Para a réplica do Goberno ten a palabra o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, o señor Conde López.

**O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López):** Grazas, señor presidente.

Señor Seco, non se confunda: o Goberno que decidiu pechar as centrais de Meirama e As Pontes foi o Partido Socialista. *(Protestas.)* O Goberno que está incumprindo o seu compromiso de que Navantia teña carga de traballo é o Partido Socialista. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* O Goberno que está intentando modificar a Lei de costas a través da Lei de cambio climático, co que se impide a continuidade de Ence na ría é o Partido Socialista. *(Murmurios.)* E o Goberno que aprobou un Estatuto de consumidores electrointensivos que penaliza e inviabiliza a planta de Alu Ibérica —e esperemos que non, pero podería ser tamén a planta de Alcoa-San Cibrao— é o Partido Socialista Obreiro Español, apoiado polo Partido Socialista de Galicia. *(Aplausos.)*

A partir de aí, se estamos de acordo niso, e vostedes deixan de ser os portavoces de Pedro Sánchez e de Unidas Podemos en Galicia, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* se deixan de ser portavoces, entón poderemos falar dos proxectos de Galicia.

Vostede debería saber que a Xunta de Galicia está traballando conxuntamente co Ministerio de Transición Ecolóxica para garantir a continuidade da planta das Pontes. As probas estanse desenvolvendo conxuntamente entre o Inega e o IDAE. E a pregunta é: ¿por que vostede vén aquí confrontar coa Xunta de Galicia? ¿Pero non lle conta o seu propio goberno *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* que a Xunta de Galicia está traballando co Ministerio de Transición...



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** ¡Silencio!

**O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López):** ...para buscar un futuro para a central das Pontes?, ¿non llo conta? Pois debería, señor Seco, debería.

En calquera caso, imos seguir. Acábollo de dicir: a Xunta de Galicia participa en Reganosa, como vostede sabe perfectamente. E hai dous proxectos para desenvolver dúas plantas de hidróxeno: un, nas Pontes; outro, en Meirama, como vostede dixo. ¿E sabe quen están neses dous proxectos? Reganosa e a Xunta de Galicia.

Polo tanto, señor Seco, debería ter máis información, debería ter máis diálogo co seu goberno e non ler simplemente os argumentarios que lle trasladan desde Ferraz, porque así, dende logo, vostede non estará defendendo os intereses de Galicia. *(Aplausos.)*

Señor Seco, nós seguiremos traballando, defendendo o futuro industrial da comarca das Pontes, o futuro industrial da comarca de Meirama. E o que esperamos é que o Goberno e o Partido Socialista sigan apoiando a Galicia e lle dean a Galicia unha transición xusta. Iso significa adoptar medidas conxuntamente entre o Goberno do Partido Socialista e a Xunta de Galicia para garantir o futuro industrial de todos estes proxectos que lle trasladei. Pero o día que o Partido Socialista de Galicia deixe de chamar a Madrid para preguntar que teñen que votar, seguramente, nese momento vostedes poderán intentar...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López):** Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor vicepresidente.

**Pregunta de D<sup>a</sup> María do Carme González Iglesias, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para garantir a viabilidade inmediata do estaleiro Barreras, de Vigo, a supervivencia da súa industria auxiliar e a continuidade da súa actividade de construción naval**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a pregunta ten a palabra a señora González Iglesias.

**A señora GONZÁLEZ IGLESIAS:** Moitas grazas, presidente.

Boa tarde, señor conselleiro.

Como vostede ben sabe, e nós tamén, a situación do sector naval en Galiza é realmente preocupante. Na provincia de Pontevedra, maioritariamente na ría de Vigo, no ano 2020, o sector perdeu o 26 % dos postos de traballo e o 20 % da facturación, e a previsión é que isto vaia a máis. Actualmente, só asinou novos pedidos o estaleiro Armón, co que a actividade nos es-



taleiros da ría de Vigo cae a niveis dos peores anos do principio da década pasada. Esta situación agravouse coa covid, mais tamén pola complicada situación económica que atravesa Barreras, debido ao efecto tractor que ten este estaleiro nas empresas auxiliares.

Barreras é o maior estaleiro privado do estado, unha empresa con grandes capacidades que atravesa unha situación complicada que se agrava ante a falta de carga de traballo. Agora ben, esta situación non é nova. Dende a crise de 2008, a construción naval en Galiza sofre continuos vaivéns ante a falta de compromisos e plans industriais do Estado español e da Xunta de Galiza. A falta de políticas activas, de apoio ao sector, axuda pouco á estabilidade da carga de traballo e ao mantemento do emprego.

A función da Xunta de Galiza nesta materia foi nula. Nos once anos que leva no goberno o PP, non foron capaces de pór en marcha un plan de futuro para o sector naval galego. En contraposición, na Unión Europea, países como Alemaña ou Francia souberon promover a súa industria naval e, como consecuencia, copan hoxe unha boa parte do mercado mundial. Nestes momentos lanzan programas de respaldo ao sector naval dos seus países de 1.000 millóns de euros no caso alemán, e de 1.550 millóns de euros no caso francés. E Francia, ademais, contempla partidas específicas destinadas á industria marítima dentro doutros programas de recuperación do país.

En Galiza, en troques, non temos información de que a Xunta de Galiza estea a traballar en proxectos de peso para os estaleiros galegos, que aposten polo sector naval do noso país.

Señor conselleiro, queremos saber, o Bloque e os galegos e as galegas, se ten pensado realizar algún tipo de actuación para garantir a viabilidade inmediata de Barreras, a supervivencia da súa industria naval e a continuidade da construción naval no estaleiro.

Grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora González Iglesias.

Ten a palabra o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, o señor Conde López.

**O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López):** Señor presidente.

Señora González, sorprende enormemente que vostede na súa intervención fale do sector naval en Galicia, se refira en datos xerais á situación do sector e simplemente obvие que unha das empresas máis relevantes para o sector naval en Galicia, e para a súa industria auxiliar, é Navantia, que Navantia depende da carga de traballo que vostedes non están apoiando, pois vostedes non están apoiando a carga de traballo e a construción militar en Navantia, e veña aquí falar do sector naval. Creo que... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!



**O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López):** ...con esa visión parcial, o sector naval e a súa industria auxiliar, da man do Bloque Nacionalista Galego, seguro, seguro, seguro que non tería ningún tipo de futuro.

En calquera caso, nós, dende a Xunta de Galicia, temos contribuído a que o sector naval sexa un sector estratéxico que puidera afrontar a situación de crise económica ao principio da década do ano 2010 e que, efectivamente, puidera atender as necesidades do sector.

Sorpréndeme enormemente que vostede pretenda comparar a situación e as responsabilidades que ten Galicia con outros países europeos que están utilizando o fondo de solvencia que estableceu a Comisión Europea e que lles trasladou aos estados membros, e pretenda acusarnos a nós de que non estamos dando unha resposta a través do fondo de solvencia. Pero ¿vostede non sabe que é o seu socio de goberno en Madrid o que ten que decidir ese fondo de solvencia? ¿Vostede non sabe que é a SEPI a responsable de resolver a propia solicitude de financiamento que ten presentado Barreras? Pero ¿como pretende confundir os galegos e o sector naval, e sobre todo os traballadores de Barreras, intentando trasladar á Xunta de Galicia esa responsabilidade?

O fondo de solvencia, señoría, que teñen outros países como Alemaña e Holanda, ao que vostede se ten referido, é un fondo do que o propio Goberno de España é o depositario. A SEPI é a encargada de resolver estes expedientes, e o expediente de Barreras, simplemente, está sen resolver.

E a Xunta de Galicia, con respecto a Barreras, recórdolle que Barreras estaba en concurso, que Barreras non tiña carga de traballo e que Barreras, grazas ao traballo da Xunta de Galicia, no ano 2012 puido obter esa carga de traballo. Puidemos capitalizar o estaleiro e concedémoslle financiamento ao propio estaleiro para que puidese asumir a construción do flotel. E debería saber tamén que a Xunta de Galicia lle concedeu préstamos á industria auxiliar que tiña comprometido débedas con Barreras, precisamente para garantir a solvencia da industria auxiliar.

Señoría, se alguén está traballando para que Barreras teña futuro e para que a industria auxiliar teña futuro na ría de Vigo e o conxunto do sector naval é a Xunta de Galicia; lamentablemente sen o apoio, unha vez máis, do Bloque Nacionalista Galego.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor vicepresidente.

Para a réplica ten a palabra a señora González Iglesias.

**A señora GONZÁLEZ IGLESIAS:** Señor Conde, levamos tres intervencións e voulle dar unha boa noticia: está vostede no Goberno, ¡ten que gobernar! (*Aplausos.*) Porque nós temos que facer oposición, vir aquí, pedir explicacións e preguntar, e vostede responder. E a miña pregunta é: ¿que vai facer coa falta de carga de traballo na ría de Vigo e, concretamente, cal é o plan que ten a Xunta de Galiza para garantir a viabilidade de Barreras?



E xa sabemos que puxo diñeiro a Xunta, que puxo diñeiro o CESCE, mais o BNG non está de acordo en seguir poñendo diñeiro á custa de nada. O Goberno da Xunta ten que entrar nos consellos de administración e na dirección dos estaleiros, concretamente en Barreras, e controlar que ese diñeiro vai a bo porto; é dicir, que serve para garantir a viabilidade do estaleiro e para tranquilizar as auxiliares, que están, loxicamente, preocupadas pola viabilidade e polo diñeiro que teñen que devolverlle á Xunta.

E deixe de anunciarnos que está traballando. Porque ¿sabe que pasa? Que nas gradás de Barreras aínda vaga a fantasma das pemes. *(Aplausos.)* E en Vigo e en Barreras non queremos anuncios, queremos facer barcos.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora González Iglesias.

Para a réplica do Goberno ten a palabra o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa, Innovación, o señor Conde López.

**O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora González, estamos entón de acordo pola súa intervención en que, efectivamente, o fondo de solvencia é un fondo que está xestionando o Goberno de España, que o Goberno de España é o responsable de poder facilitar ese financiamento aos estaleiros, igual que están facendo outros países como Alemaña e Holanda, e que, polo tanto, seguramente, vostedes, que están apoiando o Goberno de Madrid, poderían dar unha explicación de por que a SEPI non está resolvendo ese expediente de solicitude de financiamento por parte de Barreras. Pero sabe, e teno omitido na súa intervención, que ao igual que Barreras ten pedido un financiamento de trinta millóns de euros á SEPI, igualmente ten solicitado tamén un préstamo de oito millóns de euros a XesGalicia, polo tanto, á Xunta de Galicia.

Eu trasládolle que, efectivamente, nós estamos avaliando a posibilidade de conceder ese préstamo participativo. Pero, dende logo, imos avalialo unha vez que teñamos as garantías de que, efectivamente, Barreras ten un proxecto de futuro, que vai rematar en prazo o cruceiro en construción, que pode haber novos pedidos e que, polo tanto, pode haber unha solución para a industria auxiliar. Porque iso é o que fai o Goberno, o que fai a Xunta de Galicia: responsabilidade para o destino dos fondos públicos.

Polo tanto, todos temos que traballar para que Barreras despexe o seu presente pero, sobre todo, o seu futuro. E a Xunta de Galicia está avaliando nestes momentos con Barreras esa posibilidade.

Polo tanto, señoría, nós estamos dando resposta concreta e clara ás necesidades que ten o sector naval. A pregunta é: ¿por que vostedes fan sempre lecturas parciais? ¿Por que defenden Barreras e pretenden que os traballadores de Navantia e da industria auxiliar de ferro vaian ao paro? ¿Cal é a posición que ten o Bloque Nacionalista Galego dende o punto de vista do sector naval? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*



Señoría, resulta moi difícil...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** ¡Silencio!

**O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López):** ...entender a postura do BNG, que, por un lado, solicita emprego industrial para a comarca de Ferrolterra e, por outro, non teñen ningún tipo de reparo en desacreditar calquera tipo de proxecto.

Igualmente o están facendo agora con Barreras. Vostedes negáronlle a colaboración á Xunta de Galicia, cando nós buscamos carga de traballo para que Barreras puidera ter esa carga de traballo; negaron de forma continuada e reiterada o apoio á Xunta de Galicia.

E agora vostedes pretenden intentar trasladar que a Xunta de Galicia non está actuando para darlle unha solución a Barreras. Estámolo facendo, estamos avaliando ese préstamo solicitado por Barreras, estamos avaliando tamén a situación da industria auxiliar. E non teñan ningunha dúbida de que namentres haxa unha concreción clara de que Barreras poida ter un futuro, a Xunta de Galicia estará apoiando, como estivo sempre, a Barreras, a industria auxiliar e o conxunto do sector naval en Galicia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.

### ***Cambio no desenvolvemento da orde do día***

**O señor PRESIDENTE:** Alteración da orde do día.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Ana Pontón Mondelo e dezaioito deputados/as máis, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que vai levar a cabo a Xunta de Galicia para evitar a deslocalización dos postos de traballo asociados á produción enerxética, como é o caso do centro de operacións de Naturgy, na Coruña**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a pregunta ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Señor vicepresidente, a comezos deste mes de febreiro, coñeciamos como Naturgy daba un paso máis nun proceso profundo de desmantelamento de todo o emprego asociado ao papel de produtor enerxético que ten o noso país. Facíao ao anunciar o peche do centro de operacións da Coruña e a deslocalización deste servizo para Madrid. Na mesma liña tamén, hai poucos días, Iberdrola anunciaba o peche definitivo do seu centro na bacía do Sil, na Rúa de Valdeorras. Onte e hoxe, os traballadores destes dous centros mobilizábanse para dar resposta a esta situación que, desde logo, é un drama desde o punto de vista social, pero que é tamén un drama desde o punto de vista da repercusión que ten nestas comarcas e que, desde logo, é un disparate tamén desde o punto de vista técnico e profesional.





Isto só se entende desde a impunidade coa que o sector eléctrico opera neste país, espoliando os nosos recursos naturais sen ter un retorno suficiente en materia de emprego e en materia de valor engadido. Unha impunidade —tamén hai que dicilo— na que, lamentablemente, o seu goberno é un colaborador activo. Só iso explica o que está acontecendo.

A Xunta xa se puxo con vostede ao mando de perfil cando Naturgy levou os servizos de atención ao cliente da Coruña e de Ourense. A Xunta de Galiza púxose de perfil agora cando dá o chanzo definitivo levando unha parte do traballo máis técnica e mellor cualificada.

E isto é intolerable. É intolerable ademais nun contexto onde Naturgy aspira a xestionar moreas de megavattios renovables, e é intolerable tamén nun contexto no que, ademais, estamos vendo como Naturgy pretende sacar tallada da transición enerxética.

Eu pregúntolle, señor Conde, se vostede desde a primeira semana de febreiro non tivo tempo —xa non digo o señor presidente da Xunta de Galiza, pero cando menos vostede— a dignarse facer, cando menos, unha declaración pública na que se lle diga a Naturgy que vai estar aí, parándolle os pés a esta ofensiva que está desenvolvendo no noso país. Desde logo, é sorprendente ou é decepcionante tanto silencio. Desde logo, hoxe ten vostede a oportunidade de facelo, de comprometerse nesta cámara, de dar explicacións, de dicirnos que vai facer para que Naturgy non leve estes postos de traballo do noso país, e dicirnos que está facendo para chegar a eses compromisos que adquiriron o pasado 11 de febreiro cos traballadores nunha reunión, que, por certo, non saíu da propia Xunta de Galiza, que tiveron que perseguir os propios traballadores e traballadoras.

Polo tanto, señor Conde, pedímoslle que deixen de poñerse de perfil e que nos explique que vai facer para evitar a deslocalización dos postos de traballo. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Presas.

Ten a palabra o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, o señor Conde López.

**O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Presas, nin estamos de acordo, nin, por suposto, compartimos a decisión de Naturgy. E iso mesmo trasladámosllo á compañía, que como Xunta de Galicia nos corresponde, tras escoitar o Comité de Empresa de Unión Fenosa Distribución, porque a Xunta de Galicia xa se ten reunido, por suposto, co propio comité.

Así mesmo, solicitámoslle a Naturgy unha aclaración do emprego que se manterá no noso país. Porque aínda que entendamos que se trata dunha decisión empresarial a que teñen comunicado, nós témoslle trasladado e exixido que se manteña un equilibrio cos territorios que máis se achegan á compañía. E seguiremos defendendo, loxicamente, os postos de traballo, e seguiremos tutelando para que se cumpran todos os investimentos, todos os compromisos, se atendan os servizos e, por suposto tamén, o emprego que a compañía ten en Galicia.



Vostede sabe que o cadro de persoal de Naturgy en Galicia ascende a seiscentos oitenta traballadores, e sabe perfectamente que a compañía ten unhas obrigas de investimento para garantir todos os seus compromisos e de prestación de servizos. E non teña ningún tipo de dúbida que dende a Xunta de Galicia imos, estamos e seguiremos exixindo todas as melloras na rede de distribución, garantindo a calidade e a seguridade na subministración eléctrica.

E, por suposto, señora Presas, tamén lle estamos exixindo a Naturgy unha solución industrial para Cerceda tras o peche da central, para que, dende logo, poidamos seguir mantendo ese emprego industrial que estaba xerando a compañía, que estaba xerando Naturgy en Galicia.

Sabe perfectamente que a Xunta de Galicia segue non só defendendo os traballadores, senón tamén os propios consumidores. E sabe que o Instituto Galego de Consumo e de Competencia segue actuando con total contundencia, e son dous mil catrocentos expedientes sancionadores abertos a Naturgy. Polo tanto, sorpréndeme que vostede intente trasladar aquí no Parlamento que nós non estamos desenvolvendo o noso obxectivo.

O que si parece, despois de escoitar a súa intervención, é que o único que queda claro é que o obxectivo desta pregunta non é defender o emprego dos traballadores do centro de operacións da rede da Coruña. Seguramente a súa prioridade é simplemente volver xustificar o modelo eléctrico que vostedes non foron capaces de implantar no Bipartito e, dende logo, simplemente, descualificar o sector eléctrico e descualificar a Xunta de Galicia.

E como, lamentablemente, é así, dígolle que vostede non está axudando, non está intentando defender os intereses, nin tampouco os postos de traballo dos traballadores de Naturgy.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor vicepresidente.

Para a réplica ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Señor Conde, sinceramente, con todos os respectos: a Xunta de Galiza xa se descualifica soa. (*Aplausos.*) Non fai falta que eu veña aquí dicir nada nesta cámara, porque só vendo a actitude da Xunta de Galiza nesta tarde xa se descualifica por si mesma, porque vostede, hoxe, en toda a tarde, xa fixo de delegado conselleiro vicepresidente de Reganosa, de Enel, de Naturgy, de Iberdrola... Menos da Xunta de Galiza, de defender os intereses deste país, xa defendeu vostede os demais intereses contrarios á fixación de emprego deste país.

Vostede vén aquí e ten que haber unha presunción de traballo e de constancia da Xunta de Galiza, que pide aos traballadores e ao Bloque Nacionalista Galego que creamos cegamente. Señor Conde, se vostede, se a Xunta de Galiza o 11 de febreiro se comprometeu a organizar unha visita institucional a Naturgy para deixar claro publicamente a súa oposición a este movemento de traballadores e non foi quen, unha de dúas: ou non teñen capacidade ningunha en trece días para facer isto e xestionar isto coa principal empresa eléctrica deste país, ou non queren. Ou non son quen ou non queren, ou as dúas cousas ao mesmo tempo.



Iso, desde logo, é moi preocupante, señor Conde. Porque aquí xa vivimos neste país o que vostedes non facían cando se deslocalizaban os servizos asociados á atención á clientela; deixaron que marcharan. Estamos vendo tamén a mesma cuestión no caso de Iberdrola. Xa houbo acordos unánimes neste parlamento, e vostedes non fixeron nada, e agora están baixando a persiana na Rúa de Valdeorras. E agora temémonos que aconteza o mesmo con esta cuestión.

A cuestión é, efectivamente, entre modelos enerxéticos diferentes: o da Xunta de Galiza, que non fai absolutamente nada, nin nos pregos de contratación da subministración eléctrica da Xunta, nin tampouco agora nesta nova expansión de renovables, para que os postos cualificados queden no noso país, ou o modelo de quen si queremos que se faga. Polo tanto, á luz do fracaso estrepitoso dos once-doce últimos anos de política industrial da Xunta de Galiza, recórdolle que vostede en 2009 xa estaba como asesor.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Presas. Xa rematou o seu tempo.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Á vista dese fracaso, ¿que vai facer para que non volva pasar nesta ocasión? (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Réplica do Goberno. Ten a palabra o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, o señor Conde López.

**O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López):** Señora Presas, o único que quedou bastante claro esta tarde é que o Bloque Nacionalista Galego defende o peche da central das Pontes. (*Murmurios.*) O único que quedou claro é que o Bloque Nacionalista Galego defende que en Navantia non se constrúan barcos militares e, polo tanto, comprometer o futuro do sector naval e da industria auxiliar en Ferrolterra. O único que quedou claro é que vostedes seguen defendendo o peche de Ence. E o único que quedou claro é que os traballadores de Alu Ibérica, se é por vostedes, tampouco terían ningún tipo de futuro.

Polo tanto, señora Presas, un pouco de respecto aos traballadores de Galicia, porque, dende logo, o Bloque Nacionalista Galego, simplemente, coma sempre, defende uns traballadores e outros non. E, lamentablemente, así nin se fai oposición, nin, sobre todo, se fai unha defensa dos traballadores.

A Xunta de Galicia está ao lado dos vinte e oito traballadores e traballadoras do centro de operacións da Coruña. Por suposto, está ao lado dos seiscientos oitenta traballadores e traballadoras que ten Naturgy na nosa comunidade. E —como lle dicía— está ao lado de todos os traballadores e traballadoras de Galicia. Vostedes, lamentablemente, señora Presas, non poden dicir o mesmo.

Polo tanto, eu quero reiterar esa mensaxe de apoio aos traballadores do centro de operacións da Coruña, que xa tivemos ocasión de trasladarlles hai uns días. E nós seguiremoslle exixindo



un compromiso a Naturgy para que se poida atopar unha solución de consenso e que se poida, polo tanto, atopar unha solución a este conflito laboral.

Vostede vé n aquí plantexarlle ao Goberno que faga ilegalidades. E iso é intentar enganar os galegos. Como vostede sempre fai e sempre intenta desde a súa bancada, o único que persegue é ser oportunista, pero á custa de mentirlles aos traballadores, e plantexar solucións que sabe que non teñen ningún tipo de legalidade. Vostede sabe que hai cousas que unha administración non pode facer. E é lamentable que vostede veña aquí, coa súa acta de deputada, intentar trasladarlles aos traballadores de Naturgy que esta administración pode facer cousas que sabe que legalmente non pode facer. ¡Alá vostede e a súa conciencia!

En calquera caso, nós seguiremos defendendo este conflito laboral, no que —como ben sabe— Naturgy ten unha responsabilidade directa e, dende logo, nós seguiremos utilizando todos os instrumentos ao noso alcance para que Naturgy cumpra con eses compromisos, e non só os compromisos dos traballadores do centro da Coruña, senón tamén cos empregos que Naturgy ten en Galicia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor vicepresidente.

Pasamos á seguinte pregunta ao Goberno.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Paula Prado del Río e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o balance que fai a Xunta de Galicia do programa Emega nestes últimos catro anos**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a pregunta ten a palabra a señora Prado del Río.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Moitas grazas, presidente.

Señora conselleira, eu escoitaba sorprendida esta tarde a voceira do Grupo Socialista dicirlle que chegaban tarde coas medidas de acción para paliar a crise económica que están padecendo, sobre todo, as mulleres no noso país, no ámbito laboral, provocada pola covid-19; esquecendo que a igualdade ten que ter unha implementación transversal, e non só con partidas que saian só da Secretaría Xeral de Igualdade.

Paradoxos da vida, ¿non? Díciánlle a vostede que o Goberno galego chegaba tarde, e mentres o señor Sánchez estaba anunciando no Congreso dos Deputados un gran plan de once mil millóns de euros, que, de momento, é un anuncio, porque os plans de choque e as axudas teñen que estar no *Diario Oficial* —neste caso— de Galicia e no *Boletín Oficial do Estado*, e téñense que aprobar no Consello de Ministros. Así que nós agardamos que leven ese anuncio a un consello de ministros e que ese anuncio se materialice realmente en axudas que cheguen aos sectores vulnerables e que máis están padecendo a crise e que están sufrindo esta pandemia; pandemia social, pandemia sanitaria e pandemia económica. É que aquí en Galicia, os únicos que atenderon esas necesidades económicas, señora conselleira, foi o Goberno da Xunta de Galicia.



Esta mañá falabamos da fenda da desigualdade laboral por razón de xénero, e concluíamos que non é un problema que xurdise coa covid-19, senón que é un problema estrutural. E, de feito, os datos de fenda salarial están aí. En España, en 2010 era un 16,2 %; en 2018, un 14 % —baixaron dous puntos—, e hoxe, 21,4, sete puntos e medio máis de fenda salarial nos dous últimos anos de Goberno socialista en Madrid. A diferenza da Xunta de Galicia, en Galicia no 2018 era dun 23 % e hoxe é un 20,5 %; dous puntos e medio menos, señora conselleira. E iso non é froito da casualidade, é froito do traballo e das medidas que está poñendo a Xunta de Galicia en marcha.

Neste sentido, queríámoslle preguntar sobre un programa moi concreto que ten a súa consellería, que é o programa Emega, que é para axudar a mulleres emprendedoras a sacar adiante un proxecto empresarial, un proxecto de vida, un proxecto que lles dea un futuro laboral e con acceso non só ao mercado laboral, senón tamén a realizarse e poder poñer en marcha o seu proxecto de vida e profesional.

Neste sentido, señora conselleira, queremos preguntarlle que balance fai a Xunta de Galicia deste programa Emega nestes últimos catro anos, as axudas nas catro liñas: na Emprede, na Innova, na Activa e na ITEF, e, tamén, se nos pode dicir as complementarias na Concilia e na Dual.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Prado.

Ten a palabra a conselleira de Emprego e Igualdade, a señora Lourenzana Somoza.

**A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza):** Grazas, presidente.

Moitas grazas, señora Prado, por esta pregunta, que creo que completa ben a intervención na interpelación feita con anterioridade. Efectivamente, nós —como dicíamos antes— cremos que hai que continuar con programas e con políticas públicas innovadoras, pero tamén con programas e políticas públicas en materia de igualdade, neste caso de emprendemento feminino, que están funcionando ben. E o programa Emega é un exemplo clarísimo disto.

É un programa antigo, pois é un programa que vén dende o ano 1996. É un programa magnífico que vén dando uns resultados excepcionais. Conta con catro liñas específicas —como vostede dicía—: a liña Emprede, para o fomento de novas empresas; a liña Activa, para a reactivación e consolidación de proxectos empresariais; a liña Innova, de promoción de mellores en empresas lideradas por mulleres; e a liña ITEF, que é específica para a promoción de iniciativas empresariais de base tecnolóxica.

Hai dúas liñas de axudas complementarias: unha que é a Concilia, de apoio á conciliación da vida laboral e familiar; e a Dual, que é un programa de titorización que ofrece acceso a servizos específicos de información, de asesoramento, de orientación empresarial para facilitar a implantación e a consolidación destes proxectos empresariais promovidos por mulleres. É



esta última das actuacións a que se leva a cabo a través do servizo de Woman Emprende, en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela.

Os resultados polos que se pregunta, veñen ou se refiren, dende o ano 2016 ao ano 2020, estamos falando de oitocentos setenta novos postos de traballo creados nestes anos. Destes oitocentos setenta, oitocentos dous foron creados grazas á liña Emprende, pero, ademais, hai que sumar o total de empregos que se manteñen, que son preexistentes, pero que se manteñen cada ano grazas á liña Activa. Co cal estamos falando dun total de mil dezanove postos de traballo de carácter indefinido nestes últimos cinco anos.

Todo isto, cun importe das axudas que varía segundo as liñas: na liña Emprende vai desde os 8.000 euros aos 20.000 mil euros; na liña Innova vai dos 12.000 euros aos 20.000 euros; na liña Activa entre 6.000 euros e 15.000 euros, e na liña ITEF de 16.000 a 40.000.

Como digo, o obxectivo deste programa non é outro que a mellora da situación laboral das mulleres, e por iso é necesario destacar os destinatarios deste programa, que son o 75 % mulleres que estaban en situación de desemprego antes de participar no programa. Destas, o 12 % proviña dunha situación de desemprego de longa duración e o 85 % eran mulleres entre os 25 e 54 anos que contan cun nivel de estudos de ensino superior ou de FP superior.

Adaptamos tamén o programa ao impacto da covid, limitando ou reducindo os requisitos para poder chegar a máis mulleres nesta época. En concreto, no ano 2021, aumentamos a 3,6 millóns de euros —un 108 % máis— o orzamento deste programa.

Co cal, a partir destes datos, recalco o compromiso da Administración autonómica para achegarnos á sociedade...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza):** ...grazas a este programa. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Para a réplica, ten a palabra a señora Prado del Río.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Grazas, señor presidente.

Señora conselleira, grazas e parabéns. Parabéns porque a Xunta de Galicia está traballando arreo neste momento no que estamos inmersos nunha importantísima crise económica, que de aquí a un futuro posiblemente se agrave, como levamos falado bastante hoxe sobre este asunto.

É certo que as mulleres —todos os organismos o din, e os expertos e os economistas— son as que máis afectadas se van a ver por esta crise económica; son as que estaban en sectores aos que máis está castigando a crise, tanto a hostalaría como o sector servizos, e están sendo,





están sufrindo, moitísimo desemprego de todo tipo, tanto as mulleres como os homes, pero fundamentalmente as mulleres, que eran as que traballaban con contratos a tempo parcial ou con contratos temporais. Están véndose moi prexudicadas. E por iso estas axudas das que vostede nos fala no Programa Emega, con 870 novos postos de traballo nesta última lexislatura, ou con 149 empregos que se manteñen cada ano —96 no ano 2020— e con 1.019 postos —dixo vostede— indefinidos nestes últimos cinco anos, para nós son moi boas noticias.

Pero, como dicía antes, señora conselleira, vostedes tamén foron capaces de poñer en marcha un plan de rescate de máis de 161 millóns en tempo récord, por iso eu falaba da rapidez coa que actuou a Xunta de Galicia. E aí non só se atendeu a hostalería, aí hai mulleres traballando —e esas mulleres tamén se viron beneficiadas—, hai mulleres que teñen negocios de hostalaría, que son pequenas empresarias, autónomas..., e tamén ese plan de rescate chegou a todas esas mulleres.

Eu quería preguntarlle, concretamente no Programa Emega ao que vostede acaba de aludir, ¿cantas mulleres se beneficiaron nestes últimos anos?, ¿cantos proxectos se teñen financiado? e ¿cantos postos de traballo se crearon?

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Grazas, señora Prado.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para a réplica do Goberno ten a palabra a conselleira de Emprego e Igualdade, a señora Lorenzana Somoza.

**A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza):** Grazas, presidente.

Pois vou dar conta do resultado do programa dende o ano 2009, porque creo que os datos son moi ilustrativos. Investimos na Xunta, desde este ano 2009, 11,2 millóns de euros en proxectos liderados por mulleres. Son 1.600 postos de traballo feminino os creados desde o ano 2009 e no ano 2020 a Administración autonómica apoiou 197 iniciativas empresariais de mulleres. É dicir, é un 22,3 % máis que no ano 2019, e creáronse ou mantivéronse no ano 2020 324 empregos.

É dicir, estamos vendo que cada vez se melloran máis as cifras de emprendemento feminino grazas a este programa e que cada vez se está posibilitando a máis e máis mulleres iniciar os seus proxectos empresariais ou consolidalos, no seu caso, segundo as liñas É un programa, en definitiva, que cada ano supera o ano anterior.

Ano tras ano increméntanse o número de solicitudes e, como digo, os resultados son exemplares. As solicitudes recibidas entre o ano 2016 e o ano 2020 foron 2.897, en concreto, máis na provincia de Pontevedra e na provincia da Coruña. Cabe destacar —botando a vista atrás— que este programa, ademais de contar cun crecemento continuado en número de solicitudes, conta tamén cun crecemento continuado no seu orzamento e, polo tanto, cun crecemento no número de concesións; é dicir, desde as 81 concesións outorgadas no ano



2016, chegamos ás 197 concesións outorgadas no ano 2020. Financiamos con isto centros de estimulación e rehabilitación cognitiva, un centro de logopedia, unha clínica de fisioterapia, unha consultoría en intelixencia artificial, un centro de servizos de enxeñería topográfica e un centro de xestión de *coworking*, entre outros moitos proxectos. Tamén un programa de empoderamento e emprendemento feminino, que se presenta, ademais, como unha ferramenta útil e necesaria para a conquista por parte da muller dos postos de mando. Nesa liña, dende o ano 2018, estamos levando a cabo encontros coas beneficiarias de anteriores edicións, e xa van tres actividades neste sentido que deron lugar á creación da Rede Emega.

Con estes datos na man, resulta evidente a aposta do Goberno polo Programa Emega, acompañada, por suposto, dun moi significativo —como dicía— incremento no orzamento deste ano 2021. Pasamos de 1,7 millóns no ano anterior a 3,6 no exercicio actual; é dicir, temos máis do dobre do investimento, a dotación máis alta da historia do programa, e o máis importante de todo isto é que nos atopamos ante un claro avance nos resultados, que vemos no empoderamento e na creación de emprego feminino na nosa comunidade.

En definitiva, neste ano 2021, a Xunta reforza este programa como unha aposta clara do presente, pero tamén do futuro, porque entendemos que, precisamente, financiar estes proxectos empresariais femininos non soamente beneficia as mulleres galegas, senón que beneficia, en definitiva, cada unha das persoas e cada un dos colectivos da sociedade de Galicia.

Nada máis.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, conselleira.

Pasamos á seguinte pregunta.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto do cumprimento do Plan galego de vacinación contra a covid-19, no caso de vacinación de dúas persoas relacionadas co grupo DomusVi**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a pregunta ten a palabra a señora Rodil Fernández.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Boa tarde de novo.

Boa tarde tamén, conselleiro.

Efectivamente, preguntámoslle hoxe desde o Grupo Parlamentario BNG —preguntamos de novo, en certa medida— por esa vacinación irregular da conselleira delegada de DomusVi e



mais do seu irmán, pasando por alto, saltando, o protocolo de vacinación, nun exercicio absolutamente indecente e inmoral, desde o noso punto de vista.

E digo inmoral porque, ademais de saltar —insisto— os protocolos de vacinación, resulta bastante indignante que unha señora que nin é directora, nin é traballadora de ningunha residencia de maiores no noso país estea xa non só vacinada, senón inmunizada, pasando por diante de traballadoras, esas si esenciais e de primeira liña, que están recollidas como prioritarias no Protocolo de vacinación tanto do Estado como da Xunta.

E, diante disto, ¿que fai a Xunta? Pois cala, outorga, e o que é peor, desde o noso punto de vista, mira para outro lado. E, claro, unha ve isto —e eu supoño que moitas das persoas que estamos aquí e fóra deste Parlamento coincidirán con nós— e vénselle á cabeza unha pregunta: ¿quen manda aquí?, ¿quen decide quen se vacina e quen se incorpora nas listaxes de vacinación de Galiza, DomusVi ou o Goberno galego? Porque isto demostra —para o BNG polo menos, señor conselleiro— a falta de control que o Goberno ten sobre as listaxes de vacinación.

Vostedes mesmos, ademais, recoñecíano, se non me falla a min a memoria; vostede mesmo o recoñecía na última sesión plenaria. Dicía: «se houbo algunha irregularidade, terá que explicalo a empresa». Eu, preparando esta intervención, pensaba: calquera día vostedes bótanlle a culpa de todo o que acontece a un señor de Cuenca que pasaba por alí ou non sei se ao chachachá, porque con vostedes a responsabilidade sempre é así, é de calquera, de calquera que non sexa nin o Goberno nin a Xunta. (*Aplausos.*)

Mire, no medio da maior crise sanitaria, no momento que estamos a vivir —eu atreveríame a dicir case que unha sorte de xogos da fame para conseguir as vacinas—, o certo é que se están poñendo por diante os beneficios e o lucro das farmacéuticas antes que o dereito á vida. Neste contexto, o que vemos é como a conselleira delegada do maior grupo empresarial, non só de Galiza, senón do Estado, di que se vacina pois porque si —explicouno ela—, porque di que lle gusta ir de residencia en residencia e que quere seguir facéndoo. Eu tamén quero ver os meus pais vacinados, e supoño que todo o mundo, pero non podemos. E a Xunta non só non lle pide explicacións, senón que llo dá por ben feito e case, case que aplauden coas orellas. Simplemente é indecente.

Por iso hoxe preguntámoslle —e, se mo permite, voulle dar unha volta á pregunta—: ¿vai seguir a Xunta amparando a vacinación irregular da conselleira delegada de DomusVi? (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Rodil.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor García Comesaña.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña):** Moi boa tarde, presidente.

Señorías, onte comparecín neste Parlamento para dar conta da situación da pandemia en Galicia e dos avances que levamos feito na campaña de vacinación. Como ven, non teño pro-



blema en acudir a esta sede parlamentaria as veces que sexan necesarias para dar conta da actualidade sanitaria de Galicia, que nestes momentos pasa, obviamente, pola xestión da pandemia, e virei —se vostedes o consideran— contestar esta pregunta as veces que sexa necesario. O noso único obxectivo, tal e como teño manifestado xa en diversas ocasións, é poder administrar as vacinas que nos cheguen o antes posible, especialmente nos grupos máis vulnerables.

Saben que precisamente fixemos un importante esforzo para vacinar canto antes a todos os usuarios e traballadores dos 566 centros de maiores e de discapacidade de Galicia. Nós seguiremos traballando na liña na que o estamos a facer: avanzando nos grupos de vacinación segundo a chegada de vacinas e tamén segundo o tipo do que dispoñamos, que iso, como tamén sabe, vai variando, e sempre segundo o establecido pola Estratexia nacional de vacinación.

Gustárame, ademais, trasladarlles que a Xunta de Galicia se axusta aos grupos que se determinan na Comisión de Saúde Pública e que se aproban a continuación no Consello Interterritorial. Os grupos son trasladados despois a este documento da Estratexia, na que se define —tal e como lles dixen, e volvo reiteralo hoxe— o seguinte: «*Como se establece en la Estrategia de vacunación frente a la covid-19 en España*» —fai referencia á Estratexia publicada o día 2 de decembro, e vou ler agora o do 18 de decembro— «*en la primera etapa, en la que el número de dosis de vacunas será limitado, se ofrecerá la vacunación de manera priorizada a las personas que se incluyan en los siguientes grupos de población*»:

*1. Residentes y personal sanitario y sociosanitario que trabajan en residencias de personas mayores y de atención a grandes dependientes».*

Para a continuación detallar: «*A continuación, se incluye una descripción más detallada de las personas incluidas en cada uno de estos grupos de población*»:

*Grupo 1: residentes y persoal sanitario y sociosanitario que trabajan en residencias de personas mayores y atención a grandes dependientes; personal sanitario y sociosanitario en centros de mayores y de atención a grandes dependientes. Todas las personas que trabajan en estos centros, incluidas las que desempeñan otras funciones distintas a las de prestación de servicios sanitarios, administrativos y limpieza, están contemplados en esta categoría».*

Como xa dixen, todas as persoas que foron vacinadas nas residencias e que non eran usuarios, é dicir, os traballadores e o persoal que traballa nas mesmas, aínda que non teñan o contacto tan directo cos usuarios, deberían ser vacinados, porque este proceso se fai non polo risco de que eles mesmos se contaxien, senón polo risco de contaxiar os seus compañeiros e, fundamentalmente, os usuarios. Este é o criterio fundamental que establece o Plan nacional de vacinación, e que nós, por suposto, subscribimos.

Poderán seguir insistindo nesta cuestión, pero non teñan dúbida de que o único interese da Xunta de Galicia en todo isto foi o de inmunizar as residencias e o de protexelas. Polo mesmo motivo fixéronse ata dous cribados semanais en todas as residencias en Galicia.



Hoxe podemos ver como os casos nas residencias descenderon moi notablemente...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor conselleiro. No seguinte turno pode continuar, este xa rematou.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

Para a réplica, ten a palabra a señora Rodil Fernández.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Grazas, conselleiro.

Efectivamente, a min paréceme ben que lea os grupos previstos na Estratexia de vacinación e no Plan de vacinación da Xunta de Galicia, pero eu insisto en que neses grupos está o persoal administrativo, están as directoras, está —como indicaba vostede— o persoal de limpeza, pero non as conselleiras delegadas. Esa persoa non traballa, nin sequera ten contacto con persoas usuarias deses centros. Aquí o que estamos vendo é un exercicio —un máis— e un exemplo máis da convivencia que ten o Goberno galego con ese grupo, que, insisto, é o grupo empresarial maioritario na xestión de centros e prazas privadas de residencias de maiores, non só no noso país, senón no Estado español.

E eu o que lamento, dígollo con toda a franqueza, é non só que ela aproveite e utilice as listaxes de vacinación como un coadoiro, senón que o Goberno galego, que é a máxima autoridade —vostede, ademais, é a máxima autoridade en termos políticos en materia sanitaria do noso país—, non exixan nin a máis mínima responsabilidade, nin a máis mínima explicación cando alguén utiliza unha ferramenta tan importante como é a listaxe de vacinación como coadoiro, e non só no caso da conselleira delegada de DomuVi, senón noutras, como vimos tamén recentemente, como foi a alcaldesa do Partido Popular de Boimorto, porque é responsabilidade do Goberno galego velar por que a vacina chegue en tempo e forma aos colectivos que o necesitan, por razóns de prioridade, pero tamén por razóns éticas. Ese foi un dos grandes debates que houbo no conxunto do Estado español e da Unión Europea sobre quen deberían ser as primeiras persoas en ser inmunizadas, e non é unha cuestión de que vivamos máis tempo ou teñamos maior garantía de supervivencia, senón daqueles que eran os grupos máis vulnerables e dos de maior risco. Por iso se decidiu —e nós cremos que acertadamente— que fosen, precisamente, as persoas das residencias e as persoas maiores do noso país as primeiras en vacinarse. Pero non, dentro dos colectivos prioritarios, nin da Estratexia de vacinación...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Rodil...

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** ...nin do Plan de vacinación da Xunta... (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Xa rematou o seu tempo.



Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor García Comesaña.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña):** Bueno, volvo repetir o que xa dixen. É a propia Estratexia do Goberno de España a que define cales son as persoas que se teñen que vacinar, e gustárame recalcar isto, xa que moitas veces se acusa a Xunta de non vacinar determinados colectivos, e quero aclarar que nos guiamos unicamente polo ditado nesta Estratexia.

Volvo reiterar —como xa dixen no pasado pleno— que as persoas que se vacinaron en residencias, se entraban nos centros, están ben vacinadas, e se non entraban nos centros, non están ben vacinadas.

A pregunta que lle fago a vostede é: ¿vostede cre que fixemos ben a vacinación do primeiro grupo?, ¿cre que a fixemos en tempo e que os resultados non están aí agora mesmo? Eu dáballe algún dato agora mesmo. Temos 84 persoas infectadas nas residencias e, afortunadamente, nos últimos falecidos destes días —que sempre son desgraciados, evidentemente— non figuran, afortunadamente, residentes de residencias. Polo tanto, creo que se fixo axeitadamente.

E volvo dicir: se unha persoa entraba na residencia de xeito puntual ou de xeito ordinario, tiña que vacinarse; creo que é un consello. Outra cousa é que vostede me dixera que por vacinar esa persoa, alguén quedara sen vacinar na residencia. Non é así, señora... Temos un proceso para que todas as persoas que entran e entraban na residencia, incluso os que van entrando no día de hoxe, calquera que se incorpore ás residencias despois dunha IT, un contrato novo, se vacinan de xeito automático. Creo que fomos especialmente escrupulosos co criterio da Estratexia. Toda persoa que entra nunha residencia debe ser vacinada, porque —repito, insisto— non se vacina por protexer esa persoa, vacínase por protexer os que están dentro —repítoo—, e creo que os resultados en Galicia avalan esta Estratexia.

Voulle dicir algún dato máis: levamos agora mesmo 19.753 usuarios de residencias con pauta completa e 1.869 cunha dose. Ademais, dos traballadores, levamos 14.486 traballadores con dobre dose e 1.129 cunha soa dose.

A vostedes preocúpalles o 0,01 % destas 37.237 persoas. A nós preocúpannos todas as persoas que están agardando pola vacina, xa que unha das poucas esperanzas que temos para loitar contra a pandemia é a vacina, e, por suposto, sempre acompañada de autoprotección, máscara, distancia social e lavado de mans.

Máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, conselleiro.

Pasamos á seguinte pregunta ao Goberno.





**Pregunta de D<sup>a</sup> Marina Ortega Otero e D. Julio Torrado Quintela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a consideración da necesidade de habilitar unha partida orzamentaria para a adquisición de lectores oculares e tabletas con brazo articulado para usuarios coa capacidade de comunicación e movemento impedida**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a pregunta ten a palabra a señora Ortega Otero.

**A señora ORTEGA OTERO:** Grazas, presidente.

Benvido, señor conselleiro.

Imaxinen, señorías, que unha mañá espertan nas súas camas e non poden falar, nin poden mover ningunha parte do seu corpo, excepto os ollos, que senten a necesidade de chamar e pedir axuda, pero non poden. Este pesadelo existe, a ELA existe, e chámase esclerose lateral amiotrófica. Lamentablemente, este pesadelo é unha realidade para 229 persoas en Galicia —segundo os últimos datos— que están diagnosticadas de ELA, e terminan confinados, literalmente, no seu propio corpo.

¿Como se pode comunicar unha persoa se non pode moverse nin pode falar? Afortunadamente, a tecnoloxía avanza e existen lectores oculares que, combinados cun brazo articulado e unha tableta, permiten que estas persoas poidan comunicarse a través dos seus movementos oculares, dirixindo a súa mirada letra a letra cara ao dispositivo, que logo transformará esas letras en palabras.

¿Como se poden adquirir estes dispositivos? Tendo en conta que son dispositivos que non están ao alcance de calquera, o Goberno de España modificou en 2019 os anexos 1, 3 e 6 do Real decreto 1030/2006, polo que se establece a carteira de servizos do Sistema Nacional de Saúde para a súa actualización, Ou, o que é o mesmo, para permitir que o facultativo correspondente prescriba estes lectores oculares para doentes de ELA ou para outros doentes con afectación severa dos membros superiores e imposibilidade de comunicación oral ou escrita que impida a propia comunicación; así como, por exemplo, pois que un facultativo poida facer unha prescrición dunha cadeira de rodas, por exemplo.

A dita orde entrou en vigor o 1 de xuño de 2019, e as comunidades autónomas disporían dun prazo de seis meses para adaptar as súas respectivas carteiras de servizos ao disposto na dita orde. En Galicia aínda non está resolto, este é o problema. Por iso dende o Grupo Socialista instamos, a través de varias baterías de iniciativas, o Goberno galego a que, de non ser posible resolver de xeito inmediato a actualización da carteira de servizos, tendo en conta que xa pasou máis dun ano e medio da entrada en vigor da dita orde, se habilite unha partida concreta para a adquisición destes dispositivos, ben directamente ou ben a través da Asociación de Doentes de Galicia, AGAELA, mediante a fórmula que mellor consideren a través do Goberno galego.

Pero non esquezamos algo moi importante. Moitos doentes deciden facer, por exemplo, a traqueotomía ou non, en función de ter na súa disposición estes dispositivos, ou, o que é o mesmo, deciden seguir vivindo ou non. Por iso é fundamental e vital que este feito se resolva de xeito inmediato.

Moitas grazas. (Aplausos.)



**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Ortega.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor García Comesaña.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña):** Presidente, señorías.

Señora Ortega, como sabe, lamentablemente, a ELA é unha enfermidade que, polo momento, non ten tratamento curativo, que ten unha esperanza de vida moi limitada, como vostede comentaba, con gran capacidade invalidante e cunhas consecuencias moi importantes para a vida do paciente e dos seus familiares que xeran necesidades de coidados permanentes e cambiantes, así como problemas emocionais e psicolóxicos. Como consecuencia, a repercusión nas familias e no contorno das persoas enfermas, tanto no persoal como no social e económico, alteran tamén a súa dinámica cotiá.

A semana pasada faleceu Francisco Luzón, un símbolo da loita contra a ELA; unha persoa que, lonxe de renderse ante a súa enfermidade, creou unha fundación que traballa para encontrar a cura a esa terrible doenza. Queremos aproveitar para trasladarlle o pésame á súa familia e achegados, e ademais para recoñecer o esforzo e o traballo que levou a cabo para visibilizar esta enfermidade. Tamén, por suposto, vai ese mesmo recordo para os familiares e achegados de todos os falecidos da ELA en Galicia.

Galicia vén sendo unha das comunidades pioneiras en enfrontar esta patoloxía e foi unha das primeiras comunidades en asinar, hai máis de tres anos, un convenio coa Fundación Luzón, precisamente, unha das fundacións que está traballando máis na investigación desta enfermidade.

Asinamos este convenio co obxectivo de axilizar as respostas sociosanitarias segundo as necesidades dos enfermos, impulsando as consultas de acto único en todos os centros sanitarios e simplificando os trámites administrativos. Para dar cumprimento a este compromiso, Galicia foi a primeira comunidade autónoma que aprobou hai máis de dous anos un proceso asistencial integrado da ELA para poder mellorar a calidade de vida das persoas que a padecen e acompañalas neste proceso, e tamén aos seus familiares, mediante un modelo de atención que chega a ser un paradigma na calidade dos coidados que reciban. Na elaboración do PAI participou a asociación de pacientes ELA, AGAELA, que vostede comentaba, xa que o papel das asociacións é fundamental para trasladarnos un coñecemento máis cercano, neste caso, sobre a patoloxía.

Esta vía rápida —como digo— permite que os pacientes teñan consulta no Servizo de Neuroloxía en menos de 15 días. Establecéronse tempos máximos de resposta, adxudicouse tamén a Tarxeta AA e organizouse o sistema sanitario arredor do paciente con ELA, establecendo consultas de acto único para que teñan unha maior calidade e asesoramento asistencial.

Efectivamente, en 2019, o Ministerio de Sanidade e Consumo aprobou a inclusión de lectores oculares para pacientes con trastornos neuromotores na carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde, e Galicia foi pioneira en toda España, xa que en outubro de 2019 incorporamos os lectores oculares aos servizos de Neuroloxía dos nosos hospitais, co ob-



xectivo de poder garantir o principio de autonomía necesario para cada persoa mediante unha mellora na comunicación. Desta forma tentamos quebrar o illamento das persoas con ELA nos centros sanitarios. A mellora na comunicación é fundamental nunha enfermidade coas características da ELA, e as novas tecnoloxías melloran de maneira importante este apartado. Son ferramentas moi importantes e necesarias para a comunicación diaria, pero ademais, nun hospital, permiten que o paciente tome as decisións que afectan o seu proceso vital. Antes da súa implantación nos hospitais do Servizo Galego de Saúde, evidentemente, fixemos sesións formativas para o persoal dos servizos de Neuroloxía e Rehabilitación co fin de que adquiran os coñecementos sobre o funcionamento deste lector ocular.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor conselleiro.

Para o turno de réplica ten a palabra a señora Ortega Otero.

**A señora ORTEGA OTERO:** Moitas grazas, señor conselleiro.

Agradezo o seu ton construtivo, pero si que é verdade que non responde, realmente, ás preguntas que hoxe traemos aquí, á Cámara. Señor conselleiro, ¿van resolver este tema de xeito inmediato, si ou non? De non ser así, ¿van pasar ao plan b que propoñemos, de executar unha partida directa para lectores oculares, brazo articulado e tableta a doentes de ELA ou con outras limitacións similares, si ou non? ¿Por que non o fixeron ata agora? ¿Canto tempo cren que pode soportar unha persoa sen capacidade de movemento nin fala e sen poder comunicarse por todo isto e sen poder acceder a un dispositivo deste tipo?

Entendemos que é un tema sensible e que todos os grupos representados nesta Cámara estarán de acordo con esta proposta, non o dubidamos, pero sen iniciativa e axilidade política por parte do Goberno galego non será posible facela efectiva a tempo. (*Aplausos.*)

Hai uns días, o activismo —como comentaba— pola loita contra a ELA perdeu a un referente máis, Francisco Luzón. Outros, como Carlos Matallanas, aínda continúan na loita hoxe en día. Rendemos homenaxe e recoñecemento a todas as persoas afectadas e ás súas familias, guerreiros e guerreiras contra unha enfermidade moi dura que aínda hoxe non ten cura. Por iso cada día conta para estas persoas que permanecen —literalmente— confinadas no seu propio corpo. Non deixemos pasar un só día máis; un só día conta. Fagámolo posible, señor conselleiro.

Agardo que me responda á pregunta en concreto e nos diga se se vai solucionar ou non.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Ortega.

Para o turno de réplica do Goberno ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor García Comesaña.



**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña):** Presidente, señorías.

Señora Ortega, dende logo, non me vai encontrar nunha posición en fronte da súa neste tema; en todo caso, ao lado dos pacientes con ELA.

Nestes momentos, e recoñecendo que a tramitación non foi todo o rápida que nos gustaría, como consecuencia da pandemia —que todos coñecemos os efectos que provocou nos procesos administrativos e nos procesos de organización—, estamos recabando a información necesaria para establecer o número de pacientes que necesitarían o dispositivo en cada área sanitaria; non o número total de pacientes que temos con ELA —que vostede apuntaba unha cifra bastante aproximada—, senón aqueles que necesitarían o dispositivo en cada área; ademais dos criterios de prescrición e o procedemento máis correcto para a súa adquisición.

O pasado mes de outubro de 2020 —hai escasos meses— a Comisión de Prestacións, Aseguramento e Financiamento enviounos o procedemento de dispensación dos lectores oculares. Realmente enviounos un modelo doutra comunidade autónoma, que, por suposto, lle agradecemos. Unha vez recibido, adaptamos este procedemento a Galicia e, nestes momentos, estamos agora mesmo desenvolvendo o noso propio procedemento para contar coa instrución de dispensación dos lectores oculares. Esta instrución, que garantirá a prescrición dun lector ocular ás persoas que así o precisen e cumpran, ademais, os criterios establecidos pola Comisión de Prestacións do Ministerio de Sanidade, estará dispoñible de xeito inminente. Se é esa a resposta que quere escoitar, a resposta é que estará dispoñible de xeito inminente. O paso seguinte será a de enviala a todas as áreas sanitarias para que procedan á compravenda dos lectores oculares, que levará consigo, por suposto, a formación correspondente para os pacientes e os seus familiares.

Dende a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde sabemos que a investigación sobre esta enfermidade é fundamental, e tamén sabemos que, polo momento, non hai tratamento para ela, pero si que hai forma de darlles voz e calidade de vida a estes pacientes e aos seus familiares. Ese é o noso obxectivo, e seguiremos traballando por e para todos os nosos pacientes.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos á seguinte pregunta.

**Pregunta de D. Martín Seco García e D<sup>a</sup> María del Carmen Rodríguez da Costa, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o perfil previsto pola Consellería do Medio Rural para a cobertura dunha praza de directivo da Axencia de Desenvolvemento Rural**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a pregunta ten a palabra o señor Seco García.



**O señor SECO GARCÍA:** Grazas, presidente.

Señor conselleiro, asistimos atónitos ao escandaloso proceso de convocatoria dunha praza de directivo na Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, publicada o 23 de decembro do ano pasado. A praza en cuestión é a de subdirector do Agader para relacións cos grupos de desenvolvemento rural. Unha praza que, lonxe de convocarse cos criterios utilizados en convocatorias anteriores, onde se exixía unha ampla bagaxe a nivel formativo e profesional, neste caso as bases para a convocatoria eran completamente exiguas, simplonas e adaptables a calquera perfil, incluíndo dentro delas cuestións tan curiosas como valorar con ata catro puntos titulacións diferentes ás exixidas na convocatoria; cun máximo de seis puntos a asistencia a cursos cunha duración mínima de 20 horas, sen exixir que estes sexan homologados nin vinculados ao sector do posto directivo a desempeñar; e, no que ten que ver coa experiencia, incluíase a posibilidade de recibir ata 15 puntos por aportar experiencia no ámbito da docencia, algo insólito.

Resultaba curioso que tamén cambiaran o criterio doutras convocatorias para postos similares, eximindo a acreditación do coñecemento do idioma galego. E resulta tamén chocante que pediran un informe á Dirección Xeral de Función Pública para que esta praza puidese ser cuberta por unha persoa que non tivese a condición de empregado público, a pesar de que a priori non semella xustificado o carácter de excepcionalidade e resolveuse cun informe favorable.

Visualizando o contido desta convocatoria e o proceder da Axencia, esperabamos que esta praza fose cuberta por alguén que xa tivese adxudicado o posto antes da convocatoria, e, seguindo a resolución das bases do proceso, puidemos observar que se confirmaba ese rumor cunha praza asignada a dedo e que era outorgada ao que fora parlamentario do Partido Popular e voceiro no Concello do Barco de Valdeorras por este partido, Moisés Blanco Paradelo, que pasará a ocupar unha praza que debía ser para alguén con amplo coñecemento do sector e de acreditada solvencia e experiencia nel, aínda que sexa unha praza de confianza.

Resulta unha tomadura de pelo á cidadanía e unha arma letal para o medio rural converter a Agader nun chiringuito para a colocación de amigos. Señor conselleiro, xusto cando se está a proceder ao trámite para a aprobación da Lei de recuperación de terra agraria, de vital importancia para o noso rural e que só será de utilidade se vén acompañada de dotación orzamentaria, de medios e de persoal, será vital a función da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, que, despois deste viciado proceso, terá nun posto directivo un cidadán sen ningún tipo de experiencia na xestión de subvencións, gasto público ou tramitación administrativa e sen ningún coñecemento acreditado do desenvolvemento rural, e todo por ser un destacado militante do Partido Popular, sucesor de vostede mesmo como membro da Comisión 7ª deste Parlamento na pasada lexislatura e por quedar fóra desta casa por non resultar elixido deputado nas eleccións galegas.

Por todo isto, preguntámoslle cal era o perfil que buscaba a Consellería do Medio Rural para a dita praza. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Seco.



Ten a palabra o conselleiro do Medio Rural, o señor González Vázquez.

**O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez):** Señorías, entrando na cuestión, non podo comezar esta intervención doutro xeito que lamentando —e profundamente— a pregunta formulada polos deputados do Grupo Parlamentario Socialista. Penso, ademais, que isto non será do seu abraio, porque acabamos de escoitar a súa argumentación e de ver o desprestixioso vertedoiro de críticas da súa xustificación.

Miren, cando din que despois deste viciado proceso, Agader terá nun posto directivo un cidadán sen ningún tipo de experiencia na xestión de subvencións, gasto público ou tramitación administrativa e ningún coñecemento acreditado no desenvolvemento rural, ¡oia!, eu dígolle: ¿non é isto aplicable tamén a un enxeñeiro químico, voceiro do medio rural, nun grupo parlamentario desta Cámara?, ¿ou a un profesor de matemáticas conselleiro do Medio Rural?, (*Aplausos.*) ¿ou a un inspector de Facenda conselleiro do Medio Rural? ¡Poñámonos a criticar!

Pero, mire, considero críticas sen fundamento todas aquelas que nun proceso de selección —e agora falarei do proceso de selección— desestimen, do xeito no que o fixo vostede, señor Seco, a docencia, porque criticar que se valore a docencia para un posto directivo é un sentido histórico e que incluso vai en contra dos propios intereses da oposición. ¿Acaso tamén consideran que non sería un bo directivo para a Consellería do Medio Rural, por exemplo, outro dos voceiros de medio rural desta Cámara que é profesor? ¿Consideran vostedes que foron malos directivos os moitos do Bipartito que tamén eran docentes? ¡Unha longa lista da que nin sequera me daría tempo a nomear un a un, pero tiveron a ocasión de estalos buscando! ¿De que estamos a falar, logo? ¿Todos os directivos da Consellería do Medio Rural teñen que ser enxeñeiros agrónomos? Que, por certo, doutora en Enxeñería Agrónoma pola Universidade de Santiago de Compostela é a actual directora xeral de Agader. Espero que isto tampouco o veña criticar. Pero, sen dúbida, é curioso que a docencia, que probablemente sexa a profesión máis difícil —explicar, ensinar, transmitir...—, non sexa unha cualificación válida para vostedes para chegar a ser un bo directivo.

Pero, ademais, considero neste caso que, ser bo directivo, vén avalado por algo máis que por ser docente, que para min xa é moito. Señor Seco, houbo un procedemento público en consideración da Resolución do 21 de decembro de 2021 para seleccionar este directivo da Agader; procedemento ao que puideron optar todas as persoas que así o desexasen, cumprindo os requisitos expostos nela. A esa resolución optaron varios candidatos, e, por certo, ningún, señorías, fixo alegación ningunha ou presentou queixa deste procedemento.

Nada máis polo de agora. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor conselleiro.

Para a réplica ten a palabra o señor Seco García.

**O señor SECO GARCÍA:** Grazas, presidente.





É unha vergoña escoitalo, señor..., unha auténtica vergoña. A diferenza é que o proceso selectivo que temos calquera dos que estamos aquí son as urnas, e neste caso non é así. *(Aplausos.)* ¡A ver se aprende!

Señor conselleiro, aínda recordo como nos dicía, nunha reunión para falar dos proxectos da súa consellería nesta lexislatura e para poñer en valor esta implantación da Lei de recuperación da terra agraria, que era de vital importancia a posta en funcionamento da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, e dotala de capacidade para poder utilizar os instrumentos que se crearán con esta lei. Recordo como nos falaba deses perfiles técnicos que recordaba agora e da fichaxe de Inés Santé para falarnos da importancia da Axencia no desenrolo desta lei e da súa aposta neste ámbito.

E agora atopámonos con isto, que é insostible, señor González Vázquez. ¿Esta é a configuración técnica que quere vostede para a Agader? Todos sabemos que a implantación da nova Lei de recuperación só funcionará como tal se ten á súa disposición dotación económica que faga posible que as medidas se implementen e se ten á súa disposición tamén medios materiais e persoais para poder desenrolala, tanto a nivel central como no propio territorio. O primeiro que vemos dende esta presentación de lei e que desexan converter a Agader nun chiringuito propio do señor Baltar, señor González Vázquez. *(Aplausos.)*

Eu entendo que, por cercanía xeográfica, se lle poidan pegar estes comportamentos —ví-molo hoxe co nomeamento do vicepresidente segundo da Deputación de Ourense—, pero non deba someter un organismo tan importante para o noso territorio e a súa consellería a este escarnio, e moito menos cando moitos cidadáns o están a pasar mal nunha situación de crise como a xerada coa pandemia do coronavirus. Ninguén entende como poden colocar nun posto directivo a alguén sen o perfil axeitado, señor conselleiro, e menos amañando —e digo así, amañando— un proceso selectivo para dotalo ao dedillo cun compañeiro de partido, excompañeiro deste Parlamento e responsable político do seu partido na provincia.

Onte vostede pedía unha transacción. Eu hoxe pídolle, por vía dunha proposta, que paralice este proceso e que non nomee este señor.

Moita grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Seco.

Para a réplica do Goberno ten a palabra o conselleiro do Medio Rural, o señor González Vázquez.

**O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez):** Señor Seco, dentro do máximo respecto á súa persoa, quero trasladarlle que debería reflexionar, logo das intervencións en relación co Plan forestal e en relación coa formulación desta pregunta, co que leva vertido sobre o camiño que está tomando a súa presenza no Parlamento. Corre o risco de converterse en irrelevante.



Miren, ¿saben vostedes... *(Interrupcións.) (Murmurios.)* —gárdeme o tempo— cantos procedementos públicos de exixencia e rigor como o que hoxe nos trae aquí tiveron lugar? Voullo dicir eu. Este proceso non se exixiu a ninguén durante o Bipartito. A exixencia dun procedemento público de selección para postos directivos aos que poidan acceder persoas que non teñan a condición de funcionario —e este é o caso— foi establecido polo Partido Popular na Lei de orzamentos de 2014. Estamos aquí hoxe porque vostedes decidiron que o procedemento con máis garantías —o de concorrencia, con varios candidatos para este posto— non é válido. Quéixanse de procedementos rigorosos fundamentados na profesionalidade, cando vostedes cando gobernaron nin sequera tiñan ningún e cando vostedes si que adoitaban escoller a dedo o persoal directivo que vostedes consideraran, iso si; pero agora o de ser docente non lles é válido.

Hoxe o que nos trae aquí, señorías, non é máis que unha mostra —que estamos vendo continuamente— das incongruencias estratéxicas de criticar por criticar desta oposición... Bueno, e agora de buscar todo o que buscou na réplica. Podemos ir vendo todos os currículos dos aquí presentes —digo de min tamén— e ir descartando todos os postos e profesionais que, segundo vostedes, non poderían ser persoal de Medio Rural. Pero, repito, ser docente é, probablemente, do máis complicado e do máis necesario. Miren, facer esta crítica cando, precisamente, este proceso tivo un procedemento público, aberto e accesible para todos e todas, demostra, cando menos, como vostedes están intentando facer unha oposición sen base, sen consistencia, intentando tirar a dar a todo aquilo que se move.

É máis, falaba vostede de «amañar», que é un verbo para ter en conta. Eu digo: se tan en contra están deste procedemento, ¿por que non se presentou ningún recurso ás bases de selección? ¿Por que? Explícolles eu por que: porque todo o proceso de selección foi feito baixo a estrita legalidade e cumprindo coa normativa. Cando as cousas están ben feitas, señoría, as críticas exceden.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*


**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor conselleiro.

Rematadas as preguntas da orde do día, finalizamos a sesión.

Moita grazas.

*Remata a sesión ás sete e cincuenta e sete minutos da tarde.*





PARLAMENTO  
DE GALICIA

## DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

